



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 58

Sesión plenaria
6 de febreiro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 21473, PL-000009)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 229, do 19.12.2017

Publicación emendas totalidade, BOPG nº 248, do 26.01.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, reguladora da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 8170, 10/PPL-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 104, do 25.04.2017

Punto 2. Comparecencias

24251 (10/CPP-000045)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para a presentación do Plan Galicia Innova 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 31.01.2018

Punto 3. Mocións

3.1 24187 (10/MOC-000067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de servizos sociais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 21744, publicada no BOPG nº 236, do 10.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.01.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 31.01.2018

3.2 24252 (10/MOC-000068, CE DOC. NÚM. 24314)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20803, publicada no BOPG nº 223, do 05.12.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.01.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 31.01.2018

3.3 24258 (10/MOC-000069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos

de gripe. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 22065, publicada no BOPG nº 236, do 10.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.01.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 31.01.2018

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 20231 (10/PNP-001503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións laborais dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

4.2 22214 (10/PNP-001649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que deber realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión da AP 9 perante o Goberno de España, a defensa dos intereses das persoas usuarias dela e o cumprimento dos acordos parlamentarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

4.3 22251 (10/PNP-001652)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas sondaxes mineiras que se están a realizar nos concellos de Touro e O Pino en tanto non se garanta a viabilidade dos recursos hídricos que abastecen a zona e se obteña a correspondente autorización de Augas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

4.4 22581 (10/PNP-001664)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas na última campaña polas inclemencias meteorolóxicas e a avespiña do castiñeiro na produción, transformación e comercialización da castaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

4.5 22892 (10/PNP-001683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da realización de eventuais modificacións na rede pública de centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.6 22988 (10/PNP-001685)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a pena de cadea permanente revisable introducida no ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.7 23160 (10/PNP-001691)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.8 23560 (10/PNP-001707)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José e cinco deputados/as máis**

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da aplicación, nos casos de herdanzas ou doazóns con residentes en países terceiros (que non pertencen á UE nin ao EEE) nos que resida o causante, o herdeiro ou o donatario, ou no que se atope un inmovible obxecto de doazón, do mesmo criterio que para o caso de residentes na Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

Punto 5. Interpelacións**5.1 8083 (10/INT-000342)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

5.2 15770 (10/INT-000551)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

5.3 22234 (10/INT-000756)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego do investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e as conclusións da Comisión de Se-

guimento dos Orzamentos do Estado e a estratexia negociadora que vai seguir co Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 24290 (10/POPX-000070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da cidadanía re-feridas ás consecuencias dos recortes e privatizacións dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

6.2 24319 (10/POPX-000071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da súa política en materia laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

6.3 24337 (10/POPX-000072)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación na que se atopan os servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 24307 (10/PUP-000141)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Israel que vai iniciar o presidente da Xunta de Galicia o día 30 de xaneiro de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

7.2 24336 (10/PUP-000142)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns do Goberno galego para non aceptar as reivindicacións do persoal da Administración de xustiza asumidas de xeito unánime polo Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

7.3 22060 (10/POP-002624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e tres deputados/as máis

Sobre a existencia dunha avaliación feita pola Xunta de Galicia do impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a frota pesqueira de altura nos estaleiros galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

7.4 21820 (10/POP-002561)

Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a política da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de fomento e dinamización da lectura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

7.5 22095 (10/POP-002631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto de se a proposta de zonificación para a admisión do alumnado, nos centros docentes sostidos con fondos públicos da cidade de Vigo, responde ás necesidades de escolarización existentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

7.6 23502 (10/POP-002861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia encamiñadas a incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como materia troncal, segundo o acordo adoptado polo Pleno do Parlamento do 18 de outubro de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.7 23405 (10/POP-002799)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a normativa en que se basea a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non incluír o alumnado repetidor no cómputo das ratios de alumnos por aula

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.8 21875 (10/POP-002586)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia verbo das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

7.9 23397 (10/POP-002797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non adoptar medidas co fin de manter en uso, en réxime de arrendamento a través do Bantegal, as terras que están a abandonar a actividade agrogandeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.10 22591 (10/POP-002707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a realización pola Consellería do Mar dalgunha valoración da posible afección na ría de Arousa da reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Solicitud de alteración da orde do día

A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra, ao abeiro do artigo 73.1, para que se faga unha alteración da orde do día e se retire o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Páx. 14.)

*Os señores Fernández Leiceaga (S) e Villares Naveira (EM) solicitan a palabra para intervir sobre a mesma cuestión e manifestar o seu acordo coa proposta feita pola señora Pontón Mondelo. (Páx. 14.)
O señor Puy Fraga (P) solicita a palabra para intervir respecto das alusións que se fixeron ao Grupo Popular. (Páx. 16.)*

Votación da solicitud de alteración da orde do día, por iniciativa dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea, para que se retire o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 16.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 16.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 21.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 25.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 31.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 35.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 41.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 42.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 44.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, reguladora da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 50.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 53.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 55.)

Rolda de réplica: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 59.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas á totalidade de devolución, presentadas polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea, ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *rexeitadas por 38 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 61.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, reguladora da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 38 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 61.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para a presentación do Plan Galicia Innova 2020. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 67.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 67.), *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 71.), *Sr. Merlo Lorenzo (EM)* (Páx. 74.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 77.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 80.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 83.) *Nesta rolda interveñen a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 84.), *o señor Losada Álvarez (S)*. (Páx. 85.) *o señor Merlo Lorenzo (EM)* (Páx. 88.) e *o señor Tellado Filgueira (P)* (Páx. 90.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 93.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Vero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de servizos sociais. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 101.)
e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 102.)

A señora Vázquez Verao (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 103.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 110.)
e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 112.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 114.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos de gripe. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 119.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 120.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 121.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 123.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de servizos sociais: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 126.)

O señor Sánchez García intervén para ler a transacción a que se chegou na moción presentada polo G. P. de En Marea que se vai votar a continuación. (Páx. 126.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP.9: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 127.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias nos hospitais ante o aumento de casos de gripe: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 127.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións laborais dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 127.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 128.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 132.) e *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 135.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 138.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión da AP-9 perante o Goberno de España, a defensa dos intereses das persoas usuarias e o cumprimento dos acordos parlamentarios. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 140.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 143.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 145.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx.147.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 149.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas sondaxes mineiras que se están a realizar nos concellos de Touro e O Pino en tanto non se garanta a viabilidade dos recursos hídricos que abastecen a zona e se obteña a correspondente autorización de Augas de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 151.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 155.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 156.) e *Sr. Blanco Paradelo (P).* (Páx. 158.)

Nova intervención do señor Casal Vidal (EM). (Páx. 161.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria consistente en que a seguir se vai proceder ao debate de tres preguntas ao Goberno. (Páx. 162.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Israel que vai iniciar o presidente da Xunta de Galicia o día 30 de xaneiro de 2018. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 162.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 164.)

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 165.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 165.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non aceptar as reivindicacións do persoal da Administración de xustiza asumidas de xeito unánime polo Parlamento de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 167.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)* (Páx. 168.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 170.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)* (Páx. 171.)

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a existencia dunha avaliación feita pola Xunta de Galicia do impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a frota pesqueira de altura nos estaleiros galegos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 173.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 174.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 175.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 176.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. E entramos, sen máis, na orde do día.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

Solicitud de alteración da orde do día

A señora PONTÓN MONDELO: Por unha cuestión de orde con base no artigo 73.1, que podemos solicitar unha alteración da orde do día.

Como estou absolutamente convencida de que saben todas as súas señorías que este domingo houbo unha manifestación multitudinaria, na que estabamos miles de persoas reclamando a retirada...

O señor PRESIDENTE: Perdoe. Perdoe, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Para poder explicar a alteración!

O señor PRESIDENTE: Pero escoite. Eu xa lle entendín que é unha alteración da orde do día, pero necesita que sexan máis grupos os que soliciten iso.

A señora PONTÓN MONDELO: Pero poderemos explicar os motivos e logo vostede, despois de deixar falar os outros portavoces, poderá ditaminar se se cumpre ou non o Regulamento.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, pois como dicía ao principio, houbo unha multitudinaria manifestación na que se pedía non só a retirada desta lei que promove o Goberno, senón tamén o establecemento dun diálogo entre todas as forzas políticas e entre todas as forzas sindicais e os sectores da sanidade pública para facerlle fronte á deterioración que se está producindo na sanidade.

A nós parécenos que despois desta mobilización sería un xesto de boa vontade que o Grupo Popular aceptara a retirada desta lei e a oferta de diálogo sincera que se fai, tanto desde as organizacións políticas como desde as organizacións sindicais e desde os diferentes representantes da sanidade pública. E, polo tanto, o que solicitamos é a retirada a través dunha modificación da orde do día desta lei, e que, realmente, se deixe de poñerlle paos á sanidade pública e empecemos a defender o dereito á saúde das persoas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

¿Si, señor Leiceaga?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Como o artigo da orde do día exige, como mínimo, dous grupos parlamentarios, pois vou explicar, con brevidade, tamén a nosa posición.

En fin, nós presentamos unha emenda de devolución, polo tanto, a continuación deste punto —se non se acepta esta retirada— imos debater isto e a nosa posición vai ser contraria a que se tramite a lei. E, polo tanto, pareceríanos que o Grupo Popular faría un servizo a esta Cámara e ao país se neste contexto retira a lei e permite que se abra un debate entre todas as forzas políticas parlamentarias para mellorar a sanidade pública en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

¿Señor Villares?

O señor VILLARES NAVEIRA: Si, no mesmo sentido, na medida en que o Regulamento da Cámara exige tres grupos políticos, os tres chegamos a este mesmo acordo. Consideramos que o domingo as maiorías sociais deste país evidenciaron unha pulsión concreta de carácter político, de carácter social, que evidencia a necesidade de reconsiderar por parte do Goberno, e por parte desta Cámara, a iniciativa que hoxe se ía tratar aquí. Polo tanto, consideramos imprescindible a retirada dese proxecto de lei, coa idea —precisamente— de dar oportunidade ao diálogo entre todas as forzas políticas, entre as forzas sindicais e entre as organizacións cidadás que o domingo estiveron respaldando unha iniciativa.

Que, por outra parte, sería semellante ao que xa sucedeu por parte do Goberno na lexislatura pasada, cando despois de presentar unha proposta, que se relacionaba concretamente naquel momento coa Lei de acuicultura, foi retirada. É dicir, non tiña que ver coas maiorías absolutas parlamentarias, tiña que ver coas maiorías sociais. E, polo tanto, nós consideramos que desta volta as maiorías sociais están mandando unha mensaxe clara ao conxunto desta Cámara para chamar ao diálogo, e, polo tanto, para reconsiderar o tratamento desta reforma da Lei do solo de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

¿Si, señor Puy?

O señor PUY FRAGA: Si, señor presidente, para posicionarme sobre as alusións que se fixeron ao Grupo Popular.

E quero, en primeiro lugar, manifestar que felizmente vivimos nun país no que se legisla no Parlamento e non a golpe de contar manifestantes.

En segundo lugar, que, efectivamente, hoxe se abre un debate entre os grupos e un diálogo entre os grupos ao que o Grupo Popular está aberto para mellorar o contido do proxecto de lei que nos presenta o Goberno. E que, polo tanto, non imos aceptar unha posposición, precisamente, dese debate con garantías nesta Cámara.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

En todo caso, a alteración da orde do día, segundo o artigo 73.1, ímola votar.

Procedemos, polo tanto, á votación da proposta de alteración da orde do día.

Pechen as portas, por favor.

Votamos esta alteración.

Votación da solicitude de alteración da orde do día.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.

Consecuentemente, abran as portas, por favor.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao debate do texto lexislativo.

Debate de totalidade do Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ao proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

Señores deputados, moi bo día a todos.

Creo que hoxe é un día importante, no que comparezo ante esta Cámara para presentar o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, de saúde de Galicia.

Quero comezar recordando que para este Goberno os servizos públicos nos que se basea o estado de benestar son unha clara prioridade, como queda reflectido nos orzamentos, e máis concretamente no de sanidade, no que investimos o 41 % do orzamento da Xunta de Galicia. Máis e mellores servizos e máis próximos ao cidadán é o que busca esta nova Lei de sanidade.

O ámbito sanitario caracterízase pola súa necesidade de constante actualización e pola busca da excelencia a partir da mellora das súas actuacións. Por iso, o coñecemento e a innovación son elementos imprescindibles no noso día a día e forman parte do noso ADN.

A lei vai cumprir dez anos de vixencia e neste paso de tempo faise necesaria unha actualización para garantir e ampliar o sistema público de saúde, ademais de continuar na procura dunha óptima utilización dos recursos e dunha atención mellor e máis eficiente aos pacientes.

Actualizar para seguir avanzando. A sanidade pública ten avanzado enormemente nesta última década: o Servizo Galego de Saúde conta con máis de 38.000 traballadores, 1.544 profesionais máis que hai dez anos. Contamos con máis e mellores infraestruturas, coa máis avanzada tecnoloxía. Somos pioneiros na utilización das novas tecnoloxías da información para facilitar o traballo e participación de profesionais, pacientes e cidadáns.

Conseguimos mellorar a calidade do servizo con máis actividade e mellores resultados. Realizamos máis actividade e programas de prevención, e atendemos os pacientes máis graves en menos tempo.

Ao mesmo tempo, os pacientes e cidadáns contan con maiores garantías e máis capacidade de decisión. Traballamos non só para os pacientes, senón tamén cos pacientes, a quen damos maior participación a través da modificación que hoxe propoñemos. Polo tanto, cremos que é momento de actualizar tamén a súa Lei de saúde e continuar progresando. Trátase dunha modificación —non da derogación da Lei 8/2008— e queremos adaptar, precisamente, a lexislación á realidade actual. Modificamos entre un 15 e un 20 % da Lei de 2008.

Vou expoñer de forma resumida as modificacións incluídas no proxecto de lei, que se agrupan en seis apartados. O primeiro punto é a organización territorial. O mapa sanitario de Galicia é un instrumento de carácter estratéxico para a planificación e xestión da actividade sanitaria, que ten como finalidade definir a ordenación territorial na que se estrutura o sistema público de saúde de Galicia. O mapa sanitario vixente en Galicia vén de hai máis de trinta anos, é o aprobado polo Decreto 126/1984, coas modificacións introducidas polos decretos 50 e 324 de 1992. Este mapa non coincide coa realidade do funcionamento do Sergas hoxe, que conta con 7 estruturas organizativas de xestión integrada e 14 hospitais ou complexos hospitalarios. O Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008 establece que o Sis-

tema Público de Saúde de Galicia se ordena territorialmente en áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias. Seguimos o que di a Ley general de sanidad, Lei 14 de 1986.

As áreas sanitarias, coincidentes coas actuacións EOXI, corresponderalles a xestión integrada de todos os recursos sanitarios asistenciais públicos existentes no seu ámbito territorial, así como as prestacións e programas que se desenvolvan. Consolidarán o modelo de integración para facilitar o acercamento dos profesionais aos pacientes, que desde o 2011 fixo posible que se evitaran máis de 260.000 desprazamentos, porque os pacientes foron atendidos nos hospitais máis próximos ao seu domicilio, nos hospitais comarcais. Menos desprazamentos e máis servizos próximos aos cidadáns.

Os distritos sanitarios, que coinciden cos hábitos xeográficos dos hospitais do Sergas, serán as divisións territoriais das áreas sanitarias, que constituirán o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria.

A primaria é o pilar esencial do sistema en coordinación coa hospitalaria, polo tanto, garátese na norma que cada un deles deberá contar cun hospital no seu ámbito xeográfico. Os cidadáns dos distritos de Cee, A Barbanza e Verín terán os mesmos dereitos que os demais. Quedan así recollidas nunha norma con rango de lei a existencia e a permanencia destes centros.

As zonas sanitarias serán as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios.

O punto número dous son os órganos de participación, para nós elemento esencial da sanidade do século XXI.

A participación dos cidadáns na toma de decisións está garantida a través dos órganos de representación a nivel local, comarcal e autonómico. Polo que se refire aos consellos galegos de saúde e aos de área como órganos de participación, queremos facelos máis próximos aos cidadáns e máis operativos. Pero a participación amplíase, non queda limitada a estes órganos de ámbito autonómico e ámbito das áreas sanitarias, senón que se estende a todos os hospitais, incluídos os que agora non teñen ningunha entidade territorial, pois ao parecer o nivel territorial de distrito, organización territorial coincidindo, como digo, cos ámbitos de todas e cada unha das institucións hospitalarias, regula os 14 consellos de saúde de distrito, un por cada un dos hospitais existentes. Polo tanto, por primeira vez, tamén, existirá a participación social directa nos hospitais de Verín, Cee e A Barbanza.

Na actualidade non está regulado o Consello Asesor de Pacientes, e coa modificación elevarase a rango de lei a súa existencia. Os pacientes contarán co seu propio órgano de representación, como o consello asesor. Así, o número total de entes de participación social regulados por lei mediante esta modificación pasará dos 12 actuais aos 23 futuros.

No apartado número 3, de modificación da lei e a autoridade sanitaria, amplíase a consideración de autoridade sanitaria a todos os inspectores sanitarios, así como ás xefas territoriais da Consellería de Sanidade. Ata o de agora teñen a consideración de autoridade sanitaria no ámbito da inspección os inspectores de servizos sanitarios, pero non os de saúde pública.

Coa modificación, todos os inspectores sanitarios, incluídos os de saúde pública, que son médicos, veterinarios, farmacéuticos, terán a consideración tamén de autoridade sanitaria no exercicio das súas funcións, o que lles permitirá tomar decisións no ámbito do seu labor, como é a adopción de medidas cautelares como a intervención, a inmovilización de produtos e/ou a suspensión de actividades que supoñan un risco grave inminente para a saúde pública. Desta forma, as decisións dos inspectores de saúde pública poderán materializarse de forma máis áxil, maior seguridade para os cidadáns.

O apartado número 4 é a xestión de persoal. Esencial esta modificación, que busca a mellora do clima laboral. Con carácter xeral establécese o concurso de traslados como procedemento de provisión no ámbito dos centros e institucións sanitarias do sistema público de Galicia. A convocatoria dos concursos de traslados poderá ter carácter permanente, aberto, mantendo a súa vixencia no tempo a través de resolucións de adxudicación sucesiva e periódica.

Establécese, tamén, a posibilidade para a Administración sanitaria de definir itinerarios profesionais para o persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, entendendo, como tales, o conxunto de postos de traballo que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formacións comúns, e que habilitan para o seu desempeño polo persoal distintas categorías do sistema sanitario de Galicia.

Os profesionais seguirán, sen ningunha dúbida, ligados á área e manterán o seu destino orixinal, e o profesional sanitario beneficiarase coa posibilidade de pertencer a servizos máis amplos, mellorando a súa especialización. Ademais, inclúese como falta moi grave a agresión, ameaza ou coacción a calquera profesional sanitario, algo que ata agora estaba reducido á autoridade sanitaria. Neste ámbito, e por petición de sindicatos e de colexios profesionais, incluírase para calquera profesional sanitario, dentro, loxicamente, do exercicio das súas funcións.

O punto número 5 tamén é importante: a docencia, a investigación e innovación.

A meirande parte dos artigos relativos á investigación, docencia e innovación da Lei 8/2008 foron xa derogados por normas posteriores, polo que é necesario articular este aspecto adaptándoo á situación actual, despois da creación da Axencia Galega do Coñecemento e Investigación en Materia Sanitaria, órgano dependente da Consellería de Sanidade que unificou as competencias dispersas en materia de formación, investigación e innovación; órgano de importancia estratéxica para o sistema sanitario, pois a formación continuada dos nosos profesionais e as capacidades e potencialidades en investigación e innovación son intrínsecas á organización sanitaria e contribúen a mellorar a competencia profesional e a calidade da asistencia.

Como apartado número 6, dentro das modificacións, está a creación da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde. Créase por lei a Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde. Na lei actual só existe a comisión en materia sociosanitaria, é dicir, entre as consellerías de Sanidade e Política Social, que, por suposto, mantemos

A saúde, o seu coidado e os hábitos de vida son cuestións multifactoriais, transversais desde o punto de vista social, que requiren abordaxes interdisciplinares. Por iso, as consellerías

de Sanidade e a competente en materia de Educación comparten moitas sinerxías, teñen moitas iniciativas conxuntas, polo que consideramos necesario dotar de rango legal tamén esa comisión en materia de educación e saúde, que permita respaldar e coordinar todas as iniciativas.

Estes, de forma resumida, son os cambios, as modificacións que propoñemos no proxecto que presentamos. Estamos convencidos de que son cambios necesarios, que melloran a normativa existente e que reportarán beneficios, fundamentalmente, para os cidadáns, para a súa atención e asistencia, que é o noso obxectivo principal e a nosa obriga.

Con esta reforma os centros de saúde e os hospitais comarcais seguirán a prestar unha atención de boa calidade, que, en todo caso, se verá mellorada por este Proxecto de modificación de lei de saúde, modificación que, volvo insistir, ten como único obxectivo adaptarse ás diferentes realidades que se están a producir no eido da sanidade.

Evidentemente, non se pecharán, como se utilizan en diferentes tertulias, os comarcais, senón que se potenciarán con máis investimentos e máis servizos.

Buscamos, sempre, o máximo consenso posible, mantendo reunións con todos os axentes e colectivos implicados, profesionais do Sergas, colexios profesionais, farmacéuticos, de enfermería, veterinarios, odontólogos, fisioterapeutas..., e noutros ámbitos con alcaldes e portavoces municipais, foros cidadáns, por suposto, coa representación sindical, asociacións de pacientes... Unha ampla participación, e recollemos as achegas que consideramos que melloran a proposta; achegas que aportaron distintos colectivos como colexios profesionais, sindicatos ou asociacións nas diferentes reunións que mantivemos con todos eles dende o inicio da tramitación desta modificación, máis alá do mes de agosto.

Concretamente, das recibidas desde colexios médicos e de enfermería, entre outros, recollemos a súa integración directa nos órganos de participación social: introducir a consideración como falta moi grave de calquera agresión, obviamente, exercida sobre o persoal sanitario. Como dicía antes, tamén os sindicatos fixeron esta suxestión, que as zonas sanitarias sexan establecidas sempre en función das necesidades asistenciais da poboación.

Tamén recollemos suxestións de asociacións e da Federación Galega de Municipios e Provincias, no sentido de que na representación social se chegue a nivel de distrito, ou que figurasen na lei os nomes de todas e cada unha das áreas ou dos distritos, para que queden blindados pola propia lei.

Espero que ao longo da tramitación parlamentaria os distintos grupos fagan tamén as súas achegas e que entre todos poidamos mellorar un texto normativo de gran importancia para a cidadanía.

Creo que é o momento do Parlamento. Desde que se colgou no portal de transparencia esta lei, desde os partidos políticos o único que se quixo é facer a retirada da lei. Esta mañá volveron insistir. Creo que o Parlamento, precisamente, está para isto, para debater as leis e ver en que podemos melloralas. *(Aplausos.)*

Pola miña parte, quixera aproveitar este primeiro debate da nova lei para os agradecementos a todo o equipo da Consellería de Sanidade polo seu labor durante todos estes meses, e a todos os que colaboraron neste proxecto. Como digo, houbo unha grande participación tanto nas suxestións que se colgaron no portal de transparencia como tamén en reunións posteriores, que, como digo, foron enriquecendo este documento. E, desde logo, desde a nosa óptica queremos e cremos que o Parlamento vaia todavía facer unha mellora a este texto, como digo un texto importante, porque vai definir o sistema sanitario público de Galicia para os próximos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade e de devolución, e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Saudar, tamén, as persoas que nos acompañan desde a tribuna, profesionais, representantes da Plataforma SOS Sanidade Pública. E tamén quero empezar agradecéndolles o inmenso traballo que están a facer nese camiño de defender unha sanidade pública ao servizo dos galegos e das galegas e (*Aplausos.*) en contra desa privatización continua e do desmantelamento que está levando a cabo a Xunta gobernada polo Partido Popular.

Dixo hai un momento o voceiro do Partido Popular que non queren que se lexisle a golpe de contar manifestantes, que é o mesmo que dicir á conta de escoitar miles de galegos e galegas. É evidente (*Aplausos.*) que prefire o Partido Popular gobernar a golpe dos intereses da industria, da industria farmacéutica, da industria tecnolóxica e da industria da sanidade privada. (*Aplausos.*) É evidente que aí non ten ningún problema que sexa a golpe de escoitar, precisamente, ese sector e non de escoitar a inmensa maioría da cidadanía.

E, desde logo, a preocupación pola situación da sanidade pública en Galiza non fai máis que aumentar. Decía agora o conselleiro, desdicíndose do discurso inicial, que isto era unha simple modificación de terminoloxía, era unha actualización pouco máis que terminolóxica. Eu non vin que todas esas suxestións, todas esas recomendacións, todas esas achegas á xente, aos colectivos, aos profesionais, as fagan por unha simple modificación terminolóxica; é evidente que a fan porque esta lei é bastante máis que un cambio de nomes.

E é evidente que non deixa de medrar esa preocupación, ao igual que non deixa de medrar o rexeitamento ás decisións que o Partido Popular desde a Consellería de Sanidade está a tomar. Desde que se fixo público este Anteprojecto de modificación da Lei de saúde non deixaron de producirse rexeitamentos. Ademais de todas esas achegas, centos de alegacións no portal de transparencia, a pesar de facelo con nocturnidade e aleivosía en pleno mes de agosto, que, dende logo, pon en evidencia que non había intención de falar nin de dialogar;

pronunciamentos en contra de profesionais, de organizacións sindicais, mocións aprobadas en concellos e deputacións, mobilizacións masivas nas catro áreas sanitarias que pretenden suprimir: O Salnés, Valdeorras, A Mariña e Monforte; miles de persoas en todas elas, persoas nas rúas que non queren que lles supriman as súas áreas sanitarias, señores e señoras do Partido Popular, e non queren porque xa saben o que hai detrás desa folla de ruta, xa saben o que veu detrás da creación das EOXI, que foron menos áreas sanitarias comarcais e perda de servizos.

E o domingo nas rúas de Compostela produciuse un auténtico clamor en defensa da sanidade pública de Galiza, un clamor contra o desmantelamento progresivo, continuo, sen pausa, da sanidade pública que está realizando o Partido Popular desde a Xunta, un clamor contra a privatización da sanidade pública, un clamor contra os recortes de orzamentos, de medios e de persoal. E diante desta mobilización histórica —como a que protagonizou o pobo galego este domingo—, un goberno que tivera como prioridade o interese da cidadanía, un goberno que tivera como obxectivo gobernar para a maioría, tomaría nota e escoitaría.

Señor conselleiro, señores e señoras deputadas do Partido Popular, señor Núñez Feijóo — que hoxe non está aquí no Parlamento, non lle parece de interese—, ¿escoitaron os miles de persoas que o domingo se botaron á rúa a pesar do frío e da choiva?, ¿escoitáronos?, ¿tomaron nota do que lles dixeron nas rúas? E a pregunta é: ¿escoitaron e van rectificar?

Polo que hoxe aquí escoitamos parece que non teñen ningunha intención de rectificar, parece que teñen toda a intención de seguir de costas viradas ao que piden os galegos e as galegas. Porque o que lles pediron eses miles de persoas que saíron á rúa foi que rectificaran. Deixaron claro que a sanidade pública é un ben moi prezado para os galegos e galegas e non lles van permitir que a estraguen, non lles van permitir que a rouben, aínda que vostedes pretendan disfrazarse e pareza que a están roubando con luvas de seda, pero non llelo van permitir.

Porque a xente demanda sanidade galega gratuíta, universal e de calidade. Seguimos demandando sanidade universal, gratuíta e de calidade. E mire, os miles de persoas que se mobilizaron en Compostela deixaron en evidencia —como dixo xa hai bastante tempo Abraham Lincoln— que se pode enganar todo o mundo algún tempo, pódense enganar algúns todo o tempo, pero non se poden enganar todos todo o tempo, e vostedes xa non conseguen enganar todos todo o tempo, xa non o conseguen. Cada vez son máis os galegos e galegas que non se deixan enganar coas súas falsidades, a pesar das plurireportaxes dos medios públicos e privados, a pesar do tratamento informativo, a pesar de que a Televisión Galega relegou a información da manifestación este domingo para o final do informativo, case ás tres menos cinco da tarde, cando o informativo empeza ás dúas e media; a pesar de todo isto, xa non conseguen enganar a maioría do pobo galego.

E acusáronnos estes días, o xerente do Sergas —que está na tribuna—, o director xeral, de que o que estamos facendo é desprestixiar a sanidade pública, que estamos desprestixiando a sanidade pública. E, ¿quen desprestixia a sanidade pública?, ¿quen a maltrata?, ¿quen lle recorta orzamentos?, ¿quen lle recorta persoal?, ¿quen traballa para beneficiar a privada? ¿Ou os que denunciámos a situación exiximos un cambio de rumbo?

E é evidente que é quen fai o primeiro, que quen desprestixia a sanidade pública galega é o Partido Popular, que, ademais, non fai por casualidade o desprestixiar a sanidade pública, forma parte da folla de ruta, porque canto máis deteriorada, canto máis desprestixiada estea a sanidade pública, máis xustificación para facer o que están facendo, máis xustificación para derivar doentes, para derivar orzamento público para a sanidade privada. Ese é o seu obxectivo, ese é o obxectivo do Partido Popular.

E, ¿cal é a confusión á que estamos sometendo a sanidade pública ou a cidadanía e cales son os datos falsos que lles estamos trasladando? Dígoo porque estes días se dedicaron a dicir que era falso, que non facemos máis que trasladar mentiras e confusión. E, ¿cal é esa confusión? Que a sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia, que todos os camiños da política sanitaria do Partido Popular tiveron e teñen como fin a privatización, o desmantelamento da sanidade pública con base en recortes continuos de pór recursos sanitarios públicos ao servizo de intereses privados. Que durante os últimos anos o partido Popular, con Núñez Feijóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondan no desmantelamento da sanidade pública, que reduciu orzamento da sanidade pública de Galiza, que reduciu profesionais por riba dos 2000, que eliminou case 800 camas públicas, que fixo unha privatización masiva de servizos, que impuxo repagamentos de medicamentos e copagos sanitarios, e que os colectivos máis vulnerables son os que están a sufrir máis cruelmente as consecuencias de toda esta situación. Que os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, na deterioración asistencial, pechamento de camas, colapso de urxencias, sobrecarga laboral dos traballadores, aumento das listas de espera. ¿Todo isto non é verdade, non o ve a xente todos os días e por iso saíu á rúa este domingo, ás rúas de Compostela? ¿A xente non ve todo isto ou fai falta que llo expliquemos? Veo todos os días.

E, ¿cal é a falsidade? Que a Xunta lles entregou a empresas privadas, na súa inmensa maioría de fóra de Galicia, de *lobbis* —e que nunha parte importante teñen á fronte destacados cargos do Partido Popular—, partes moi importantes do sistema sanitario público. (*Aplausos*.) ¿É mentira, acaso? ¿É mentira, pois, que privatizaron servizos estratéxicos, como a electromedicina, a plataforma loxística, o mantemento? ¿É mentira que lle entregaron un contrato por máis de 20 millóns de euros a Ibermansa —a pesar de que foron advertidos de que iso era un erro—, que resulta que o rescataron, resulta que lle teñen aínda retidas contías por pagar, por incumprimento do contrato, e que agora en determinadas EOXI volveron contratar coa mesma empresa? ¿É mentira que salten as alarmas por este tipo de proceder por parte do partido Popular? ¿É mentira?, ¿a xente non ve o que están facendo?

Realmente os que menten e intentan tapar o sol cun dedo son vostedes. Igual que supoño que non se atreverán a dicir que desde o ano 2009 o que fixeron coa atención primaria foi secundarizala, foi convertela, pois, nesa irmá pobre, totalmente secundarizada aos intereses da actividade hospitalaria, que lle diminuíron recursos —2.000 millóns de euros acumulados—, que lle retraeron moitos profesionais, que hai listas de espera en atención primaria, que hai masificación de consultas, que non substitúen o persoal, que se inventaron esa modalidade da intersubstitución que significa que unha persoa fai o seu traballo e o da do lado, e o que faga falta. ¿É mentira a falsidade dalgunha destas cousas que estou dicindo? ¿Igual

que é mentira a precarización a que teñen sometidos os profesionais? ¿É mentira eses contratos por un día, por horas?, ¿acaso non é real? ¿Ou eses 3.000 contratos dos que quixeron presumir para atallar os picos da gripe se corresponden con algo máis que con contratos por horas e encadenando nun mesmo día a catro e cinco contratos o mesmo profesional? ¿É mentira, acaso, esta situación? Evidentemente, non o é.

Igual que non é mentira que votedes aprobaron no ano 2013 a Lei de garantía de prestacións sanitarias só co único obxectivo de converter en legal a derivación de doentes e de orzamento público á sanidade privada, con ese único obxectivo. Obxectivo que desenvolveron, curiosamente, en paralelo con esta presentación da modificación de Lei de saúde e pouco despois de que Núñez Feijóo se reunira coa patronal da sanidade, patronal que lle pediu 88 millóns de euros para acabar coas listas de espera. (*Aplausos.*)

O único obxectivo desta lei precisamente era ese, e a xente está escandalizada. Está escandalizada que vostedes puxeran nunha lei que se non aceptan ir á sanidade privada para que os atendan, resulta que os exclúen da lista —si, exclúenos da lista— de espera e non lles garanten os tempos de espera. Iso está na lei e no decreto que vostedes acaban de aprobar e que entrou en vixencia o 10 de xaneiro.

Está escandalizada, está horrorizada, non se poden imaxinar cantas persoas nos chaman e nos abordan para dicir que poden facer. Non son capaces de entender que unha lei contemple semellante barbaridade, que contemple que teñen que ir obrigatoriamente á sanidade privada porque se non a súa administración, o seu goberno, non lle dá dereito a esa prestación se non o fan. Un auténtico escándalo.

Por iso, señoras e señores do Partido Popular, cando o sabio sinala a lúa, o necio mira para o dedo. E vostedes pretenden que o pobo galego mire para o dedo, pero é que a lúa das mentiras e dos enganos é tan grande que xa todo o mundo ve a lúa e ninguén mira para o dedo de vostedes, para ese dedo de mentiras e falsidades, ¡absolutamente ninguén!

E neste contexto no que está a sanidade pública, pois vostedes veñen e presentan unha modificación da Lei de saúde que non ten por obxecto solucionar ningún destes problemas, nin as listas de espera, nin a situación do persoal, nin que non se cubran as substitucións... Absolutamente non ten por obxecto modificar ningunha destas cuestións.

Presentan unha modificación dunha lei de saúde do ano 2008 que en canto chegaron ao goberno —volveron ao goberno no ano 2009— non tiveron ningún interese en desenvolver, deixárona nun caixón e non desenvolveron ningún dos aspectos que eran importantes para mellorar a sanidade pública do noso país.

E resulta que agora veñen cunha actualización, veñen dicindo que era unha actualización precisa cando non tiveron absolutamente ningún interese en desenvolver esa lei, non tiveron ningún interese en desenvolver esa lei no que á participación cidadá se refería.

Votaron en contra —o Partido Popular neste Parlamento— das iniciativas que trouxo o BNG para que constituíran e puxeran a funcionar os consellos de saúde, que estaban contempla-

dos na lei, tanto o Consello de Saúde de Galiza como os consellos en todas as áreas sanitarias, e vostedes non quixeron poñelos en marcha, e agora veñen con que esta lei vai permitir a participación cidadá. ¡Manda narices!, ¡Manda narices!

Nove anos despois paralizaron calquera tipo de participación cidadá e agora din que presentan unha modificación para que sexa posible esa participación. ¡Hai que ter valor para dicir estas cousas!

E, desde logo, este proxecto de lei non é unha modificación menor, nin un mero cambio de terminoloxía, supón unha modificación de calado e é unha bomba de relojería na liña de flotación de moitos aspectos da sanidade pública de Galiza. E non vai na dirección dun modelo sanitario de calidade próximo á poboación, comunitario, participativo, dedicado á prevención. Non, vai xusto na dirección contraria. E é a continuación da folla de ruta do Partido Popular de desmantelamento da sanidade pública galega, de concentración de recursos para facilitarlle o negocio á privada.

E por iso esta modificación da lei, señor Almuíña, señor conselleiro, señores e señoras deputadas do partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...foi a pinga que encheu o vaso da paciencia de moita xente, que encheu o vaso da paciencia dos profesionais, dos doentes, dos cidadáns, e por iso saíron á rúa masivamente este domingo; porque é unha pinga que reborda o vaso.

Porque a xente está farta da súa política sanitaria que vai en contra de darlle sanidade pública e de calidade á maioría de poboación. Vai xusto na dirección contraria, vai na dirección de converter a sanidade pública en negocio para uns poucos, e uns poucos onde o Partido Popular ten bastante que dicir.

Por iso presentamos esta emenda á totalidade de devolución, porque cremos que non é a modificación que necesita a sanidade pública de Galiza. Se vostedes son capaces de deixarse instalados na soberbia e na prepotencia, sería bo que escoitaran esas miles de persoas que saíron o domingo á rúa, que rectificaran e que se puxeran a dialogar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Quero comezar saudando a deputados e deputadas, señor conselleiro, e as persoas que nos acompañan na tribuna, representantes de entidades profesionais, colectivos e traballadores, entidades locais..., preocupadas, moi preocupadas.

Unha moi pequena representación, tamén, en certa maneira, de toda a xente que se manifestou este domingo pola mañá, aqueles que, segundo algunhas desafortunadas declaracións dalgún voceiro desta Cámara, nalgún momento van ás manifestacións porque lles poñen autobuses e bocadillos. Non había tantos bocadillos, pero había moita xente. *(Aplausos.)*

Estamos convencidos de que non atoparon en Santiago un lugar bo para pasear o domingo pola mañá, pero seguramente o encontrarán noutro momento e seguramente vostedes crearán que non era un bo sitio. Nós estivemos alí para defender que é necesario retirar esta reforma covarde. É covarde.

Esta é a sexta reforma da lei máis importante da sanidade galega, ¡a sexta!, nunca anunciada, nunca plantexada neste Parlamento, nunha anunciada polo señor Feijóo, nin sequera na investidura, nunca plantexada polo conselleiro, nunca proposta a debate, nunca levada a ningún colectivo, iniciada o 26 de abril —segundo queda constancia no Portal de Transparencia—, ás agochadas, como os nenos que queren facer algo que saben que está mal, ás agochadas, o 26 de abril. O 2 de agosto —notoria vontade de transparencia, o 2 de agosto, ata a consellería estaba de vacacións— foi aprobada para ser exposta publicamente. Foi aprobada polo Consello da Xunta na ponte de decembro. ¡Todo evidencia unha vontade de transparencia enorme!

Dá a sensación de que están vostedes avergoñados das súas propias medidas, e daría esa sensación incluso coa vehemente e contundente exposición que vostede fixo aquí, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

¿Dialogada con quen? Porque vostedes falan de que falaron con moita xente. ¿Dialogada con quen? ¿Cos sindicatos? Dous minutos antes de ser publicada no Portal de Transparencia dérona na mesa de reunión. ¿Cos colexios oficiais? Non queda constancia. ¿Cos grupos políticos? Xa lle digo eu que non. ¿Coas asociacións de pacientes? ¿Con cal? ¿Con quen falaron?

Aquí fanse ás veces algúns discursos sobre a gloriosidade, a grandilocuencia do Parlamento. ¡Claro que o parlamentarismo é unha ferramenta imprescindible!, é evidente. Por iso os socialistas propuxemos en setembro que vostede, señor conselleiro, comparecera aquí para explicar por que o intento de reforma da lei máis importante do Sistema de saúde, e os grandes parlamentaristas do Partido Popular vetárono. Ese é o seu respecto ao Parlamento.

Iniciárono, segundo o Portal de Transparencia, en abril. Comparece o señor conselleiro dez meses despois para explicar este proxecto, dez meses despois. Ese é o respecto do Parlamento; nós seguímosllo tendo; eu creo que vostedes demostran habitualmente que non.

Pero miren, vostedes defenden que tiveron un proceso de diálogo moi amplo. Eu, recollendo as alegacións que presentaron moitos colectivos, que veñen nos documentos oficiais, vou facer un pequeno repaso sobre as alegacións e o que a Consellería considerou de cada unha delas.

O Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra presentou emendas porque tiña dúbidas sobre a autoridade sanitaria e sobre particularmente a inspección; rexeitada. Emendou sobre o Mapa

sanitario, en función da distribución territorial de Galicia; rexeitada. Sobre a separación das xerencias de atención hospitalaria e atención primaria, que consideraban imprescindible; rexeitada. Presentou mellora sobre o concurso de traslados; rexeitada. Presentou unha mellor definición sobre autoridades públicas competentes; rexeitada.

A Fegamp plantexou emendas para concretar a carteira de servizos sobre o Mapa sanitario; rexeitada.

A Fademga presentou emendas sobre persoal especializado en tratamento de persoas con discapacidade, con enfermidades raras e enfermidades terminais; rexeitada.

O Consello Galego de Enfermería, emendas pola falta de explicación do novo modelo; rexeitada. Presentou dúbidas sobre a representación dos profesionais; rexeitada. Presentou emendas para manter os órganos de participación coa representación actual ou aumentala; rexeitada. Emendou, porque non considera xustificado, os substitutos sanitarios e ofrece unha redacción alternativa; rexeitada. Presentou moitas dúbidas sobre a mobilidade de persoal e emendouno; rexeitada. Presentou emendas pola falta de concreción sobre os itinerarios profesionais; rexeitada. Presentou emendas sobre aportacións, sobre a acreditación profesional; rexeitada.

O Colexio Oficial de Enfermería de Ourense presentou emendas porque considera que faltan explicacións sobre a nova organización; rexeitada. Presentou emendas porque considera necesaria unha maior participación nos órganos de participación; rexeitada. Emendas que foron subscritas polo Colexio Oficial de Enfermería de Lugo e polo da Coruña, e que as presentaron tamén; rexeitada.

O Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, numerosas emendas polas obxeccións sobre a participación social; rexeitada. Particularmente, sobre a eliminación do dereito á información; rexeitada. Presentou emendas polo seu desacordo cos criterios de accesibilidade para delimitar as áreas sanitarias; rexeitada. Presentou emendas polo seu desacordo coa perda de competencias e autoxestión dos hospitais comarcais; rexeitada.

Cogami presentou emendas, con propostas moi moi interesantes, para ampliar dereitos ás persoas con discapacidade; rexeitada. Presentou numerosas propostas sobre a mellora dos órganos de participación; rexeitada. Presentaron emendas para evitar disparidades territoriais e garantir os servizos; rexeitada.

O Consello Galego de Colexios Médicos presentou emendas pola indefinición e a inconcreción sobre o artigo 115; rexeitada. Presentou emendas de rexeitamento da utilización da libre designación como método habitual —¡que curioso!—; rexeitada, ¡como non! Presentou emendas polas serias dúbidas sobre os itinerarios profesionais; rexeitada.

A Asociación de Pacientes e Usuarios do Complexo Hospitalario de Santiago plantexou devolver a representación aos órganos de participación social; rexeitada. Plantexou devolver outra vez o dereito á información como concepto dos órganos de participación; rexeitada. Plantexou emendas para aumentar as competencias sobre a Comisión Interdepartamental; rexeitada.

A Confederación de Empresarios de Galicia plantexou manter as funcións dos consellos galegos de áreas; rexeitada. Plantexou emendas sobre a suxestión de disposicións transitorias sobre o funcionamento dos consellos; rexeitada.

Ningunha, ningunha. ¿Con quen falaron vostedes, señor conselleiro? (*Aplausos.*) ¿Con quen? Porque, claro, vostedes poden considerar que falaron co Partido Popular, o Goberno falou co Partido Popular. Ben, está ben, xa sabemos que vostedes consideran que son os únicos que existen aquí; hai máis grupos políticos, pero falaron co Partido Popular. Debeu ser unha conversa destas tipo nas que fan nas preguntas aquí ao Goberno nos plenos, son daquelas que me lembran cando era pequeno: «*Hola, don Pepito; hola, don José.*» ¿Con quen falaron vostedes, señor conselleiro?

Pero é que, ademais, plantexan vostedes que todos os demais, todas estas organizacións, con todas estas emendas, todas as persoas que se manifestaron o domingo, son cordeiriños que non se enteran e que non ven a realidade e están manipulados.

A degradación de nivel para as áreas comarcais, que xa veñen alimentando dende hai tempo, plantexa unha realidade, esa que vostedes din que non existe. Vexamos se existe.

En Valdeorras, ¿non é certo que existían 4 traumatólogos e agora hai 2, ás veces 1, e por tanto non se pode operar alí e por tanto hai que derivar persoas a Ourense —a un concertado, por suposto—? ¿Non é certo que había 3 rehabilitadores e que agora non hai ningún e teñen que vir de Ourense? ¿Non é certo que iso provoca demoras nas listas de espera, señor conselleiro?

26 de novembro de 2018, unha cita, pero pedida en agosto do ano pasado, ¡eh!, de agosto a novembro do ano seguinte, unha cita en rehabilitación. ¿Non é certo que antes había 1 cardiólogo e agora vén dende Ourense, que antes había 1 urólogo e agora vén dende Ourense? ¿Non é certo que en Monforte hai 1 cardiólogo menos dos que había, que había 1 alergólogo e agora vén un día á semana, 1, dende Lugo? ¿Non é certo que en Monforte hai 1 unha enfermeira cada 28 persoas pola noite e que todo o incremento de persoal vai para Lugo e non para Monforte? ¿Non é certo que hai un servizo de informática baixo mínimos, tal é así que algúns dos aparatos e ordenadores cando se estropean teñen que vir dende Lugo arreglar os ordenadores? ¿Non é certo?

¿Non é certo que no Hospital da Mariña o Servizo de Dermatoloxía, por exemplo, que agora ten menos persoal, ten que vir atendido dende Lugo e entón aumentanse as demoras? Servizo de Dermatoloxía, cita pedida o 1 de setembro de 2017, 3 de maio de 2018. ¿Non é certo? ¿Son falsas estas citas, señor conselleiro?

¿Non é certo que ao Servizo de Cardiología na Mariña lle pasa o mesmo, que non ten persoal e que o persoal non se repón porque vai para Lugo? ¿Non é certo?, porque eu teño unha cita dun señor de 72 anos que pide unha cita o 24 de agosto do ano pasado en Cardiología —primeira visita— e ten para o 8 de novembro de 2018. De 24 de agosto a 8 de novembro do ano seguinte, que son quince meses; 72 anos, señor conselleiro.

¿Non é certo que os recortes de servizos nos hospitais comarcais é unha realidade e que estamos perdendo calidade no sistema por culpa diso? ¿Non é certo que no Hospital do Salnés

antes había un servizo de raios e agora non? ¿Non é certo que había unha máquina que funcionaba e, como se estropeou a de Pontevedra, colleron a do Hospital do Salnés e a levaron a Pontevedra e no Salnés non quedou? ¿Non é certo que antes había un Servizo de CardioloXía todos os días e agora soamente vén persoal de Pontevedra e o hai dous días á semana, e que sendo os mesmos concellos da área sanitaria os habitantes de Cambados teñen que ir a Pontevedra mentres que os de Vilagarcía podemos ir ao Salnés?

¿Non é certo que xa non existe Servizo de CardioloXía para algúns habitantes da mesma área sanitaria? ¿Non é certo que non hai Servizo de Neuroloxía, como había, todos os días da semana e agora só hai para os de Vilagarcía tres días á semana? ¿Acaso non é certo?

¿Non é certo que se contratou 1 neurólogo para o Hospital do Salnés e que traballa sabe onde? En Pontevedra; contratado polo Hospital do Salnés e traballa en Pontevedra. ¿Non é certo?

¿Non é certo todo isto, señor conselleiro? ¿Non é certo que se alonxan os poderes de decisión, os lugares onde se decide? Cando se perde a capacidade de decisión, pérdese independencia; cando se perde independencia, gáñase dependencia; e cando se é dependente, ése de segunda. Porque se non se pode decidir sobre o Sistema sanitario da túa área sanitaria, se non tes capacidade de ser área sanitaria, se che retiran a condición de área sanitaria, perdes capacidade e perdes eficiencia. ¿Non é certo, señor conselleiro, todo isto?

Pero é que vostedes, ademais, alimentan que imos ter unha gran participación social. Fixeron un traballo de peinado grande sobre a lei.

Eu só lle vou citar dúas cuestións sobre a participación social, as dúas no artigo 23. Retiráronse dous conceptos, dous. Hai moitísimas cousas sen discusión sobre a participación social, pero eu creo que focalizar estes dous conceptos é fundamental.

Artigo 23.4, antes estaba e agora non. Preguntémonos que dicía o artigo 23: «que os membros dos consellos de saúde teñen dereito á información.». Eu sei, señor conselleiro que vostedes consideran moi perigoso o dereito á información, pero é que, aínda que vostedes o consideren perigoso, os dereitos non se deciden dende a Consellería; seguimos tendo dereito á información e se vostedes non o inclúen na lei, estarán cometendo un grave erro, porque estarán querendo dicir que non é posible informarse sobre as cousas, e por algo será. ¿Por que non hai dereito de información nos consellos de saúde?

No mesmo artigo 23, no punto 2, retírase unha palabra, unha, nas funcións: a avaliación. Os que poidan ir agora aos consellos de participación —que o van decidir vostedes por decreto— non teñen capacidade de avaliación. ¿A que van? Van a que lles presenten un powerpoint, a que lles conten como van as cousas e fóra; nin sequera lles dan o powerpoint. Van, asisten a unha presentación de *marketing* para medios de comunicación —que está ben— pero non lles permiten opinar nin avaliar. ¿Para que?

¿Esa é a participación? Pode vostede crear cento trinta e seis mil consellos así, pero non teñen validez ningunha. Participación significa avaliar, significa tomar decisións conxuntamente, significa ter dereito á información, señor conselleiro.

Presentou este anteproxecto, e agora proxecto, con formas inaceptables. Non faláron con ninguén, agocháronse. E cando alguén se agocha, é que ten algo que ocultar. Este proxecto oculta cousas, é unha reforma de calado, é unha reforma grave do Sistema, e ten obxectivos finais, e, polo tanto, vostedes deféndeno con certa tibieza onde hai que defendelo e apelan unicamente a que os demais non temos nin idea de nada e somos todos uns mentirosos.

Non lle vexo responder, señor conselleiro, a ese gran parlamentarismo ao que vostedes apelan. Non o vimos aquí defender este proxecto, non o vimos presumir del, non o vimos anunciarlo. Algo ten este proxecto que a vostedes lles gusta, pero que non están dispostos a dicir, e o que fai este proxecto é aminorar a calidade do Sistema. ¿Como van crer vostedes nese sistema?

Vostede facía unha apelación a que seguen as liñas estratéxicas da Lei de 1986. ¿E, entón, por que retiran todas as apelacións á Lei de 1986 na reforma? ¿Como poden dicir que están de acordo con aquela lei se retiran as apelacións a aquela lei? ¿Como poden dicir que están de acordo con aquela lei se votaron en contra? Si que vostedes están sendo certamente algunha cousa coherentes: votaron en contra da Lei do ano 1986, a que implantou a sanidade pública de España, e votaron en contra da Lei de 2008, por iso a reforman seis veces.

Pero verá, señor conselleiro: a sanidade os cidadáns considéranla practicamente como elemento do Sistema máis propio, porque entenden perfectamente que pelexa contra os grandes retos deste século, que é a desigualdade, e os sistemas públicos igualan, dan igualdade de oportunidades. E iso eu comprendo que sexa difícil explicar, porque hai que crer iso, e a igualdade de oportunidades é algo que nos dan os sistemas públicos e as políticas públicas. Vostedes non poden crer niso porque estiveron sempre en contra, pero nós defendemos que o obxectivo desta reforma é desigualar, e por iso imos estar en contra e por iso pedimos que se retire.

Hai unhas desigualdades demográficas e xeográficas en Galicia que a lei non resolve, aumenta; alonxa o sistema das persoas, porque alonxa os sistemas de decisión; e potencia a concentración de servizos. E temos uns grandes servizos nalgún nivel de alto rendemento, ¡claro que si!, pero temos un problema na dispersión dos servizos, e temos unha concentración nas cidades que non vai ser boa. As áreas semiurbanas, as áreas rurais van quedar como áreas sanitariamente de segunda, porque van perder a condición de área.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: —Remato, presidente—.

Por tanto, esta sanidade pública, que é —como lle digo— aquilo que os cidadáns perciben como máis propio, é o que fai que se mobilicen, non son as mentiras, é a percepción de que lles están atacando algo propio. Por iso vostede ten agora unha oportunidade. Pode ser o conselleiro de Sanidade que defende o sistema fronte a un goberno que o que quere limitar ou pode ser o ariete dun goberno en contra do sistema. Vostede ten unha posición intermedia, ten ese privilexio, e, polo tanto, ten que decidir se defende un lado ou o outro, porque o que é certo é que estas políticas deste goberno xa confrontaron o Goberno co Sistema sanitario, e vostede ten que decidir.

E nós pedímoslle que retire a lei, que nos sentemos, que falemos de todo, pero que o fagamos pensando no Sistema sanitario, e non que nos premien por reducir o Sistema sanitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Benvidas as membros da Plataforma da Sanidade Pública. E, efectivamente —como xa se trasladou aquí—, grazas pola pelexa e pola loita de todos estes anos, cada vez que a Consellería de Sanidade produce un atropelo novo contra o Sistema público de saúde.

E bos días tamén aos membros da Consellería de Sanidade. Vese que o conselleiro trouxo hoxe reforzos —o seu equipo— porque se atopaba bastante só despois de ver Santiago de Compostela o domingo ategado de persoas clamando contra esta contrarreforma. (*Aplausos.*)

Grazas, presidente.

Señorías.

Non é que toque unha actualización, o que veñen presentar é practicamente unha contrarreforma. Como xa se trasladou aquí noutra ocasión, esta lei foi pisoteada, foi reformada, foi mudada e foi cambiada por vostedes en múltiples ocasións. Nunca quixeron este texto e nunca o respectaron ou polo menos nunca respectaron os principios contidos no texto.

Despois do que vimos de ver, despois de todos estes meses de debate, vostedes hoxe —o Partido Popular, o Goberno— deberían retirar esta lei. Deberían retirala porque llelo solicitamos os grupos parlamentarios —estamos evidentemente nun debate das emendas da totalidade, son todas elas de devolución— e porque tamén llelo pedimos os partidos políticos. Deberían retirala porque llelo piden os sindicatos: os de sanidade, os que non son de sanidade —os sindicatos de clase—. Deberían retirala porque llelo piden as asociacións de pacientes, porque llelo piden as asociacións de veciños, porque llelo piden as plataformas en defensa da sanidade pública. Deberían retirala porque llelo pide a totalidade dos axentes sociais. Pero deberían retirala porque milleiros de persoas pediron, exixiron e clamaron para que retiren esta lei o domingo nas rúas de Compostela. Pero vostedes seguen facendo oídos xordos, seguen mantendo que este é o lugar onde temos que debatelo. Pois ben, hoxe estamos xa no trámite parlamentario, teñen emendas de devolución. escoiten non estes grupos parlamentarios senón eses milleiros de persoas que lles dixeron que o que están facendo coa nosa saúde non ten parangón en como está a sanidade nos últimos anos.

Miren, vostedes presumen de todas as reclamacións que incluíron na lei. Xa se lles fixo aquí unha escolma de todas as que non aceptaron. E é certo: vostedes non escoitan tampouco as máis de mil reclamacións que apareceron cando vostedes xa publicaron o anteproxecto no mes de agosto, precisamente no mes de verán.

Pero é que só hai que ver como tratan vostedes as reclamacións que os colexios profesionais, alcaldías, colectivos de doentes, asociacións fan á Consellería de Sanidade: «non ten sentido a súa proposta», «é a proposta da CIG con menos palabras, polo que son meras conxecturas», «as afirmacións non se sosteñen», «suxestións xerais non baseadas en ningunha evidencia», «valoracións sen ningunha base, de tipo propagandístico, nas que non se pode aproveitar nada». Eses son os comentarios que vostedes fan ás reclamacións que colexios profesionais, que a cidadanía, que representantes da cidadanía —alcaldes, alcaldesas—, que colectivos sociais, que colectivos de doentes fixeron a este texto. ¡Así tratan vostedes a xente! É evidente que vostedes non queren retirar este proxecto de lei, porque forma parte do seu plan para destruír a sanidade pública, non só no que ten que ver con esas áreas sanitarias.

E cando vostedes desprezan as persoas que se mobilizan, cando din que están manipuladas, cando din que os datos nos que se basean a oposición, os sindicatos e as persoas que se mobilizaban son totalmente falsos, desprezan todas e cada unha desas persoas, que realmente nin sequera son seguramente todas votantes dos grupos da oposición; desprezan todas as persoas que viñeron —da Mariña, do Salnés, de Monforte, de Valdeorras— dicirlles que non poden facer vostedes o que lles dea a gana co noso Sistema sanitario.

E miren, vostedes xa modificaron esta norma, porque o Decreto 168/2010 suprimía as áreas sanitarias xa daquel entón, porque realmente as EOXI o que fixeron foi restar a capacidade de planificación sanitaria das áreas, que agora vostedes eliminan vía esta nova reforma da lei; e tamén, evidentemente, as xerencias de atención primaria. Non modifican vostedes a lei para incluír máis dereitos, para facilitar a participación, para ampliar as áreas de saúde —que poderían facelo—, para derrogar ese decreto, para poñer fin á sangría da nosa sanidade pública. Modificana para retirar dereitos, para recortar, para continuar con ese progresivo recorte paulatino que fai que a nosa sanidade pública cada vez esmoreza máis. E milleiros de persoas saíron á rúa o domingo para dicírllelo.

Vostedes negan totalmente que esta norma teña ningún tipo de efecto sobre os dereitos das persoas que viven nesas áreas sanitarias. Vostedes denéganlles o dereito ás persoas que viven no rural. Vostedes consideran que a sanidade pública non ten que ser universal, non ten que ser equitativa, non ten que ser un elemento de igualdade entre as persoas que viven en calquera punto de Galicia. ¡E claro que se suprimen servizos! ¡Claro que durante todos estes anos os servizos dos hospitais comarcais sufriron! Trasladáronse aquí algúns exemplos. Temos falado noutras ocasións de como están os servizos no Hospital de Monforte, como están os servizos no Hospital da Mariña ou como están en Valdeorras.

E cando vostedes falan de posibilidade de pertencer a servizos máis amplos, de voluntariedade, introducen elementos na lei que queren enganar a cidadanía, trasladando que vai haber máis servizos. Do que están falando é de precariedade laboral, Do que están falando é de mobilidade forzosa para as médicas, para os médicos; máis precariedade e, polo tanto, peores servizos e peor calidade asistencial. Do que están falando é de que se van ir retirando de maneira progresiva aínda máis servizos a eses hospitais comarcais. Do que están falando é de recentralizar a sanidade e, polo tanto, do progresivo cambio de modelo. Vostedes non cren na atención primaria. A atención primaria ten tan só un 13 % do orzamento sanitario, e a metade do orzamento sanitario de Galicia está dedicado xa ás empresas privadas.

Vostedes non poden negar con este texto que presentan que está precisamente feito para facilitar as súas portas xiratorias, as asignacións a dedo, a entrada da empresa sanitaria na investigación —aínda máis do que está xa agora—. Simplemente hai que ler as modificacións do artigo 135, hai que ler esas indicacións que vostedes fan nesa proposta de reforma que fala de impulsar medidas para poñer de manifesto a necesidade de incrementar a transferencia inversa do coñecemento. ¿Que significa iso? ¿Que fan vostedes cando utilizan eufemismos? Recortar, retirar dereitos.

A transferencia inversa do coñecemento vai ir directamente á empresa privada. «Impulsáranse medidas de transferencia do coñecemento non orientadas só á comercialización ou á explotación mercantilizada», pero falan da «participación en *spin-off* que teñan como obxecto social realizar actividades relacionadas coa Administración sanitaria, ás que se lles outorgará unha licenza para a explotación comercial dos resultados».

A nosa sanidade non é un nicho de negocio para as multinacionais e para as súas empresas amigas. (*Aplausos.*) A realidade é, señor Almuíña, que a súa contrarreforma presenta puntos que contemplan que se lles dean licenzas e dereitos a terceiros sobre a explotación dos resultados da investigación, algo que dá aínda unha patada máis cara ao fondo aos dereitos da cidadanía sobre o que ten que ser a investigación.

A investigación, o desenrolo, a innovación son aspectos imprescindibles que teñen que ter como dereito final a mellora da sanidade da poboación, o dereito de todas as galegas e galegos a ter unha melloría co servizo público, coa sanidade pública, non co beneficio da empresa privada, non cos intereses da empresa privada como frontispicio para esa innovación, non coa precariedade dos investigadores e das investigadoras. E iso é o que se perpetúa nestes artigos desta lei.

É continuar aínda máis con esa opacidade; seguimos sen ter eses papeis de Medtronic, señor conselleiro. É continuar aínda máis coa opacidade, na que vostedes colocan os altos cargos da súa Consellería: as xerencias, os cargos políticos. Reforzan vostedes tamén o control e a capacidade, van ser tamén a autoridade sanitaria. Parécenos perfecto que se blinden os profesionais contra as agresións no Sistema de saúde. Non nos parece tan ben que blinden vostedes ese favoritismo e esa arbitrariedade na contratación do persoal sanitario, do seu persoal sanitario, dos seus altos cargos. A ver se vostede tamén mañá —que o imos interpelar polas listas de espera— ten a decencia de responder por ese enchufe da señora Rocío Mosquera —porque é así, non ten outro nome—. Ese continuo colocar os seus cargos públicos; para os seus todo; para o pobo, nada. Colocamos os nosos cargos amigos, recortamos a sanidade pública e recortamos áreas sanitarias. É bastante evidente o impacto que vai ter, o mesmo que tivo a Lei de garantías de prestacións sanitarias e o decreto que a acompaña.

E si, señor conselleiro, só dez días despois de entrar en vigor o decreto vostedes modifican os prezos. ¿Vostede considera que eu son unha ignorante? Saia vostede e traslade a realidade. ¿Canto lles están pagando ás empresas privadas por trasladar eses pacientes? Son empresas privadas as empresas da sanidade concertada. Todos os días, porque dende as propias xerencias cada vez que se deriva un paciente estáselles trasladando un beneficio a esas empresas privadas. É así, señor conselleiro, pode abanear a cabeza e pode intentar utilizar os

medios de comunicación para insultar esta deputada, o seu grupo e a totalidade dos grupos da oposición. Non hai medios de comunicación suficientes, señor conselleiro, que acalen o recorte e a privatización do noso Sistema público. *(Aplausos.)*

E durante todos estes meses vostedes negaron a posibilidade de retirar a lei para sentarse a falar. Porque o que se lles ofrecía por parte da oposición, dos colectivos de doentes, das centrais sindicais, das plataformas en defensa da sanidade pública era diálogo. Ninguén dixo que estiveran pechadas a modificar a Lei de saúde. Seguramente hai cousas que actualizar, seguramente hai máis dereitos que dotar. Pero vostedes non escoitan a ninguén, non queren escoitar a ninguén. E iso é unha mostra evidente de soberbia —xa llelo dixemos noutra ocasión— ou de necidade, porque cando todo o mundo está indicando a realidade, mirar cara a outro lado non serve de nada. Só quen goberna de maneira despótica non escoita o seu pobo cando sae por milleiros reclamar o seu dereito á saúde. E esa é a realidade.

Non hai melloras nesa norma; simplemente, limítase a recortar dereitos sobre unha sanidade que xa está recortada, señor conselleiro. E, claro, querían vostedes agardar ao trámite parlamentario. ¡Pois velaquí as emendas de devolución, señor conselleiro! Se queren de verdade escoitar, se de verdade queren presumir de que aceptan as propostas que lles chegan —por parte neste caso dos grupos da oposición pero tamén da sociedade—, deberían sentarse e entender que teñen que aceptar algunha, unha ou a totalidade das emendas, e sentarse a dialogar. Pediuse diálogo, pero vostedes non escoitan absolutamente a ninguén.

Que supriman vostedes áreas sanitarias non é unha adecuación ao sistema administrativo, porque previamente fixeron as EOXI. Se quixeran realmente axeitalo ás necesidades da poboación, o que farían sería incrementar esas áreas sanitarias, o que farían sería achegar os elementos, os servizos, á cidadanía, e non mirar cara a outro lado e pasar a apisoadora cando hai persoas sufrindo nos servizos.

Esta noite estaban outra vez ateigadas as urxencias do Hospital de Ourense, señor conselleiro; tiveron que poñer a última hora un reforzo que non serviu para nada; 10 pacientes explorados, atendidos no pasillo. ¿Quen decide as plantas que se pechan? ¿Quen decide manter plantas pechadas, no caso de Ourense no Materno, no caso da Coruña tamén e no caso de Vigo? ¿Quen decide un mes pechado de plantas con camas cerradas? ¿Quen decide que se vai trasladar os doentes á sanidade privada? ¿Quen marca eses prezos? Non sabemos nada, señor conselleiro, vostede sábeo todo. Pois, por favor, saia e ilumínenos cos datos, con eses datos das listas de espera non estruturais, que leva un ano negándonos á oposición.

A realidade é que estamos ante unha contrarreforma que o que fai é afondar nese recorte. E vostedes non van escoitar absolutamente nada. Estou case segura de que nin sequera no trámite de emendas parciais —xa rematamos o prazo para rexistralas— vostedes non van atender ningunha das reclamacións, que non son as nosas, que tampouco son as da xente que está na tribuna, que son as de todas esas persoas que se mobilizaron o domingo. E non, señor conselleiro, non serve tratalos de ignorantes, dicir que están manipulados, dicir que non teñen nin idea. Ninguén ten idea agás vostede —parece ser—.

A realidade, señor conselleiro, é que esa xente ten a razón, porque palpa cada día o recorte dos servizos nas súas carnes: cando esperan neses corredores, cando agardan as listas de

espera, cando agardan un ano para unha ecografía. Está o señor Campa na tribuna; sábeo. Diciannolo os médicos de atención primaria nese debate que tivemos sobre a reforma da Lei de saúde. Cando agardan seis meses por unha resonancia, dá igual a enfermidade. Vostede sábeo, vostede coñece esas cifras, e ou ben vostedes son uns soberbios ou son uns necios. Teñen que escoller e teñen que escoller se hoxe aceptan a devolución desta lei e se sentan a negociar. Porque vostedes, evidentemente, teñen maioría absoluta e claro que non necesitan da oposición, non necesitan dos colectivos sociais, non necesitan dos sindicatos para gobernar, pero alguén intelixente, alguén que realmente considera os dereitos do seu pobo, senta e escoita. Escollan vostedes hoxe que queren ser.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, para posicionarse sobre as emendas, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, conselleiro.

Quero saudar as persoas que se encontran na tribuna do hemiciclo e que se achegaron para seguir esta sesión, este debate.

Señorías, chegou o momento no que a modificación da Lei de saúde de Galicia, a Lei 8/2008, se vai debater neste Parlamento. O que vimos ata o de agora foi un debate sen argumentos que confirme os prexuízos da oposición; ese é realmente o diálogo que solicitan, que é a retirada única e exclusivamente. Un debate que se tratou de furtar pedindo, como dicía, a retirada desta modificación lexislativa, negando a lexitimidade do Goberno da Xunta de Galicia para actualizala, tentando mobilizar a cidadanía con interpretacións manipuladas do proxecto de lei e falseando os datos reais da sanidade pública galega.

Hai xente que cre as cousas que lles contan estes grupos, pero esas cousas veñen de ser rebatidas coas cifras dadas pola Consellería de Sanidade. Entendemos dende o grupo maioritario a preocupación pola sanidade pública galega dalgunhas desas persoas que acoden ás concentracións, pero preocúpanos o desprestixio que se está a facer da nosa sanidade no intento de desgastar o Goberno da Xunta e de gañar uns cantos votos, xerando de modo interesado unha desconfianza da xente na sanidade pública galega, cuxa calidade non debería deixar ningunha dúbida.

Solicitaron os grupos da oposición un informe do Consello de Contas sobre o impacto económico da lei e pediron que se paralizara o debate parlamentario, semella un pouco que coa idea de atrasar a tramitación do proxecto de lei e tentando estirar o chicle para manter a tensión, que diría ao ex-presidente Zapatero.

O Consello de Contas xa fixo público ese informe avalando ese proxecto de lei e confirmando que esta modificación non vai xerar incremento ningún do gasto. Falan os grupos da oposición constantemente de recortes e privatizacións. Eses 1.000, 2.000 ou 3.000 postos perdidos na sanidade pública galega —depende do día e depende do voceiro— e que repiten pleno tras pleno convértense nun incremento de 1.544 profesionais traballando para o Sistema público de saúde de Galicia con respecto ao ano 2008. Entre eles, 167 médicos de familia máis nestes anos, un 6,8 %, e 583 enfermeiras e enfermeiros, un 5,9 % máis —por certo, señora Prado, a intersubstitución existía no ano 2008, non foi un invento do Goberno do Partido Popular—, e increméntanse 136 millóns no capítulo de persoal. O orzamento para sanidade chega ao 41 % do total do presuposto, cun incremento con respecto a aqueles anos de 251 millóns de euros. Hai máis cirurxías, hai máis consultas, hai máis ingresos hospitalarios, hai máis transplantes, hai máis sesións en hospitais de días, máis hospitalización a domicilio e menos días de lista de espera con especial atención ás patoloxías máis graves.

Repiten tamén o mantra da privatización e, nembargantes, o gasto en asistencia sanitaria con medios alleos é un 5 % menos do que era no ano 2008 e no ano 2009; é dicir, case 11 millóns de euros menos.

Nesta mesma semana o xerente da EOXI de Pontevedra fixo públicos os datos do Hospital do Salnés, que, dun total de máis de 80.000 asistenciais, derivou a centros concertados a 180 persoas durante o pasado ano.

O propio xerente do Sergas fixo públicas tamén as cifras de atención do sistema, facendo fincapé en que se fan 12.000 probas, 20.000 consultas e 800 cirurxías diarias no sistema. E a derivación á sanidade concertada é de 86 casos por xornada.

A Lei de garantías cumpriuse ata o de agora sen ningún tipo de derivación á privada desde que está en vigor. Xa dicía un prestixioso columnista no seu xornal nesta fin de semana que cos anos que leva o Partido Popular no Goberno da Xunta, se fose certa a privatización que afirma a oposición que se produce, non quedaría nin rastro da sanidade pública.

Ao borrador do anteproxecto presentáronse moitas alegacións, máis de 1.500, pero delas soamente 30 propoñían modificacións ao articulado, e foron aceptadas varias delas de certa importancia. Por exemplo, no apartado 3 do artigo 67, referido á organización territorial, figuraba a posibilidade de establecer por decreto outras divisións territoriais atendendo aos recursos dispoñibles e ás directrices de política sanitaria. Desa redacción do anteproxecto fixo bandeira a oposición, alegando que tería que ser por necesidades e non por recursos dispoñibles. Esa alegación, que foi dos colexios profesionais, presentouse e foi aceptada, e así aparece no proxecto de lei. Engadíronse tamén os consellos de saúde de distrito, que non aparecían no anteproxecto.

Rexeitan vostedes unha modificación legislativa que é perfectamente legal e lexítima e feita de acordo coa normativa vixente. Vostedes, no ano 2008, respectando a legalidade e dun xeito igual de lexítimo, derrogaron unha lei, a Losga, dun goberno do Partido Popular, daquela avalado por máis do 52 % dos galegos e galegas, e aprobaron a súa lei de saúde, que non derrogaron posteriores gobernos e que agora se quere modificar.

Temos un claro exemplo da súa dobre vara de medir na actuación que están a facer os compañeiros de partido da oposición na Comunidade Autónoma de Valencia. O *Boletín Oficial das Cortes Valencianas* do día 4 de outubro do pasado ano 2017 publica o texto do Proxecto de lei da Generalitat de modificación da Lei 10/2014 —no 2014, en Valencia, aprobou unha lei o Partido Popular, e en outubro, tres anos despois, o resto dos grupos xa a derrogan— da Comunidade Valenciana. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É este proxecto de lei. (*O señor Núñez Centeno mostra un documento.*) Xa ven vostedes que na súa pretendida superioridade moral poden modificar todo, todo o que faga o Partido Popular. (*Aplausos.*)

O máis curioso desta lei é que modifica o artigo 13, no seu apartado 4, ordenando o Sistema valenciano de saúde en áreas sanitarias supradepartamentais que constitúen o marco xeográfico e funcional integrado por varios departamentos de saúde. (*Murmurios.*) A creación, modificación e supresión destas áreas regularase regulamentariamente —é textual do anteproxecto— tendo en conta varios criterios, entre eles os asistenciais, onde se valorará a existencia dos recursos. (*Murmurios.*) Na lei en vigor, aprobada polo Goberno do Partido Popular, contemplábase a existencia de 24 departamentos de saúde, especificando esa lei que equivalen ás áreas de saúde existentes na lexislación básica estatal. É dicir, había 24 áreas. Agora o *Consell* prepara un mapa sanitario que converte as 24 áreas en 6. (*O señor Núñez Centeno mostra outro documento.*) De 24 áreas que había en Valencia, agora convértense en 6. (*Murmurios.*) Xa ven, é unha modificación da lei similar, na ordenación territorial, á proposta polo Goberno da Xunta de Galicia, pero aprobada por un goberno de socialistas, nacionalistas, socios da Marea e tamén do partido de Podemos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) na que se contempla a redución das 24 áreas aprobadas por lei polo Partido Popular en 6 áreas asistenciais. Faise, segundo manifesta a consejera Montón, para optimizar e acadar máis eficacia e eficiencia. (*Murmurios.*) (*Protestas.*) (*Aplausos.*) A idea pasa por aglutinar todos os servizos de primaria, especializada e superespecializada en 6 grandes zonas xeográficas que incorporarán un hospital de referencia —modificación proposta polo Partido Socialista e Compromís—.

O Partido Popular da Comunidade Valenciana non se opón a esta modificación desta parte sempre que non ocasione un aumento de gasto público pola creación de novos cargos, que en Galicia non se contemplan. ¿E saben quen se queixa en Valencia, segundo a hemeroteca? Quéixase o Sindicato médico valenciano, con base na diminución da representación sindical dos traballadores. (*Murmurios.*)

Neste eido de organización territorial, a modificación da Lei 8/2008 adapta as áreas sanitarias ao actual ámbito das EOXI, consolidando o modelo de xestión integrada que predomina na sanidade europea. Quero recordar neste punto que o Goberno bipartito e os expertos fixeron público en outubro 2008 unha proposta de ordenación sanitaria de Galicia que contemplaba a existencia de 7 áreas sanitarias e 13 zonas sanitarias practicamente idéntica á actual, á que se propón agora, cunha diferenza: que os veciños da Mariña tiñan que ir a Ferrrol. (*Murmurios.*) Supoño que a derrota electoral do ano 2009, que foi inesperada para a oposición, foi o motivo de que esta distribución territorial non se aplicase.

¿Están vostedes en contra de que A Barbanza, a Costa da Morte ou Verín teñan a consideración de distritos, da que antes carecían, ou teñan consellos de saúde que non tiñan? ¿Cal era

a diferenza destas comarcas coas outras que teñen hospital e que se consideraban área sanitaria? Esta lei blindo a existencia dos hospitais comarcais —xa o dixo o señor conselleiro— coa creación dos distritos sanitarios —14—, citados un por un no texto, e que toman como referencia a institución hospitalaria existente no seu ámbito territorial. Repiten vostedes constantemente dende a chegada ao Goberno do presidente Feijóo o mantra da desaparición dos hospitais comarcais, que a cidadanía xa sabe que non deixa de ser unha das súas falsidades. Non hai máis que ver o investimento en infraestruturas e tecnoloxía que se fixo dende a creación das EOXI. ¿Como é posible que se pechen hospitais que se están a ampliar?

Agora, diante deses investimentos, xa non falan de peche, agora falan de que se van desmantelar. Isto é igual de certo que a condición de privado do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, no que tanto insistiron neste Parlamento, e agora mesmo unha sentenza xudicial, en relación co pago do IVE ao Concello, vén dar a razón ao Goberno e a este grupo parlamentario en relación coa condición pública do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo. (*Aplausos.*)

Esta lei, señorías, consolida os hospitais comarcais como servizos sanitarios de futuro en cada unha das súas zonas xeográficas, seguindo a ser hospitais de referencia como ata o de agora. Esta organización territorial non provocará ningún cambio de médico nin de hospital para ningunha persoa e, pola contra, achegará o servizo sanitario á cidadanía, mellorará a coordinación entre primaria e hospitalaria, cunha cobertura asistencial realizada cos mesmos criterios asistenciais e derivación entre centros, con protocolos únicos de área e con maior interacción de profesionais dos dous niveis asistenciais. Esta modificación da lei, señorías, achega os servizos ao cidadán, que recibirá unha atención máis próxima ao seu domicilio, garantindo a potenciación dos servizos e especialidades a nivel comarcal. Como xa se ten dito neste hemiciclo e o repetiu hoxe o conselleiro, 260.000 desprazamentos evítanse coa creación das EOXI.

No eido da participación social, desenvólvense o Consello Galego de Saúde e os consellos de saúde de área e de distrito, froito estes últimos dunha das alegacións presentadas durante o período de exposición do anteproxecto.

Esta modificación simplifica a regulación dos órganos de participación para facelos máis próximos á representación cidadá, máis realistas e máis operativos. A súa composición e funcións foron tamén modificadas con base en alegacións presentadas ao texto inicial. Régulase na lei a existencia do Consello Asesor de Pacientes, no que participan as asociacións nas que se agrupan os doentes, e que parece que á oposición lle molestan moito.

¿Señorías da oposición, están vostedes en contra de que se considere autoridade sanitaria o persoal de inspección de saúde pública ou que este persoal poida impoñer medidas cautelares, temporais, urxentes, en caso de risco grave? ¿Están vostedes en contra de que a coacción, a ameaza, a agresión ou calquera forma de violencia exercida sobre os e as profesionais do Sistema sanitario público de Galicia, no exercicio das súas funcións, se tipifique como infracción moi grave? ¿Están vostedes en contra de que a Consellería avalíe o impacto en saúde para garantir que se teñan en conta as repercusións que sobre a saúde poidan ter as decisións sobre políticas públicas? ¿Están vostedes en contra do concurso de traslados aberto e permanente ou dos itinerarios profesionais? Teránllo que explicar vostedes aos profesionais.

¿Están vostedes en contra de que se regule a docencia, a formación continuada e a investigación no Sistema sanitario público? ¿Están vostedes en contra de que se cre unha axencia pública do coñecemento en saúde —axencia pública, repito, como xa dixemos aquí, similar á Axencia Tributaria—?

Parecen esquecer vostedes que a súa lei regulaba a creación dun instituto galego de investigación sanitaria que se definía como dotado de personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, pero sen facer referencia nunca á súa condición pública ou privada.

¿Están vostedes en contra do fomento da innovación na investigación sanitaria ou de que os investigadores poidan beneficiarse dos resultados dos seus estudos ou de que as sinerxías con empresas para a comercialización de patentes de tecnoloxía ou medicamentos poidan xerar emprego de alta calidade e ademais ingresos para o Servizo público de saúde? ¿Están vostedes en contra da creación dunha comisión interdepartamental entre sanidade e educación para desenvolver nos centros escolares a educación sanitaria, o fomento dos hábitos de saúde ou a elaboración de protocolos para o coidado de nenos con patoloxías crónicas?

Vou rematando.

Señorías, o grupo maioritario apoia a continuación da tramitación deste proxecto de lei rexeitando as súas emendas á totalidade. Esta modificación cumpriu toda a normativa en canto á súa tramitación. O modelo de organización territorial favorecerá o acercamento da asistencia aos pacientes dos hospitais comarcais. Pensamos que son vostedes os que están a poñer en risco a supervivencia destes centros, diante da dificultade coñecida que hai a día de hoxe para cubrir as prazas dos mesmos e a continua rotación e vacantes de profesionais que se producen neles.

Esta organización por área sanitaria, respectando sempre a voluntariedade dos profesionais, axudará a acadar a cobertura de prazas de especialistas nos hospitais comarcais diante da posibilidade de traballo en equipo cos hospitais de referencia, regularizará o desprazamento dos profesionais entre distintos hospitais e facilitará a cobertura de posibles ausencias por permisos ou baixas. E potenciará o rural, todo o contrario do que vostedes están a difundir nas disintas comarcas.

Non estamos de acordo coa súa afirmación de perda de calidade e de proximidade, senón todo contrario. Insistimos en que mellorará a calidade da nosa sanidade pública, aproximándoa ao paciente. Esta sanidade galega tan desastrosa que vostedes queren transmitir á poboación non se pode corresponder coa que ten, por exemplo, as taxas de transplantes de órganos que a cidadanía coñece e recoñece; coa que ten unha unidade para enfermidades metabólicas conxénitas no CHUS elixida pola Unión Europea como centro de referencia de enfermidades raras; coa única comunidade autónoma que financia en toda España o tratamento da atrofia muscular e espinal; ou, como aparecía estes días no xornais, coa comunidade do Estado que ten a taxa máis baixa de mortalidade perinatal, a taxa máis baixa de todo o Estado español. (*Aplausos.*)

Estas son as realidades da nosa sanidade pública e dos magníficos profesionais que traballan nela. Por todo iso, imos rexeitar as súas emendas de devolución, esperando que entre todos e todas poidamos chegar a acordos nas reunións de ponencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...para mellorar o texto definitivo da lei, aportando as súas emendas, como pensa facer tamén este grupo maioritario do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ábrese agora unha rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Ten a palabra, por parte do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señor deputado do Partido Popular, está moi ben que vostede veña aquí intentar quitar peito ou intentar desacreditar co que fan noutros lados. Pero, dende logo, non estivo alá como moi acertado poñendo como exemplo Valencia. Mire —e dígoo por se os que están aquí non o saben—, dos últimos catro conselleiros de Sanidade do Partido Popular, tres están imputados e un na cadea (*Aplausos.*), tres imputados e un na cadea. E, claro, ¿que está facendo o Goberno da Comunidade Valenciana? Está revertendo toda a desfeita que fixo alí o Partido Popular, (*Murmurios.*) para recuperar servizos e infraestruturas para a sanidade pública, empezando por ese hospital de Alcira que vostedes quixeron poñer como exemplo e xa se verificou realmente cal era o modelo sanitario do Partido Popular. Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

Tamén vostede quitou aquí peito dicindo se estamos en contra da Axencia de Coñecemento en Saúde. Pois, mire, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza díxolle algo así bastante claro, díxolle que era ilegal o nomeamento que fixeron da xerente, e quedou en evidencia para que crearon vostedes esta Axencia do Coñecemento. Entón, xa hai unha sentenza que di que vostedes elixiron o xerente de xeito ilegal, e o resto non é para favorecer a innovación nin o coñecemento. Porque, ¿que foi daquela promesa do Partido Popular de que ían estabilizar os investigadores? ¿Que foi daquela promesa? ¿Que foi daquela promesa onde lles prometeron que se ía crear a figura do persoal estatutario investigador? *Rien de rien*, deixáronos tirados, e hoxe veñen aquí quitar peito dicindo que crearon a Axencia do Coñecemento.

Eu tamén teño que dicirlles que a xente non necesita que o BNG nin que as outras forzas políticas lle vaíamos contar cal é a situación da sanidade; é que, por desgraza, sofren todos os días a situación, as consecuencias da política sanitaria do Partido Popular. E, por iso, non é que veñan mobilizarse porque nós llelo pedimos, é que nos piden a nós que fagamos algo, que nos mobilicemos e que paremos esta desfeita. ¡E que paremos esta desfeita! (*Aplausos.*) ¡É ao revés!

E mire, se a oposición, e en concreto o BNG, non podemos dar o número exacto de profesionais eliminados, é pola política de opacidade, de escurantismo, que practica o Partido Po-

pular. ¿Por que non fan públicos os censos, os cadros de persoal? ¿Por que están instalados en non facilitar os datos? ¿Que medo lle teñen a que saibamos cal é a realidade de profesionais, de contratos, de derivacións, de doentes? Votaron en contra sistematicamente cada vez que pedimos cantos doentes se derivan, por que especialidades, a que centros e cales son as empresas beneficiarias. ¿Por que teñen medo a que coñezamos os datos? ¿Por que teñen medo? ¿Por que non teñen a valentía de traer aquí os informes que lle demandamos a respecto de cal é a situación da sanidade? Porque o que estamos denunciando sistematicamente, de derivación, de recursos e de doentes á sanidade privada é unha realidade e, para mostra, os datos da entrada vigor do Decreto do 10 de xaneiro; para mostra, os centos de persoas que xa están vostedes encamiñando. É que é unha realidade —póñanse vostedes como se poñan— que a Lei de garantías e o decreto que a desenvolve só ten como obxecto esa derivación á privada, única e exclusivamente, porque ¿como van eliminarse as listas de espera sen un choque para eliminalas, sen máis persoal, sen máis recursos, sen máis orzamento? ¿Como van facer para eliminar esas 35.000 persoas que están en lista de espera —que vostedes declaran, logo poderíamos falar de todas as que están nesas listas estruturais—? ¿Como van facer para eliminalas? Pois atendendo a petición da privada: mándennolos para aquí, que nós, con 88 millóns, imos resolvendo. Iso é o que está facendo o Partido Popular.

E menten sistematicamente sobre o obxectivo desta lei. Vostedes saben que os hospitais comarcais —xa se dixo aquí— non fixeron máis que perder competencias, non fixeron máis que perder especialidades... No Hospital do Salnés, cardioloxía; vai un cardiólogo cada vez, e un distinto, e só atende a poboación dalgúns concellos. En neuroloxía, o mesmo. Perdeuse o servizo de almacén, de subministración, de informática, de contabilidade, a perda de análises de mostras ambulatorias.... Poderíamos seguir enumerando. Isto no Hospital do Salnés, que é o que eu teño como hospital de referencia, pero podemos amplialo ao resto.

E vostedes veñen aquí dicir que esta lei é para favorecer a proximidade, é dicir, deixan a atención primaria sen xerencia. ¿Onde están esas cousas que vostedes din aquí nesta modificación de lei? ¿Onde está esa proximidade cando fan áreas moito máis grandes...?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E resulta que non hai absolutamente nada para recuperar xerencias, absolutamente nada de nada.

Co cal, se vostedes, señoras e señores do Partido Popular, deixaran de mirar para outro lado, deixaran —como lles dixen antes— de estar instalados na prepotencia, deberían escoitar o que lles dixo a xente na rúa. E, dende logo, se non escoitan, se non retiran esta modificación da lei, é que vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...non están entendendo nada do que pasa no país; non están entendendo absolutamente nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Non era de esperar outra cousa, pero ás veces un facíase ilusións de que se puidera debater sobre a lei. En fin, despois de dez meses de inicio do trámite, despois de vetar unha comprecencia do conselleiro, véñse aquí predicar de diálogo e doutras comunidades, da oposición..., pero da reforma da lei pouco, ¡pouco!

En todo caso, está ben, eu agardo que o voceiro do Partido Popular reflexione un pouco máis ás veces cos exemplos que pon. Dígollo porque eu lle teño unha boa consideración persoal —vostede sábeo— e non creo que sexa un bo modelo defender a xestión do Partido Popular en Valencia. (*Aplausos.*) Non me parece. ¡Cada un...! En todo caso, se lle gusta a lei valenciana, que a min si —agora explícolle por que—, pode invitar o seu grupo a retirar as emendas, porque vén aquí defender unha lei que alá emendaron. Hai que manter un pouquiño de coherencia. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: En todo caso, estou seguro, se me permiten...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas.

En todo caso, eu recibín nos últimos tempos moita información sobre as opinións do Partido Popular, sobre esta lei, incluso teñen algunha xente que mesmo fala desta, ¡fíxense vostedes! Debaten sobre a reforma da Lei de saúde e incluso hai xente do Partido Popular que, en vez de falar doutros sitios, fala desta; por exemplo, o alcalde de Vilanova —vostedes coñéceno—: «*La población no está contenta con el servicio del Hospital del Salnés*». E el argumenta que esta é a defensa de por que hai que facer esta reforma... que, bueno, eu vivo alí e estamos moi contentos cos profesionais, co que non estamos contentos é con que nos retiren servizos. Pero engade: «*Se está atendiendo mal a los vecinos. Tenemos listas de espera para que los médicos estén más cómodos*». Esta é a súa opinión, do presidente da mancomunidade, alcalde do Partido Popular. Vostedes dirán que non o coñecen, seguramente; pero é complicado porque ao día seguinte de facer estas declaracións o señor Núñez Centeno se reuniu con el. Esta é a súa opinión, que temos listas de espera para que os médicos estean máis cómodos. ¿Isto é de verdade o que pensan dos profesionais? Porque chegan aquí e échenselles a boca ao falar dos profesionais. ¿Pero é o que pensan dos profesionais?, ¿que temos listas de espera para que estean máis cómodos, e que a culpa de que os pacientes se queiran ir a outros hospitais é dos profesionais?, ¿de verdade?

Porque vostedes falan incluso de blindar hospitais. Aquí, cando se debateu a ILP sobre o Hospital de Montecelo, o seu voceiro naquel momento dixo que a lei non era o lugar para

garantir as infraestruturas, especialmente as sanitarias. E vostedes hoxe din que traen unha reforma para blindar hospitais. De tanto blindar, parece que están falando máis dunha caixa forte dun banco que dun hospital. Se cadra, gústalles máis falar dos bancos que dos hospitais.

Pero, en todo caso, áreas sanitarias. Claro que o modelo valenciano ten outro número de áreas sanitarias, porque en Valencia non pasan un par de cousas como pasan nesta. Por exemplo, ¿onde se vai decidir agora sobre a atención primaria da Mezquita? ¿Onde? En Ourense. Seguro que coñecen a distancia que hai para chegar da Mezquita a Ourense. É difícil pensar que todas as persoas que van decidir sobre a atención primaria da Mezquita coñezan a Mezquita, ou polo menos a coñezan o suficiente. ¿Onde se vai decidir sobre a atención primaria, por exemplo, do Vicedo? Agora teñen un hospital a 25 minutos. Vostedes querenlles trasladar os servizos a máis de hora e media e que decidan sobre a súa atención primaria a máis de hora e media.

Isto non ocorre nin en Valencia nin en moitísimas outras comunidades autónomas, porque temos unha especificidade, porque nós temos unhas distancias moi distintas e temos unha poboación distinta, e debemos de axeitar o noso sistema á poboación e ás condicións do territorio no que vivimos. Iso sería bastante sensato. Polo tanto, se temos dificultades de mobilidade, se temos dificultades de comunicación, se temos unha poboación máis dispersa e máis envellecida, debemos de non alonxar tanto, moito máis que outras comunidades, porque a dificultade para moverse é moito maior, e a asistencia das persoas aos centros hospitalarios e aos centros de saúde é moito maior en número. Polo tanto, debemos de achegar as decisións, e vostedes van decidir sobre a atención primaria, aquela á que moitas persoas acoden unha, dúas ou tres veces por semana, e vana alonxar das decisións sobre iso a 150 quilómetros. Iso non é posible.

Iso é o que basicamente nos pon en contra desta reformulación das áreas sanitarias, que as están alonxando. É unha cuestión numérica. Están as decisións máis lonxe e, polo tanto, alonxamos a sanidade do sistema.

Gústame moito saber que o PP celebra moitísimo os informes que din que non van gastar máis en sanidade, e vostedes celébrano. O Consello de Contas garante que non imos gastar máis, e celébrano. Pois nós seguimos plantexándolles que hai que investir máis en sanidade. ¡Hai que investir máis en sandiade! Non celebren tanto que lles dean a razón por non investir tanto e celebren un pouco máis que lles dean menos a razón, pero que invistan algo máis, é moito mellor.

Por certo, o dato de que hai 1.500 profesionais máis podémolo discutir todas as veces que queira...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Se alguén ten a capacidade de discutirmo, que o diga, pero non hai 1.500 profesionais máis; están orzados pero non son reais. E ninguén é capaz de discutir isto. Vostedes poden repetilo. Están orzados, pero non existen. ¿En que se gastan?

En pagar eventuais, esas persoas que van chamar ás oito da mañá para que ás oito e cinco teñan que coller o coche en Lugo e marchar a Monforte...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...marchar a Burela ou coller o coche en Ourense para marchar ao Barco de Valdeorras. Porque esa é a sanidade que vostedes queren, ter que decidir ás cinco da mañá a quen poden contratar.

Ese non é o noso modelo, señores. Plantéxense retirar esta reforma e falemos todos de facer unha reforma de todos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moita grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, por parte do Grupo parlamentario de En Marea, a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

A verdade é que hai que ter valor para vir hoxe falar do País Valencià. Mañá hai xuízo da Gürtel. Dende logo, non é un bo exemplo para poñer sobre a mesa, señor Centeno. *(Aplausos.)*

Evidentemente, podemos facer un debate maniqueo sobre textos que non se coñecen, banalizar o contido dos textos legais sen saber de que van e non falar da recuperación da universalidade que vai nese texto, ou da xestión pública directa. Pero, bueno, ¡que máis dá!, como ningún de vostedes o le, pois non importa, podemos utilizalo de maneira maniquea no debate... *(Murmurios.)* Si, efectivamente, non se preocupe, señora Prado, seguro que durante o pleno ten algunha intervención, seguramente.

Ben, imos ao tema. Parece ser que este é o diálogo que ofrecía o Partido Popular, o que lles ofreceu ás centrais sindicais, o que lle ofreceu aos colectivos de doentes, ás plataformas da sanidade pública, aos partidos políticos... Tiña que chegar o debate parlamentario, e chega o debate parlamentario e, ¡oh sorpresa!, para rexeitar as emendas de devolución á totalidade. Porque agora parece ser que o debate se adía unha vez máis a esa ponencia das emendas parciais, porque eles non pretenden retirar a súa proposta de contrarreforma.

Son vostedes larristas, todo o deixan para mañá, e están totalmente inmersos nesa burocracia que ten quen actúa e goberna dende a soberbia de «só eu teño a razón, e xa veremos se mañá dialogamos».

Teñen as emendas parciais presentadas, obviamente, e van ter que debatelas, pero, señorías do Partido Popular, non se fan así as cousas; sabemos, evidentemente, que non van aceptar —vostede tamén seguro que ten algunha quenda de palabra, señor Trenor— seguramente

as emendas da oposición, porque deixaron aquí patente os seus oídos xordos ás propostas da oposición, ás propostas da rúa, á voz da rúa, que saía o domingo a dicirlles que tiñan que retirar esta reforma.

¡E, por favor, que poñan en valor o informe do Consello de Contas a verdade é que hai que ter valor, eh, sinceramente! Poñan en valor o informe do Consello de Contas, que denuncia a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, as sentenzas que teñen en contra. ¿Cantos contratos hai? ¿Cantos de cantas horas? ¿Canto suman? ¿Cantas horas cotizadas á Seguridade Social? ¿Cantas persoas con traballos temporais, con traballos precarios, con traballos, se se me permite, de auténtica merda? Esa é a realidade. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Esa é a realidade!

E hai que dicilo así, hai que dicilo así, señor conselleiro, porque vostedes remiten o debate parlamentario á solemnidade do Parlamento, pisotean por enriba do Parlamento e desprezan as emendas da oposición. E así, nesas condicións de miseria e de precariedade, traballa o persoal.

A temporalidade tamén a indicou o Consello de Contas, e a chapuza da privatización da electromedicina tamén a indicou o Consello de Contas, pero seguimos esperando que vostedes fagan caso. Seguimos esperando información. ¿E por que lle volven adxudicar a Ibermansa eses contratos?

Tamén seguimos esperando a que admitan que o Consello de Contas di que, desde que vostedes eliminaron as xerencias, se incrementou un 9,1 % o gasto en altos cargos. Esa é a realidade. Vendéronnos que había que reducir a burocracia e que íamos aforrar porque ían eliminar vostedes altos cargos, pero non era a realidade. Cando vostedes eliminaron as xerencias, incrementaron os altos cargos, incrementaron os gastos en altos cargos, porque sempre hai un posto para enchufar a alguén, ¡sempre hai un posto para enchufar a alguén! (*Aplausos.*)

E o Consello de Contas —se nos interesan os informes do Consello de Contas— dixo que soamente a EOXI de Pontevedra-O Salnés contaba cun informe definitivo de control financeiro. Vostedes non teñen control ningún sobre o que están facendo. Non hai datos públicos de control financeiro das EOXI, e cando aínda non se demostrou para que serviron —evidentemente, nós sabémolo, porque queda patente nas reducións dos servizos dos hospitais e de atención primaria—, cando aínda non hai datos públicos, vostedes acometen unha reforma máis. Non hai —salvo en Pontevedra-O Salnés— ningún informe definitivo de control financeiro. Iso dío o seu Consello de Contas, e poderían tamén facerlle caso nese sentido.

A realidade, señorías, é que xa sabemos, obviamente, que ía chegar este día e que non ían aceptar as propostas da oposición. Repito e reitero o que dixen na anterior intervención: vostedes gobernan de costas á cidadanía, dálles igual que saian 5 que 50. Poden rir cando hai poucas persoas nunha concentración, dicindo que eran 4 e que caben nun coche —efectivamente, este é un chiste moi fácil feito polo Partido Popular—, ou cando hai milleiros de persoas dicíndolles que non teñen razón, porque a vostedes lles dá absolutamente igual.

Claro que nos imos ver na ponencia e claro que imos debater as emendas, pero eu estou absolutamente segura de que non van aceptar as propostas da oposición, porque vostedes gobernan con absoluta soberbia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pediríalle, señora Solla, que retirásemos o cualificativo dos contratos, que non é necesario, se lle parece ben. (*Asentimento.*) Vale, de acordo, pois queda retirado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña. ¡Ah!, non, pensei que a tiña pedida. Perdón.

Pois pasamos ao seguinte texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, reguladora da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a presentación da proposición non de lei, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Bos días, señoras e señores deputados.

Grazas, señor presidente.

Bueno, a xente que marcha ao mellor non estaba de máis que tamén foran partícipes do que pedimos o Grupo dos Socialistas galegos para os concellos de Galicia. Parece que non lles gusta..., ben.

«As entidades locais son un pilar fundamental do noso réxime democrático, onde os cidadáns poden ser partícipes de modo máis directo na xestión dos servizos públicos e onde máis inmediatamente procuran a resolución dos seus problemas e a satisfacción das súas necesidades. Sendo así, constitúe unha obriga modernizar a Administración pública local para mellorar a súa prestación de servizos e seguir dotando as entidades locais galegas das mellores ferramentas para afondar na prestación dos servizos públicos de calidade, na eficacia da súa xestión e na proximidade aos cidadáns.» Extracto do Programa Electoral do Partido Popular 2016, «Feijóo en Galicia, si.» ¿Recórdano, verdade? Perfectamente.

Por iso hoxe estamos seguros —os socialistas, seguros— de que todo o arco parlamentario imos manifestar con feitos e non só con palabras o noso apoio aos concellos galegos.

Tamén cabe recordar que no discurso sobre o estado da Autonomía 2017, o presidente Feijóo dixo que na arte da propaganda se adoita dicir que unha mentira mil veces repetida se converte en verdade. Polo tanto, estamos seguros de que o Partido Popular hoxe non vai perder a oportunidade de cumprir co prometido e de deixar de empregar a arte da propaganda na súa xestión na Xunta de Galicia.

Vostedes saben, e todos os deputados e as deputadas que estamos aquí sabemos, que os concellos son a administración máis cercana á cidadanía; é algo que din continuamente, que enchen a boca comentándoo continuamente. Pero vostedes saben, señores e señoras do Partido Popular, o que isto significa: pois que cando o Goberno do Estado e o Goberno da Xunta de Galicia do PP abandonaron as persoas para cadrar as contas, os concellos, co seu raquitismo orzamentario, actuaron, e actuaron para atender a súa veciñanza e actuaron para atender as persoas máis vulnerables, para evitar a súa exclusión económica e a súa exclusión social, incrementando as contías en emerxencia social. Voltaron crear roupeiros municipais, fixeron campañas de recollida de alimentos, pagaron alugueiros para evitar lanzamentos, axudaron os seus fillos para que puidesen ser escolarizados en condicións de normalidade con outros rapaces e financiaron os servizos de «Xantar sobre rodas».

E mire, hoxe mesmo sae unha noticia en *La opinión*, na que di: «Galicia financia menos de la quinta parte de los servicios sociales de los ayuntamientos. La comunidad gallega es la tercera con menor gasto en esta materia, al rozar los 275 euros por habitante.»; un informe elaborado, con datos de 2017 do Ministerio de Facenda, pola Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais. E tamén din, por certo —xa que o utilizan moitas veces—: «No outro extremo sitúase Andalucía, autonomía que contribúe en maior medida a custear os servizos sociais dos seus concellos e deputacións.» ¡Ohhhhh! (*Aplausos.*)

¿Tamén sabe que? Tamén actuaron os concellos galegos de todas as cores en reformar e mellorar os centros educativos que a Xunta non atendía para evitar unha maior precarización. Tamén actuaron para atender as vítimas de violencia de xénero, a estas mulleres, amparándoo, e amparando tamén os seus fillos e as súas fillas. Actuaron tamén asumindo maior financiamento nas escolas infantís e nos centros de día, e actuando nun número importante de competencias impropias para atender a súa cidadanía. Non lles importaba quen tivera a competencia, eles poñían os cartos de onde fora para atender a súa cidadanía.

¿Saben que facía mentres o Goberno do Estado do Partido Popular? Pois impulsar modificacións lexislativas que limitaban a autonomía económica, política e competencial da Administración local, as políticas de austeridade, que agravaron aínda máis a xa de por si difícil situación que tiñan as administracións locais. Aprobaron unha lei de racionalización e sustentabilidade, coa escusa de clarificar competencias municipais, racionalizar a estrutura administrativa e garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso. ¿E sabe que foi o único que conqueriron? Un incremento desproporcionado do traballo administrativo, cargando sobre todo os habilitados de carácter nacional, traballando continuamente para o señor Montoro, entorpecer o labor político, unha repartición de competencias pouco racional e outorgar ás deputacións provinciais unha serie de competencias que non tiñan nin eran as administracións máis axeitadas para prestalas.

¿E que fixo o Goberno do PP na Xunta de Galicia? ¿Por que non se sumou xunto a outras comunidades autónomas para defender os concellos fronte ás reformas de Montoro? Porque a comunidade autónoma galega non o fixo.

Pero mire, teñen neste momento, señoras e señores do Partido Popular, a oportunidade de reconciliarse co municipalismo, de amosar que cumpren co que din, e non só que son publicidade e propaganda igual a Partido Popular.

Señores e señoras deputados, a necesidade máis importante que teñen as entidades locais —os nosos concellos— é a regulación por lei do seu financiamento, constituíndo unha garantía nos seus ingresos e, polo tanto, unha garantía nas prestacións dos seus servizos públicos.

Vostedes saben perfectamente que a Constitución Española e a Carta Europea de Autonomía Local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. Tamén saben que o Estatuto de autonomía establece que os ingresos das entidades locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega e a Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, que tamén establece que se dotarán as facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.

Nestes intres o Goberno galego acaba de comparecer aquí, neste Parlamento galego, no anterior pleno, para lucirse das contas de xestión da Xunta de Galicia, do crecemento continuado durante catro anos consecutivos, e nos que nos falan continuamente dun crecemento san. Ben, pois os socialistas pensamos que é o momento máis acaído para levar a cabo esta xusta reivindicación municipal, que deixará de ser unha promesa para ser unha realidade, e deixará de ter unha política de publicidade e propaganda igual a Partido Popular.

Saben vostedes que o Fondo Galego de Cooperación Local creado no ano 1990 foi o maior logro acadado para o financiamento das administracións locais, que no ano 2002 se converteu nunha participación nos ingresos da Xunta e que deixou de ser finalista, algo absolutamente importante.

Pero tivo que ser no 2005, cun goberno socialista presidido por Emilio Pérez Touriño, cando na Comisión Galega de Cooperación Local se aproba o documento para a materialización do Pacto local en Galicia. E só cinco meses despois, o 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e o presidente da Fegamp —recórdolles: Xosé Crespo, que foi alcalde de Lalín e que naquel momento era o presidente da Fegamp— asinaron o Pacto local galego, cunha finalidade moi concreta, e era reasignar as competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose en principios de subsidiariedade, respecto á autonomía local e dotar as administracións locais do financiamento suficiente para a prestación das súas competencias.

E no seu apartado 1 falaban do financiamento, dicindo que «Sen prexuízo do obxectivo irrenunciábel e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións: regular o Fondo de Cooperación Local 2006-2019, establecendo unha contía complementaria de 6 millóns de euros para cada un destes anos, que pasarán a formar parte da base do fondo». É dicir, o fondo principal e o fondo adicional incrementáranse posteriormente co crecemento vexetativo que experimenten os capítulos I, II e III dos orzamentos de ingresos da Comunidade Autónoma.

Ben, pois voules facer un recordatorio: ano 2000, algo máis de 32 millóns e medio de euros, Fondo de Cooperación Local; ano 2008, case 120 millóns de euros; ano 2018, case 113 millóns de euros; é dicir, 7 millóns menos despois de dez anos. É dicir, Goberno do Partido Socialista,

en oito anos, incrementábase en 87,4 millóns de euros máis; Goberno Núñez Feijóo, dez anos despois, 7 millóns anuais menos. ¿Sabe que quere dicir iso? Que durante estes dez anos o financiamento ás administracións locais polo Partido Popular perderon uns 52 millóns de euros. Se é mentira, despois rebátanmo aquí con datos. Estes son datos que me dá a Fegamp, e, ata onde eu sei, na Fegamp están representados todos os grupos políticos. Polo tanto, creo que son datos que se poden corroborar e que son comprobables; non como vostedes, que ás veces sacan datos da chistera ou ben deses que non se publican e soamente vostedes coñecen.

Por certo, tamén será mentira que a porcentaxe que estaba aplicada para o crecemento vexetativo dos capítulos I, II e III, que estaban aprobados co Fegamp, e que na Lei 3/2017, unha vez que xa estaban aprobados os orzamentos de 2017, o que fan é: como se aplican á porcentaxe, sáelles maior cantidade, fano ao revés: poñen a cantidade e logo rebaixan a porcentaxe —fano á inversa—. ¡Tremendo! ¿Tamén é mentira? Se quere llo... eu traio todo documentado, non me invento nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, para nada, señor.

E para este exercicio 2018 volven facer esa adaptación; é dicir, volven coller esa porcentaxe menor que lles dá unha cantidade menor. E ademais din que incrementan o fondo adicional en algo máis de 6.300.000 euros. Pero é que é mentira, porque o Fondo de Cooperación Local era un fondo non finalista —recórdollelo—, e foi así no 2000. E vostedes poñen 6.300.000 para: dotación de incremento do mantemento da Fegamp, 129.668; concellos con institucións penitenciarias, 145.000; comarcalización e parques de bombeiros, 1.700.000; gastos de funcionamento en centros de saúde aos concellos, algún; e, se sobran, conservatorios de grao medio; ¡ah!, e un complemento finalista para concellos fusionados de 1.300.000. Isto non é un Fondo de Cooperación Local, isto son fondos finalistas que vostedes poden sacar de calquera outra parte.

Pois ben, os socialistas o que buscamos coa aprobación desta lei é blindar por lei o financiamento ás administracións locais, garantindo un mínimo co fondo base e os incrementos correspondentes segundo os incrementos nos ingresos da propia Xunta de Galicia, así como valorar aquelas axudas e subvencións destinadas aos concellos que non teñen obrigatoriamente que ter un carácter finalista e que pasen a formar parte do Fondo de Cooperación Local.

Acaban vostedes de aprobar os orzamentos para o exercicio 2018 e no seu capítulo V, que pon «Corporacións locais», establece que os fondos asignados ás corporacións locais son máis de 360 millóns de euros, dos que moitos teñen que ser tutelados pola Xunta de Galicia, e é a Xunta de Galicia quen determina a súa finalidade. Pois nós o que pedimos é que aqueles que non teñan que ser absolutamente necesarios cunha finalidade, que sexan os concellos os que determinen as súas necesidades e, polo tanto, que sexan os concellos os que determinen onde deben actuar.

Vostedes tamén coñecen o documento aprobado pola Fegamp e presentado despois deses oito anos nos que non convocaron a Comisión Galega de Cooperación Local —supoño que alí tiveron oportunidade para debatelos—, e nos que tamén nos din que sería conveniente que a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos fora re-

gulada mediante unha lei autonómica específica consensuada coa Fegamp, e que cómpre establecer unha porcentaxe fixa da participación dos concellos nos capítulos I, II e III do orzamento dos ingresos da Administración xeral da Xunta de Galicia, clarificando de forma precisa os criterios de homoxeneización anuais que se apliquen.

Espero nesta primeira intervención —e vou rematar aquí— que o Partido Popular rectifique e que dunha vez por todas cumpra con aquilo que promete e que deixe de facer o que nos dixo o presidente Feijóo: «Na arte da propaganda, adóitase dicir que unha mentira mil veces repetida convértese en verdade». Convértana en verdade con feitos e non con anuncios que despois nunca cumpren.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Ben, desde o BNG compartimos parte da argumentación. Compartimos, desde logo, o relativo á escaseza de recursos dos concellos para atender as súas competencias, para prestar servizos de calidade, e compartimos ese raquitismo, ese infrafinanciamento dos concellos. E, desde logo, está claro que hai unha discriminación dos concellos galegos no actual sistema de financiamento.

E tamén, desde logo, temos diferenzas nas solucións, porque a solución para o BNG non debe pasar pola repartición das migallas, non debe pasar pola redución dos recursos da Xunta para incrementar os dos concellos. A solución pasa, a xuízo do BNG, por un novo sistema de financiamento para Galiza e para os concellos, e, desde logo, pasa por superar o actual sistema de financiamento, que é, ademais de centralizado, discriminatorio e inxusto. E isto ademais está corroborado e defendido pola Fegamp e por todos os partidos que están alí representados.

E, ademais disto, o BNG vai máis alá e defende un sistema de financiamento autonómico completamente diferente do actual. Un sistema de concerto que pasa por que Galiza xestione tamén as súas competencias en materia fiscal, que teña unha facenda propia, que poida fixar uns criterios de fiscalidade avanzada e progresista, para que pague máis quen máis ten, para que teñamos máis recursos e tamén para que os concellos poidan desfrutar de máis recursos para prestar eses servizos que precisa a poboación.

Polo tanto, do que estamos a falar é dun cambio no marco de xogo; o que queremos é que Galiza xogue na liga das nacións e non que xogue nesta liga das rexións, nesta liga rexional, que nin sequera é unha rexional preferente. O obxectivo, polo tanto, é acabar co agravio que sofre Galiza, que sofren os concellos galegos, que sofre, en definitiva, a xente que vive neste

país, o pobo galego. Xa sabemos que ao Partido Popular non lle gusta a palabra «agravio». ¿Como queren que lle chamemos ao que nos profesa o Goberno do Estado?, ¿chamámoslle «agarimo»? ¿chamámoslle «afago»? ¿chamámoslle «afecto»? ¿chamámoslle «amor»? Nós dicimos que é un agravio, que é discriminación, que é un latrocinio, que é un roubo tamén. Iso é como lle chamamos.

E non o dicimos nós. Mire, dino os propios documentos da Fegamp —vostedes tamén teñen os documentos da Fegamp—. E eses documentos din que os concellos galegos deixaron de ingresar ou perderon 1.400 millóns de euros no período 2004-2014. Imaxinen do que estamos a falar: ¡1.400 millóns de euros simplemente polo sistema de repartición da participación nos ingresos do Estado! Se isto non é agravio, se isto non é discriminación, se isto non é roubo, ¿a ver a que lle chamamos iso? A propia Fegamp di que no ano 2015 Galiza representaba o 6,25 % da poboación e recibía o 5 % dos fondos.

Temos tamén o Informe do Consello de Contas do ano 2015, que pon de relevo de maneira incuestionable que Galiza está no último posto das comunidades do Estado en canto a financiamento dos concellos, e en todos os escalóns, desde os concellos de máis de 50.000 habitantes ata os de menos de 5.000 habitantes, en todos estamos no último lugar do ránking de financiamento.

E hai tamén unha demanda, unanimemente compartida por todos os grupos, para que se cambien os criterios de repartición da participación nos ingresos do Estado, recoñecendo que somos un sitio distinto, que somos unha nación, que somos un país distinto, que temos características xeográficas e poboacionais que xustifican un criterio de repartición máis xusto, que permita atender as necesidades que ten o noso país, o noso territorio, que, para empezar, ten a metade dos núcleos de poboación do Estado —e isto non é unha cuestión menor, porque isto significa que temos máis miles de quilómetros de rede viaria, tamén que temos máis miles de quilómetros de rede de iluminación, de abastecemento de auga, e que é máis custoso, por exemplo, recoller os residuos—, por non falar da cuestión do avellentamento da poboación.

E quero recordar tamén que hai acordos, un, por exemplo, de maio do 2015, deste parlamento —a instancias do BNG—, que di literalmente que «insta a Xunta de Galiza a que demande un novo sistema de financiamento para os concellos que teña en conta factores como a dispersión poboacional e o avellentamento para evitar a repartición actual inxusta». Estamos agardando, señores do Partido Popular, a que se cumpran estes acordos.

E, claro, por se isto non fose suficiente, por se este agravio, esta discriminación, este roubo non fose suficiente, resulta que o agravio se viu agravado nos últimos anos por todos os cambios, por todas as reformas regresivas que se aprobaron desde o Estado —e aquí hai que dicir que non é só responsabilidade do Partido Popular, que houbo máis grupos que apoiaron estas reformas—, e que o que fixeron foi asfixiar e estrangular a capacidade financeira dos concellos —non só dos concellos, pero neste caso estamos falando dos concellos— para atender as demandas, as necesidades, as competencias que teñen. E refírome, en primeiro lugar, á reforma do sistema de financiamento autonómico do 2009 —así recoñecido pola Fegamp—. Refírome, en segundo lugar, á reforma do artigo 135 da Constitución no ano 2010.

Por certo, Constitución, —como xa dixemos— texto sagrado, texto intocable, a non ser que sexa para favorecer a quen hai que favorecer: para atender os ditados da banca e do gran capital e priorizar o pagamento dos intereses da débeda, como se fixo nesta reforma. E refírome, en terceiro lugar, á Lei, do ano 2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que está derivada desa reforma da Constitución.

Porque, claro, non se pode dicir: estamos en contra da reforma de 2013, pero apoiamos a reforma da Constitución do ano 2010. As dúas cuestións están directamente relacionadas, e quen apoiou iso é responsable en igual medida. E o que fixo esa reforma foi impoñer un marco absolutamente ríxido en materia de gasto público, endebedamento e contratación de persoal. E con este marco, con este corsé, con esta camisa de forza destas reformas legais, pódese falar moito de pacto local pero ao final é todo leria, porque os concellos, as entidades locais, non teñen capacidade financeira, nin os gobernos autonómicos teñen un marco legal que lles permita avanzar nestas cuestións.

E así levamos ou estivemos oito anos, estiveron, señores do Partido Popular, sen reunir a Comisión de seguimento do Pacto local. E todos os asuntos que están aí a debate están empantanados. Todos: desde a cuestión do financiamento —por suposto—, desde o Pacto local da auga, desde o mantemento dos centros educativos e centros de saúde... Si, aprobaron aí algúns, pero está sen resolver a cuestión de fondo, ou o Fondo de Cooperación Local.

E así chegamos a unha situación límite, a unha situación absolutamente límite, e que fixo que a Fegamp dese un golpe na mesa con ese documento das cen medidas, con ese documento por un novo modelo de financiamento local. E o que pide aí —hai que dicilo— non é só o tema que vén hoxe aquí a debate, a Lei de regulación na participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, o que di a Fegamp, en primeiro lugar —e por esta orde, e isto é importante, por esta orde—, é que hai que cambiar o sistema de financiamento, a participación nos ingresos do Estado cuns criterios de repartición que teñan en conta a realidade do noso país. En segundo lugar —e debería ser nesta orde, por iso tamén desde o BNG temos algúns matices e algunhas diferenzas a respecto da proposta, no sentido de que antes desta lei debería aprobarse o que pide tamén a Fegamp en segundo lugar, que é unha lei galega de facendas locais— di: «Solicitar que nesta lexislatura» —na presente— «se aprobe unha lei de facendas locais de Galiza consensuada coa Fegamp, na que se proceda á ordenación da situación económica e financeira das entidades locais galegas en atención á súa diversidade, á súa especificidade, á súa identidade dentro do Estado». Despois está a lei de regulación da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, que vén hoxe aquí a debate, e tamén —isto é moi importante, defendido por todos os grupos que están na Fegamp, tamén polo Partido Popular, e esperamos que sexan consecuentes con isto— a modificación da Lei de estabilidade orzamentaria, eliminando os límites ríxidos en materia de gasto público. Isto tamén é fundamental para mudar a situación de asfixia, de estrangulamento que teñen as administracións públicas e tamén os concellos para atender as súas necesidades.

En definitiva, o BNG vai apoiar a admisión a trámite desta proposta, sen entrar no fondo, no debate, que xa habrá ocasión, se é que pasa este trámite. E, de todas maneiras, o que propoñemos aquí é un debate global sobre financiamento autonómico e local, porque non podemos desvestir un santo para vestir outro. E o que propoñemos é un novo sistema de fi-

nanciamento que acabe co actual, que é discriminatorio e inxusto, empezando polo financiamento de Galiza, da Comunidade Autónoma galega. E a clave nisto é que teñamos máis recursos como país e tamén desde os concellos, pero non recibindo esmolos,...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...non recibindo a beneficencia, senón tendo o que en xustiza temos que ter, que son máis recursos para a Xunta de Galiza para financiar os servizos públicos, tamén para financiar os concellos, para acabar coa discriminación, para acabar co agravio e para ter uns servizos públicos de máis calidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

O obxectivo da proposición de lei que hoxe debatemos é o de mellorar o financiamento dos concellos, da Administración local, incrementando os seus recursos dispoñibles a través do incremento da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma. Como ben di a proposición de lei, tan ben defendida na Cámara pola portavoz do Partido Socialista, esta recolle de forma textual os acordos da Fegamp, adoptados por unanimidade, en relación a un, nada máis que a un, dos aspectos do financiamento local, que é a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, o PICA en sigla.

En concreto, o acordo da Fegamp —acordado polas catro forzas que teñen representación nesta cámara— propón a creación dunha lei específica que regule a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma e na que se clarifiquen a homoxeneización prevista nas distintas leis de orzamentos que dá lugar á contía anual e os criterios de repartición. Así mesmo, propóñense diversas medidas de mellora técnica.

Obviamente, nós imos apoiar a iniciativa parlamentaria do Partido Socialista que traslada á Cámara esta proposta, que as mareas municipalistas xa votaron a favor na Fegamp. Facémolo porque compartimos plenamente a necesidade de continuar co proceso de descentralización da administración pública. E iso significa máis competencias e máis recursos para as administracións que están máis preto da realidade do país, das necesidades da cidadanía. Votaremos a favor, aínda que —como dicía ben o portavoz do BNG— nós tamén pensamos que a proposta queda curta. Aínda máis: os efectos da proposta, no caso de ser aprobada, serían de escasa relevancia, cando non contraproducentes, se non se muda a arquitectura financeira e legal actual.

A modificación do artigo 135 da Constitución española supuxo un cambio radical na definición das prioridades orzamentarias. A prioridade absoluta é pagar a débeda... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(O señor Lago Peñas diríxese á presidencia da Cámara.) ¿Podía dicirlles que calaran un momento, por favor?

O señor PRESIDENTE: Eu non escoito moito ruído.

O señor LAGO PEÑAS: Eu si.

O señor PRESIDENTE: Se lle molesta, si. Se lle molesta, dígolle que... Eu non escoitei moito ruído de verdade pero, se lle molesta, pídlle que...

O señor LAGO PEÑAS: Si me molesta.

A modificación do artigo 135 supuxo colocar como prioridade pagar aos bancos e aos fondos de investimento e abandonar a cidadanía. Ese primeiro chanzo dunha política orzamentaria centrada no control e nos recortes de gasto veu acompañado logo da Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e ao ano seguinte coa Lei 27/2013, de racionalización —non sei por que lle chamaron así— e de sostibilidade da Administración local.

Esta lei, a Lei Montoro, supuxo un recorte competencial sen precedentes, un retroceso nos servizos prestados polos concellos e unha disciplina férrea que limita ao extremo a capacidade de gasto dos concellos. Supostamente, o obxectivo da lei era axustar o funcionamento das administracións locais á conxuntura económica baixo o pretexto do despilfarro, o solapamento de competencias e o incumprimento financeiro. Sen embargo, os efectos que na realidade se produciron foron unha merma importante nos servizos públicos prestados polos entes locais, un incremento das privatizacións co seu consecuente aumento nos custos para a administración e unha redución das competencias municipais. A lei introduciu cambios substanciais no funcionamento dos concellos, amputando garantías democráticas de representación e de participación cidadá, recortando servizos sociais que se prestaban nos concellos de xeito satisfactorio e, en consecuencia, atentando contra a autonomía local, como incluso declarou o Tribunal Constitucional.

Contra todo isto, En Marea, o Grupo Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea presentou o 4 de outubro do ano 2016 unha proposición de lei que contou co apoio dos grandes concellos do país: Madrid, Barcelona, Zaragoza, Valencia, Cádiz, A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela... Unha proposta que busca priorizar o criterio da administración máis próxima á cidadanía como garantía de universalidade, mellor cobertura territorial, calidade e control democrático na prestación dos servizos públicos. E para todo iso é preciso remover as tutelas innecesarias introducidas pola Lei Montoro e avanzar na formulación dun novo sistema de financiamento local. Pero, sobre todo, a Lei Montoro é a lei da disciplina de gasto, da limitación da capacidade de xestión dos concellos, unha lei que supón a tutela preventiva, que coloca a Administración local baixo o estrito control do Ministerio de Fenda; algo que vulnera a garantía constitucional da autonomía local. Unha lei que era inaceptable cando se aprobou, pero que chega a ser esperpéntica no momento actual.

A Administración local é a única que ten equilibrio orzamentario en termos agregados, con moitos concellos que xa pechan as súas contas con superávit. Desaloxados os malos gober-

nantes, sen corrupción e con boas prácticas moitos concellos están reducindo a débeda e son os superávits da Administración local os que están contribuíndo á redución do déficit público. E, sen embargo, a aplicación da regra de gasto da Lei Montoro leva ao absurdo, a que os concellos que teñen superávit, que están reducindo a débeda e que cumpren cos prazos de pago non poden destinar eses recursos dispoñibles e mellorar a prestación dos servizos e mellorar a vida da cidadanía. Isto é o que establece o artigo 32 da Lei 2/2012, que di: «*En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará a reducir el nivel de endeudamiento neto*». Montoro é un aprendiz da Troica, ameaza, intervén concellos, impón sancións a gobernos locais que prefiren dedicar o superávit a mellorar os servizos públicos e non pagar a débeda de forma anticipada.

O mundo ao revés. Dende o ano 2011 ao ano 2017, a débeda pública do Goberno central do austero Montoro, do gran xestor Montoro, incrementouse en 375.880 millóns de euros. En seis anos a débeda do Goberno central aumentou no 60 %. Neste mesmo período, os concellos reduciron a súa débeda en 13.440 millóns de euros, un 30 % menos de débeda. Destas cifras, destes 13.440 millóns de euros menos, 3.803 millóns corresponden ao Concello de Madrid; un concello intervido por Montoro —intervención que foi utilizada para mandar unha mensaxe ao conxunto das administracións públicas do Estado—, un concello intervido a pesar de que só en tres anos de goberno decente foi quen de reducir o seu endebedamento no 40 %. ¿Como o fixeron? Receita sinxela: bastou acabar coa Púnica, bastou acabar con Lezo, bastou que Granados estea no cárcere, bastou que Ignacio González fora ao cárcere, (*Aplausos.*) bastou con que Marjaliza deixara de ser intermediario. Sen corrupción, con decencia e con boa xestión, a débeda reduciuse non con recortes e a débeda reduciuse un 40 %.

Por todo o dito votaremos a favor como un primeiro paso para acabar coa asfixia, coa extorsión que sofren os concellos, pero este primeiro paso só abre un camiño que ten que continuar necesariamente coa derogación da arquitectura financeira e normativa imposta pola Troica, aplicada agora por Montoro e mañá por quen o substitúa na próxima crise de goberno. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, señor presidente.

¡Que cousas se oen ás veces aquí!, ¿de verdade, señorías? A trama atlántica, que se dedica agora á compra e ao negocio inmobiliario, falándonos doutros exemplos, e en pleno xuízo dos ERE o PSOE falándonos do exemplo andaluz. ¡Que cousas ten o Parlamento!

En fin, na súa exposición inicial, señora Rumbo, fíxonos un relatorio interesante, pouco noticioso, escasamente obxectivo e por momentos descaradamente parcial. Cada vez que falamos deste tema das relacións entre a Administración autonómica e o municipalismo, non sei se guiada por un exceso de nostalxia, teima en construír vostede un relato idílico da relación dos concellos galegos e o Bipartito, do que foi directora de Administración local. Idilio que non foi percibido como tal por unha importante parte do tecido local galego. Porque,

señoría, é certo que nese tempo houbo moitas xuntanzas, grandes promesas e importantes compromisos, pero o único froito de todo isto foi un inxente número de fotos, un enorme sentimento de frustración e un altísimo grao de incumprimentos. A administración que a substituíu é certo que non desfrutou da mesma bonanza económica que os acompañou a vostedes durante os seus catro anos de goberno, así que ese goberno, o actual, optou por reducir o número de fotos, substituír as promesas por diálogo sincero e materializar os compromisos substituíndo as firmas protocolarias por partidas orzamentarias. Non resulta tan lucido, pero resulta bastante máis útil para os concellos.

É certo que a Administración local leva moito tempo solicitando unha mellora do seu financiamento, xusta mellora do seu financiamento, e, especialmente, dende a chegada da crise económica, que mermou seriamente os seus ingresos. Cómpre sinalar como exemplo simplemente que entre o ano 2007 e o 2010 a recadación obtida polos concellos galegos polo imposto de construción, de instalacións e obras se desplomou un 60 %. E esa circunstancia obxectiva agravou a situación financeira dos concellos, que ten a súa orixe en múltiples variables, algunhas relacionadas co financiamento que reciben doutras administracións, outras coa baixa eficiencia recadatoria dos propios concellos, como sinala un informe que supoño que vostede coñecerá, xa que o fai un grupo do que é membro o seu voceiro, e que sinala esa eficiencia nun -25 % da media estatal; e tamén por unha tendencia histórica a converterse o municipal nun caixón de xastre da administración pública, ás veces por delegación doutras administracións e outras por vontade propia atendendo ao que era unha primavera orzamentaria sen fin. Pero as circunstancias mudan, a primavera non é eterna, e tamén hai que recoñecer que cando chegou o cru inverno os concellos galegos souberon estar á altura e tomar decisións complicadas para asegurar a súa viabilidade financeira.

Vou sinalar que o Goberno de Alberto Núñez Feijóo tamén estivo á altura das circunstancias, e situouse ao lado deses concellos converténdose no seu aliado fiel. E esa afirmación está sostida en datos reais.

Afirmaba, señora Rumbo, que o tal executivo dedica menos recursos ao Fondo Local do que o fixo o Bipartito. Podería explicarse facilmente porque se calcula sobre unha porcentaxe dos capítulos I, II e III do orzamento xeral da Xunta, que, evidentemente, se minorou. Pero, desafortunadamente para vostede, señora Rumbo, eu non teño que explicar esa minoración do fondo, simplemente porque non é certa.

Eu entendo que no debate parlamentario cadaquén arrime a ascua á súa sardiña, pero manipular os datos de maneira tan burda como fixo vostede non parece serio. Porque para facer comparativas, señora Rumbo, hai que facelas entre magnitudes iguais. E vostede compara a totalidade do fondo durante o Bipartito cunha parte do fondo agora mesmo. ¿Que magnitudes quere comparar, señoría?, ¿o fondo base ou o total de fondo? A min dáme igual. Fondo base 2008, 104 millóns; 2018, 112 millóns. Total do fondo 2008, 119 millóns; 2018, 125 millóns. Non minta, señoría, non minta, prégollo. (*Aplausos.*) Porque a pesar da baixada de recadación da Xunta, a contía do fondo mantívose; é máis: incrementouse en 6 millóns de euros respecto dese ano. E isto, mantendo en todo momento as contías mínimas que tiñan anteriormente e aportando 21 millóns máis de euros ao que tería correspondido de facer o cálculo segundo a fórmula que vostedes mesmos estableceron.

Unha vez aclarado isto, vou entrar na súa proposta. Unha proposta lexislativa cuxa principal novidade é a creación do Fondo de Participación Local de Galicia, o Fondo Local, anunciado no artigo 2. «Créase o Fondo de Participación Local de Galicia», afirma vostede; para dicirnos despois que ese fondo leva creado máis de quince anos. ¡É unha novidade certamente curiosa, señora Rumbo!

Aínda así, debo recoñecer que sendo esta a principal novidade non é a única, nin sequera a máis sorprendente. A máis sorprendente é a proposta metodolóxica. E non me refiro á metodoloxía escollida para determinar o montante anual do «novo fondo» —permítame o entrecomiñado—, nin tampouco á metodoloxía escollida para establecer a fórmula de distribución entre os concellos. Por certo, 313 concellos, señora Rumbo. Xa que imos debater sobre o financiamento dos concellos, estaría ben que polo menos nos puxeramos de acordo no número dos concellos galegos; non son 314 como di na súa proposta, son 313. Xa sei que non lle gustan as fusións, pero asegúrolle que algunhas se produciron aínda que fose ao seu pesar.

A min o que realmente me sorprendeu foi a metodoloxía escollida por vostedes para consensuar esta proposta coa Fegamp: a telepatía. Porque vostedes no plan falan do diálogo e do consenso. Na iniciativa anterior preguntaban con quen falara o Goberno galego; ¿con quen falaron vostedes, señorías?, ¿con quen?

A nós parécenos unha petición razoable que se consensúe unha cuestión tan importante como esta, e supoño que para vostedes tamén, pero resulta que na Fegamp non saben nada desta proposta. Dous meses despois de que a Comisión executiva da Fegamp aprobase o documento a que aluden na súa proposta, vostedes rexistraron a súa proposta. Dez meses despois sométena a debate nesta cámara. E nun ano completo, en doce meses, ¿non atoparon un instante para presentar este proxecto á Fegamp? Comprenderán que nos sorprenda que os grandes adaires do consenso foran incapaces de tomarse a molestia, non digo xa de acordar o texto cos representantes do municipalismo galego, senón tan sequera de tomarse a molestia de amosárllelo. Consenso, señorías.

Se tivesen falado coa Fegamp, talvez alguén lle podería ter falado do acordo alcanzado no encontro entre o presidente da Xunta e o presidente da Fegamp na xuntanza que mantiveron o 9 de xaneiro de 2017. Nesa xuntanza, o presidente da Fegamp, socialista, solicitou: «Unha reunión da Comisión Galega de Cooperación Local para traballar na redacción da nova Lei de bases do réxime local de Galicia, aínda consciente da necesidade de agardar á reforma da lei estatal. O obxectivo do líder do municipalismo galego é que a futura normativa recolla tanto as competencias dos concellos como o financiamento requirido».

Señoría, nisto ata coincidiron o señor Bará e Lago, aínda que curiosamente van votar xusto o contrario do que defenden. Parece un plantexamento sensato o que di a Fegamp: coñecer con que financiamento imos contar as comunidades autónomas e os concellos, e unha vez aprobado o novo modelo de financiamento pois establecer a fórmula de prestación de servizos públicos en Galicia, como distribuímos os recursos dispoñibles para prestalos. É exactamente o mesmo plantexamento que faciamos na Lei de medidas urxentes derivada da Lei de racionalización, apoiada, por certo, pola Fegamp —aí non lles interesaba—, aprobada por este

parlamento e deostada ferozmente por vostedes. Iso si, aínda que despois nola copiaron absolutamente todas as comunidades autónomas nas que vostedes gobernaban, todas.

Señoría, na Comisión de expertos creada para o financiamento autonómico, unha das propostas estrela consiste na integración da totalidade do IVE e dos impostos especiais nun fondo denominado de «nivelación horizontal»; de maneira que neses recursos desaparecería a actual participación territorializada neses impostos. Isto supoñería que xa non serían ingresos propios do capítulo II da Comunidade, e referiríase como unha transferencia do capítulo IV. En consecuencia, estarían fóra da base do cálculo do fondo que vostedes propoñen. Consecuencia: coa súa proposta, se se aplica definitivamente estoutra, diminuiría a contía do fondo. ¿A vostede parécelle razoable iso?, ¿parécelle razoable pechar esta cuestión sen coñecer cales van ser as características que van afectar e condicionar o financiamento tanto autonómico como local?

Señorías, ¿por que non respectan vostedes o criterio do presidente da Fegamp? ¿Que pasa?, ¿que Alfredo García é o novo Andrés Díaz do socialismo galego? Porque parece que cada vez que un socialista non segue as directrices que chegan do sur houbera que cortarlle a cabeza. O pecado do ex-secretario de Organización pontevedrés foi discrepar co *amado* líder, e rodou a súa cabeza. ¿Cal é o pecado do señor García?, ¿dialogar coa Xunta?, ¿chegar a acordos? ¿Acaso é obrigatorio inventar conflitos á imaxe e semellanza do líder supremo? Eu creo que non. Creo que sería moi positivo para Galicia que na nosa comunidade o *verdugo* continuase sendo tan só un río e non un responsable político que emponzoña canto toca, sexan augas, administracións ou o seu propio partido.

Eu creo que os concellos galegos merecen unha normativa financeira que sexa útil, que sexa clara, que sexa consensuada. E resulta evidente que esta non o é, e que non a consensuaron vostedes nin sequera cos seus representantes na Fegamp. Polo tanto, é evidente que non a imos apoiar, por todas estas razóns que lle acabo de explicar.

Respecto do posicionamento do Grupo Parlamentario Nacionalista e do Grupo Parlamentario de En Marea, simplemente, resulta incomprensible. Están vostedes de acordo en que antes de abordar esta modificación do Fondo Local hai que coñecer cal é a situación financeira que se vai derivar da negociación do novo modelo de financiamento nacional. Pero a pesar disto van votar afirmativamente que se tramite de inmediato esta lei. A súa incoherencia, realmente, resulta moi sorprendente.

Como creo que os galegos si que demandan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...comportamentos coherentes dos seus políticos, pois imos intentar que polo menos dende o grupo maioritario que hai nesta cámara se poña un pouco de sentido común, e comprenderán que se teñen vostedes leas de carácter interno pois este non é o foro máis adecuado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...para resolvelas. Se vostedes non respectan o parecer do presidente da Fegamp, polo menos nós si o imos facer.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Réplica, grupo autor da proposición de lei, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, grazas señor Bará Torres e señor Lago Peñas, e aos seus grupos parlamentarios. Aínda que concordamos con vostedes que ao mellor este financiamento realmente é insuficiente, cremos que é bo ter un inicio, un punto de partida para que a Xunta de Galicia empece a tomar en serio as administracións locais e dotar os concellos dos medios necesarios para desenvolver as súas competencias en termos de calidade. Tamén cremos que é o inicio para que a Xunta de Galicia deixe de tutelar os concellos na aplicación dos seus orzamentos e establecer que deixe de incrementar as obrigas dos concellos sen achegar os recursos necesarios para poder desenvolvelas.

Por certo, hai pouco que se aprobou nesta cámara dirixirse ao Estado para que se permitira reinvestir o remanente dos concellos — algo ao que aludiu o señor Lago Peñas—, de acordo coa Fegamp e coa FEMP. E os grupos da oposición non sabemos en que termos está iso; non sei se é que perderon man no Estado ou que están *quietecitos* para que non pase nada, non sabemos cal é a razón. (*Aplausos.*)

Pero, señor Pazos Couñago, os datos que hai son os que son, son os que están, son os publicados e non son discutibles. E voulle dicir unha cousa: eu fun directora xeral de Administración Local mentres gobernamos na Xunta de Galicia; vostedes están gobernando, e vostede non segue de director xeral. (*Aplausos.*) Polo tanto, non sei que me ten que dicir.

Pois, rebátame o dato. Vostede non me pode dicir que o Fondo de Cooperación Local no 2018 son 125 millóns, porque iso si que é mentira. Recórdolle que o Fondo de Cooperación Local no ano 2000 se decidiu que fose un fondo non finalista, e vostedes dedican a fondo non finalista case 113 millóns de euros. Polo tanto, iso é o que é o Fondo de Cooperación Local.

Mire, señor Pazos Couñago, vostede fala da Fegamp, pero a Fegamp facilítanos estes datos (*A señora Rodríguez Rumbo móstralle á Cámara un folio con columnas gráficas.*) e teño por escrito —cando queira veo— as puntualizacións feitas polo Fegamp a este proxecto de lei. Polo tanto, vostede non veña aquí mentir e dicir cousas que non son. ¡Pola Fegamp!, cando queira ensínollo.

E vólvollo repetir: PSdeG-PSOE incrementa o Fondo de Cooperación Local 87,4 millóns de euros; Partido Popular, 7 millóns de euros menos cada ano. Polo tanto, deixan de percibir —como xa lle dixen antes— da orde de 52 millóns de euros nos dez anos en que goberna o Partido Popular.

Pero xa que vostede falaba dos 313 concellos —que é verdade que estaba mal, pero xa lle dixen desde alí que algunhas veces nos equivocamos, poucas, pero algunhas si, e ademais asumímolo— voulle facer unha comparativa para que vexa en que nivel estamos e para que vexa que recursos son os que achega a Xunta de Galicia aos concellos galegos:

Deputación Provincial da Coruña: 92 concellos, plan único dos concellos 72 millóns en 2018, que no 2017 chegaron a 90 millóns de euros; é dicir, fondos non condicionados case un millón de euros aos concellos. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Estou falando eu, señor Pazos Couñago. ¿Sabe canto achega a Xunta de Galicia para 313 concellos? Pois 113 millóns. Faga vostede mesmo as contas. Estamos falando de que a Deputación da Coruña triplica os fondos destinados aos concellos.

Deputación de Pontevedra: 63 concellos, 42 millóns de euros.

Deputación Provincial de Lugo: 20 millóns de euros. Eses son os datos.

E, por certo, na Deputación de Ourense o que teñen son soamente axudas, convenios nominativos con determinados concellos, mentres que no resto das deputacións onde goberna o Partido Socialista —e non se ría— iso é mínimo, señor Pazos Couñago. *(Murmurios.)*

Mire, por moito que vostede berree...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...vólvolle dicir, que vostedes son a publicidade e a propaganda. Nós nunca utilizamos a mentira, son todos datos e son todos... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*...

O señor PRESIDENTE: Silencio, ¡silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...datos contrastables...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Señor Pazos, silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...Non veu rebater ningún dos datos aquí presentados. Cando os poida rebater, veña aquí... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdoe, o que vostede dixo non foi certo, non foi en nada certo, señor Pazos Couñago. De todos os xeitos estou eu no uso da palabra.

Vólvollo dicir: traia datos reais, dos que se publican e despois seguiremos falando. Nós, o PSdeG apostou sempre polo municipalismo, os feitos están aí. Si, si, si, Fondo de Cooperación Local. Vostedes, menos e cada vez menos. E cada vez queren tutelar máis os concellos galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Procedemos á votación

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando as emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Votación das emendas á totalidade de devolución, presentadas polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea, ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Non sei se había que votar por separado, o letrado dirá. ¿Hai que votalas por separado ou vale así, conxuntamente? *(Pausa.)*

Pódense votar conxuntamente, polo que quedan rechazadas as emendas á totalidade, e, polo tanto, a lei segue coa súa tramitación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non lle entendín... Pero se me di o letrado que se poden votar conxuntamente, votámolas conxuntamente, e a lei segue a súa tramitación. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se queren, facémolo outra vez votando grupo por grupo. ¿Están de acordo, entón, os grupos? *(Afirmación.) ¡Ben, perfecto!*

Agora votamos a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, reguladora da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, reguladora da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto 2, de comparecencias en Pleno.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para a presentación do Plan Galicia Innova 2020

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, bos días.

Dicía Abraham Lincoln que a mellor forma de predicir o futuro é construíndoo, unha idea que define á perfección a decisión que tomou Galicia en plena recesión económica cando, lonxe de agardar o que o futuro nos ía deparar, decidimos apostar por un cambio de modelo produtivo, un cambio de modelo produtivo baseado no talento e no coñecemento. E foi unha decisión que, como saben, naceu do debate cos axentes implicados no sistema de I+D+i e tamén das achegas que nos trasladou a cidadanía.

Foi unha decisión que significaba e significa o compromiso de Galicia por ser un referente en materia de innovación e, polo tanto, ser máis fortes nos eidos competenciais que se incluíron na Estratexia de especialización intelixente. Falo da xestión innovadora dos recursos naturais e culturais, do deseño dun modelo industrial da Galicia do futuro, a Industria 4.0, e tamén da adopción dun modelo de vida saudable que pon o acento nas persoas maiores e tamén na alimentación. De feito, a través da RIS3 estamos a cumprir os obxectivos, desenvolvendo máis de 1.900 proxectos de innovación dende o ano 2014 que están a mobilizar preto do 60 % dos fondos previstos ata o ano 2020, a partir dun investimento público que alcanza os 504 millóns de euros. E estámolo a facer con proxectos senlleiros, proxectos senlleiros que marcan a diferenza de cara a onde Galicia quere transcorrer.

Falamos do polo tecnolóxico e industrial de vehículos non tripulados de Rozas, que consolida un sector aeronáutico con gran futuro en Galicia. Falamos dos proxectos de Industria 4.0 que están a desenvolver PSA (Peugeot-Citroën-Opel) e Televés, para que os seus modelos de fabricación intelixente, tanto no sector da automoción como no sector TIC, estean en Galicia. Falamos da primeira incubadora galega de novos fármacos, que está desenvolvendo o Grupo Janssen e a Fundación Kertor. E tamén falamos das trinta unidades mixtas de investigación, protagonizadas por empresas que son líderes nos seus respectivos sectores e que están a desenvolver liñas específicas de innovación en Galicia. Todos eles son exemplos que proban o compromiso por facer I+D+i en Galicia e para que esta I+D+i sexa un factor estratéxico no presente e no futuro da economía galega, tanto nos sectores estratéxicos coma nos sectores emerxentes.

O certo, señorías, é que non hai volta atrás. Galicia quere e pode innovar, e os pasos dados xa teñen o seu reflexo nas estatísticas, estatísticas en materia de investigación, onde os axentes galegos dobraron os fondos captados no programa Horizonte 2020 respecto do anterior programa marco da Unión Europea. Falamos de estatísticas en materia de investimento en I+D, un investimento que creceu en Galicia máis dun 7,5 % entre os anos 2013 e 2016, conseguindo superar en 6 puntos o aumento do conxunto do Estado e, o que é máis importante, un crecemento tanto no investimento en I+D que realizan as empresas —cun crecemento do 11,2 %— como tamén un crecemento no investimento executado pola Administración pública —que neste caso creceu un 17,7 %—. É unha melloría tamén notable no investimento das empresas, sobre todo no investimento en innovación tecnolóxica, no que o incremento foi do 9,3 %, o que supón oito puntos por encima da media estatal.

Polo tanto, agora é o momento de reforzar esta realidade dando un novo pulo á estratexia para ofrecer á Galicia novas oportunidades que se nos abren en materia de innovación, e sobre todo para que Galicia se poida adiantar aos retos dunha economía global que cada vez é máis competitiva. A esta visión precisamente responde o novo Plan Galicia Innova 2020 que hoxe lles presento nesta Cámara, unha presentación que se produce tras o informe no Consello da Xunta de hai vinte días e tamén co inicio do seu debate entre os principais axentes do sistema galego de I+D+i, que comezou o 29 de xaneiro. Hoxe, con ese mesmo obxectivo, traémolo a esta Cámara, co obxectivo de abrir precisamente un proceso de diálogo e, polo tanto, de que este Plan Galicia Innova 2020 poida ser unha folla compartida e consensuada antes da súa aprobación por parte do Consello da Xunta.

Falo dunha estratexia compartida porque o Goberno entende que os obxectivos deste Plan Galicia Innova 2020 deberían ser tamén compartidos polos diferentes grupos parlamentarios. Cremos que nesta Cámara se pode desenvolver un debate e un consenso sobre as necesidades que ten Galicia para mellorar a súa competitividade, para mellorar a súa innovación e, en definitiva, para mellorar o posicionamento do noso tecido produtivo nos mercados internacionais; uns obxectivos que teñen que dar como resultado a xeración de emprego cualificado e tamén unha repercusión directa no benestar social de Galicia. Estes son os obxectivos e, polo tanto, esta é a visión do Plan Galicia Innova 2020 que hoxe vimos presentar para intentar traballar no Parlamento nesta estratexia compartida.

O importante do Plan Galicia Innova 2020 é que non partimos de cero. Este plan xa ten en conta os resultados dos anteriores plans de I+D+i, nomeadamente do programa I2C, que supuxo a mobilización de preto de 2.000 millóns de euros. O programa I2C —que, se recordan, no ano 2011 focalizou os seus esforzos en dotar os nosos centros de investigación das mellores infraestruturas— era un plan fundamentalmente centrado nas infraestruturas; en concreto, o 41 % dos recursos do Plan I2C destináronse a fortalecer as capacidades da I+D+i galega, cuns investimentos nos centros singulares e nas agrupacións estratéxicas consolidadas, a través do CITIC, do Citius, do Cimus, Atlanttic, Ciqus, Cinbio ou Ecimat, e tamén con investimentos nos campus universitarios de excelencia, a través do Campus Vida e o Campus Terra, da Universidade de Santiago; do Campus Mar e CREA, da Universidade de Vigo; e do Campus Industrial da Universidade da Coruña; e finalmente con investimentos tamén nos centros tecnolóxicos como o CTAG, Anfaco-Cecopesca, Aimen, ou no Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas.

Nese Plan I2C, o 26 % do esforzo investidor destinouse a xerar e reter talento investigador. Máis de 800 axudas concedidas, tanto pre como posdoutorais, e tamén para axentes de innovación nas empresas, con 9 finalistas en convocatorias ERC, polo que Galicia nestes momentos é a sexta comunidade en número de persoas dedicadas a actividades de I+D, e cunha taxa crecente de investigadores no sector privado, que está medrando preto dun 6 %.

Finalmente, o Plan I2C dedicou un 33 % a promover a investigación e a innovación empresarial. Centráronse os esforzos en estimular a colaboración entre empresas e centros de investigación a través de programas como Conecta Peme, que mobiliza investimentos por máis de 100 millóns de euros en 133 proxectos de cooperación, e cuxa nova edición dotada con 27 millóns de euros sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* deste xoves, 8 de febreiro.

Pero o Plan I2C tamén incluíu instrumentos financeiros a través de capital-risco, cos que levamos investidos 7 millóns de euros en 21 proxectos innovadores, o Programa Inicia, ao que temos destinados 2 millóns de euros para apoiar 7 proxectos, e tamén o novo Programa de instrumentos financeiros innovadores, do novo marco Feder 2014-2020, que ten unha liña específica á disposición dos proxectos innovadores e que se lanzou a finais do ano pasado, no cal xa temos aprobados 2 proxectos que suman un investimento total de máis de 1,2 millóns de euros, correspondente ás empresas Hidrofersa e Torus Software, para a evolución da súa tecnoloxía.

Con estas credenciais e cos resultados do Plan I2C, ao novo plan de I+D+i de Galicia tócalle seguir aprofundando nos proxectos e na consolidación das capacidades que entre todos desenvolvemos. Pero, sobre todo, o elemento diferencial do Plan Galicia Innova 2020 é que este plan porá o acento nas persoas. O novo Plan Galicia Innova priorizará os investimentos nas persoas, potenciando a súa investigación, o coñecemento e a súa transferencia, impulsará as empresas e sectores nos que traballan estas persoas e será unha aposta definitiva polo talento.

Galicia pode e debe percorrer este paso cara á I+D+i porque levamos anos sentando as bases para mellorar o noso sistema, e tamén para conseguir entre todos unha maior competitividade que nos permita adiantarnos e ofrecer as solucións aos retos que esta sociedade, en continua transformación, nos está a demandar. En definitiva, un Plan Galicia Innova 2020 que porá o acento nas persoas, que porá o acento no talento e que porá o acento —en definitiva, o elemento diferencial— nunha economía global cada vez máis interconectada e cada vez máis competitiva.

Galicia Innova 2020, en definitiva, marcará unha política centrada nuns obxectivos que permitan consolidar os obxectivos marcados pola RIS3, que tamén vai actualizar os instrumentos para fortalecer a colaboración público-privada para que o noso ecosistema poida ser aberto e tamén con vocación internacional; uns instrumentos que pretenden responder a tres retos: en primeiro lugar, poñer en valor a investigación científico-tecnolóxica que se produce en Galicia, mellorar a transferencia dese coñecemento creado polos axentes do ecosistema I+D+i, e tamén lograr o retorno dos investimentos á sociedade e que, polo tanto, poidamos contar cun sistema de ciencia e innovación sustentable.

Precisamente para afrontar estes retos, os esforzos de Galicia Innova 2020 agrúpanse en tres grandes áreas de acción: o coñecemento, o talento e a innovación empresarial. Disporán

de proxectos e programas transversais todos os departamentos da Xunta de Galicia precisamente para fortalecer o conxunto do sistema de I+D+i a través dun modelo sostible, eficiente e de alto impacto; proxectos e programas que paso agora mesmo a esbozar, precisamente con esa vontade de compartir as propostas cos diferentes grupos desta Cámara, que nos permitan mellorar o contido do plan e dar unha resposta concreta ás necesidades dos axentes do sistema de I+D+i.

En primeiro lugar, señorías, Galicia debe ser quen de xerar coñecemento de excelencia e coñecemento especializado. Conseguirémolo con medidas que pretenden reforzar a investigación e a nosa I+D poñendo en valor o traballo realizado polos nosos investigadores e tecnólogos. Farémolo a través dun novo programa de excelencia dos centros tecnolóxicos e tamén impulsando os centros singulares de investigación. Priorizaremos a investigación en ámbitos estratéxicos da nosa comunidade, como a Industria 4.0, o sector agroalimentario, o sector do mar, as enerxías renovables, a explotación forestal sustentable ou o eido sanitario. E avanzaremos nos programas investigadores relacionados coa economía circular e co cambio climático, que son os dous grandes retos sociais que temos tamén de cara ao futuro. E todo este esforzo acompañarémolo cunha serie de medidas complementarias para incentivar a transferencia do coñecemento e, polo tanto, desenvolver un novo programa de valorización de resultados centrados no estímulo da creación de *start-ups* como principal medida de transferencia de innovación, estimulando o labor do profesorado universitario e tamén cun programa formativo específico para mellorar as capacidades de xestión das persoas responsables dos centros e das unidades de investigación.

En segundo lugar, somos conscientes do valor que na sociedade actual ten contar con talento, e, sobre todo, con talento innovador. Por iso queremos poñer á disposición dos investigadores todos os medios posibles para facer desa inqueda unha profesión e, polo tanto, apoiar ese talento, tanto dende o eido educativo como do eido empresarial e investigador. O plan, polo tanto, facilitará as ferramentas necesarias para captar e reter talento de todas as idades e de todos os ámbitos. Actuaremos entre a mocidade, os emprendedores, os profesionais e os investigadores.

Entre a mocidade promoveremos a vocación STEM, que, como saben, trata de impulsar a curiosidade polas ciencias e a tecnoloxía de xeito precoz, e, polo tanto, fortalecer o potencial innovador en materias de ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas. Apoiaremos os emprendedores con programas integrais de aceleración e de excelencia, que terán, ademais, novos recursos para a experimentación avanzada ou a creación de prototipos, e respaldaremos os profesionais para que poidan desenvolver a súa experiencia e coñecemento en novas iniciativas, tanto a través dun novo programa de doutoramentos industriais como dun programa de talento sénior para incorporar investigadores de traxectoria consolidada a empresas e centros tecnolóxicos. Finalmente, ratificaremos o noso compromiso cos investigadores a través da continuidade das axudas pre e posdoutorais, e tamén da continuidade dos programas Oportunios, Inicia ou das unidades mixtas de investigación.

Finalmente, como terceiro eido de acción, queremos unha aposta decidida polo liderado innovador tanto das grandes empresas como das pequenas e medianas empresas. Señorías, o sector privado ten que xogar un papel destacado no desenvolvemento da I+D+i galega. E

teno que facer colaborando desde a Administración para que as empresas vexan en Galicia un lugar atractivo onde investir e, polo tanto, un lugar atractivo onde desenvolver proxectos de I+D+i e para a industrialización deses procesos. Queremos máis pemes innovadoras e que as pemes innoven máis, e por iso seguiremos impulsando os instrumentos financeiros e innovadores, os programas de promoción dos incentivos fiscais á I+D+i e tamén apostando polo capital-risco. Seguiremos liderando a nivel nacional o uso da compra pública innovadora. E tamén actuaremos, en colaboración coas empresas, identificando ámbitos clave nos que Galicia aspira a ser referente europeo nas liñas marcadas pola Estratexia de especialización intelixente. Falo do sector aeronáutico —co obxectivo de que Galicia sexa un referente europeo en aviación non tripulada—, da bioeconomía —para seguir avanzando nos fármacos do futuro e para que o sector agroalimentario poida liderar tamén a innovación a nivel estatal— e falo da Industria 4.0 —porque queremos seguir dando pasos na fabricación intelixente e dotando sectores como o da automoción e do naval do mellor marco posible para desenvolver a súa competitividade—.

A innovación empresarial, na que xoga un papel fundamental a capacidade que teñamos para sabernos vender ao mundo, será outro dos elementos importantes, e por iso traballamos nun programa de fomento do deseño, porque no deseño estará un dos elementos diferenciadores da innovación. Precisamente a Axencia Galega de Innovación está a colaborar na iniciativa *Design for innovation*, para a que temos lanzada unha convocatoria aberta para identificar casos de éxito de deseño en Galicia en calquera ámbito, xa sexa industrial, gráfico, de moda ou de *branding*.

Señorías, coa posta en marcha dos proxectos e dos programas destas tres áreas de acción, xunto coas accións que se poidan ir incorporando, as nosas metas quedan cuantificadas no Plan Galicia Innova 2020. O obxectivo é alcanzar os 10.400 traballadores e traballadoras vinculados á I+D, cun crecemento do 10 %, duplicar a porcentaxe de gasto en I+D, lograr 120 millóns de euros en retornos no horizonte 2020, chegar a 1.000 empresas innovadoras en actividades tecnolóxicas, cun crecemento do 15 %, aumentar o gasto empresarial en innovación ata os 600 millóns de euros e aumentar tamén un 10 % o volume de negocios por produtos novos ou produtos mellorados. Son metas que só é posible alcanzar mediante un modelo de colaboración público-privada onde a colaboración entre a Administración e o sector privado sexa o fío condutor dos diferentes proxectos que se poidan impulsar en Galicia, e que, polo tanto, nos permita un ecosistema de innovación aberto e con vocación internacional e intelixente.

Por iso Galicia Innova 2020 propón un novo modelo de dinamización e de colaboración para avanzar nesta dirección. Galicia promoverá os HAP de innovación dixital, uns HAP de innovación dixital que agruparán e especializarán os axentes do ecosistema de I+D+i, os centros de investigación, as universidades, as pemes, as grandes empresas, *start-ups*, *clusters*, incubadoras, investidores e, por suposto, a Administración pública; uns HAP de innovación dixital que van permitir a prestación de servizos para crear valor empresarial, para permitir transferir coñecemento e para facilitar tamén o acceso ao financiamento, e que, finalmente, permitirán aproveitar as capacidades que Galicia ten para desenvolver o potencial tecnolóxico do seu tecido industrial. A nosa experiencia, señorías, tennos demostrado que, cando a Administración, o tecido industrial e os centros de coñecemento traballamos unidos por un

mesmo obxectivo, Galicia mellora sempre os seus resultados. E en materia de innovación ese é o camiño.

Conclúo. O camiño percorrido no desenvolvemento da Estratexia de investigación intelixente e na execución do Plan I2C ofrécenos motivos para ser optimistas ante os retos de futuro. Grazas á capacidade de Galicia para anticiparse aos novos retos e crear unha cultura innovadora, hoxe temos a infraestrutura necesaria para xerar ideas, coñecemento e valor, convertelo en solucións con posibilidades de competir no mercado global e tamén garantir o retorno e a sustentabilidade do sistema de I+D+i.

Co novo Plan Galicia Innova 2020 damos, polo tanto, un paso a adiante, un paso a adiante para que Galicia conte cunha economía máis diversificada, máis produtiva e máis posicionada na que as empresas, centros e entidades ás que pertencen medren a través de máis innovación, o que redundará nunha sociedade con mellores perspectivas de futuro na que o talento innovador disporá de todas as facilidades para desenvolver o seu traballo. En definitiva, o futuro depende do que fagamos hoxe, e hoxe Galicia impulsa este plan para ser gañadora dun futuro con máis emprego de calidade, máis benestar e, sobre todo, máis oportunidades.

Agardo, polo tanto, que na réplica os grupos políticos se poidan sumar con ese espírito de consenso e con ese espírito construtivo para identificar cales son as mellores medidas que se poden engadir e que se poden incorporar a este Plan Galicia Innova 2020, que vai permitir marcar unha estratexia compartida para que o noso sistema de I+D+i e o noso tecido empresarial atopen os instrumentos e as medidas necesarias para mellorar en materia de I+D, para mellorar a innovación e a transferencia do coñecemento, e, en definitiva, para poder ser máis competitivos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día, señorías.

Señor Conde, en primeiro lugar, temos que dicirlle con toda honestidade que este é un plan que para nós chega tarde, pois vostedes incumpriron a súa propia planificación, o que a ollos do Bloque Nacionalista Galego non deixa de ser unha mostra máis da súa política de improvisación, que se move a golpe de titulares. Desde logo, a aposta polo coñecemento non ten sido unha prioridade na súa axenda de goberno.

Falaba vostede agora moito do anterior plan, do Plan I2C, e dicía que era a base sólida sobre a que se asenta o novo programa. Pero esqueceulle recordar —e vouno facer eu agora— que a súa data prevista de fin de traballo era decembro de 2015. E malia que o artigo 18 da Lei de

innovación, da Lei 5/2013, recolle que o plan debe ser anualmente revisado, este Parlamento galego non participou nin soubo nada desa revisión. E aquí estamos, dous anos despois. Se realmente vostedes traen vontade de diálogo, nós colleremos o guante. Pero tamén temos que dicir que levamos dous anos nos que, por certo, nesa Estratexia RIS3 os grupos parlamentarios non fomos partícipes, e dous anos nos que Galiza continuou perdendo oportunidades e continuou baixando en diferentes indicadores, aos que me referirei. Foron dous anos, ademais, nos que precisamente diálogo vostedes non ofreceron, pois rexeitaron todas e cada unha das propostas que, por exemplo, este grupo parlamentario lanzou tanto para fomentar a consolidación da carreira investigadora como para aumentar o esforzo investidor en I+D+i. Polo tanto, se quere diálogo, vaino ter, pero o punto de partida para nós non é bo. Non é bo xa porque vostede chega cun plan que non supón ningunha mudanza cualitativa, que é decepcionante e que carece de credibilidade respecto dos compromisos orzamentarios. Vostede trasladounos a esta Cámara un *power point* moi bonito —nós agradecemosllo—, pero, desde logo, da súa lectura non vemos que haxa ningunha análise rigorosa e pormenorizada do que supuxo o anterior plan. Tampouco unha radiografía profunda de se o que estivo consignado noutras épocas se cumpriu ou non nin tampouco unha proposta seria e compartimentada dos orzamentos a medio e longo prazo.

Polo tanto, para nós este é un plan que nace de por si eivado, porque falta unha avaliación rigorosa do que supuxo o anterior plan e do que supuxeron os recortes que o seu goberno aplicou en tempos de crise á innovación neste país. Polo tanto, ese documento que vostedes denominan «balance de xestión», que vostedes denominan «balance» e que son a penas seis fotografías, seis infografías cunha serie de datos, pois para nós é absolutamente insuficiente.

Ademais, da súa lectura, e tamén da súa comparecencia, despréndese que todo vai ben e que pouco ou nada hai que cambiar. E, desde logo, nós facemos unha lectura diferente da análise dos últimos anos, comezando pola constatación da absoluta falta de esforzo investidor por parte da Xunta de Galiza, da falta de esforzo investidor propio. Porque nos anos de recesión vostedes limitáronse a recortar estas partidas, e agora que superamos a fase de recesión, non parece que estean comprometidos nin con analizar as consecuencias deses recortes nin con facer esforzos para compensar o que puideron supoñer para o sistema de innovación galego. Lonxe diso, o que fan é xogar ao confucionismo, ao confucionismo das cifras. Entón, vostedes tanto computan investimentos específicos da área do programa de innovación como computan cousas doutras consellerías ou como doutros programas estatais ou europeos. E é certo que a innovación debe ser transversal, é certo, pero vostede debe aclarar e render contas especificamente do que é o que se fai desde a súa consellería e desde o programa de innovación, porque, se non, estamos confundindo transversalidade con opacidade.

E vostedes, por exemplo, din que investiron 1.102 millóns de euros en innovación. Pero é que, dividindo o programa da función 54, dividindo os orzamentos nos seis últimos anos, teríamos que ter un investimento por cada ano de máis de 184 millóns de euros. E, desde logo, se analizamos a innovación nos orzamentos, vemos todo o contrario, vemos que nestes últimos anos, na era Feijóo, acumulamos un recorte en innovación de máis de 149 millóns de euros. Vostedes deberían, cando menos, explicar en que programa se vai dar ese investimento e así, se cadra, superar a falta de credibilidade que teñen para nós. Porque vostedes,

ademais, sempre teñen o vicio de falar moito de mobilización e bastante pouco das obrigas recoñecidas sobre crédito vixente. E iso é interesante —xa que vostede falou tanto de estatística— cando imos ao nivel de concreción orzamentaria, de execución. Claro, vostede veu aquí gabarse de que creceron en canto a execución. ¡Home, claro!, é que nalgún ano —como no 2011— estaban no 60 %. Que se incrementara nos últimos anos e que agora teña unha media do 70 % pois tampouco é para aplaudir, porque é —como tamén a súa consellería— das medias máis baixas de execución que hai neste país.

Iso traducíuse en importantes consecuencias no noso sistema innovador e a realidade é que non se fortaleceron e consolidaron as infraestruturas e capacidades en innovación, e que o novo modelo de xestión que vostedes patrocinaron pode resumirse nun novo modelo de fuga de cerebros. Porque, por exemplo, en canto a persoal vemos como o persoal en I+D caeu fortemente na Administración pública e no ensino superior desde 2009, con caídas do 17,6 % e do 14,7 % respectivamente. Unha caída, ademais, máis intensa que no conxunto do Estado; outro indicador máis co que nin sequera converxemos co Estado español. E tamén o persoal total en I+D caeu nun 6 %.

Poderíamos dar estes e outros datos, pero, mire, falando da súa comparecencia, vendo o documento que nos achegaron, recordaba que en decembro deste ano houbo un encontro na Coruña, unha reunión, a VIII Reunión de xoves investigadores no estranxeiro, que realiza o Instituto de Investigación Biomédica. E a verdade é que estes investigadores e investigadoras escribiron un documento con propostas e cunha diagnose que é absolutamente demoledora, e que realmente debería estar vostede collendo como guía para ler; todas nós, pero, sobre todo, vostedes, que son os responsables directos. Pois dese encontro, como é complicado falar das súas conclusións en tan pouco tempo, a verdade é que eu quedaría cun titular que vin nunha entrevista que lles fixo o xornal *La Voz de Galicia*, que resume bastante ben como está o panorama para esa fuga de cerebros que viviu o noso país. E di: «*No veo nada fácil regresar a Galicia*». «Científicos galegos no estranxeiro apostan por un modelo como o catalán ou o vasco para captar talento». Laiábanse de que, efectivamente, non parece unha prioridade no noso goberno este regreso de persoal formado e tecnólogo.

Está claro que Galiza debe ter a súa propia ruta, sen mimetismos, pero tamén está claro que a actual folla de ruta non nos está servindo. E iso podemos velo en moitos máis aspectos. E ¿que lles ofrece vostede? ¿Que lles ofreceu esta mañá a todas estas persoas? Pois eu creo que nada novo. Falounos de novo do Programa Principia, que está ben, pero non din con que contía. Este ano eran 10.000 euros por investigador a contratar, e iso é un parche porque non serve a longo prazo para estabilizar a carreira investigadora. Falounos do Programa Oportunius, que tamén é moi interesante, pero tamén é certo que non podemos fiar todo a captar fondos europeos. De feito, o anterior plan prevía que eses fondos podían acabar reducíndose, e este plan nin sequera o fai, nin sequera se anticipa a esa cuestión, que acabará chegando coa incorporación de novos países ao marco europeo. E a terceira proposta para estabilizar persoal e traer persoal de volta é simplemente un titular: ese programa de talentos sénior que tamén pregoou nas últimas semanas o señor Feijóo pero do que nin sequera vostede nos puido achegar hoxe un dato de orzamento ou de maior concreción.

Polo tanto, parécenos que non están lanzando unha aposta seria por cambiar de rumbo e que están consolidados na autocompracencia e na falta de ambición. A verdade é que, visto

que os principais indicadores de impulso de I+D+i descenderon, case me dan ganas de convidalo a que lle cambie o nome ao plan e que lle empece a chamar «Plan falta de ambición». Porque tamén, vistas as súas metas no documento que nos traslada —na réplica profundarei un pouco máis nisto—, nese documento poñen seis puntos, seis metas, ás que haberá que chegar en 2020. Eu a verdade é que enfrotei a súa lectura con optimismo, dicindo: ben, imos ter por fin unha serie de medidores obxectivos que nos permitan ver se ese plan está funcionando ou non. Pero a verdade é que sorprende que o grao de exixencia o rebaixen a respecto do período anterior. É dicir, estamos nun momento de crecemento económico, estamos nun momento de maior posibilidade orzamentaria e, porén, vostedes retrotraen os obxectivos. Centrareime, no tempo que me queda, nun deles; e despois, na réplica, continuarei.

A min fascíname de forma especial o do obxectivo en función do gasto sobre o PIB, que é surrealista. Porque parece que vostedes non están contentos con que o gasto en I+D+i en porcentaxe sobre o PIB caera desde a chegada do señor Feijóo, que non están contentos con que o descenso fora máis intensivo que na media do Estado, que non están contentos con que tamén en 2016 descenda respecto de 2015, senón que collen vostedes e, se no plan anterior o obxectivo inicial era dun 3 % sobre o PIB —que despois rebaixaron na RIS3 a un 2 % sobre o PIB—, agora xa o rebaixan ao 1,7 % de cara ao 2020. Entón, sinceramente, notamos unha importante falta de ambición e preocúpanos que vostede diga que non hai volta atrás.

A verdade é que nós somos optimistas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e pensamos que, malia a importante perda de posicións en determinados indicadores como os que indiquei, temos potencialidade e temos capacidade. Na réplica faremos algunhas propostas, pero tamén lle adianto, señor Conde, que para que nos sumemos terá que haber un proceso participativo real, non simplemente esta comparecencia e nada máis. E tamén, para que nos sumemos, terá que haber claridade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...sobre os compromisos, especialmente sobre os orzamentarios. Porque sen iso, e computando absolutamente todos os investimentos do planeta que accidentalmente pasan por aquí...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non teremos absolutamente nada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro, pobre Abraham Lincoln. A verdade é que coincido unicamente nunha cousa con vostede: no cambio de modelo produtivo. Empezou con esa cuestión e vou tentar rematar a miña intervención exactamente falando diso.

Antes quería recomendarlle, permitirme recomendarlle, un libro, se non o coñece, que se titula *Start-up nation: la historia del milagro económico de Israel*. Eu creo que é moi acaído. Ademais da guía *Lonely Planet*, está ben ver algunha outra cuestión. Por exemplo, ver un país que dedica un 4,1 % do seu PIB a I+D+i, o 4,1 % fronte ao 0,86 % da Xunta de Galicia ou o 1,19 % de España.

A verdade é que vostede está ultimamente moi acostumado a acrónimos —I2C, RIS3, etc.—. Eu propóñolle outro, que é «3PP», que é: Partido Popular, *power point* e publicidade e propaganda. (*Aplausos.*) E poño «3» por unha cuestión de economía matemática na formulación. Hai que recoñecer o mérito. Logo tamén falarei un pouco dos mecanismos para acadar eses méritos. Porque, mire, son capaces de vender, certamente, crecepelo. Nesa viaxe a Israel fálóusenos de como vostede e o presidente da... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Eu non o vou comprar, a verdade é que estou moi orgulloso da miña calva e por iso precisamente a min non me venden crecepelo. (*Murmurios.*)(*Risos.*)

Falaron, e conseguiron colocalo na prensa desta comunidade autónoma, da asistencia súa e do presidente Feijóo á plataforma de investimentos OurCrowd en Xerusalén. Que, polo que eu sei —e creo que non estou mal informado—, é unha plataforma que recada fondos para as *start-ups* israelís, onde van fundamentalmente financeiros xudeus norteamericanos —non só— que financian boa parte do tecido innovador israelí. Entón, a min gustárame moito, neste proceso de innovación que xa nos podemos permitir exportar a Israel, señor conselleiro, que nos contara cales foron os investidores galegos e en que sectores actuaron nesas *start-ups* israelís, que creo que estaban realmente ansiosas en Xerusalén, ademais de recibir a embaixada norteamericana, de recibir a embaixada de Galicia.

Non se lles pode tomar o pelo aos cidadáns. Eu creo que convén non tomarlles o pelo aos cidadáns.

E pasamos agora á revisión bibliográfica. E empezo co Plan estratéxico 2010-2014, que foi o primeiro momento estelar no que o Goberno do señor Feijóo falou de I+D+i. Nese momento falábase do 2014 como un horizonte co 1,5 % do PIB en I+D+i. Eu son un pouco antigo e vou utilizar fundamentalmente este indicador como indicador recoñecido internacionalmente para analizar o impacto ou o esforzo público e privado dun país, dun territorio, dun Estado, dunha nación, en investigación, desenvolvemento e innovación; insisto, o 1,5 % do PIB. Cando debatemos iso neste Parlamento, dixemos que nos parecía moito, que a ver se era verdade. O dato no 2014 quedou nun 0,88 %. Por certo, viña do 1,02 % do ano 2009, e cun PIB que estaba nese momento descendendo. Co cal eu creo que resulta bastante fácil facer a regra de tres pertinente.

Despois diso veu, efectivamente, o I2C. Nós pensamos que a avaliación que se fai no *power point* que nos pasaron é excesivamente optimista. ¡Home!, claro que fixeron cousas. Fai un

relatorio bastante prolixo de actuacións en I+D do Goberno galego. Claro, fixeron cousas, executaron, entre o ano 2011 e 2016, 300 millóns de euros. Efectivamente, fixeron cousas. Esquecen dicir que deixaron sen executar 120 millóns de euros, é dicir, un 28,5 %. Xa sei que é plurianual a cuestión, xa sei que é plurianual, ¡si, si! Estou esperando ao ano final desa plurianualidade, porque estou seguro de que a execución orzamentaria vai ser do 300 %. Estou, de verdade, ansioso. Non sei moi ben como se fai en termos de contabilidade pública, pero estou ansioso esperando que remate esa plurianualidade.

E eu vou coller un indicador que vostede recolle —ou sexa, que non o busquei con maledicencia—: o famoso Programa Oportunus. Falou vostede del con abundancia, fixo fotos na prensa ata a extenuación. Eu creo que ninguén foi tan recibido mediaticamente neste país como o investigador —por certo, lexitimamente; supoño que tivo todos os méritos— que acadou ese contrato de integración no sistema investigador galego. Pero só houbo dous. O I2C, ese programa, o Oportunus, que foron páxinas e páxinas, fotos e fotos e a apertura de noticias na tele galega, en fin..., abrumador, pero foron dous retornos. Que están ben, ¡eh!, pero, insisto, foron dous retornos, señor conselleiro. Entón, estaría ben resituas as cousas, e situalas na escala na que deberían estar.

Os datos que vostedes contan de I+D+i, coma sempre, en relación con este I2C, teñen un problema. Eu sigo dicindo: mobilizan. Mire, eu quero o dato global de I+D+i sobre PIB público e privado. Porque o criterio ese de mobilizar é un criterio, ¡home!, un pouco —permítame que llo diga— etéreo. Eu dígollo sempre, e vostede mírame con cara de sorpresa, pero non está definido academicamente, ou, polo menos, este humilde deputado ignora a definición académica da mobilización. Entón sei o que inviste o ámbito público, se está orzado e se executa. E, por suposto, se aparece recollido nas estatísticas, sei o que inviste o ámbito privado. Pero iso da mobilización, en fin, eu creo que hai que afinalo un pouco máis.

Outro tema central para nós, que tamén, desde logo, non é neutral: a compra pública innovadora. Esta comunidade autónoma —que todos sabemos que é a máis desenvolvida en I+D+i de España, máis que País Vasco, Navarra, Cataluña e Madrid, en fin, todos estes pequenos detalles sen importancia— acapara o 40 % da compra pública innovadora de España. Hai dúas posibilidades. Hai un marco xeral, que é pura e simplemente ideolóxico, e logo hai dúas posibilidades recoñecidas academicamente. Os mecanismos de compra pública innovadora en comunidades autónomas cunha potencia escasa en investigación e innovación sempre basculan a favor do ámbito privado. Porque o que conseguen as grandes empresas é facerse co *input* innovador ou investigador que poida xerar o tecido público desa comunidade autónoma e, por suposto, crear valor engadido. ¿Onde vai crear valor engadido Siemens coa compra pública innovadora que poida facer o Sergas? ¿En Galicia, señor conselleiro? Non. Seguro que hai un contraexemplo, pero, en termos xerais, non. A compra pública innovadora é altamente favorable para aqueles territorios que teñen un ecosistema de innovación moi potente que permite que esas empresas privadas manteñan a xeración de valor engadido no territorio, e, evidentemente, non é o caso de Galicia, por moito que vostedes nolo publiciten, nolo conten e o saquen nos periódicos cada dous días.

E, por certo, ¿non lle parece sorprendente que o 40 % da compra pública innovadora de España estea nunha comunidade autónoma que ten o 5 % do PIB? Para min, de verdade, é pura

e simple estratexia ideolóxica. Eu creo que non hai ningunha xustificación económica, tendo en conta —volvo repetir— o ecosistema de innovación deste país, que xustifique esta preponderancia tan abrumadora deste sistema; que pode estar moi ben para Finlandia ou pode estar mesmo ben para o País Vasco ou para Navarra. Eu creo que para Galicia non o está, pero insisto en que ao mellor estou equivocado.

Seguinte revisión bibliográfica: do plan 2010-2014 pasamos ao plan 2015-2020, e, efectivamente, como dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego, aí houbo un proceso de adelgazamento. Empezaron falando dun 2 % do PIB, o cal era un brinde ao sol de tal calibre que pouco tempo despois se viron obrigados a reduci-lo xa ao 1,7 %, que segue sendo un brinde ao sol de absoluto calibre. E a proba de que segue sendo un brinde ao sol de absoluto calibre é que en xaneiro deste ano, é dicir, hai menos dun mes, o Partido Popular votou en contra dunha proposición non de lei do Grupo Socialista que o que plantexaba con numeriños, é dicir, vinculando o gasto público en I+D+i ao crecemento do PIB, era acadar ese 1,7 % que agora sen ningún rubor nos plantan na última folla do *power point* de rigor e nos din que ese é o obxectivo definitivo —*Abraham Lincoln por el medio, cambio de modelo productivo por el medio* e o que faga falta— do Goberno da Xunta de Galicia. Insisto, non hai nin un mes, hai medio mes que votaron en contra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Polo tanto, de verdade, eu creo que teñen que ser máis prudentes, teñen que falar de números, teñen que recoñecer alí onde hai relativos fracasos —por non dicir fracasos— e desde logo non contarnos unha mezcla de *El Mago de Oz* e de *Alicia en el país de las maravillas*, que é exactamente o que é este *power point*. Iso si, engadindo uns toques *new age* de fraternidade universal e convivencia cósmica cos que, de verdade, eu quedei absolutamente abraiado. E dígollo con absoluta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...seriedade, porque é verdade que ten un ton poético *new age* sorprendente.

E, por certo, dígalle ao señor conselleiro de Facenda que, a pesar de que eramos papanatas, creo recordar...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ... cando diga que o gasto de I+D das empresas de Galicia é de 500 millóns de euros, *se está tirando de la moto*.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Porque 500 millóns de euros é o gasto de I+D público máis o privado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Teñen despois outro turno.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Porque, se non, o 0,86 % non sae, salvo que eu non saiba facer regras de tres. E sei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Merlo Lorenzo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, señor Conde, bo día.

A lectura do Plan Innova 2020 produciume unha sensación de incredulidade. Pero o preocupante non é o que me produza a min. O preocupante é que á xente vinculada ao sector, que é o que nos debería preocupar a todos, xente que traballa no CTAG ou no IEO, pois lles produciu un abano de sensacións que van dende a tristeza ata a máis profunda e fonda indignación.

Teño a sensación, despois de ver a súa intervención, de que ademais vostede tampouco está moi convencido nin moi de acordo con todo o exposto deste Plan Innova 2020. O que hoxe nos está a presentar é, basicamente, un exercicio de márketing puro e duro, de moita publicidade. Iso si, moi ben maquetado, cunha elección de cores moi axeitada, moi dinámica, cunha presentación dinámica e coa que tratan de apabullar e cegar, coa inclusión de termos como «innovación», «talento», «investimento» e dando un caudal inmenso de datos co que moitas veces conseguen o efecto contrario do que pretendían.

Nós encontramos aquí un exemplo pois bastante bo. Voulle dar un par deles. Fan vostedes un exercicio de demagogia matemática e anuncian triunfais, con gráfico incluído, na páxina 4 do *power point* —como mencionaban os compañeiros— que Galicia é a sexta comunidade autónoma en número de persoas dedicadas ao I+D, por detrás do País Vasco —que é claramente un referente nesta materia— e por diante doutras como Castela-A Mancha, Murcia ou Aragón. Pero a realidade, tras eses números, é que Galicia ten un 0,34 % de persoas dedicadas a actividades de I+D por habitante, unha cifra pois inferior ás de Castela-A Mancha —con ratios do 0,43 %—, Aragón, cun 0,42 %, e a anos luz do 0,82 % do País Vasco, co que calquera día imos establecer o agravio comparativo de que ten, máis ou menos, unha persoa dedicada ao I+D por cada 121 habitantes. E o importante é matizar, de paso, que o termo «persoa dedicada» non é sinónimo perfecto de «investigador».

Falando de investigadores, na mesma páxina introducen vostedes o dato de dous, dous investigadores bolsellos, retornados a Galicia. Señor Conde, ¿sabe vostede cantos investigadores se foron durante os últimos anos? Isto é unha cousa que raia un pouco no ridículo. Moitas veces, virse arriba e sacar estes datos pois non é a mellor forma de tratar de vender un proxecto. E así, todo o demais.

Señor conselleiro, cando se está na súa posición, vostede pode facer política ou pode deixar que lla fagan. E o que non pode deixar, baixo ningún concepto, é que os que lle fan os contos

e a redacción dos contos lle fagan as contas, porque isto é o que estamos vendo aquí. ¿Está vostede a dicirnos que a súa achega, de aquí a 2020, consistirá en que este proxecto, que vostedes din sen rubor que vai realizar un investimento público estimado en máis de 980 millóns de euros, vai conseguir 1.000 persoas empregadas en actividades vinculadas ao I+D? Evidentemente, 1.000 empregos que non serán todos novos empregos, poderán ser maioritariamente modificacións ou cambios de titularidade doutros xa preexistentes. Pero, aínda así, ¿980 millóns de euros para acadar 135 novas empresas con actividades innovadoras? Señor Conde, ¿que son empresas con actividades innovadoras realmente? En todo caso, mire, saen a 7 persoas por empresa de media. E aquí estes números non menten, están na media do outro dos grandes exemplos do exposto no Plan Innova 2020. Por exemplo, o mencionado na páxina 7, o famoso Polo Tecnolóxico de Rozas, que xa lle avanzo que nós non estamos en contra del pero si da utilización e do que nos están a querer trasladar respecto do mesmo. Por exemplo, nel vanse investir 150 millóns de euros nunha actividade como, por exemplo, o Proxecto Fénix —que vostede coñecerá ben—, e que significa a creación de seis postos de traballo directos, ¡seis! E son datos seus, non son datos meus, están publicados nas súas páxinas. É un proxecto que —así, máis ou menos— consiste na compra, na adquisición, dun avión, dun C-212, que se vai tunear para utilizalo como avión non tripulado. É un investimento importante en márketing pero cun retorno moi cuestionable, tendo en conta que o socio da Xunta nesta aventura é Babcock International Group, unha empresa internacional británica con sede no Reino Unido que cotiza na bolsa de valores de Londres e que tributa no Reino Unido; casualmente a mesma que en 2014 se fixo coa compañía aeronáutica española Inaer, á que a Xunta lle vendeu os nosos novos helicópteros de salvamento a prezo de saldo para logo alugarlle os vellos. Bos negocios fai esta empresa a custa dos nosos petos. Eu, por prudencia, non o incluíría nin me gabaría destes logros.

Suxírolle que inclúa un anexo onde defina os termos ambiguos que quedan na redacción deste documento. Por exemplo, termos como «persoas con actividade na innovación», «empresas innovadoras» etc. Á fin e ao cabo, en Galicia xa se lexislou hai moito tempo contra a publicidade enganosa, que pode ser no que caía toda esta presentación.

Nós consideramos que todo plan estratéxico coma este ten que ter un compoñente de audacia e un certo grao de aposta, unha aposta de futuro. Pero, señor Conde, vostede está a apostar cos nosos cartos, cos cartos dos galegos e das galegas. E a súa responsabilidade pasa por minimizar os riscos da aposta, por asegurala. E iso preocúpanos porque non se está a traducir na presentación deste Plan Innova 2020.

Está deixando en evidencia moitas cuestións. Mire, ¿por que lle digo isto? Porque hai unha desconexión moi preocupante coa realidade. Este proxecto recolle parte das demandas reflectidas por moitos informes que xa están en circulación dende o ano 2015 pero deixa polo camiño outros moitos. E cando a necesidade en innovación é un todo e só recollemos unha parte, a metade é un nada. E iso é o que temos aquí. ¿Quere dicir que todo o que recolle este plan está mal e non vale? Non, para nada. A análise é boa e o enfoque é bo, pero falta moita parte, falta outra parte importante. ¿Cal é? Pois precisamente aquela na que hai que fortalecer e atender as demandas e necesidades que trasladan desde parte do tecido industrial e dos profesionais vinculados á innovación, aos que levan ignorando, como moitas políticas, durante os últimos nove anos. Isto, sen todo o demais, non serve. E o preocupante é que

vostede o sabe. A min cónstame que vostede iso sábeo porque é unha persoa que ten unha formación e un coñecemento fondo do tema. Polo tanto, vexo que a súa falta de convicción vai un pouco vinculada a esta liña.

Este Innova 2020 sería posible en países como Alemaña ou Bélxica, onde as pemes teñen xa un alto grao de automatización e existen salarios dignos. ¿Téñolle que lembrar o problema da Europa das dúas velocidades? Existen dúas europas diferentes, segundo parece. O seu grupo no Parlamento Europeo pois xa nos puxo nesas tesituras. Hai unha Europa con aceleración e outra que é esta, é Galicia, puntualmente, e España, que estamos na Europa lenta, e aínda por riba imos polo carril de aceleración, nin sequera estamos no carril principal. Os salarios da Industria 4.0 non teñen nada que ver cos da industria galega. Entón, non creo que vostede pense que o talento se vai do país para aprender idiomas e ver mundo, como dixo unha dirixente do seu partido.

E voulle facer un matiz importante: a media de idade da xente que se está dedicando e dirixindo proxectos de investigación de I+D en Galicia é de 53 anos, son investigadores sénior que teñen xa unha bagaxe, unha formación, que lles permite desenvolver este tipo de proxectos. Estes marchan por factores económicos, salarios, investimentos, ou por falta de infraestruturas, de demanda, ou incluso de proxección do seu traballo, que non se está a valorar e, polo tanto, van onde se lles valora. A outra cara da moeda é a dos novos talentos, os júnior recentemente saídos da facultade que fan os seus doutorados etc., e que non contan coa tutela experta destes investigadores sénior nin coas ferramentas nin cos proxectos e que non poden dar dun xeito creativo saída á súa formación.

Empézame a preocupar a falta de rigor que hai na presentación deste Plan Innova 2020. Vostedes o que están a facer aquí basicamente é innovando e tratando de vender un modelo de Industria 4.0 *low cost*, porque non ten cabida na realidade que temos. Señor conselleiro, lembrolle que a maioría das pemes galegas non contan cos niveis máis básicos de automatización, traballan con equipos —algúns delas— con máis de trinta anos de antigüidade. Están en «Industria 1.0», e non o digo como un agravio despectivo. É unha realidade que está aí. Non teñen posibilidade para aplicar ou desenvolver o seu talento. Non teñen posibilidade para acceder aos paquetes de axudas ou subvencións que anuncian vostedes ano tras ano.

Non están a resolver os problemas das empresas galegas. Falar de eficiencia e cambio climático, como se fai neste proxecto, cando realmente pois temos unhas necesidades que non se están acoutando no máis inmediato, é buscar unicamente un puñado de titulares e facer márketing, márketing e máis márketing. E, mire, eu non vou debater sobre márketing, porque posiblemente me gañarían todos vostedes. Aquí deberíamos debater sobre políticas. Vostedes dinnos que queren o noso apoio e demais. Pero é que vostedes nin sequera cren o que están presentando aquí. Realmente isto non ten por onde collelo.

En Galicia existen empresas que levan máis de vinte anos innovando, aportando, ás que só souberon poñerlles trabas e facer que marchen ou que pechen. E agora dedícanse vostedes a buscar empresas polo mundo adiante, privadas, que innoven e invistan; que está moi ben, pero despois de poñer vostedes paus nas rodas ás que deixaron parte dos seus recursos, do seu tempo, do seu capital innovador e da súa formación polo camiño. Foron esas empresas,

as que nos colocaron no seu momento no mapa da excelencia e da calidade, as que están marchando, as que están pechando, ás que non están escoitando e que o único que piden é que as deixen facer e que non lles poñan máis trabas.

Mire, a estas alturas, o perfil de bos xestores que teñen vostedes no PP de Galicia pasou xa a ser unha lenda urbana que xa poucos cren. Esa é a tristeza. Falou vostede de Galicia como un lugar atractivo para a innovación e o investimento. Vostede coñece as necesidades de infraestruturas de redes de comunicación de alta capacidade que require a automatización e a Industria 4.0, en todos os sectores, dende o turismo á alimentación ou á tecnoloxía. Aquí non se dá. O 80 % do país, lamentablemente, non conta con esas redes de alta capacidade. Polo tanto, ¿onde está o atractivo?...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MERLO LORENZO: ...¿onde están as medidas?

Remato.

Señor Conde, espero que agora, na súa segunda intervención, volte vostede e recupere o pragmatismo e percorra a senda, o camiño, do rigor para volver pór os pés na realidade. Vostede é un home que sempre fixo gala dun rigor e dun criterio, e eu botei moito en falta ese criterio na súa primeira presentación. Deixe vostede de tratar de vender tónicos polo deserto do Néguev co señor Feijóo, volte á realidade e trataremos de poñer solucións reais a todo o que estamos a acometer aquí, porque, se non, a Industria 4.0 será un bluf e unha palabra sen significado ningún.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Merlo.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

A verdade é que debe de ser bo o plan cando o único que se critica é o *power point* de presentación do plan e debe ser bo o plan cando a oposición desaproveita 40 minutos nesta tribuna para non facer nin unha soa proposta que poida mellorar ese plan. Polo tanto, ou non leron o plan ou simplemente non teñen nada que aportarlle ao plan. Polo tanto, señor conselleiro, noraboa polo plan, debe estar ben feito cando a oposición desaproveita 30 minutos nesa tribuna, e cero propostas en 30 minutos. (*Aplausos.*) ¡Noraboa! Esta é a oposición.

Mire, ¿que é o que vostedes critican, señores da oposición? ¿Que é exactamente o que votedes critican?, ¿que Galicia vaia mobilizar 1.775 millóns de euros para modernizar e facer máis competitiva a nosa economía? ¿Iso é o que critican? Bueno... ¿Vostedes critican que Galicia

queira mellorar as súas infraestruturas e as súas capacidades en I+D+i? ¿Iso é o que critican? ¿Critican que queiramos consolidar un novo modelo de xestión do talento investigador? ¿É o que nos critican? ¿Critican que Galicia queira converter a innovación no motor do crecemento económico e empresarial?

Mire, eu creo que vostedes critican que Galicia funcione, vostedes critican que Galicia medre, vostedes están en contra de que Galicia prospere e vostedes están en contra de que Galicia intente colocarse ao nivel das mellores economías europeas. Ese é o seu complexo, e por iso critican o desenvolvemento industrial, a creación de empresas, a captación de investimentos ou a modernización dos nosos sectores produtivos.

Están en contra dun plan que ten o obxectivo de alcanzar os 10.400 traballadores e traballadoras vinculados á I+D no horizonte deste plan. Critican que pretendamos duplicar a porcentaxe de gasto en I+D ata acadar o 1,7 % do PIB no ano 2020; están en contra; están en contra de lograr 120 millóns de euros de retorno de horizonte 2020; están en contra de chegar ás 1.000 empresas innovadoras en actividades tecnolóxicas. Tamén están en contra de aumentar o gasto empresarial en innovación ata os 600 millóns de euros. Están en contra de todo. Iso é o que lle pasa a esta oposición. Mire, por criticar, critican tamén que o investimento en I+D en Galicia teña incrementado entre o ano 2013 e o 2016 un 7,5 %, mentres no conxunto do Estado medraba o 1,9 %. No conxunto do Estado, o 1,9 % e en Galicia, un 7,6 %, e están en contra.

E o señor Abel Losada ten que ir ao ano 2010, iso si, con 2.000 millóns menos ca vostedes, que eran ficticios, ¿lembra? Vostede está empeñado en volver ao 2010, e nós estamos empeñados en camiñar cara ao 2020. (*Aplausos.*) Olvídese, señor Losada, do Bipartito, eses tempos xa non os quere ninguén, só vostede. É vostede un auténtico nostálxico, esa é a sensación que eu teño.

Mire, o plan chega tarde, din dende o Bloque Nacionalista Galego. ¡Oia!, é que o marco comunitario mudou, e Galicia ten que recoñecer, señora Presas, que foi unha das primeiras comunidades de España en definir a súa estratexia de especialización intelixente; fomos uns dos primeiros, das primeiras comunidades autónomas.

Mire, critican un plan consensuado co sector; por criticar a Xunta, critican todo o ecosistema de innovación galega, as universidades, os centros tecnolóxicos. Todos están equivocados, só acerta o BNG. Iso si, perden votos; ninguén os vota, pero o BNG está en posesión da verdade absoluta.

E mire, están vostedes cun discurso anticuado, rancio, dos recortes. ¿Que recortes, señora Noa Presas?, ¿que a Axencia Galega de Innovación medre o orzamento no 2018 un 26 %? ¿Ese é o recorte que a vostede lle preocupa?

Mire, a realidade é que temos unha oposición, señor conselleiro —hai que recoñecerllo—, moi innovadora, unha oposición que é capaz de desafiar toda lóxica económica. Cren que subindo os impostos se incentiva a economía. Esta oposición cre que poñendo trabas administrativas se favorece a creación de empresas. Esta oposición cre que cunha lexislación la-

boral ríxida se crea emprego. Cren que, pechando empresas, se crean oportunidades. Ese é o seu modelo. Mire, confésolles que, cando menos, son vostedes moi orixinais, moi innovadores e moi sorprendentes, pero a súa orixinalidade e a súa capacidade de innovación, dende logo, non lle interesa a Galicia para nada.

Señor conselleiro, ¿sabe cal é hoxe un dos maiores problemas que ten Galicia? Un dos problemas maiores que ten Galicia é a oposición, unha oposición que non dubida nin un segundo en utilizar a mentira, a trampa, e diso saben moito nestas bancadas.

Mire, como non hai argumentos de xestión, porque se comparamos a xestión da Xunta de Galicia que facían nacionalistas e socialistas, ou a xestión que fan As Mareas de Podemos alí onde gobernan, non hai nada de que falar, só lles queda recorrer ao triste uso da mentira para intentar enganar a alguén e tratar de distorsionar a realidade.

Señorías, ¿acórdanse das verdadeiras barbaridades que dixeron dende estas bancadas sobre a Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais? Dixeron auténticas barbaridades. Chamáronlle «Lei de depredación de Galicia», dixeron que queríamos vender Galicia a pedazos, dixeron que reducir os prazos de trámites administrativos reducía a seguridade e as garantías medioambientais, dixeron que nós queríamos saltar as competencias dos concellos, dixeron que queríamos converter Galicia en Katanga — ¡Katanga! —, dixeron que queríamos instaurar un sistema económico terceiromundista, dixeron que queríamos precarizar o mercado laboral galego, dixeron que se destruírían postos de traballo, dixeron que queríamos abrir a veda para a plantación de eucaliptos, cando na lei nin sequera existe a palabra «eucalipto», esa é unha realidade. Señorías, vostedes fixeron política, pero política da mala, política da peor, ¡da peor!

Non teñen ningún escrúpulo en mentirlles aos galegos e ás alegas que de boa fe se poidan preocupar pola situación da nosa comunidade. E uns meses despois, ¿que pasou con aquela lei que era tan mala, tan mala, tan mala, que ía destrozando Galicia? Bueno, pois, para comezar, temos en marcha 18 novos parques eólicos; unha enerxía limpa, e, como sabemos, Galicia ten capacidade para ser referencia a nivel mundial. Non o digo eu, dino as páxinas de economía de *La Voz de Galicia* (*O señor Tellado Filgueira amosa unha fotocopia dunha páxina do xornal La Voz de Galicia.*): «Galicia terá 18 parques eólicos máis antes de dous anos». (*Aplausos.*) Lei de implantación empresarial de Galicia.

E, para seguir, resulta que esta lei que era tan mala, tan mala, tan mala, pois gustou noutras partes do noso país, gustou noutras comunidades. Tanto gustou, que copiaron a esencia desta lei. ¿E quen sería? ¡Home!, pois sería un goberno malo malísimo do Partido Popular noutras comunidades, ¡digo eu!, que querían desertizar esas comunidades. Pois non, quen copiou a Lei de implantación empresarial de Galicia foi a Comunidade Valenciana. (*Risos.*) ¿E quen goberna na Comunidade Valenciana? Sábeno vostedes ben, gobernan socialistas, As Mareas de Podemos —pero alí chámanse doutra forma— e gobernan tamén nacionalistas. Xustamente os mesmos que dixeron aquí todas esas barbaridades.

Pero mire, por se non me cre, señor Sánchez, nota de prensa oficial da Generalitat Valenciana, 12 de xaneiro 2018: «El *Consell* aprueba el proyecto de ley de la Generalitat de creación

del punto de atención a la inversión ». ¿E que queren con esta lei que tramitan alí na Comunidade Valenciana os seus amigos de partido? «Mire, el objetivo de este proyecto de ley» —leo textualmente— «es habilitar los mecanismos legales adecuados y las medidas administrativas necesarias para favorecer los procesos de inversión de las empresas mediante la simplificación de trámites, la eliminación de trabas administrativas y la reducción de plazos, para facilitar la iniciativa empresarial.» ¿Sóalles? ¿Sóalles? Os mesmos obxectivos que a nosa lei.

Pero imos seguir, mire: «La finalidad que se pretende con esta ley es favorecer la simplificación administrativa, minimizando las barreras administrativas que afectan a los procesos de inversión o reinversión de las empresas, favorecer la colaboración interadministrativa... ». En definitiva, dar resposta á mesma problemática que tiñamos en Galicia.

Señor conselleiro, ¿que cre que faría un voceiro de industria de calquera dos partidos da oposición que tivese un mínimo de coherencia ou polo menos un ápice de sentido do ridículo? Voullou dicir eu: saíría a esta mesma tribuna no seu turno de réplica —teñen agora a ocasión—, pediría perdón, pediría perdón por mentirlles a todos os galegos, (*Murmurios.*) e, polo menos, prometería non volver facelo; prometería non volver facelo, señor Lago. Ou iso, ou sería consecuente e iría tamén a manifestarse en contra dos seus amigos da Comunidade Valenciana, señora Mónica Oltra, Ximo Puig, a contarlles que queren depredar Valencia e que queren vender por anacos aquela comunidade, que queren facer un golpe de estado medioambiental e que, en realidade, os seus compañeiros de partido queren converter a Comunidade Valenciana en Katanga, (*Murmurios.*) ¡en Katanga! (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Mire, señor conselleiro, non agarde propostas desta bancada, están noutra cousa, están facendo política da peor. ¿Sabe a que se adican? A facer un pouco de demagogia polas mañás, a facer outro pouco de demagogia polas tardes, e, se tal, a convocar unha manifestación a fin de semana para que vaian os seus a dicirlles que Galicia non quere ser Katanga.

Efectivamente, señores da oposición, Galicia non quere ser Katanga. Nós imos seguir traballando para que Galicia estea moi lonxe das súas mans e imos seguir traballando para que Galicia sexa unha terra onde se poida innovar, onde poidamos competir e onde apostemos polo I+D+i como ferramenta estratéxica para facer unha Galicia moito mellor e que vostedes non teñan ocasión nunca na vida de gobernar este país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar, quero agradecer a intervención de todos os grupos parlamentarios e os seus comentarios. Si que teño que recoñecerlles que a intervención da oposición me pareceu pouco innovadora. Parece que o discurso non muda pola súa parte; seguen cun

discurso caduco, e, lamentablemente, simplemente cando intentamos trasladar un debate desde o Goberno sobre o fondo, vostedes quedan na forma, e creo que aí si que deberíamos de centrar o debate, sobre todo nos contidos.

Señora Presas, teño que facerlle unha emenda á totalidade da súa intervención. Eu entendo que, loxicamente, son temas que teñen un certo alcance, un certo contido, pero é que este plan é un plan do Goberno, non é un plan da Consellería de Economía, Industria e Emprego. Lamento profundamente que non centrara o debate na comparecencia. A comparecencia é sobre o Plan Galicia Innova 2020, o plan de I+D+i do Goberno, que está recollido na Lei de innovación, e vostede vénme falar aquí dos investimentos de innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Señora Presas, entenderá que estamos falando de debates distintos, totalmente distintos.

Polo tanto, permítame que recolla con certa distancia as súas aportacións, sobre todo cando fala do orzamento, cando fala do esforzo orzamentario, porque non ten nada que ver o que eu plantexei aquí esta mañá coa súa intervención; simplemente teríamos que centrar o tema.

Loxicamente, o programa Principia, o programa Oportunius e o programa Talento Senior, señoría, están nos orzamentos do ano 2018; están nos orzamentos, non é unha intencionalidade, e, polo tanto, non é simplemente unha posibilidade do Goberno, senón que realmente se recollen.

Plantexábame tamén, igual que o señor Losada, o atraso do plan. Vostede sabe que o marco comunitario se aprobou no ano 2014 ao 2020, e sabe perfectamente que ese marco comunitario se empezou a desenvolver e a definir a partir do ano 2015 coa firma do programa operativo.

Sabe perfectamente que no ano 2014 se aprobou a Estratexia de especialización intelixente, e sabe, porque foi obxecto de comparecencia por parte do Goberno, que esa Estratexia de especialización intelixente non só ampliou senón que tamén foi orientada dentro do Plan I2C. Polo tanto, estamos falando de que a política de innovación deste goberno tivo unha continuidade a través das diferentes ferramentas de planificación, pero sobre todo tivo unha continuidade dende o punto de vista orzamentario e, polo tanto, da concreción das diferentes actuacións.

Polo tanto, creo, señoría, sinceramente, que o relevante sería —e eu espero que na súa réplica centre o debate no Plan de I+D+i do Goberno e non da Consellería de Economía, Emprego e Industria— que puideramos ter un debate sobre a política de innovación da Xunta de Galicia e, polo tanto, sobre todas as actuacións dos departamentos da Consellería.

Señor Losada, eu agradézolle que lle recomende a esta Cámara un libro... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿A min? ¡Ah!, perdón. Eu xa o coñecía, e agradézoo. É o libro que, precisamente, fala do modelo de innovación de Israel e, polo tanto, eu entendo que vostede está de acordo, efectivamente, con que Galicia impulse as relacións e con que as nosas empresas e os nosos centros tecnolóxicos establezan un marco de colaboración en materia tecnolóxica e en materia de innovación con Israel. Loxicamente, nese contexto, estamos totalmente de acordo.

O que tamén é certo é que cando fai referencia a unha das iniciativas dentro da viaxe, que, efectivamente, foi a asistencia ao *OurCrowd*, debería tamén trasladar a esta Cámara que estaban representados 90 países e que estaban, polo tanto, as principais empresas que, efectivamente, intentan identificar diferentes tecnoloxías que se están a desenvolver en Israel e, polo tanto, establecer modelos de colaboración con empresas e con centros tecnolóxicos. Creo que aí o sector da automoción, o sector TIC, o sector biotecnolóxico e o sector aeronáutico, que foron os sectores que estaban representados nesta viaxe, xunto co presidente da Xunta de Galicia e os diferentes departamentos da Xunta, foron unha oportunidade.

E sobre todo foi unha oportunidade, señorías —e tamén intento recoller aquí a aportación do portavoz do Grupo de En Marea—, que a política de innovación da Xunta de Galicia fala de realidades. E esas realidades están no *Diario Oficial de Galicia*, non están nun *power point*. Por iso me sorprende que os grupos da oposición veñan falar aquí dun *power point*. Non, miren vostedes, vostedes veñen falar aquí de todo ou de nada, pero a realidade é que a política de innovación do Goberno está no *Diario Oficial de Galicia*, porque no *Diario Oficial de Galicia* están as diferentes iniciativas que se están a desenvolver na Industria 4.0. Polo tanto, aí temos esas convocatorias do concurso de ideas que xa teñen beneficiado a 70 empresas, ou esa convocatoria tamén que vai permitir que as pequenas e medianas empresas tamén desenvolvan proxectos dixitais e proxectos vinculados coa área TIC.

Pero o Goberno —como saben— está facilitando a innovación, polo tanto, nese mapa de apoio á innovación, a través das diferentes aceleradoras, tanto no sector da automoción, coa Business Factory; o sector da madeira, a través do CIS-Madeira; e o sector agroalimentario, a través da AgroBiotech; en definitiva, realidades que falan de, efectivamente, unha aposta do Goberno pola I+D+i con feitos reais e con orzamentos concertos. E todas esas medidas, loxicamente, tamén están permitindo reforzar e fortalecer o ecosistema de I+D+i coa contratación de investigadores; 300 investigadores, señora Presas, se puideron contratar a través dos diferentes programas Principia e Oportunus, que están nos orzamentos do ano 2018. E puideronse crear e manter 430 postos de traballo a través dos diferentes contratos-programa que se están a desenvolver cos centros tecnolóxicos e co propio CSIC. O Programa Inicia xa ten permitido facilitar apoio a sete iniciativas, cunha dotación de 2 millóns de euros. En definitiva, un apoio á investigación. E tamén a universidade recibe, loxicamente, o apoio con programas estables como os de axudas pre e posdoutorais. E, polo tanto, loxicamente actuacións para reforzar todo o mapa de I+D+i.

Creo, sinceramente, que o importante é falar dos programas. A min gustaríame saber se realmente a oposición apoia a creación de hubs de innovación dixitais, que é unha proposta concreta que trae o Goberno no Plan Galicia Innova. Gustaríame saber se a oposición, loxicamente, tamén apoia esa vocación internacional que ten o plan e, polo tanto, a capacidade que imos ter para desenvolver ese Plan de captación e de retención de talento para favorecer o ecosistema de I+D+i. En definitiva, o que me gustaría sería que, efectivamente, se concretaran as actuacións, porque son medidas concretas que se plantean por parte do Goberno.

A min gustaríame nalgún momento saber se o grupo de En Marea apoia ou non Rozas porque realmente estou un pouco, nese sentido, confuso, sobre todo cando hoxe trasladan aquí un proxecto que nada ten que ver co orzamento do polo industrial e tecnolóxico de Rozas que

está a promover o Goberno e que si conforma parte das actividades que se van desenvolver en Rozas, que é algo distinto. O Proxecto Fénix, como saben, é un proxecto adicional que vai desenvolver o INTA, máis aló da aposta dos 150 millóns de euros que vai aportar a Xunta de Galicia. Polo tanto, o único que se está a demostrar con Rozas son dúas cousas: en primeiro lugar, un fortalecemento das infraestruturas, cun investimento de 10 millóns de euros; e, en segundo lugar, a oportunidade non para que simplemente tanto Indra como Babcock desenvolven proxectos de I+D. Hai 18 pequenas e medianas empresas e centros tecnolóxicos que xa están desenvolvendo programas vinculados e contratos que están a desenvolver con Indra e con Babcock. Xa se teñen creado 188 empregos vinculados a Rozas. E adicionalmente o INTA vai desenvolver un proxecto que vai traer máis capacidade investigadora a Galicia con ese Proxecto Fénix e, polo tanto, coa sede en Rozas dese avión e desa plataforma de investigación meteorolóxica.

En definitiva, creo que hai unha aposta clara con medidas concretas que se recollen no Plan de I+D+i deste goberno. E, polo tanto, eu creo que sinxelamente do que hai que falar é de datos e de feitos concretos, que é o que se recolle non plan e —xa digo— espero que os grupos da oposición poidan plantexar na réplica os diferentes ámbitos.

Señor Losada, cando falados de mobilizar —vostede sábeo ben—, falamos de investimento público e privado. E, polo tanto, hai unha perfecta cuantificación sobre a aportación da mobilización pública que, co cofinanciamento da administración privada, conforma a mobilización. Polo tanto, cando falamos de 1.775 millóns de euros, estamos falando da capacidade que ten Galicia cos investimentos públicos, xunto co cofinanciamento e, polo tanto, co investimento privado que se vai desenvolver vinculado aos diferentes proxectos. Creo que son datos moi concretos.

E, por certo —un dato adicional—, este Plan de I+D+i, señora Presas, especifica as aportacións do financiamento público da Xunta de Galicia. Non recolle en ningún momento ningunha partida vinculada aos investimentos adicionais que vai aportar o Estado, por exemplo, a través do Proxecto Fénix.

En definitiva, creo que é unha aposta clara do Goberno pola I+D+i. O novo modelo de crecemento ten que basearse na innovación. E este plan centra o protagonismo —como lle dicía— no talento, nas persoas. Hai unha aposta clara por fortalecer o sistema de I+D+i tanto nas universidades, nos centros tecnolóxicos, como nos centros de coñecemento, pero sobre todo tamén hai unha aposta clara —sobre a cal tamén me gustaría que se pronunciara a propia oposición— pola colaboración público-privada, na cal o investimento privado ten que ser o elemento motriz tamén dos diferentes desenvolvementos de I+D+i, para que, efectivamente, o noso tecido empresarial poida ser máis competitivo a través de máis innovación e a través dun maior posicionamento no eido internacional.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Si, nalgunha cousa debemos equivocarnos a oposición. Se cadra, o Plan de innovación anterior funcionou tanto que xa inventaron o teletransporte e o aplicaron a este Parlamento, porque, visto o que teñen que dicir os deputados do Partido Popular, parece que estamos no Parlamento de Valencia e non no Parlamento galego. *(Aplausos.)*

E, efectivamente, antes de ir co señor conselleiro —aínda que non perderei demasiado tempo da miña vida co señor Tellado—, pois si, claro, efectivamente, lemos o *power point*. *(Aplausos.)* Bueno, deixeiño aí —chámelle PDF, porque é certo que viña convertido a PDF—, pero non ten nada que ver co que espero que sexa nalgún momento o plan desenvolvido e cun texto amplo, cando menos, un 90 % en comparativa coas duascentas e pico páxinas do plan anterior. Pero, desde logo, o que se nos trasladou, o que meteron por Rexistro, foi esa presentación que ten máis colorichos e gráficas que texto con explicacións. Igual vostede, na reunión do Grupo Parlamentario do Partido Popular, tiña máis información, pero a que tiñamos nós era esa á que nos referimos e que vostede, por certo, tampouco debeu ler demasiado, ou non lle debeu dar para moito, porque falou máis de Valencia ou da Lei de implantación empresarial que diso. Pero está claro que é o seu papel e non me vou estender máis niso.

Señor Conde, de verdade, non me tome o pelo. ¡É que non me tome o pelo! Porque —repítolle— a transversalidade non é opacidade. E nós claro que entendemos que, loxicamente, a innovación non ten que estar só na Consellería de Industria; efectivamente, non ten que estar só nos programas de innovación. Pero se vostede precisamente foi o que se referiu ao grao de execución deses programas e a que tiña aumentado, pois non me veña dicir que non indican nada e que non teñen nada que ver. ¡Home! Efectivamente, debe ser transversal, pero tamén entendemos que debe ser neste Parlamento onde se explique que parte corresponde a cadaquén e onde se explique que, loxicamente, se hai un programa nos orzamentos, que é o Plan galego de innovación, pois terá que preocuparnos algo como foi o nivel de execución nos últimos anos, que é dunha media do 70 %. ¡Pois claro que si! ¡Pois modifiquen vostedes a estrutura dos orzamentos, se queren, ou tomen outros indicadores que non lles gustan tanto, como o PIB, e cal foi a evolución do investimento a respecto do PIB! Porque desde logo é bastante dramática e tivo unha evolución complicada, cando menos. E vostedes rebaixaron —xa o dixen antes— o nivel de autoexixencia para dentro de dous anos; polo tanto, iso non nos vale. Parece que hoxe temos que vir con dobre ración de paciencia, e térébola, pero, desde logo, non nos vale.

E por suposto que insistimos en que para nós este plan chega tarde e chega mal, para empezar porque chega con menos información da que a propia Lei de innovación implica que debería ter. Polo tanto, ratificámonos niso e non nos valen esas desculpas.

E volvemos instalo a que, efectivamente, se vostedes queren, abran un proceso de diálogo onde poidamos elaborar propostas máis polo miúdo e haxa unha participación máis completa, como esa que se supón que están impulsando vostedes de cara a fóra. E aí terannos, pero é francamente complicado con estes alicerces.

Si que quería aproveitar a miña réplica para comentar algunha outra cuestión que non me deu tempo na primeira quenda sobre os cativos —entendemos— obxectivos que vostedes se marcan. Porque, por exemplo, vostedes din que apostan por incrementar nun 20 % o gasto empresarial en actividades innovadoras respecto de 2016, de 504 millóns a 605 no 2020. E outra vez anuncian o forte incremento dunha variable, cando a evolución desde o 2009 ata a actualidade é realmente negativa. Entón, nós claro que concordamos con que ten que haber mecanismos de innovación público-privada e con que a parte da empresa privada é fundamental nese camiño da innovación no noso país. Pero, desde logo, gustaríanos saber como, porque o investimento caeu nos últimos anos en máis de 200 millóns de euros; se o actualizamos co IPC, 217. Polo tanto, aquí houbo un descenso de case un 30 %, mentres no Estado é dun 20 %, só por comentar algún dos outros obxectivos que vostedes se fixan e que a nós nos parecen insuficientes.

De todos modos —insisto—, se a diferenza do que fixeron coa RIS3, que se limitou a debates puntuais e abstractos neste Parlamento, e a diferenza do que fixeron estes anos, onde non se molestaron en transmitir a esta Cámara cal era a valoración ano a ano do Plan de innovación, se deciden facer un cambio de rumbo nese sentido e contar coa nosa opinión, terana, pero, desde logo, o plan que nos presenta hoxe e a actitude que ten o seu grupo parlamentario francamente envía outra mensaxe. Vostedes, nas súas notas de prensa, salientarán que abren o diálogo, pero nós, desde aquí, temos unha percepción absolutamente oposta e preocupápanos, porque pensamos que non é tarde, pero que continuamos a perder un tempo valiosísimo e importante mentres no noso país marchan máis persoas capacitadas e temos un retorno moi, moi, moi cativo fronte ao que poderíamos estar impulsando cunha verdadeira política activa de retorno para os investigadores e tecnólogos que teñen marchado nos últimos anos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor presidente.

Señorías, señor conselleiro, claro que me gusta o modelo de innovación de Israel, 4,1 % do PIB, 0,87 % do PIB. ¡Claro que me gusta! O modelo gústame, o que non me gusta é a política orzamentaria en relación coa investigación e a innovación do Goberno galego. Eu creo que intentei que quedara claro dende o principio.

Hubs de innovación dixital, ¡perfecto! ¿Fondos cantos? Porque está moi ben falar de hubs de innovación dixital y de la nave galáctica, pero fondos... Un pequeno detalle sen importancia, tendo en conta que son plurianuais, pero algo.

Rozas, 75 millóns de euros de Indra e de Babcock. ¿Cantos está investido? ¿Cantos se mobilizou? ¿Cantos empregos están creados a día de hoxe? ¿Canto puxo a Xunta? É moi fácil, ¡eh! Son números, non me parece nada complicado.

1.800 millóns de euros mobilizados. Señor conselleiro, entón en catro anos non sae o 1,7 % do PIB. Ou hai tamén cuarta dimensión, como en Rozas, ou non sae. Tenme que dicir como se fai. Non sae, ou polo menos a min non me sae, e —insisto— regras de tres creo que sei facer.

Señor Tellado, só un par de cuestións. No ano 2010 o orzamento xa o fixo enteiro o Goberno do señor Feijóo. E, por certo, non houbo que devolver 2.000 millóns de euros, houbo que devolver 200. ¡Claro, 200!, non 2.000 millóns de euros. Eu comprendo que o escribe aí vos-tede, ten aí a historia escrita e está moi ben, pero non, son 200 millóns de euros. Había que devolver 2.000 no conxunto. Claro, polo tanto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois entón 2.000 non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois 2.000, perfecto.

Imos falar un pouco de Valencia. Mire, efectivamente, está ben falar de Valencia, porque xa tiñamos Soto del Real Corporation e agora temos a Branch Office de Picassent Corporation, entón imos ampliando a rede da multinacional.

A Lei 2/ 2012, do PP, é a lei que modifica esa lei, e era unha lei feita exactamente para que a Picassent Corporation en vez de ter 200 prazas tivera 400. ¿Sabe? Diso é do que estamos falando. Non me diga que non, ¡home! Pero se están entrando no trullo día si, día non. ¿Como que non? *(Aplausos.)* Entón, mire, de Valencia non falen. Porque xa vale coa Fórmula 1, pero ¡ata co Papa...!. Non falen de Valencia, por favor. Hai 15 comunidades autónomas máis, pero xusto de Valencia... ¡xa lle vale!, ¡xa lle vale. *(Murmurios.)*

Señor conselleiro, eu quería saber exactamente unha negociación sen publicidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se a señora Egerique está no debate. *(Murmurios.)*

Si, si, falo de Valencia e falo de Picassent, efectivamente, claro que falo. E se lles molesta, se lles molesta... *(Murmurios.)* aguántanse. Se lles molesta, aguántanse.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo de agora aínda non falei de complementos de vestir, diso aínda non falei. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A única diferenza é que o reloxo de Abel Caballero está sobre-seído. *(Murmurios.)* Ese é un pequeno detalle. ¡Ah!, claro. ¡Claro, claro!

O señor PRESIDENTE: Ao tema.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Negociado sen publicidade, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Ao tema, señor Losada...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Servizo de consultoría para a elaboración dunha estratexia de política de I+D de Galicia e sinerxía co plano de I+D galego e estatal. ¿Que é exactamente isto? Porque foi simultáneo a este power point e PDF. ¿É exactamente o mesmo, non é o mesmo? Porque se é o mesmo, a verdade é que non houbo ata agora moito tempo para a participación da cidadanía, porque exactamente a data é do 5 do 12 do 2017 e o prazo de execución era de dous meses e medio. Entón, insisto, ao mellor non é o mesmo, pero a min todo me parece indicar que debe de ser o mesmo.

E logo volvo ao 3PP, volvo á publicidade e á propaganda. O venres pasado saíron os convenios de colaboración da súa consellería asinados no terceiro cuadrimestre do ano 2017. A verdade é que para ser unha consellería de Economía, Traballo e Innovación, o 30 % dos convenios de colaboración con medios de comunicación. Ou están moi preocupados coas industrias culturais e de difusión cultural, ou todo parece indicar, señor conselleiro, que responde a outra estratexia, e estaría ben tamén que nalgún momento a contaran.

Empezou vostede falando de cambio de modelo e vou rematar falando de cambio de modelo. Levamos catro anos, do 2014 ao 2017, medrando no PIB. No caso dos tres últimos, un 3 % máis ou menos a media, acadando o nivel precrise.

Señor conselleiro, no sei se é competencia súa ou do conselleiro de Facenda ou do presidente Feijóo, ¿onde vai este crecemento? Porque os salarios perden sistematicamente peso no produto interior bruto desta comunidade, con e sen innovación, con e sen hubs de conexión dixital. Con todas esas cousas das que vostede fala aquí, pero que non son quen de trasladarse á vida diaria dos cidadáns desta comunidade autónoma, e xa non digamos aos traballadores.

Eu explícolle exactamente onde vai porque non hai milagres. Se non vai aos salarios, vai aos beneficios empresariais. E se hai outra alternativa, díganos aquí exactamente cal é, porque hoxe mesmo a Fundación BBVA publica os datos do monitor rexional. Pois mentres que o PIB medra máis ou menos o mesmo que o conxunto de España no 2017, e a previsión do 2018 e do 2019...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...o emprego medra menos da metade que en España. Tendo en conta os salarios medios desta comunidade autónoma, vólvolle repetir: ¿de verdade cre que o cambio de modelo que se está levando a cabo nesta comunidade autónoma, cun goberno presidido polo señor Feijóo, que leva gobernando dende hai nove anos, é un modelo de crecemento baseado na innovación e na investigación?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿De verdade cre vostede iso?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Sabe perfectamente que non é así, e que o modelo, señor conselleiro, é un modelo *low cost* para os traballadores. Ese é o modelo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Señor Conde, mire, eu a milonga como estilo musical folclórico valóroa moito, pero como ferramenta de debate nunha cámara como esta non a podo admitir, e hoxe aquí tivemos moita milonga.

Ao señor Tellado quero dicirlle dúas cousas. A vostede parécelle unha broma o que estamos a falar aquí, pero non o é, non o é. Mire, non se preocupe nunca vostede de como invistamos nós os dez minutos das nosas intervencións. Preocúpese de como nos fixeron perder 35 anos aos demais coas súas políticas. Diso é do que se ten que preocupar vostede. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E preocúpese tamén de escoitar, porque o *power point*, como vostede di, é o único que podemos loar desta presentación. Foi o resto o que criticamos, e falamos de datos; falamos moito de datos.

Escoitalle a un membro do PP falar de que queremos depredar Valencia paréceme... É que é tan serio que non me podo nin rir con isto. Vostede é un cargo do seu partido, é un dirixente do seu partido, ¿que está dicindo?

Mire, señor Conde, centrémonos nos contidos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa o fixemos na nosa primeira intervención, o que pasa é que os contidos —como xa lle dixen— evidencian unhas carencias irrealizables. Nós estamos a favor e imos tender a man e dar propostas que poidan fornecer realmente un investimento e un crecemento do I+D+i en Galicia, e ímolo facer altruistamente. Como xa evidenciamos, non dicimos que todo neste plan estea mal, o que dicimos é que falta unha parte, que é a base fundamental, que aínda non está posta, e polo tanto, non podemos tratar de alcanzar as estrelas cando aínda non temos posto o chan. Esa é a realidade.

Eu xa lle dixen na miña intervención que temos unha realidade que é que o 90 % das pemes galegas aínda está nunha Industria 1.0. Iso é unha realidade e vostede o sabe. Entón ¿como imos dar ese salto? ¿impos facer un proceso de sublimación e pasar do sólido ao gas? ¿Temos alquimistas ou temos técnicos?. ¿Que temos aquí? ¿Pero de que estamos a falar? (*Aplausos.*)

Mire, eu lle poñía un exemplo co tema do proxecto Fénix, que evidentemente non está dentro do Innova pero é un exemplo moi claro do tipo de investimentos —que eu non desprezo— que poden atraer ao polo de Rozas. Ese proxecto conta cun investimento do INTA, que é o Goberno de España, da Xunta e despois é un produto de autoconsumo, que imos consumir precisamente o Goberno de España. Pero eu iso non o critico, estamos falando de investimento de cartos públicos para consumo con cartos públicos, pero son 6 postos de traballo no conxunto. Pode crear unha serie de sinerxías que poden fornecer unha serie de tecidos, e niso estamos de acordo, pero non o vendamos como un macroproxecto que é a panacea para todo porque non é certo.

É dicir, ¿vostede sabe cantas persoas estaban traballando hoxe ás 12 da mañá no polo tecnolóxico das Rozas? ¿Sábeo concretamente? A día de hoxe, hoxe mesmo, ¿cantas persoas había traballando no polo das Rozas? ¿Cal é o grao de execución dos investimentos que hai feitos no polo das Rozas a día de hoxe? ¿Cal é? Porque esa información penso que é fundamental para nós poder facer achegas neste sentido e tratar de facilitar, e non facer unha oposición por opoñernos, que non é a nosa liña para nada.

Entón, creo que xa lle quedou claro que non estamos en contra do polo das Rozas, estamos en contra de que nos vendan unha quimera que non é certa. Hai moito camiño que facer e é unha aposta, e xa dicimos, unha aposta audaz. Pero para que esa aposta audaz teña froito, ten que ter unha base, e estamos denunciando que o que falta é a base. Hai que poñer os cementos primeiro e non están postos.

Captación de investimentos. Ben, o mesmo. Evidentemente, esa é unha tarefa difícil que vostede ten que facer, pero ten que facela cos pés na realidade porque os demais países non son parvos. Isto é un negocio, non son ONG. Non están aí a regalar os cartos. Vano facer cando teñan un retorno. ¿Cal é o retorno que imos ter en Galicia de cara a eses investimentos? Ese é un estudo, e parte fundamental, que eu non vin no Innova 2020. Non vin cales son os cálculos de retorno dos investimentos que imos ter a vinte anos, por exemplo. Nin unha estimación, non a vin. Igual son eu que non o souben ver, pero non o vin.

¿En que se parece, por exemplo, polo que dicía antes da realidade do noso tecido empresarial e dos salarios vinculados á excelencia e á Industria 4.0 coa realidade de Galicia? ¿En que se parece Israel a Galicia? ¿En que se parece a universidade de Israel ás universidades galegas? No seu modelo de xestión e no seu financiamento, ¿en que se parece a industria de Israel á industria galega? ¿En que se parecen as infraestruturas e as bandas de comunicación de Israel ás de Galicia? É que son casos distintos. Nós, evidentemente, podemos mirarnos aí e saber cara a onde queremos avanzar, pero non podemos establecer agravios comparativos porque, primeiro, non temos moito camiño andado que outros países xa teñen andado.

Xa lle digo, este plan é fabuloso se estivésemos en Alemaña ou en Bélxica, pero non estamos aí. Estamos en Galicia e temos unha realidade. Analicemos esa realidade e tratemos de avanzar cara a onde hai que avanzar. Non deamos pasos de xigante e deixemos polo camiño o máis importante.

¿Vender drones? Home, eu penso que é unha cousa interesante, pero hai que ter coidado como se venden. Hai estratexias de *marketing*. Eu podo darlle algún consello porque me dediquei ás vendas un tempo, e pódolle dicir que un argumento de venda moi bo non é precisamente tratar de venderlle drones a outro país para vixiar os montes despois de que se nos queimara todo menos un patacal que quedou nun curruncho. Non é a mellor forma de vender algo.

Pero agora, voltando á seriedade, nós cremos que para que este plan se desenvolva ten que haber un paso previo que non se está acometendo. Busquemos a forma de fortalecer precisamente esas empresas, esas pemes, que son as que xeran emprego, que son as que están innovando día a día, e dotémolas das infraestruturas para a automatización máis básica que

lles permita avanzar e estar, polo menos, nun posto de saída de cara a esa Industria 4.0 que eu, a este paso, non a vexo chegar nunca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Ou me expliquei mal ou non me queren entender. Eu non critiquei a Generalitat Valenciana, eu critiqueinos a vostedes. E dixen que a Generalitat Valenciana acerta cando nos copia a Lei de implantación empresarial. (*Aplausos.*) Son vostedes os que din unha cousa aquí na oposición e alí na Comunidade Valenciana fan a contraria. Polo tanto, acertou Galicia aprobando a Lei de implantación empresarial e acertou a Generalitat Valenciana copiándonos a lei.

Señora Presas, coincido con vostede só nunha cousa: Efectivamente, ten vostede razón, o *power point* está ben feito, é un bo documento. Dende logo, moi boa actitude pola súa parte, pero mans baleiras, ningunha proposta sobre innovación.

Con respecto ao señor Losada, o certo é que hai que recoñecer que xa era difícil ser voceiro de industria do Partido Socialista aquí neste Parlamento, moito máis difícil ser voceiro de industria e ao mesmo tempo secretario xeral de Vigo. Eu pediríalle un pouco de coherencia. Vostede, que é secretario xeral do PSdeG-PSOE en Vigo, a ver que vota mañá cando falemos da prisión permanente revisable, se vota o mesmo que alí onde vostede é secretario xeral ou vai votar en contra. ¿Vaise abster como en Vigo ou vai votar a favor con nós? (*Murmurios.*) Agardemos que vote a favor.

O único certo, señor Losada, é que resulta curioso, paradigmático, ver un membro do Partido Socialista falar de corrupción tan alegremente como se iso dos ERE de Andalucía non fose con vostede e co seu partido.

Miren, vostedes, os señores da oposición, pasan todo o día exixíndolle ao Partido Popular que veña a este Parlamento todos os días a desculparnos. Temos que desculparnos por ter unha maioría absoluta e temos que desculparnos por gobernar como nos piden os galegos que gobernemos, que é cumprindo o noso programa electoral. Temos que pedirilles desculpas, porque parece que a vostedes lles gusta moito pedirnos que escoitemos os galegos sempre menos cando os galegos falan nas urnas; aí non, alí vótannos a nós, pero temos que escoitar os galegos. ¡Oia!, escóitenos vostedes, porque hai un ano e tres meses os galegos votaron e dixéronlles a vostedes que nada de nada e a nós déronnos a responsabilidade de gobernar, nada máis e nada menos que o 48 % dos galegos que votaron.

Miren, nós temos que desculparnos —e se así o queren, facémolo— por sacar a Galicia da crise. Temos que desculparnos por facer que Galicia medre ao 3 %. Temos que desculparnos por crear ao longo do último ano, ao longo dos últimos doce meses, 20.000 postos de tra-

ballo. Temos que desculparnos por bater récords de exportacións ano tras ano. Temos que desculparnos hoxe, señor conselleiro, por ter unha estratexia de innovación para facer de Galicia un territorio cunha economía cada vez máis competitiva. Os señores da oposición queren que nos desculpem por saber mirar cara a fóra, por buscar novas oportunidades de negocio e por buscar novos mercados e intentar captar investimentos na nosa comunidade. Temos que desculparnos, señor conselleiro, porque o orzamento da Axencia Galega de Innovación medra este ano un 26 % con respecto ao ano anterior.

É que, claro, eles son os da superioridade moral, están por riba de todo, por riba de todos. E por iso temos que escoitar o representante —ausente— desa gran maioría social, o señor Villares, dicir que, claro, eles representan a maioría social de Galicia e non a representa o Partido Popular. ¡Oia!, miren, ¿poderían definirnos que é iso da maioría social para vostedes? ¿Acaso a maioría social é o 19 % dos galegos que os votaron? ¿Acaso a maioría social son esas 8.000 persoas que participan neses procesos? ¿A maioría social son os 250 señores que apoiaron o señor Villares para ser o líder dese partido, desa coalición?

Miren, eu o único que sei é que o señor Villares, se fose un pouco humilde, se hoxe volveramos chamar os galegos ás urnas, señor Lago, ¿sabe que pasaría? Primeiramente non estaría nada claro que o señor Villares fose o candidato do seu propio partido. (*Murmurios.*) Se fose o candidato, seguramente non sería a segunda forza. Pero a certeza absoluta, señor Lago,...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...é que o Partido Popular voltaría obter unha maioría absoluta como obtivemos hai un ano e tres meses. (*Aplausos.*)

Miren, o importante da innovación, señores das Mareas de Podemos, é ese desenvolvemento, un modelo de transferencia, un modelo que permite que haxa unha colaboración pública e privada. Xa sei que temos conceptos moi distintos da colaboración pública e privada. Para nós a colaboración público-privada permite que a innovación, o talento se transmita aos nosos sectores produtivos; vostedes a colaboración público-privada enténdena dende outra perspectiva: hai que ser firmante da Marea e hai que estar nesas listas de amigos. Desa corrupción vostedes non queren falar, desa que permite acceder a pisos. (*Murmurios.*)

Miren, esa é a realidade. Eu sei que os molesta moito que os chamemos As Mareas de Podemos. É verdade, señor Lago: As Mareas de Podemos non é o máis correcto. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O máis correcto sería, señor Lago, As Mareas de [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións*) (*Risos.*), ou, en calquera caso, se falamos das confluencias na cidade da Coruña, mellor que Las Mareas de Podemos ou Las Mareas de [...] (*Murmurios.*)...,

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Non, non, perdón.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ..., señor Lago, o mellor sería chamarse Idealista.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Señor Tellado, non me pareceu adecuada a expresión... *(Murmurios.)* —perdón, vou comezar, aínda non saben o que vou dicir, creo que será primeiro normal que me escoiten—. Eu recibín o outro día unha queixa —e eu transmítoa— dun portavoz dun grupo parlamentario, neste caso do portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea; non está de acordo con que se dirixan a eles como Grupo Parlamentario das Mareas de Podemos.

Eu trasládollelo *(Murmurios.)* ...Perdón, perdón, xa sei que iso... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non me diga, señora Prado, o que eu quero dicir. A min trasládanme iso, eu trasládoos a quen o utiliza; xa sei que non se pode considerar un insulto, e, polo tanto, *(Murmurios.)* isto non é un asunto que eu catalogue como chamada. Eu trasládollelo a vostedes para, na medida do posible, se iso se pode reconducir. E, polo tanto, creo que hai determinadas expresións que hoxe se utilizaron aquí que a min non me pareceron adecuadas, por exemplo iso das Mareas. Por iso, señor Tellado, pídlle que retire o das Mareas de [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)* *(Murmurios.)* Eu pídlle que a retire, pídlle que a retire, porque non me parece que sexa adecuado; pídlle que a retire.

(O señor Tellado Filgueira pide a palabra.)

Déanlle voz ao escano do señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: A verdade é que me vin obrigado a falar do partido das Mareas de Podemos ante a increpancia permanente do señor Lago; polo tanto, tiven que aclararlle algo que a el o molesta moito. Sen lugar a dúbidas, é que popularmente a xente o coñece como Las Mareas de Podemos e do que se trata é de que a xente entenda, e, polo tanto, eu non podo retirar algo que comunmente é aceptado na rúa: Las Mareas de Podemos.

O señor PRESIDENTE: Non, eu refírome ás Mareas de [...] *(Risos.)* Pido que retire esa expresión. *(Murmurios.)* Si, si, pido que retire esa expresión. Eu pido que retire esa expresión e a outra é unha suxestión que eu lle traslado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: É verdade que *no pudieron*, pero, en calquera caso, deixámolo en Las Mareas de Podemos.

O señor PRESIDENTE: Eu trasladei esa petición.

Queda retirada esa expresión.

(O señor Lago Peñas pide a palabra.)

Si, señor Lago, ¿para que quere a palabra?

(Murmurios.) (O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, perdoe un momento. Quero saber para que quere a palabra. Perdón, por favor, quero saber para que quere a palabra e despois vai terminar o conselleiro. ¿Para que quere a palabra?

O señor LAGO PEÑAS: Hai unha alusión directa do señor Tellado agora mesmo.

O señor PRESIDENTE: Non.

O señor LAGO PEÑAS: Só quería...

O señor PRESIDENTE: Esa non a considero eu así.

Grazas. (O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa o trasladai. Está trasladado, señor Lago.

Terminou o seu turno.

Señor conselleiro, para rematar esta comparecencia.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Creo que hoxe os portavoces da oposición volven perder unha oportunidade sobre todo de falar das necesidades das empresas, de falar das necesidades dos centros tecnolóxicos, das universidades, en definitiva, de traballar nese novo modelo produtivo no que queremos impulsar a Galicia para que sexa a través da innovación, da Industria 3.0, como efectivamente nos podemos diferenciar do resto dos países e, polo tanto, como Galicia pode ter un espazo e un protagonismo na economía global.

Por iso, señor Losada, Galicia non traballa nun modelo *low cost*, nin para os traballadores nin para a nosa industria. Galicia o que traballa é para un modelo de innovación no cal nos poidamos diferenciar, e, polo tanto, este plan Galicia Innova 2020 precisamente recolle esas medidas que entendemos dende o Goberno que permiten que o noso ecosistema de I+D+i poida impulsar un crecemento intelixente baseado na innovación e que, polo tanto, teñamos en Galicia un crecemento sostible, que traia máis emprego, máis emprego de calidade, e que, polo tanto, poidamos competir nesa economía global.

Ese é o obxectivo, esas son as medidas, e eu o que lamento é que a oposición tampouco na réplica centrara o debate nas medidas que se conteñen no plan e que, polo tanto, intentan darlle contido a ese novo Plan de I+D+i, que, como dicía ao principio da miña intervención, centra o protagonismo nas persoas, non nas infraestruturas, e que o que pretende é precisamente, a través de medidas concretas, adiantarse e que Galicia poida estar á vangarda en materia de innovación.

Por iso, señora Presas, creo sinceramente que non corrixiu o seu erro. Creo que é importante non confundir o Plan de I+D+i do Goberno coa política de innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e por iso, sinceramente, creo que as súas reflexións simplemente non concordan co que vimos discutir aquí esta mañá.

Señor Merlo, claramente o obxectivo do Goberno é traballar no impulso á Industria 4.0 e somos conscientes de que, loxicamente, o grao de desenvolvemento desa Industria 4.0 no noso tecido produtivo é heteroxéneo, e por iso hai que introducir medidas que precisamente impulsen e permitan ao noso tecido produtivo camiñar cara á Industria 4.0.

Pero iso, como lle dicía ao principio, está no *Diario Oficial de Galicia*. Está esa orde de «fábrica intelixente», que está permitindo que empresas como Televés ou PSA Peugeot Citroën estean desenvolvendo I+D na nosa comunidade autónoma. Está ese concurso de ideas 4.0, que está permitindo que 70 empresas, pequenas e medianas empresas galegas, estean investindo en tecnoloxía orientada ao 4.0. Está esa orde de axudas de dixitalización no eido TIC, orientada ás pequenas e medianas empresas, que vai permitir un investimento de 5 millóns de euros este ano 2018, precisamente para que as máis pequenas tamén poidan recoller esas oportunidades en materia de Industria 4.0.

E, polo tanto, nós falamos de realidades. Creo que, honestamente, en Galicia temos un capital humano altamente cualificado. Creo que temos tres universidades da máxima excelencia, con 28 centros tecnolóxicos de vangarda. Creo que temos unha industria que ten sectores estratéxicos e sectores emerxentes que están dando unha resposta. E por iso creo que este plan responde a unha realidade, á realidade que nos están a demandar os centros de coñecemento e o tecido produtivo.

O punto de partida, loxicamente, é a colaboración. Por iso temos que mirar cara a países que, efectivamente, teñen desenvolvido proxectos e modelos importantes de I+D+i, e por iso temos que centrar esta política nunha alianza, unha alianza da Administración coas empresas, cos centros de coñecemento, e, polo tanto, permitir que Galicia poida seguir avanzando nesa actividade investigadora.

Hoxe somos a quinta comunidade autónoma que máis inviste nesa actividade investigadora, e dende logo o Goberno o que intenta é precisamente servir para promover esa maior actividade.

Señor Losada, non podemos mesturar os conceptos, porque sabe perfectamente que o investimento de I+D+i sobre o PIB é unha contía distinta á do propio Plan de I+D+i, porque o Plan de I+D+i só contén aqueles investimentos nos cales participa a propia Xunta de Galicia. Polo tanto, non son comparables, e por iso facer regras de tres, neste caso, con dúas medidas que non son comparables simplemente nos levaría a cometer un erro.

En definitiva, señorías, este Plan de I+D+i do Goberno, o Plan Galicia Innova 2020, centra as súas prioridades no coñecemento científico e tecnolóxico, na transferencia do coñecemento, e sobre todo procurar un retorno para que ese investimento se poida converter en maior crecemento económico, maior emprego e, polo tanto, un mellor posicionamento.

Para iso temos tres retos, tres vías, nas que queremos traballar: xerar esa transferencia de coñecemento especializado. Queremos que a investigación estea conectada coa industria e conectada coa sociedade; é un elemento fundamental deste plan. E, por iso, temos que traballar cos centros tecnolóxicos, coas universidades, e tamén, loxicamente, reforzar a investigación en áreas industriais, en áreas da Industria 4.0, da biotecnoloxía ou da aviación civil non tripulada. Por iso temos que impulsar a captación de retención de talento innovador, centrando ese coñecemento nas persoas. E por iso tamén teremos que prestar especial atención a dotar de recursos as pequenas e medianas empresas, con feitos.

Como dicía, señor Merlo, Rozas é unha realidade. Vostedes intentan trasladar nas súas intervencións que este plan, que vai mobilizar 1.775 millóns de euros, é unha quimera. Pero iso mesmo dicían de Rozas; hoxe Rozas é unha realidade. Igual que este plan, coa colaboración de todos: da Administración, das empresas, dos centros de coñecemento, vai ser tamén unha realidade.

En definitiva, señorías, o Plan Galicia Innova vén ser a guía que poñemos á disposición do ecosistema de I+D+i, precisamente, para que Galicia poida estar á vangarda da innovación, que Galicia poida contribuír a ese modelo produtivo, e, en definitiva, que poidamos seguir avanzando en obxectivos concretos como é incrementar ese 10 % os traballadores ligados á I+D+i, un 15 % de empresas innovadoras, e incrementar un 20 % tamén o investimento privado en innovación.

A fórmula é moi sinxela: unha fórmula a través dunha alianza entre Administración, os centros de coñecemento, os sectores estratéxicos da industria galega. E creo, sinceramente, que temos que traballar todos xuntos para que Galicia se poida seguir posicionando en materia de I+D+i como o seu elemento diferenciador. Hai países que están centrando o seu modelo de crecemento, o seu modelo produtivo, no *low cost*. Galicia fai unha aposta pola innovación, pola Industria 4.0, polo emprego de calidade e por un crecemento intelixente e sostible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro e cuarto da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e quince minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, co punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de servizos sociais

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

«Poñer en marcha de xeito inmediato un plan de atención as persoas en listas de espera tanto para unha avaliación como para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia, coa dotación orzamentaria e de recursos materiais e humanos preciso, que contemple:

- O dimensionamento do cadro de persoal da Consellaría de Política Social co número preciso de profesionais para eliminar a demora que existe no rexistro de solicitudes de dependencia, na realización das avaliacións e da PIA.

A realización de todas as accións precisas para garantir unha rede pública cos recursos que as persoas en situación de dependencia precisan, e garanta a equidade no acceso, nomeadamente residencias, axuda no fogar e centros de día.

Poñer en marcha de xeito inmediato medidas dirixidas a dotar de persoal suficiente as EVO, para rematar coas listas de espera no recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Xestionar a miseria é o que pode facer a Xunta coas súas políticas sociais. En primeiro lugar, porque —como xa dixemos tantas veces— os cativos instrumentos e orzamentos da Autonomía non son capaces de responder á magnitude da crise social actual nin tampouco aos problemas estruturais que ten a economía galega. Pero, en segundo lugar —como tamén reiteradamente vimos denunciando—, porque o Goberno galego renunciou a trasladar orzamentariamente a fase alcista da economía que se iniciou en 2014, reducindo o peso do orzamento da Xunta no conxunto da economía galega.

Así pois, a desigualdade —que xa era un elemento estrutural da sociedade galega— consolidouse coa crise e temos un panorama desolador, porque Galiza combina a peor evolución laboral do Estado cun aumento do custo da vida, e o resultado é o aumento durante a crise dos niveis de pobreza relativa e da desigualdade. Pese a isto, o investimento en servizos sociais en relación co PIB segue sendo dos máis baixos do Estado. A nivel de emprego —xa llelo dixemos tamén este luns—, tardarán vinte e cinco anos en recuperar —se seguen a este ritmo— os niveis previos á crise.

Por iso non queríamos deixar de enmarcar esta nosa proposta de aumentar o investimento en servizos sociais no contexto xeral de desigualdade, que realmente pois non atinxe soamente ao noso país, trátase dun contexto global de caída do modelo dos Estados de benestar

e de triunfo do capital financeiro. Non é un discurso rancio dos recortes —como creo que sinalaba hoxe o señor Tellado— porque é o discurso apegado á realidade social. As persoas que este domingo saíron á rúa, xente maior —que viu a conquista dunha sanidade de proximidade como unha conquista súa, como unha conquista social—, non se manifesta por esa idea rancia de que hai recortes e de que está dominando o capital financeiro as nosas vidas; maniféstase porque os percibe no aumento de listas de agarda ou na falta de persoal. Iso mesmo pasa nos servizos sociais, e por iso quixemos enmarcar a nosa moción neste contexto. Porque, unha a unha, segundo iremos desgranando as nosas propostas, teñen que ver con corrixir a política do Partido Popular: poñer os negocios por riba das persoas.

Por iso somos conscientes tamén —xa o adiantamos— de que as nosas propostas son mínimas, son cuestións mínimas que poden atallar nalgunha medida o devalo social do país. Pero son insuficientes na medida en que deberían vir acompañadas —xa se dixo esta mañá en reiteradas ocasións— dos cambios lexislativos que se fixeron durante a crise, da derogación deses cambios lexislativos no marco estatal que puxeron as institucións ao servizo da Troika —como xa lles sinalou En Marea pola mañá—. E que nin sequera quizais é suficiente nun Estado sen soberanía monetaria o que se poida facer no Estado e que cómpre tamén ter unha perspectiva continental. Pero, en fin, vaíamos ao que nos toca, que son os orzamentos da Xunta.

Nós, na alternativa orzamentaria de En Marea, xa propoñiamos elevar notablemente o investimento en políticas sociais. Por iso propoñemos nesta moción que nos orzamentos do 2019 —pódeno facer se o consideran— o investimento en acción e promoción social se eleve cando menos en 120 millóns de euros. Temos que reverter a caída do peso do orzamento da Xunta no conxunto da economía. A alternativa orzamentaria de En Marea era viable e así llelo propuxemos nos orzamentos do 2018; non o aceptaron, teñen a oportunidade de comprometerse cara ao 2019.

Isto somos conscientes tamén de que ten que vir acompañado dun cambio para os concellos. No Informe de desenvolvemos dos servizos sociais en Galicia —que sinalamos na interpe-lación— o noso país ocupa o número décimo terceiro en canto a desenvolvemento do sistema de servizos sociais no conxunto do Estado. Isto inclúe tamén os concellos, non só a Xunta. Pero é que hai que ter en conta que estes concellos estaban amordazados por eses cambios lexislativos dos que falabamos, que lles recortan recursos e sobre todo a capacidade de ter persoal para atender os servizos sociais; servizos que, por certo, malia non ser da súa competencia, durante a crise se tiveron que facer cargo deles por deixación tamén das administracións superiores, como é o caso da Xunta.

Outra das cuestións que propoñemos —aínda que sexa unha moción sobre aumento do investimento en servizos sociais— é tamén aumentar os orzamentos en materia de promoción do emprego. É fundamental. Na nosa sociedade o emprego ata o de agora era —digamos— o garante da inclusión social, mais neste momento o emprego xa non garante saír da pobreza. Por iso, ademais de promocionar o emprego, máis e mellor emprego é o que precisa este país para deter o devalo demográfico. Sinalaba o conselleiro estes días que vai haber unha Lei de impulso demográfico; por moita lei que fagan, se non temos empregos dignos, non haberá un cambio demográfico.

Pero, á parte de que necesitamos emprego, necesitamos tamén un cambio no modelo da Risga. ¿Por que? A Risga non é reformable na medida en que a crise trouxo novas formas de pobreza, trouxo novos perfís de pobreza, perfís relacionados tamén con ese emprego precario. Por dar un dato, para o 2018 vostedes poñen que percibirán a Risga unhas 10.800 persoas, pero é que en 2016 había 154.306 persoas cobrando menos de 3.000 euros de ingresos anuais. É urxente reformar a Risga. Por iso nós propoñémoslles unha proposta dunha primeira fase dun cambio para un modelo de renda social que non sexa condicionada, que elimine burocracia innecesaria e que permita ás persoas a inclusión social, porque non o está facendo.

Os problemas da Risga durante estes anos impulsaron unha lei, a Lei de inclusión social, que non tiña consenso entre as persoas profesionais. No seguinte ano desa lei houbo atrasos tremendos na tramitación da Risga. E logo houbo denegacións da Risga que raian no delituoso; persoas que non tiñan outro recurso de protección social non podían acceder á Risga por requisitos inasumibles e que o propio persoal técnico dos servizos sociais dos concellos lles dicían que non eran de recibo. A Risga non hai que reformala, hai que derogala e hai que ter outro modelo. Por iso teñen a oportunidade de apoiar ir camiñando cara a el.

Outro punto que propoñemos é a necesidade de recuperar os dereitos do emprego público. É fundamental un persoal suficiente con boas condicións laborais para prestar servizos de calidade. Xa sinalamos aquí o exemplo dos centros de política social con persoal saturado, cos dereitos recortados pola famosa Lei de emprego público, que, á súa vez, si continúa a senda das leis estatais que recortan dereitos. Persoal saturado, persoal sen descanso é igual a maior accidentabilidade laboral e o corenta e pico por cento da mesma débese ao sobreesforzo. Polo tanto, temos que reverter esa situación se queremos servizos sociais de calidade.

Outra das cuestións que propoñemos é deter a privatización na área de menores, que é unha das áreas —a dos servizos sociais especializados da área de menores da Xunta— con maior grao de privatización. Están privatizados programas, están privatizados servizos como o de atención psicolóxica, ou están moi privatizados os centros de atención a menores que deben ser internados nun centro. Nós propoñemos impulsar a xestión pública do acollemento de menores, porque non é de recibo que a maior parte desta atención teña que ver coa xestión privada. Novamente estamos nesa cuestión de primeiro os negocios, logo as persoas.

¿Exemplos? Podemos ir a exemplos concretos: o Centro de Menores de Montealegre. Continuamente na Comisión 5ª tense traído esa situación de que continúa pechado e se mesturan noutro centro perfís de menores que non deberían estar mesturados.

Diversidade funcional. Non saímos de Ourense. É preciso aumentar a atención residencial a persoas con diversidade funcional no eido público. Temos aí o famoso Centro de Atención á Diversidade Funcional, unha mobilización social da provincia de Ourense enteira, que levou a rectificar a Consellería, a recoñecer que facía falta un centro público de atención á diversidade funcional en Ourense. E, aínda así, neste ano pois apenas se consignan fondos para o mesmo.

Outro dos puntos. Necesitamos urxentemente máis prazas de acollida para mulleres vítimas de violencia machista. É dramática a situación na cal, por exemplo, a Casa de Acollida de

Mulleres da Coruña se atopa saturada e as mulleres vítimas de violencia machista da área de Santiago teñen que ir a Ferrol ou mesmo a Vigo cando non hai praza, e mesmo teñen que decidir rapidamente nun ou dous días se aceptan esa praza porque non hai prazas, enseguida quedan sen praza. É fundamental isto, aumentar os fondos para centros de acollida de mulleres vítimas de violencia machista. Por comezar por un punto, no 2019, unha casa de acollida para a área de Compostela.

Dependencia. Xa o falamos o outro día. É fundamental exixir que o Estado asuma o 50 % do gasto total. Pero é que, ademais, somos unha das comunidades autónomas con maior copago nos servizos cando a pensión media é das máis baixas. A famosa carta entón anunciando a suba do 0,25 % é unha burla, tendo en conta ademais que as persoas maiores galegas perderon un 3 % do poder de compra de media dende o 2010.

Outra situación que cómpre atallar. Sendo o noso país un dos que ten unha maior taxa de persoas sen fogar, é fundamental unha estratexia galega. A isto respondéronnos estes días a unha pregunta de En Marea dicindo que si, que van facer e que están facendo un estudo, e que o están facendo en colaboración coa Cruz Vermella. Pero ata o de agora negáronnos, mesmo en Comisión, a necesidade de impulsar unha iniciativa específica, un modelo específico de atención ás persoas sen fogar, cando é algo que llelo exige a propia Unión Europea e o propio plan estatal.

Residencias públicas. Non me queda tempo pero creo que foi exposto suficientemente na interpelación. Temos un modelo privatizado en lugar de tender cara á dotación de máis prazas públicas. Á Xunta cústalle máis pagar unha residencia nun centro concertado, cústalle máis que unha persoa estea nun centro concertado que unha praza pública. Polo tanto, cómpre cambiar o modelo, porque estamos nunha cuestión de modelo: ou os negocios ou as persoas. Así, propoñemos que se reverta, que se aumenten as prazas públicas en residencias da terceira idade ata cubrir cando menos en 2020 a demanda existente.

É unha cuestión de modelo. Todas as propostas que lles traemos son de modelo: modelo de apostar polo público, de apostar polas persoas fronte aos negocios. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Vou empezar dicindo que imos apoiar esta iniciativa que presenta En Marea, unha iniciativa que aborda moitos dos aspectos relativos á dependencia, á discapacidade, a menores..., é dicir, que aborda cantidade de temas que están sen resolver.

E presentámoslle unha emenda simplemente para incidir nuns aspectos que ao BNG nos preocupan moito. E é que, dentro desta realidade, a situación das listas de espera, tanto de dependencia como listas de espera en discapacidade, para ser avaliadas —e que, polo tanto, desa avaliación derive o recoñecemento dos recursos pertinentes—, seguen a ser tremendamente elevadas e non se lles está dando resposta.

E logo para incidir tamén nunha cuestión que queremos deixar clara. Facía agora referencia a deputada de En Marea a residencias públicas e a dispositivos públicos. Pero non son poucos ás veces, senón que eu diría que incluso case sempre que por parte do Goberno do Partido Popular se refiren ás prazas que con orzamentos públicos se pagan en entidades privadas, chámanlles prazas públicas porque son pagadas con recursos públicos.

Co cal eu dou por suposto que a autora da iniciativa si o ten claro, pero, para que quede realmente claro que o que estamos a defender no BNG é unha rede propia, un cambio de rumbo que na vez de recursos públicos para capitalizar empresas privadas o que queremos deixar ben claro é que queremos recursos públicos para crear unha rede pública enteiramente pública. Non que sexa a mesma folla de ruta que no caso da sanidade ou no caso do ensino, que baixo esas figuras de concertos ou colaboracións, ou convenios, o que está facendo é que non exista unha auténtica rede pública. E que no momento en que por algunha razón se deixen de ter estes concertos encontraremos con que, co Goberno galego, os galegos e as galegas non temos unha rede propia. Non temos centros propios, porque o que se está facendo é destinar eses cartos públicos a que sexan as empresas privadas as que creen esas infraestruturas.

E por iso a razón de ser da emenda, que o que pide pois é iso: poñer en marcha de xeito inmediato un plan de atención ás persoas en lista de espera, tanto para unha avaliación como para que se materialicen as axudas que teñan recoñecidas a través da Lei de dependencia. O dimensionamento do cadro de persoal da Consellería de Política Social, tanto para eliminar as demoras no rexistro de solicitudes de dependencia, da realización das avaliacións e do PIA, e o mesmo no que se refire ao EVO.

Dende logo, preocúpanos moito que a realidade de Galiza sexa unha poboación envellecida, que vaia en aumento e que diso non deriven actuacións que vaian solucionar estes problemas. Preocúpanos moito, sendo Galiza unha das comunidades máis envellecidas e, polo tanto, onde o peso da poboación en situación de dependencia é moito máis elevado en relación coa poboación total, que os recursos destinados a atender esta situación de dependencia estean, por habitante, por debaixo da media de gasto do Estado. Preocúpanos que esa tendencia, na vez de rectificarse, vaia en aumento e, dende logo, parécenos máis evidente que son precisas as cuestións que se establecen aquí na iniciativa, que é necesario aumentar os recursos para rematar co limbo da dependencia.

E dun xeito tamén a salientar preocúpanos o que está a significar para moitas persoas non ter recoñecido o dereito de discapacidade. Isto o que fai é que a falta de recoñecemento deste grao supón a demora no acceso a determinados beneficios sociais que supoñen unha mellora no económico, no familiar, no acceso á formación ou a facilidades para acceder a un emprego.

Moitas destas persoas, en tanto non teñen recoñecido o grao de dependencia, non poden acceder a ningunha destas cuestións. E estamos a falar de demoras non de días, nin sequera de meses, estamos a falar de demoras de anos. Co cal parece evidente que o prexuízo que se lles está a causar a estas persoas é máis que evidente. Son cuestións que vimos reclamando

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Nós imos votar a favor desta iniciativa. É certo que se tratan moitos puntos, que é case, señora Vázquez Verao —permítame dicir—, un programa electoral completo, porque trata, como dicía, moitos temas, pero si que consideramos que é importante cada un deles e todos en conxunto.

E éo porque en Galicia hai agora mesmo, segundo datos do propio Ministerio de Hacienda, 1,2 millóns de persoas que están en situación de precariedade; no mellor dos casos, son mieuristas e, no peor, están situados xa no umbral da pobreza. Ante esta situación, o que se deba requirir ou que se entenda que deba facer un goberno é investir en servizos sociais. Pois non. Vou dar varios datos que creo que son significativos.

O Informe do índice de desenvolvemento de servizos sociais indícanos que somos o terceiro posto pola cola en financiamento. Investimento habitante/ano: 274,91 euros; o terceiro pola cola; suspenso. Atención en prazas residenciais, 1,08 por cada 100 habitantes, fronte aos por exemplo 4,5 de Extremadura; en dependencia, suspenso; índice de cobertura de 6,4, en España unha media dun 8,5.

E imos a outro informe oficial, que non é do Grupo Socialista, do Imsero, o informe do Ministerio de Sanidade. Servizo de axuda ao domicilio, suspenso; índice de cobertura por debaixo da media estatal. En teleasistencia, suspenso; índice de cobertura, señorías, catro veces por debaixo da media estatal. Centros de día; financiamento público dos centros de día nesta comunidade autónoma, 54 %; en España, o 40 % de media. Atención residencial; o número de prazas privadas en Galicia son o 68 %; en España, de media, o 44 %.

Entón, claro, cando alguén di que os servizos sociais en Galicia van ben, nós dende logo o que dicimos é o de sempre: cando se revisan estes informes —joh, casualidade!—, aquelas comunidades que están gobernadas pola dereita ofrecen os peores índices en case todo, e é precisamente porque a igualdade de oportunidades é, por moito que moleste as señorías do Partido Popular, unha cuestión totalmente ideolóxica. O non investir en servizos sociais non é unha casualidade, non é unha coincidencia.

Aquí falaba antes a señora Vázquez Verao do Centro de Atención a Persoas de Diversidade Funcional de Ourense, que si é certo que tiveron que saír ás rúas para que a Xunta simplemente se planteara este tema na única provincia que non conta cun centro destas características, e resulta que o orzamento vemos este ano que é claramente insuficiente e que non hai un programa plurianual para poñelo en marcha e que non se vai facer, tal e como se prometeu a esas familias.

E poderíamos falar en materia de diversidade funcional tamén de por que o Cegadi, ese centro importantísimo en Santiago de Compostela, que foi tamén proxectado por un goberno

progresista e cuns terreos que se cederon tamén polo Concello de Santiago cando estabamos a gobernar, leva anos paralizado; un centro á vangarda en materia de discapacidade que está totalmente paralizado e que nos veñen prometendo un ano tras outro que vai abrir xa, que non desesperemos, e resulta que ese centro non dá chegado.

Co cal nós si que pensamos, si que vemos que é necesario incrementar ese orzamento en materia de servizos sociais, si que pensamos que é unha cuestión ideolóxica —como lles dicía— que os gobernos da dereita suspenden en financiamento e que hoxe, como está moi ao día, podemos dicir que, escoitando o señor Correa no Congreso dos Deputados, aínda que suspenden en financiamento de servizos sociais, está claro que en financiamento ilegal de partidos políticos teñen un sobresaliente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Hoxe o Grupo de En Marea presenta unha moción, que contén concretamente doce puntos, onde se abordan cuestións diversas como os orzamentos da Xunta de Galicia, a política de menores, a dependencia, a violencia de xénero, o emprego, as prazas públicas, a renda social, etc. Estamos falando de que practicamente é unha emenda á totalidade da política da Xunta de Galicia. E ¿por que? Pois podemos resumir esta moción en que non lles gusta o modelo do Partido Popular e o que queren é que a Xunta de Galicia aplique o modelo das Mareas. Pois ben, para saber se o modelo das Mareas é correcto ou non é correcto para aplicar na nosa comunidade, debemos de analízalo; analizar cal é o seu modelo orzamentario, analizar cal é o seu modelo da renda social e analizar o seu modelo de xestión.

En primeiro lugar, vostedes na súa moción queren que a Xunta de Galicia incremente o orzamento. O orzamento da Consellería de Política Social incrementouse nos últimos cinco anos en 293 millóns de euros. Para este ano 2018 Galicia conta con máis de 700 millóns de euros a través da Consellería de Política Social. ¿E cal é o seu modelo de financiamento? ¿Cal é o seu modelo de orzamentos? Pois miren, os que suspenden en financiamento de servizos sociais son vostedes, non é o Partido Popular da Xunta de Galicia. Porque miren, concellos como o de Santiago, Vigo ou Pontevedra lideran ese ránking dos concellos que menos invisten en servizos sociais, que menos invisten nas persoas. Polo tanto, a nós parécenos moi ben que vostedes queiran máis orzamentos para as políticas sociais, pero revisen o que están vostedes facendo nos seus concellos cos orzamentos para servizos sociais.

Pero claro, é que non soamente é que non dediquen cartos aos servizos sociais, senón que os cartos que vostedes orzan logo non os executan. Miren, concellos como Santiago, A Coruña ou Ferrol lideran ese ránking de concellos incumpridores, que tendo asignada unha partida para servizos sociais non a gastan, non a executan. Concretamente, o Concello de Santiago deixou o 78 % sen executar; o Concello da Coruña, o 71 % sen executar; o Concello

de Ferrol, o 69 % sen executar. Claro, así calquera pode incrementar os orzamentos de servizos sociais e despois deixan de executar o 78 % que lles correspondería investir en servizos sociais.

Pero claro, a Risga non lles serve, a Risga non lles gusta, gústalles esa verdadeira renda social que eles están poñendo a funcionar nalgúns concellos. A Risga da Xunta de Galicia incrementa o seu orzamento e destina 62,4 millóns de euros. Durante o 2017 máis de 14.500 persoas percibiron a Risga en Galicia. Vostedes, con esa renda básica municipal que puxeron como proxecto piloto no Concello da Coruña, anunciaron que un millar de familias, un millar de familias, ían poder percibir esa renda básica municipal, e, realmente, ¿a cantas persoas atenderon vostedes con esta renda?, porque creo que non chega á centena. Vostedes destinaron inicialmente 2,1 millóns de euros para poñer en marcha esta renda. ¿Canto destinaron realmente? 300.000. ¿Que pasou co resto dos cartos? ¿Que pasou con eses 1,8 millóns de euros que vostedes ían destinar a pagar esas rendas municipais básicas? ¿A onde foron?

Logo falan de que a Xunta de Galicia está a privatizar os servizos sociais, esa cantilena que escoitamos todos os días no Parlamento cando se fala de servizos sociais. Pois ben, a min gustárame hoxe recordarlles que o 100 %, o 100 %, das escolas infantís de competencia municipal dos concellos de Santiago, de Vigo e da Coruña están privatizadas, o 100 %; que o Concello de Vigo ten privatizado o servizo de axuda no fogar, a teleasistencia, o Centro de Emerxencia Social, a intervención familiar; no Concello de Santiago de Compostela, ¿que pasa? Que prometeron municipalizar as escolas infantís e resulta que o que fixeron, cando chegaron ao concello, foi prorrogar os contratos ás empresas concesionarias, e veñen aquí dicir que a Xunta de Galicia está privatizando os servizos sociais, que non pensa nas persoas. ¿En quen están pensando vostedes nos concellos?

No Concello de Pontevedra privatizan o servizo de axuda no fogar. Xa levan dúas prórrogas. Por certo, señora Prado, ¿o de Pontevedra é unha rede pública? ¿É unha rede pública o servizo de axuda no fogar de Pontevedra? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* O de Pontevedra si, ben.

E logo piden máis recursos tamén para o servizo de axuda no fogar. 67 millóns de euros é o que destina a Xunta de Galicia, mentres concellos como o de Santiago de Compostela renuncian a horas financiadas pola Xunta cando ten máis de cen persoas en lista de espera.

O seu modelo, revíseno; dende logo, nós non o queremos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, claro que é unha emenda de totalidade, claro que son unha serie de cuestións diversas, porque abordamos, pensamos o máis urxente.

E en canto á cantilena de que os concellos non son capaces de levar adiante as políticas sociais, é que vostedes, primeiro, recórtanlles financiamento, recórtanlles capacidade de ter persoal. É evidente que os afogan. Bastante foron capaces de facer os concellos, concretamente da Coruña e de Santiago, con esas rendas sociais municipais, que foron capaces de cubrir situacións ás que a Xunta non chegaba.

Pero é que non é só iso, é que grazas a esas rendas sociais aceleráronse as tramitacións da Risga na provincia da Coruña e foise reducindo a enorme lista de agarda que había. Iso foi o que impulsou.

E, en canto ao servizo de axuda no fogar do Concello de Compostela, primeiro blindan vostedes, antes de saír do goberno, un contrato que lles impide ampliar horas e agora veñen reclamando. Menos mal que os orzamentos de Compostela para este ano blindan os dereitos sociais e apostan polo emprego, que é unha fonte de integración social para o emprego, para a xente moza e duplican o orzamento no servizo de axuda no fogar. *(Aplausos.)*

E claro que as rendas municipais non son as verdadeiras rendas sociais. Nin sequera poderíamos aplicar, co réxime competencial galego, unha verdadeira renda social, pero si ir camiñando cara a un modelo que non fora a miseria que é a Risga. Porque pregunténelles aos técnicos e técnicas dos concellos, que se teñen que enfrontar a denegacións da Risga, que se fan con criterios administrativos e non técnicos, porque vostedes desmantelaron por exemplo na provincia da Coruña a Unidade Técnica Administrativa da Risga, fanse con criterios administrativos e denéganlles a Risga a verdadeiros casos que quedan na miseria social se non é polos concellos, que intentan paliar esa situación, porque vostedes os afogaron, a última mesmo nos orzamentos do 2017 do Estado.

Imos aceptar a emenda do BNG, porque engade unha cuestión fundamental, que é a necesidade de reducir as listas de agarda tanto na valoración da dependencia como da discapacidade. O propio conselleiro de Política Social admitíao nun almorzo, pero claro, a fórmula que propoñen vostedes non é a de aumentar persoal tanto na Consellería de Política Social como nos equipos de orientación e valoración, e iso é o que hai que facer. Por certo, que todo este despregamento de servizos sociais tamén é unha medida fundamental para a conciliación, á que tamén se apelaba esta semana.

En fin, xa para rematar —á parte de lembrar, xa que estamos con Valencia hoxe todo o tempo—, si se podían asemellar a Valencia en desenvolver unha renda social un pouco máis digna que a Risga, en aumentar o orzamento de políticas sociais e tamén na acollida de persoas refuxiadas. Porque estes días coñecemos que as poucas familias sirias que acolleamos en Galicia están pensando en marchar porque non teñen recursos de integración social. Isto é infame e dá a medida do que son as políticas sociais da Xunta de Galicia. O que teñen que facer é exixirlle ao Estado que acolla cando menos ao que se comprometeu teoricamente coa Unión Europea, porque, se non, serán cómplices dese crime que é deixar as persoas refuxiadas á súa sorte. *(Aplausos.)*

En fin, xa non me queda tempo, sei que non van aceptar esta moción e entón voules trasladar —xa que hoxe se leva trasladar o que se di popularmente—, se nós somos as Mareas de Podemos, de Anova, de Esquerda Unida, de Cerna, todo o que dicía o colega Manolo Lago,

vostedes, segundo di a xente, son o partido que privatiza, que [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións)* os cartos que logo non poden ir a sanidade, servizos sociais e ensino. Iso é o que si popularmente *(Aplausos.)* Se se pode trasladar aquí o que se di popularmente, en lugar de chamarlles Grupo Popular, ímoslles chamar Grupo do Partido [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións).*

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Esa frase de [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións)*, señora Vázquez Verao... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Non, non, perdón. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Non, non, perdón, esa é unha frase que lesiona un grupo, lesiona a dignidade dun grupo. Entre outras persoas, lesióname tamén a min porque eu pertenzo ao Grupo Popular e vostede referiuse a este grupo. Entón, pídlle que a retire.

Non a retira, chámola á orde. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Eu chámola á orde pola frase. Non oín outra. Eu non a oín. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non a oín. Pídame a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ten que retirar as dúas, efectivamente, porque non é un grupo [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións).* Entón, quedan retiradas as dúas cunha chamada á orde, evidentemente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non se meta vostede niso, por favor, agora. Desculpe, pero non entendín iso; se o entendese, efectivamente, corríxiríao. Pero tamén lles pido a todos que moderen un pouco a linguaxe, se é posible. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, todos, todos, refírome a todos. A ver se nos podemos entender todos, se non a Presidencia estará constantemente «Chamo á orde, chamo...». En fin, faciliten un pouco o traballo da Presidencia.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Xoaquín Fernández Leiceaga, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a mesa a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 24252)

Emenda de modificación.

No punto segundo da parte resolutiva da iniciativa débese suprimir o seguinte texto:

-«con cargo aos extraordinarios beneficios da concesionaria».
Emenda de modificación.

O punto terceiro da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«Terceiro.- Exixir ao Goberno de España que:

- Recupere a redución das tarifas dun 7% suprimidas polo Real Decreto – lei 20/2012.

- Negocie coa concesionaria para asumir con cargo ao Orzamentos Xerais do Estado, en varias anualidades, as obras de ampliación da capacidade da AP-9 recollidas no Protocolo asinado pola ministra Ana Pastor con Audasa o 26 de decembro de 2012, evitando así a suba anual acumulativa de peaxes dun 1% durante vinte anos a partir de 2018.»

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa engadir o seguinte punto:

«Cuarto bis.- O Parlamento de Galicia deplora a ampliación da concesión ate o ano 2048 e insta a Xunta de Galicia a negociar co Goberno de España as compensacións dos aforros e ingresos para os Orzamentos Xerais do Estado que esta medida supuxo.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Grazas, presidente.

Vostede pídelles a todos, pero as chamadas á orde caen só deste lado. Porque pola mañá vostede aceptou a explicación do señor Tellado de que nos chamaba así porque era como nos coñecían popularmente. A min de vez en cando se me escapa como os coñecen a vostedes popularmente e sempre me cae unha chamada á orde. Ou sexa que... (Aplausos.) teñamos o mesmo raseiro.

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non, non, non é un insulto.

Eu aí teño dúbidas porque...

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, vamos ao tema.

Silencio. Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si. Eu aí teño dúbidas, non sei se que ao señor Feijóo lle chamen o velutino lesiona a súa dignidade ou non, pero chamar chámalle o velutino porque mata as obreiras, etc.,

Ben, pois vamos ao tema. A AP-9 é un dos exemplos máis evidentes do que se chamou *capitalismo de amiguetes*, popularmente coñecido. A punta do iceberg dunha corrupción institucionalizada, dun roubo legalizado. Hai moitos máis exemplos, como as privatizacións no sector eléctrico ou nas telecomunicacións. En todos estes casos, diferentes gobernos agasallaron empresas amigas, gobernos populares tamén, a prezo tamén de amigo, con enormes negocios monopolísticos, con infraestruturas que se pagaron antes con diñeiro público, diñeiro de toda a cidadanía. A privatización da AP-9 feita por Aznar, co señor Feijóo de conselleiro —non dixo nada—, e a posterior e progresiva consolidación, vía convenios e decretos, bota as súas raíces na corrupción como forma de Goberno. Non ten outra explicación que a complicidade dos gobernos sucesivos cos intereses da empresa privada, aínda á custa de prexudicar a maioría.

O relatorio de agravios e gravames excesivos no prezo é interminable, os últimos, as subas anunciadas para o ano 2018, ou mesmo que a supresión da peaxe de Redondela a Vigo sexa soportada polo resto dos usuarios da AP-9. ¡Unha tomadura de pelo!

O señor Feijóo e o Partido Popular botan balóns fóra, culpabilizan o Partido Socialista. E o Partido Socialista tamén tivo algunha responsabilidade, pero o Partido Popular tamén. É máis, o señor Feijóo é cómplice e cala ante estas decisións do Partido Popular no Estado, aínda que afectan gravemente e negativamente o peto dos galegos e galegas.

Por exemplo, desa suba de tarifas que vostedes lles botan aos socialistas, o Decreto 104/2013 asinouno o señor Rajoy. A prórroga do ano 2000 foi responsabilidade do señor Aznar. A privatización de 2004 foi responsabilidade do Partido Popular. Que o convenio que implica o desconto Pontevedra-Vigo o paguemos con incremento de tarifas foi responsabilidade do Partido Popular. Todos teñen a súa marca e son responsabilidade súa. Polo tanto, sendo Goberno galego, non vale botar balóns fóra.

Como xa tiña dito moitas veces, Audasa gaña nada máis e nada menos que un de cada dous euros dos que factura antes de impostos; un de cada tres despois de impostos. Eses impostos, por suposto, van para o Estado, non para a Xunta de Galicia. É das autoestradas con máis reclamacións, das autoestradas con menos persoal por quilómetro. Iso si, tamén das que máis dividendos reparte entre os seus accionistas. De feito, os datos da sociedade ENA Itínere, propietaria de Audasa, os seus acordos de refinanciamento da débeda e a xestión económico-financeira do grupo poñen de manifesto que este grupo chucha dos beneficios de Audasa para sanear as súas contas e favorecer, incluso, a venda do grupo empresarial propietario de Audasa.

Nese acordo de refinanciamento de débeda do Grupo Itínere do 16 de xaneiro de 2016 pactouse expresamente que Audasa debía destinar o máximo beneficio posible ao pago de dividendos á entidade propietaria. Así consta expresamente no folleto público da última emisión de débeda de Audasa.

As excesivas peaxes que paga a cidadanía galega determinan uns elevadísimos beneficios de Audasa que despois emigran ao grupo propietario. E non só iso, é que os beneficios de Audasa e os correlativos ingresos da propietaria, compensan as perdas doutras concesionarias do Estado propiedade de Itínere, tal e como consta nas contas do grupo.

E a xestión da concesión da AP-9, en definitiva, serve basicamente para refinar a débeda do grupo e para poder facer un bo negocio coa súa venda.

Os números non menten, e no período 2012-2016 a débeda media de Audasa medrou en 202 millóns, 24 %. O resto das concesionarias reduciron a súa débeda nun 9,31 %. É a segunda con maior volume de débeda, etc. É unha fuga de capitais do país de libro; cun auténtico carimbo colonial.

Vostedes, mentres tanto, o Partido Popular, o Goberno galego, o señor Feijóo, os deputados do PP en Madrid, os deputados do PP no Parlamento galego, baixan as orellas obedientes co poder, tan submisos que perden a dignidade. Non tiveron nin sequera a dignidade de levantar a voz cando houbo ese veto vergoñento, indigno, con mentiras e manipulacións, á tramitación dunha lei que aquí aprobamos por unanimidade. Vostedes fan de parapeto dos seus en Madrid, do señor Rajoy, pero tamén fan de parapeto e de instrumento útil para o negocio da empresa. Tamén xa nos teñen acostumados coa súa práctica dos gobernos, non é a primeira vez. Tragan e calan cando saben que se aldraxa a Galicia e se bloquea a transferencia da AP-9.

Trátase, en definitiva, de negocios para facer amigos e amigos para facer negocios, onte, hoxe e no futuro. Por iso vostedes non teñen ningunha estratexia para o rescate da AP-9 e a súa xestión pública, con moción de interese xeral. Por non ter, non teñen o que nós pedimos aquí: un estudo de viabilidade do rescate. Como poden saber os galegos e as galegas, como podemos saber nós, que sería beneficioso un rescate, unha reversión ao público ou non, se non hai un estudo oficial feito de canto nos custaría e cales serían as alternativas para facelo. Pero vostedes non queren porque non lles interesa que haxa transparencia neses números. Non é nada novo, vostedes calaron tamén cando o señor Feijóo era conselleiro e se privatizou a AP-9, ante todos os decretos que blindaron o negocio da empresa...

Pero nós, evidentemente, non estamos aquí para calar, cremos que hai que facerlle fronte a este espolio reiterado, por esa razón traemos esta moción, unha das moitas iniciativas que promovemos e que bateron —e hoxe seguramente baterá— coa maioría muda do Partido Popular, peóns do Goberno e da empresa, axudando a blindarlles o negocio.

Nesta moción propoñemos: primeiro, ese estudo para a viabilidade do rescate. ¿Por que se opoñen?, ¿por que se opoñen a facer nin sequera un estudo da Xunta de Galicia, do Goberno galego, para saber as alternativas desa reversión ao público? Cremos que coa marxe de beneficios que ten esta empresa cabe pensar que podería ser unha opción interesante para rebaixar as peaxes, para mellorar as condicións ou para que non sexan outros os que fagan o negocio.

Despois pedimos medidas para rebaixar as peaxes, e que estas rebaixas repercutan nos beneficios da empresa e non nos cidadáns galegos. Demandar do Estado unha nova política tarifaria, de forma que se estableza unha redución xeral das tarifas da AP-9, e reducións tamén concretas para determinados casos que veñen expresados na moción.

Tamén pedimos condenar o veto infame do Goberno español, do señor Rajoy, que utilizou métodos espurios, mentireiros e antidemocráticos para que non se exprese o Congreso dos

Deputados democraticamente. Vostedes falan de respecto ás leis pero non teñen ningún respecto pola democracia, e así o fan.

Por último tamén, queremos exixir ao Goberno do Estado que deixe sen efecto os acordos con Audasa que permiten o incremento das tarifas nas peaxes na AP-9 no ano 2018 e sucesivos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boa tarde.

Eu quero levalos ao 4 de febreiro de 2003. Non sei se vostedes se lembran onde estaban, eu tampouco me lembro demasiado. Só sei —mirei agora— o que nos di a hemeroteca: Aznar debatía no Congreso sobre a guerra de Iraq, e Courtney Love era detida nun aeroporto.

Pero para este debate o importante é outra cousa, o importante é lembrar que Paco Cascos asinaba ese día a ampliación da concesión da AP-9 ata o ano 2048. Esa decisión é a que singulariza a AP-9 e nos trae aquí, en realidade, hoxe.

O señor Feijóo seguro que se lembra. El estaba de conselleiro de Política Territorial, eran os seus primeiros días, e seguramente esa foi unha das primeiras cuestións importantes nas que tivo que participar con ese cargo. Incluso hai quen di —isto ao mellor é unha lenda urbana— que a substitución do conselleiro de Política Territorial foi necesaria para que se producira esa sinatura por parte do señor Cascos da ampliación da concesión porque o anterior se opuña. Nunca saberemos se é así ou non.

En todo caso, poucos meses despois dese 4 de febreiro de 2003, a Xunta de Galicia, da que Alberto Núñez Feijóo era un integrante importante, concedeu a medalla de Galicia ao que sería coñecido despois como PAC e daquela era Paco Cascos. Ese si que é un dato obxectivo.

Podemos dicir que, dalgunha forma, daqueles barros veñen estes lodos que temos hoxe. E por iso, temos nesta sesión incluso dúas iniciativas sobre esta cuestión da AP-9.

Comparto con Antón Sánchez —a quen aproveito para felicitar pola súa recuperación— que a política de peaxes é desafortunada e desigual. Propoñemos —xa o dixemos— unha comisión de estudo que analice non só o que pasa na AP-9, senón tamén o que pasa nas autopistas que son titularidade da Xunta de Galicia, para conseguir que no conxunto do territorio exista unha política de peaxes máis homoxénea, que trate igual a todos os cidadáns e que ademais permita baixar peaxes excesivas que se dan, en concreto, nesta infraestrutura.

É certo tamén que tanto no 2011 como no 2012 se tomaron decisións que hoxe, para nós, resultan excesivamente gravosas. No ano 2011 co Goberno de Zapatero, no ano 2012 coa mi-

nistra Ana Pastor, o Goberno do señor Rajoy, que referenda e amplía o convenio anterior. Pero jollo!, non só ocorre isto, senón que se sobe o IVE aplicable ás autopistas, por tanto aumenta a peaxe que pagan os cidadáns, e ademais retírase unha bonificación do 7 % que viña de bastantes anos atrás e, por tanto, soben adicionalmente as peaxes até hoxe. Iso pasa no ano 2012, e esas son tamén subidas da peaxe que nos traen a esta situación.

Pois iso tampouco nos gusta, e o que queremos é buscar solucións. A nós parécenos que hai que mirar nunha dirección, e esa dirección é a do Goberno de España, a do Ministerio de Fomento, se queren precisar un pouco máis.

A concesión da AP-9 está no máximo, 75 anos. Dentro de tres ou catro anos, a maior parte das autopistas de peaxe que hai hoxe en España verán rematada a súa concesión. Por tanto, imos atoparnos nunha situación onde, se se fai o que se debe de facer —xa veremos—, na maior parte de España non existirán autopistas de peaxe, e en Galicia seguiremos tendo durante vinte e tantos anos unha autopista de peaxe pola que pagaremos un prezo demasiado alto para transitar polo noso territorio, que algunha vez aquí temos definido como a *main street*, a rúa principal de Galicia, unha peaxe que vai comprometer a nosa competitividade e a nosa calidade de vida.

E como Galicia vai seguir pagando durante vinte e cinco anos máis o que noutras latitudes xa está á disposición libre do público, pois a nós parécenos que ben pode o Ministerio de Fomento do Goberno de España compensar esa situación introducindo bonificacións moito máis importantes na AP-9, e polo tanto abrandando o réxime de peaxes e facéndoas moito máis razoables. Entre outra cousas, recuperando ese 7 %; asumindo con cargo ao propio Ministerio de Fomento o custo das obras; e negociando isto, por tanto, coa empresa concesionaria.

Eu creo que —e aquí hai unha discrepancia co que propón En Marea— non debemos dirixirnos á concesionaria. A concesionaria, dentro do marco legal español, está facendo o que lle parece máis oportuno para os seus intereses. Hai que exixirlle que cumpra as condicións da concesión, pero non podemos ir máis para alá porque estamos dentro dun estado de dereito. Para nós o razoable é que o que teña que asumir o asuma o Ministerio de Fomento, e demandarlle a este ministerio que trate os galegos como a partir do ano 2020, 2021, vai suceder no resto de España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Levamos debatido sobre este tema da autoestrada neste Pleno, nesta lexislatura, ou nas comisións, polo menos en 7 ou 8 ocasións, e tomáronse diversos acordos. Ao longo deste tempo, unha das cousas que quedou máis clara é que ao Partido Popular lle molesta pro-

fundamente que se fale da AP-9. Séntense moi incómodos, séntense á defensiva, e a verdade é que isto non nos estraña, porque o papelón que está facendo o Partido Popular lavándolle as vergoñas ao Goberno do Estado é para nota.

Vostedes están poñendo a outra meixela —o PP galego—, están sendo sistematicamente ninguneados e humillados polo señor ministro e polo Goberno do señor Rajoy. Están constantemente buscando artimañas para ocultar a súa submisión a Madrid e a súa complicidade con todas as decisións que se están adoptando, que son lesivas para Galiza. E aí están eses acordos sistematicamente incumpridos, e tamén os anuncios que non lles queda máis remedio ás veces que facer para intentar calmar a indignación que se estende por todo o país, como esa comisión de seguimento —sucedáneo de comisión—, que é unha especie de conta de abalorios que lle trouxeron aquí dende Madrid e vostedes quedan tan contentos.

O último anuncio foi o da supresión da peaxe entre Redondela e Vigo. Dende logo, nós estamos de acordo en que se suprima a peaxe entre Redondela e Vigo. Pero claro, suprimir a peaxe facéndollela pagar a todas as persoas usuarias da AP-9. Se aplican este sistema, tamén o poden aplicar para a peaxe entre Pontevedra e Vilaboia, para a peaxe entre Pontevedra e Curro, para a peaxe entre Santiago e Sigüeiro, ou para a peaxe entre A Coruña e Betanzos. Non sei por que non se poñen xa á tarefa.

Ben, o que está claro —como dixer— é esa complicidade con todas e cada unha das decisións lesivas para Galiza e para as persoas que diariamente utilizan a autoestrada. Vostedes son cómplices do veto á transferencia; son cómplices da suba abusiva da peaxe; son cómplices do mal servizo que presta a concesionaria; e tamén son cómplices e defensores entusiastas de todas as decisións lesivas para o noso país.

E o último capítulo desa sucesión interminable de agravios tivo lugar o pasado mes de decembro coa inauguración das obras da ponte de Rande no último día hábil do ano; unha auténtica irresponsabilidade e unha provocación, porque estaban —sábeno— sen rematar as obras e sen executar, ademais, obras comprometidas, por exemplo, no concello de Redondela, na parroquia da Chapela, e iso deu lugar a un plante de numerosas alcaldías da zona, que non lle asistiron á inauguración.

Ademais iso demostrou —o feito de que inaugurasen no último día hábil do ano— o acelerón das obras nos últimos meses, poñendo en risco a vida das persoas que traballaban na obra, con accidentes graves, cunha morte, aínda que a teoría sobre a morte deste operario que ten o señor Pedro Pérez, presidente de Itinere, cando menos é curiosa. E di: *«Es verdad que en el accidente concurrieron una serie de factores que le aportaron cierto grado de peculiaridad. El trabajador no usó los medios de seguridad que le aportaba la empresa. Su caída fue rara, ya que nadie cae de cabeza desde una estructura de este tipo. Era una persona de Canarias, recientemente divorciada en un proceso tenso, etc.»*. ¿Como se atreve a dicir esta sarta de barbaridades este señor?

Pero vostedes, claro, vostedes calan, outorgan e permiten todo iso: xornadas de traballo interminábel, condicións extremas, chegaron a facer as probas de carga en pleno temporal. Pero claro, a vostedes todo isto válelles, e non hai que investigar nada. Despois falaremos sobre esta cuestión da investigación na nosa proposición non de lei.

Resulta que vostedes pretenden e teñen pactado coa concesionaria aplicar a subida —como fixeron na posta en servizo a finais de ano— en 2018, cando a cláusula sexta do convenio deixa claro que se ten que aplicar no ano seguinte coas subas ordinarias, e polo tanto debería aplicarse no 2019. Estaremos atentos a esta cuestión.

Hai quen di que o tesouro de Rande xa non está no fondo da ría, que o tesouro de Rande é o que cruza a ría, esa AP-9, esa ponte de Rande, que é obxecto da cobiza dos corsarios, dos piratas do século XXI, que veñen aquí a raspiñar. Dende logo, o BNG o que vai dar é a batalla de Rande, a batalla da AP-9, todos e cada un dos días do ano, neste ano 2018 e nos que veñan. Mentres siga pervivindo este agravio, esta aldraxe, dende logo imos plantarlle cara a Audasa porque vostedes non o fan. Imos denunciar o trato de favor dos gobernos central e galego porque vostedes non o fan. Imos loitar para parar as abusivas subas de peaxes porque vostedes non o fan. Imos reclamar a xestión galega da AP-9 porque vostedes non o fan. Imos exixir a mellora da calidade do servizo porque vostedes non o fan. Imos reclamar medidas de abaratamento do custo da AP-9 porque vostedes non o fan —vostedes soben os custos, aínda por riba— e imos solicitar un estudo e unha comisión de investigación sobre esta cuestión. Que lles quede claro, como vostedes non o fan, o BNG, dende logo, vaino facer todos e cada un dos días do ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Un par de consideracións previas. Primeiro, sinto, señor Sánchez, que considere vostede que ser de Podemos é un insulto ao mesmo nivel que ser corrupto. Síntoo por vostede e polos seus compañeiros de escano. *(Murmurios.)*

En calquera caso, señor Bará, non vai ser o Grupo Popular o que defenda o recentemente falecido presidente de Itinere, o señor Pedro Pérez, senón que debe ser o señor Leiceaga, porque este señor foi secretario de Estado do Goberno socialista, secretario de Estado de Economía cos socialistas, e serán eles os que teñan que defendelo.

O Grupo Popular nin a Audasa nin a este señor os vai defender, nin ao grupo Itinere, por suposto, o que vai facer é seguir defendendo os intereses dos galegos.

En calquera caso, xa o anuncian: imos seguir, pero non intenten esconder no interese xeral o que é unha loita partidista, unha loita entre En Marea e BNG a ver quen ten o protagonismo deste tema. Cando un presenta unha iniciativa, na comisión seguinte preséntaa o BNG, e a seguinte preséntaa En Marea cunha modificación para capitalizar politicamente, porque é o único que lles interesa, capitalizar politicamente este tema.

Cando En Marea presenta un recurso de inconstitucionalidade, vostedes unha comisión porque non poden quedar atrás. Xa sabemos que van seguir así, pero non o escondan en interese xeral.

En calquera caso, logo falaremos da do BNG porque xa temos a réplica, evidentemente. Se presenta En Marea algo, o BNG tamén, e viceversa. Pero señores de En Marea, que é no que estamos, na moción, vostedes teñen o problema que están escoitando estes días. Claro, ¡o falar non ten cancelas!, pero cando chegan a onde gobernan, temos os problemas. O outro día recordábanlles as leis urbanísticas, hoxe pola mañá recordáronlle as leis sanitarias, o señor Tellado as de emprendemento... É dicir, falan unha cousa pero cando gobernan fan o contrario, como a remunicipalización invisible que nos prometeron. Ningunha, nin a primeira, ¡ao contrario! Traballos que antes, cos gobernos do PP, se facían por funcionarios, agora non foron remunicipalizados, están externalizados.

En calquera caso, cando hai contratos e concesións, hai que cumprir, e as leis hai que cumprir, señor Sánchez. A democracia non é votar, senón que é cumprir as leis. E pode votar porque hai unha lei que o habilita. O que pasa é que, claro, cumprir as leis sabemos que a En Marea non lle gusta.

Pero mire, estas incongruencias ao final páganse. Páganse as incongruencias porque á xente non conseguen enganala. A xente non é parva e os galegos non se deixan enganar. Saben perfectamente de quen son as competencias; saben perfectamente quen loita e quen defende os seus intereses; e saben perfectamente quen está aquí por intereses partidistas e por outra serie de intereses intentando xerar ou patrimonializar algunha destas cousas.

Mire, a xente sabe perfectamente que ao Partido Popular —e teño que repetilo sempre que vimos aquí— non lle gustan as peaxes. O Partido Popular agora ten que aplicar unhas cousas asinadas polo Partido Socialista —24 de novembro do 2011, pode consultar, señor Leiceaga o BOE—, agora ten que aplicar esas subidas.

En calquera caso, imos seguir loitando. Non imos calar, señores do BNG. Isto é o que lles doe, non calamos. Outros votaban unha cousa cando estaban no Goberno e outra distinta cando están na oposición, como fan agora noutras comunidades autónomas, e tamén coas autoestradas, porque onde gobernan nada de pedir transferencias e nada de rebaixar unha peaxe. ¡Outra vez a dobre mensaxe nun sitio e noutro!

Pero miren, di: é humillación. ¡Coño! Perdón, presidente. ¡Carai para a humillación! ¡Carai para a humillación, señor Bará! É dicir, cando antes pagaban os galegos 7 millóns de euros ao ano das peaxes da Barcala-Rande cando cogobernaban os socialistas con vostedes, iso non era humillación. Agora que en Madrid o Goberno central paga os 7 millóns e a Xunta os aforra, iso agora é unha humillación. Outra vez o dobre diálogo.

Que fácil é chegar aquí e falar. Dician no meu pobo: *é un falabarato*; é dicir, que é fácil chegar e dicir. Cando gobernan outros, señores do PSOE, aplíquense tamén o conto. Que fácil é chegar agora e dicir: nós imos pedir que Madrid pague agora. Cando o señor Blanco era ministro, e co triple de orzamentos —triple, 21.000 millóns para investimentos—, triple que o que temos agora, dicía que non podía asumilo. Pero agora si, agora que pague Madrid. Iso é o

cómodo dos discursos, e é fácil dicir, agora que temos un terzo da capacidade de investimento, que pague Madrid. O que si que creo que é verdade é o que falaba o outro día o ministro sobre un pacto de Estado das autoestradas, creo que ese é o marco onde hai que estar e hai que traballar, non na demagogia, nas solucións a curto ou incluso cousas que se sabe que non son solucións, que son ilegais e que se pide en mocións...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...que se fagan, porque saben que son imposibles de cumprir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da moción, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Para min e para todos os do meu grupo Podemos non é un insulto. O Partido Popular xa... *(Risos.)* está aí rozando. *(Aplausos.)* Pero, de feito, o Partido Popular mira se roza que no cartel das últimas autonómicas ben que o esconderon, porque restaba, ¿verdade? *(Aplausos.)* Estaba a cousa para esconderse. Polo tanto, non é ningún insulto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O que si que botamos en falta, cando din iso vostedes, é un pouco de respecto e de menos soberbia que a que teñen vostedes cando falan así, que é o que veñen mostrar. Vostedes teñen a concepción de que lles pertence o Goberno por graza divina, e entón todo aquel que chega democraticamente ao Goberno pois son intrusos. *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, perdón, señor conselleiro coruñés no exilio compostelán, déixeme falar. *(Risos.)*

Vostede veu falar de cumprir as leis, tamén... *(Murmurios.)* Non, non, pero se digo que o humor o utilizan vostedes. Veu falar vostede, o representante do Partido Popular, do cumprimento da lei e do Estado de dereito.

Mire, nós claro que respectamos as leis, máis ca vostedes, pero nós queremos facer outro Estado de dereito, porque vostedes o que construíron é o Estado de dereito dos poderosos, evidentemente; por iso falamos de corrupción legalizada. Claro, se isto é Estado de dereito, regalarlle a unha empresa privada un negocio que lle fai ganar 1 de cada 2 euros dos que factura ata o 2048, sen ningunha competencia posible, sen ningún risco asumido e con todo atado e ben atado, pois eu quero cambiar este Estado de dereito que construíron vostedes. Igual que o Estado de dereito das privatizacións das eléctricas, etc.

Por iso falo de roubo legalizado, de corrupción sistémica e de corrupción nas institucións. Si, señor, isto é moi evidente para a cidadanía, esa que vostede di que non se deixa enganar, ¡claro que non! Tampouco se deixaron enganar na Coruña, ¿verdade, señor Fernández Prado? E por iso despois dos seus catro anos da Pikachu mandárono para o exilio compostelán, *(Aplausos.)* señor Fernández Prado, claro que si, entre outras cousas. *(Aplausos.)* ¡Claro! *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*

E, despois, vostede novidades aportou poucas neste discurso, botou balóns fóra, porque é indefendible. O que vostedes fixeron con isto é indefendible, totalmente indefendible. Por iso intenta botar balóns fóra: un pouco ao BNG, outro pouco ao PSOE, outro pouco..., para enfangar o terreo. A realidade é que as súas decisións, maioritariamente as súas decisións —e están escritas en decretos—, están custando millóns aos galegos e ás galegas.

E non é unha situación calquera a de Galicia, non é comparable con ningunha das outras autonomías do Estado, é unha situación das peores do Estado. Soportamos os agravios peores do Estado pola submisión e pola complicidade do Goberno do Partido Popular e porque vostedes non queren levantar a voz como representantes do pobo galego, e como o presidente do pobo galego non o fai, o señor Feijóo. Simplemente por iso débense a outros intereses e non ao interese xeral.

O señor PRESIDENTE: A emenda.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa me pronuncio ante a emenda.

Pero si —remato xa— o que lle quería dicir é que vostede di que utilizamos partidariamente iso; non o cre nin vostede. Como se non houbera elementos obxectivos que van ao peto dos cidadáns para traer aquí, un día e outro, esta situación. Claro que hai elementos obxectivos para que o fagamos, e se non o fixeramos, non estaríamos cumprindo co noso papel.

E xa remato.

Imos chegar a un acordo, con seguridade, co Partido Socialista para ter unha proposta de acordo que apoiemos conxuntamente sen ningún tipo de problemas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos de gripe

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Un dos clásicos anuais, as urxencias hospitalarias, que xa foi debatido na interpelación do Pleno anterior e xa foi debatido por estas datas nos plenos correspondentes ao ano pasado. A sensación é que imos ofrecer practicamente argumentos semellantes, e non deixa de ser desalentador que non poidamos ser quen de atopar puntos en común que permitan mellorar a situación. Se cadra hai que empezar por aí.

Nós consideramos, no noso grupo, que a situación non é a óptima e que é mellorable. Se alguén considera que a situación non é mellorable, pois non fará nada para melloralala, como sería lóxico. Pero dende o noso plantexamento o que ocorre en urxencias, cando chegan os picos da gripe especialmente, é unha situación moi mellorable. Se creramos que todo o sistema funciona de maneira perfecta e óptima, non traeríamos estas propostas. Pero gustaríanos saber, de verdade, se dende o Partido Popular consideran que é mellorable ou non e saber en realidade que é o que consideran que se pode optimizar, para ver se somos quen de poder resolver un debate que se vai convertendo en crónico e que, polo tanto, non vai facer máis que repetirse unha e outra vez sen ser quen de darlle unha solución posible.

É tan habitual este debate que xa temos tres pasos normalmente establecidos cando chega o pico da gripe. En xaneiro chega a gripe, o sistema satúrase e temos este debate, asumindo que o Partido Popular defende que se fixo todo ben e que a culpa é un ano de que hai unha gripe moi distinta, outro de que os enfermos van demasiado aos hospitais. E a verdade é que o único que pode variar de ano a ano é saber cal será a escusa do ano seguinte —ábreanse apostas incluso—. Pero incluso ante esa situación —como diría aquel— podemos discutir o tema co fin de discutilo.

¿Cal das solucións sería, dende o noso punto de vista, boa para resolver o das urxencias? Nós temos un diagnóstico feito, que os que seguen as intervencións en sanidade coñecen. Hai un problema gravísimo de persoal no sistema sanitario, necesitamos máis persoal, o que temos é insuficiente. É boísimo, ten unha calidade humana e profesional inalcanzable, o seu rendemento está moi por riba do que se podería esperar, pero é pouco, e, como é pouco, temos os problemas de saturación. É pouco en dous niveis: é pouco en atención hospitalaria e é pouco en atención primaria. Porque o problema de urxencias dáse en urxencias, pero non é un problema de urxencias.

A realidade que observamos nos hospitais é que existen saturacións —moitas saturacións—, que se fan excesos laborais enormes para responder aos problemas. Porque vostedes saben —ben sexa porque algúns son profesionais do sistema sanitario e porque os demais somos usuarios— que é imposible que un profesional do sistema vaia para a casa con toda tranquilidade e non se preocupe das persoas que quedan ingresadas, dos que estaban sendo atendidos, que non vaia pensando realmente como queda o sistema e que probablemente non traballou o tempo que lle marcaba o seu horario senón que quedou bastante máis tempo do necesario.

Pero non podemos espremer o sistema en base a que as persoas traballen máis do que lles corresponde ou en base a un sobreesforzo. Porque imos ter dentro de non moito tempo —se non é que estamos empezando xa a ter— un problema de baixas laborais por queime, por problemas asociados a excesos de traballo, por saturacións. Temos un problema co persoal, ao que estamos espremendo demasiado por culpa de non contratar máis.

A miúdo —non se certa dose de ironía, ben plantexada nese caso— dende o Partido Popular apelan a que se dan datos —creo lembrar que hoxe se dixo—, dependendo do voceiro, dependendo do día, dependendo do que fala, distintos. A min o que me parece máis sorprendente é que o conselleiro cada día que fala dá un dato distinto do persoal que hai. É máis, agora dende o Partido Popular e o Goberno da Xunta dáse un dato de persoal do

sistema sanitario distinto do que din os propios orzamentos; eu entendo que é difícil; cando os orzamentos son mentira, é moi difícil soste-la unha mentira. Porque o persoal que existe, o que está orzado, non é igual que o que existe; e, polo tanto, é moi difícil soste-la esa mentira.

Hoxe, xa que é o día de Abraham Lincoln —e vouno citar de memoria—, el dicía que ninguén é tan perfecto que poida mentir constantemente con éxito —ou unha cita parecida—. Polo tanto, que alguén me explique onde están eses 1.500 profesionais máis cando o número de profesionais existentes nos orzamentos están nos 35.000 e pouco. ¿Onde están eses 1.500 máis? E se están eses 35.000 e un pouco de pico traballando ou non. E ninguén vai poder soste-la que están traballando, porque non é certo; aproximadamente 1 de cada 5, ou, o que é o mesmo, 7.000 deses 35.000 non están ocupados de maneira estable no sistema.

Cando non están ocupados de maneira estable, ¿que quere dicir? Quere dicir que son postos que se están cubrindo de maneira eventual. Estase utilizando ese diñeiro para cubrir postos con persoas ás que se contrata por horas, por días, por semanas; algúns teñen sorte e son contratados por meses incluso.

¿E que ocorre? Que con esas saturacións eses profesionais se encontran superados, porque cando chegan os problemas de saturacións o sistema non está preparado para acoller ese número de persoas, e contrátanse evidentemente tarde —como non pode ser doutra maneira neste sistema—. E, ademais, xera unha impresión que nós nos plantexamos e que queriamos saber cal é a posición do Partido Popular. ¿Será que temos que ter neste sistema 800-1.000 profesionais aproximadamente, especialmente médicos, esperando a vivir todo o ano unicamente dos dous meses de verán e do pico da gripe do Nadal? ¿Será que temos que ter 1.000 persoas esperando unicamente iso? Porque ese é o modelo que estamos vivindo, persoas que teñen un problema de que non son contratados polo sistema, de que se colocan de maneira irracional, absolutamente ineficiente, e que o Partido Popular tira delas unicamente para dicir que o fai normalmente despois de que cheguen os problemas.

Hai unha utilización excesiva dos servizos de urxencias —argumentouse—, a culpa é dos enfermos, ¿como se lles ocorre poñerse enfermos? Se os profesionais están de vacacións, pónase vostede enfermo noutro momento, porque non se poña vostede enfermo cando non hai profesionais, porque, se non, vains dar un problema e despois van vir estes malísimos da oposición dicirnos que estamos facendo mal as cousas.

Estalles pedindo aos usuarios que non vaian ao hospital para que vaian aos puntos de atención primaria. Pero temos agora mesmo o atraso, as demoras en citas en atención primaria máis grandes que tivemos nunca. Porque temos un problema de substitución das baixas e das vacacións dos profesionais de atención primaria. Temos os centros de saúde que están baixo mínimos en número de profesionais. Hai un problema de persoal grave. E o problema de todo é que vostedes o saben, a sensación é que non importa en exceso. Hai un problema dos profesionais contra a Consellería. No pleno pasado presentamos aquí numerosas intervencións, saídas en medios, declaracións de profesionais, xefes de servizo, profesionais de urxencias, asociacións de pacientes..., que lembraban á Xunta que era necesario contratar máis persoal —están aquí, podémolas rebuscar novamente—.

E cando vostedes defenden sempre que hai que atender os profesionais, ¿por que non atenden estes? ¿Por que non escoitan cando os profesionais lles din que non hai persoal suficiente? ¿Por que? Porque nós non somos capaces de encontrar outra explicación. Se non é que falta persoal, ¿por que se saturan os servizos de urxencias? Xa sei que me van contar que o problema non é só galego, que hai pico de gripe noutros lugares; en Suecia, dixéronnos o outro día. ¡Quen nos dera ter os niveis de vida que teñen en Suecia tamén para outras cousas! A ver se poñen o exemplo para moitas outras cuestións. Suecia sería un bo exemplo para moitas cousas, podémolo utilizar. Fálolles deste problema porque se imos volver utilizar Valencia... Pero cada un colle os modelos que quere. E eu estou seguro de que Paco Correa en Suecia faría milagres tamén.

Pero se van ter que argumentar que fóra de Galicia tamén hai un problema, que noutros anos tamén houbo un problema, que o sistema funciona moi ben pero satúrase por cuestións milagrosas, non imos resolver nunca a cuestión.

Nós plantexamos nesta moción dúas cousas —revolucionarias todas—: primeira, pedimos un informe. Eu xa sei que isto é subversivo absolutamente, isto é unha conspiración xudeomasónica dos neocomunistas, os socialistas ancorados no século XIX: pedir un informe, datos. Queremos saber cales son os protocolos de actuación e se se cumpren ou non. E queremos sabelo porque se cadra ata igual podemos aportar algo —xa sei que isto vostedes non o consideran—. Igual podemos comprobar se realmente se activan ben os protocolos, se o persoal extra do que se dotan as urxencias hospitalarias é correcto; ou podemos ter algunha opinión; incluso hai moitos profesionais aos que lles gustaría ver ese informe. Pedimos un informe. Revolucionario, marxista-leninista isto: pedir datos.

Segundo —e aquí imos ter problemas—, elevar a dotación de recursos materiais e humanos, porque nós facemos esa análise. Estamos abertos a que vostedes fagan outra. Que nos digan se realmente non hai un problema de persoal ou onde está o problema, e por que se satura o sistema.

Esas son as dúas cousas que pedimos. Xa lles adianto que non temos moita esperanza. ¿Por que? Porque son as que pedimos o ano pasado e nos dixeron que non eran necesarias, que xa o amañaban. Tamén dixo o señor presidente que xa amañarían eles o problema, dende o principio de novembro, que pediu desculpas. E non fixeron nada.

Polo tanto, xa ven que, con toda a vontade de tranquilizar o debate —que hoxe se polarizou un pouco—, de galeguizar o debate —para non falar outra vez de Ricardo Costa, que é valenciano—, para intentar poñer enriba da mesa que hai un problema que podemos compartir entre todos pero que podemos solucionar entre todos, traemos esta proposta sinxela: datos e o incremento de persoal. Se cren que o problema non é de persoal, díganos dunha vez onde está o problema, salvo que consideren que non hai un problema e que é todo mentira, que non houbo enfermos apilados nos hospitais, que non houbo acumulación de camillas nos pasillos e que as persoas estiveron esperando apenas uns minutos e que se resolveu todo perfectamente. Se esa é a súa realidade, entón, evidentemente, non haberá un problema, pero entón o problema terano vostedes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Pois temos que seguir falando de urxencias, de colapsos, de saturación, dun problema recoñecido a medias por parte do Goberno do Partido Popular, mais, en todo caso, despois de recoñecido que hai un problema, ningunha medida para solucionalo. Vemos, desde o BNG, o Partido Popular instalado en querer matar o mensaxeiro e, lonxe de dar solucións, insistindo machaconamente en que enganamos e damos argumentos falsos.

Entón, eu hoxe vou proceder a ler parte dunha carta dun médico de urxencias, que estivo circulando polas redes sociais, unha carta do 9 de xaneiro que di:

«Teño 42 anos, son médico desde hai dezanove e traballo en urxencias hospitalarias desde hai dezasete. Adoro o meu traballo, encántame curar, gústame a xente, non imaxino dedicarme a outra cousa. Onte foi luns e tiven quenda. Hoxe dóenme as pernas, pero sobre todo dóeme a alma e por momentos creo que non vou poder máis. Ás 8 da mañá terminei a miña quenda firmando un certificado de defunción e levo todo o día cun nudo na gorxa. Non sei se gritar ou chorar. Probablemente, as dúas cousas.

Non estou triste por iso, porque a miña última doente tiña 98 anos, morreu tranquila, acompañada pola súa familia, na intimidade dun box. Tería sido moito mellor que puidera morrer na súa cama. Pero isto non é o máis grave. Estou triste por todos eses doentes que me recibiron onte cun sorriso e un “grazas” despois de esperar sete horas a ser atendidos, tamén por aqueles que necesitaban unha camilla e non puidemos dárllela, e por eses outros afortunados que si a tiñan pero que ían pasar sobre eses 10 centímetros de colchoneta de espuma as seguintes 24 horas. Estou triste porque me sinto coma un hámster correndo nunha roda sen fin sen chegar nunca a un destino.

Hai cousas impredecibles —un accidente grave, unha catástrofe—, pero hai outras que non o son. E a gripe entra dentro deste último grupo. Pode chegar antes ou despois, pero sempre chega. Así que alguén debería ter pensado o que poderíamos facer para minimizar os seus efectos. É certo, temos unha poboación moi envellecida que é especialmente susceptible a esta enfermidade, pero os anciáns non caeron onte do ceo. Hai anos que vimos advertindo deste problema, así que talvez alguén debería pensar qué modelo asistencial precisamos.

O asunto é que é pouco popular electoralmente dicir que se vai investir en hospitais de enfermos crónicos ou que se vai reforzar a atención primaria...». Ben, segue un pouco máis a carta, pero como non teño moito tempo, remata dicindo: «En fin, parece que hai alguén que non fixo ben o seu traballo, alguén a quen votamos cada catro anos pero que só pensa en renovar outros catro, ir pasando o tempo sen grandes escándalos e ir á seguinte campaña electoral e que lle volvamos contar o das resonancias e o de correr. E nós somos tan tontos que tragamos e nos dedicamos a gritar á enfermeira que nos está atendendo como pode en urxencias, en medio dun mar de camillas. Aceptamos substituír o compañeiro enfermo sen rechistar, seguimos correndo sen parar e chorando cando chegamos á casa despois dunha quenda infernal, coma o hámster na súa noria. Pero eu non quero ser un hámster. A min encántame ser médico. Só quero poder facelo en dignidade». (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado...

A señora PRADO CORES: Non escoiten...

O señor PRESIDENTE: Perdón, pensei que acabara.

A señora PRADO CORES: ...o que lles temos que dicir aquí, chámennos alarmistas, digan que recorremos sistematicamente a enganar a poboación. Pero, polo menos, escoiten os profesionais. Algúns atrévense a poñelo por escrito, outros moitos bérrano na intimidade, pero a realidade é que vostedes miran para outro lado e, fundamentalmente, maltratan sistematicamente o mellor que ten o sistema sanitario público de Galiza, que é o seu persoal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós imos apoiar esta moción, obviamente. Fixémolo con todas as iniciativas que se debatiron neste mesmo senso neste período de sesións, nos anteriores e, evidentemente, as que nós mesmas trouxemos a esta Cámara.

Certamente case é revolucionario pedir un informe, porque, desgraciadamente, non se proporcionan os datos que se solicitan. E ás veces parecería cómico, pero é bastante lamentable solicitar en moitas ocasións datos, datos numéricos, informes, e atoparse coas mans baleiras a pesar da obriga que hai de proporcionarlos. E eu pola mañá utilizaba ese dato, que non é menor, de que o Consello de Contas denuncia que soamente o Complexo Hospitalario do Salnés e o de Pontevedra teñen un informe de control financeiro. Nos demais non sabemos se se cumpre, se non se cumpre, cales son os datos... E é realmente preocupante o abandono que hai neste sentido.

Pero é que, ademais, respecto do que ten que ver coas plantillas, nós estamos de acordo. Xa temos trasladado noutras ocasións que nos parece que non é suficiente falar simplemente das plantillas dos servizos de urxencias. Creo que é algo compartido, polo xeral, na oposición; porque o temos debatido noutros momentos, tamén na Comisión de Sanidade, pero evidentemente sería de gran axuda. E sería de gran axuda porque a día de hoxe seguen saturados os servizos de urxencias, despois dun mes e medio, de case dous meses, nos que os servizos están, día si e día tamén, con doentes nos corredores, con datos que superan a media de atencións habituais na práctica totalidade dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. Hai algunhas semanas dicía o conselleiro de Sanidade —hai un par de semanas, creo lembrar— que xa estaba remitindo o pico da gripe, que xa remitían os colapsos nas urxencias, que xa todo ía ben e que a partir de agora só se podía mellorar.

Bueno, como dixen pola mañá, o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense está outra vez con problemas, con saturacións. Esta noite non se dignaron en reforzar o servizo de ur-

xencias ata a última hora, e non foi para abrir algunhas das salas que poderían ter abertas, ou esa planta pechada do materno, senón para atender os doentes nos corredores —10 había nos pasillos esta mesma noite a maiores dos 26 que xa estaban na sala de observación compartindo un só baño—. Xa temos trasladado aquí a indignidade que supón estar nesa situación. E a pesar diso non se toma ningunha medida.

Ou poderíamos falar da situación do Clínico, do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que nas últimas horas superou bastante a media, por riba do habitual con creces: 505 en urxencias nas últimas 24 horas, 84 delas pediátricas. E a pesar da protesta insistente dos sindicatos médicos, a Consellería de Sanidade e a súa xerente, a señora Eloíña, seguen sen tomar ningún tipo de medida para reforzar este servizo, con oídos xordos a todo o que acontece nos servizos de urxencias.

Nós xa trasladamos en moitas ocasións que consideramos que o problema das urxencias ten dúas vertentes. Unha é en atención especializada, non simplemente referida ao que ten que ver co persoal das urxencias *per se*, como servizo, senón á totalidade do que supón ter plantas e ter camas pechadas. E teño que lembrar aquí que, despois de que a principios de decembro do pasado ano o señor Feijóo trasladase as súas desculpas públicas —aínda que posteriormente non tomou ningún tipo de medida pola saturación dos servizos de urxencias—, simplemente unhas semanas despois trasladada un comentario bastante cruel ao dicir que o que había que facer era, nas habitacións que xa había, poñer máis camas. Isto, cando hai plantas e hai alas pechadas nos hospitais de Galicia, é non só un comentario cruel, senón un comentario de alguén que ten pouca idea de como se xestiona a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde; o cal é sorprendente tendo en conta o seu pasado xestor dentro do mundo sanitario.

Pero é que, ademais desta circunstancia, hai outra que é bastante evidente, e que trasladamos tamén no debate da mañá, que é a situación da atención primaria. Un 13 % só do orzamento vai para atención primaria, cun recorte de profesionais que foi practicamente, non á totalidade, pero o global do recorte de profesionais dende que se iniciou a amortización de prazas dende o 2010. E a realidade é que un orzamento que debería chegar ao 25 % está nun 13 %, con 1.100 profesionais menos. E a realidade é que os centros de saúde teñen listas de espera e non son capaces de atender a totalidade dos doentes. E, evidentemente —e xa o temos debatido noutra ocasión—, cando non os atenden cunha cita nunha semana, en oito días, en dez días, evidentemente acoden aos servizos de urxencias.

Así que a resolución do problema —e remato porque non me queda tempo— pasa evidentemente por incrementar esas plantillas e por mellorar a situación da atención primaria. Se non, é evidente que isto non se vai resolver nin agora nin este ano nin para o ano que vén. Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Vaime permitir, señor Torrado, que me refira en quince segundos a Valencia, porque vostede díxome se falaba cos compañeiros por ese tema de retirar a emenda á totalidade. Pois, mire, a emenda á totalidade presentouse, primeiro e fundamentalmente, porque ese anteproxecto ou ese proxecto vostedes presentárono pola vía de urxencia, ¡pola vía de urxencia!; en segundo lugar, porque non se facilitou a documentación aos grupos da oposición; e, en terceiro lugar, porque a principal motivación que levaba á realización desa modificación xa non está no anteproxecto. Está claro que creo que non a van retirar.

Debatemos por terceira vez en tres semanas o tema do colapso ou da sobrecarga ou saturación das urxencias, e a min, a verdade, molestaríame aburrilos. As cifras e as actuacións xa as deu o conselleiro, e creo que esas son as cifras da realidade. Efectivamente, houbo problemas en urxencias por varias razóns das que xa se falou. Houbo unha epidemia de gripe que se adiantou respecto doutros anos; e ademais o virus é distinto, non incluído na vacina.

Respecto da utilización inadecuada dos servizos de urxencias por parte da cidadanía, non é unha afirmación exclusiva nin do Partido Popular nin do Goberno da Xunta de Galicia, nin sequera de autoridades políticas galegas, senón das de calquera outra comunidade autónoma, incluso as gobernadas polo Partido Socialista. Os profesionais —ata un 84 %—, en enquisas xa citadas, consideran que se fai un mal uso. Os xefes de servizo en todos os comunicados falan disto. E este pasado venres saía en *La voz de Galicia* un artigo que di: «*Los médicos calculan que el 40 % de las urgencias son una sobrecarga. Los sindicatos sostienen que muchos casos deberían tratarse en atención primaria*». E fala un médico, que se chama Ramón Barreiro, que di que é «*miembro de la Junta de Personal, de la Plataforma en Defensa de la Sanidad Pública y de la Confederación Estatal de Sindicatos Médicos*»: «*Temos claro que arredor do 40 % das urxencias que chegan ao hospital non o son, que en realidade poderían ser solucionadas desde o centro de atención primaria*».

Penso que aos políticos se nos está culpando de algo que non dicimos. O propio presidente Feijóo recoñeceu que había problemas e falou de aumentar as camas en situacións excepcionais a costa de confort. A favor desta proposta manifestáronse moitos profesionais; e, en contra, algunha asociación, que o tildou de ignorante, e tamén unha deputada galega que afirmou nun xornal que «*o presidente, diante da saturación de urxencias, é partidario de meter máis camas nas habitacións coma se os hospitais os puideramos converter nun albergue de peregrinos con liteiras ou nos estivera insinuando que temos que traer da casa un colchón inchable para colocar onde poidamos*». Creo que queda clara a diferenza entre profesionais e opinadores.

Gustaríame saber como pode ser que se estea a falar constantemente dun problema de persoal en Galicia e que na comunidade autónoma que mellor paga os profesionais e mellor considerada, que é o País Vasco, aparezan titulares dicindo: «*Habilitan 80 camas en Cruces tras la denuncia de colapsos en urgencias, colapsos y esperas de hasta siete horas en las urgencias de Vitoria*» ou «*Los sindicatos alertan del colapso de urgencias y atención primaria por falta de personal*» —Diario Norte—.

¿Cal é a resposta dos cargos públicos do Partido Socialista cando se lles pregunta por esta situación? A conselleira de Sanidade da Junta de Andalucía teno claro —xa o dixo o conselleiro—: «*Salud niega el colapso en las urgencias en Andalucía y arguye que la alarma se debe a*

partidos y sindicatos. Asegura» —esta consejera— «que hai un aumento en la demanda en las urgencias, pero la respuesta es muy eficaz. Lo que ocurre es que existen partidos y organizaciones sindicales que en Navidad y en verano ponen el tema encima de la mesa.» E cando gobernaba o BNG e o PSOE na Xunta de Galicia, o voceiro do BNG —xa falamos o outro día— falaba dunha folga á xaponesa. Por certo, nese pleno, a señora Prado Cores dixo que, se rexistraba unha iniciativa sobre este tema, valeríalle para os dez anos seguintes se o Goberno non tomaba medidas de xeito inmediato. Eu non sei se é que o que está pasando agora é culpa do que se fixo hai dez anos ou ben que non ten ningún tipo de posibilidade nin de esperanza electoral para os próximos dez anos na nosa comunidade autónoma.

Volvendo ao tema, o voceiro socialista neses debates do ano 2008 preguntábase: «¿Que está a pasar para que se monte dende un punto de vista mediático e profesional esta alarma?». Parece que insinuaba unha conxura entre profesionais e medios de comunicación. Ou a xerente de Atención Primaria da Coruña, que afirmaba, referíndose aos médicos da atención primaria —eu era deles—: «É curioso que collan a baixa xusto cando lles toca cubrir ausencias». Era aquela época de fax, de ordeno e mando e de expedientes aos profesionais. Pero, claro, como eles gobernaban en Santiago, parece que en Carballo saía na prensa que había un problema coas liñas telefónicas e non pedían máis liñas nin máis profesionais, non pedían nin liñas nin profesionais, o que pedían era facer un obradoiro de internet para a xente do rural, no ano 2008, para que aprenderan a pedir cita por internet.

En resumo, hai un problema xeral de sobrecarga nas urxencias dos hospitais para as que os distintos servizos de saúde, españois e doutros países, habilitan medidas extraordinarias. No caso de Galicia elaboráronse plans de continxencia, contratáronse profesionais e habilitáronse camas. Imos rexeitar a moción porque cremos que se tomaron medidas axeitadas en persoal e recursos, dentro das posibilidades de contratación de profesionais —sobre todo de médicos— que permite o actual déficit de facultativos.

Estou de acordo co que dixo o xerente do Sergas, con que hai que despolitizar determinados temas. E sei que moitos profesionais sanitarios de distintas cores políticas que agora exercen cargos na política opinan o mesmo que opino eu.

No sitio de debates estériles entre Goberno e oposición, non só en Galicia senón en calquera outra comunidade autónoma, creo que debemos implicarnos os políticos e implicar tamén os profesionais e os usuarios para mellorar esta situación, cada un na parte que lle poida corresponder.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da moción, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Quero agradecer o apoio manifestado por En Marea e o Bloque Nacionalista Galego a esta moción. E logo, a verdade, quería dar algunha resposta a algunhas das cuestións que se plan-

texaron, pero teño a sensación de que non mas preguntaron a min. Haberá que facer pasar por aquí a conselleira de saúde de Valencia, o conselleiro de sanidade do País Vasco, hoxe non hai que facer pasar o ministro de sanidade de Suecia, pero creo que tamén mencionou a conselleira de sanidade de Andalucía. Hoxe deixou Asturias —dígoo por se quere tamén (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), *buena gente, Asturias, sí*—. Creo que deberían lembrar tamén que en Aragón... Digo que podemos facer pasar por aquí todos os conselleiros. Claro, non é un problema galego. Bueno, o cambio climático, tampouco. E eu agardo que vostedes teñan algunha medida. (*Aplausos.*) Tamén é certo que, habendo primos do presidente por aí, é unha mala cuestión para preguntar.

Pero, en todo caso... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Sempre que falo eu... Teño algunhas fans por aí...(*Risos.*) (*Fortes murmurios.*) Señor Tellado, vostede tamén é fan meu... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Se vostede quere, señor Tellado, tamén o considero un fan. Eu non me consideraba a tanto nivel como para que vostede fora o meu fan... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

Que non derive isto... ¡Por favor!

Temos invitados na tribuna. ¡Por favor, silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Se podo seguir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Sí? ¿Non?

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor, señora Romero, por favor! Xa sabe como é o señor Torrado, o deputado... (*Risos.*) ¡Por favor, non o pique vostede, por favor! (*Fortes murmurios.*) (*Risos.*)

O señor TORRADO QUINTELA: ¡Se a culpa vai ser miña agora!

O señor PRESIDENTE: Xa o coñece. É unha cousa que non o entendo, desde logo.

O señor TORRADO QUINTELA: Xa que a cousa a levamos tan ben, vostede faloume do 2008 —o señor Núñez Centeno— e non lle vou falar do que dicía o seu portavoz en 2008. Xa que levamos tan ben a cousa... Porque eu son así, son así. Lembren que daquela chamaban inepta á conselleira e que lle pedían a dimisión, lémbreo. Non me verá a min chamarlle inepto ao conselleiro e pedirlle a dimisión por isto. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Non, señor Puy, non lle chamei inepto. Vostedes chámanlle papanatas á oposición. Eu non lle chamei inepto a ningún conselleiro. *(Aplausos.)* Non, porque podemos ter todo o debate parlamentario que queiran, pero hai cuestións nas que non me vai chamar a atención. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor TORRADO QUINTELA: Se me permiten... Vostedes poden chamarlle papanatas a quen queiran, pero eu non lle chamei inepto a ningún conselleiro. Así que, se me permiten seguir, moitas grazas.

Ben, a única conclusión sobre este tema —ademais de que a vostedes lles desgusta moito que algúns falemos desde aquí e que somos papanatas— é: ¿cal é o problema?, ¿por que se saturan os hospitais? Dende o noso punto de vista, porque hai un problema de persoal. Vostedes defenden que non hai un problema de persoal. Se non hai un problema de persoal, ¿estamos asumindo que é imposible frear que, chegados os picos da gripe e chegados algúns problemas en verán, teñamos estes problemas constantemente todos os anos? Nós cremos que é posible resolvelos, e cremos que é posible, xa que vostede falaba de facerlles caso aos profesionais, señor Centeno —e que moitos deles demandan máis profesionais—, que sexan atendidos. Porque eles, moitísimos dos profesionais, da xente que traballa en hospitais, que xestionan sistemas de sanidade —incluso neste mesmo momento—, din, afirman, que con máis profesionais se resolvería mellor o sistema. ¿Sería perfecto? Nunca. ¿Teriamos algúns problemas? Teriamos. Pero é posible resolver o sistema se temos máis profesionais. E agora mesmo temos unha das peores ratios de profesionais por paciente de toda España, e temos o menor número de contratacións de toda España nas épocas nas que hai saturación.

Polo tanto, se superamos iso, se avanzamos niso, é posible.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: Sabe que só pediamos contratar persoal e algúns informes. Dígoo porque, se a súa argumentación para emendar a lei de saúde da Comunidade de Valencia era que non lles daban os informes, pode dicirlles aos seus compañeiros que veñan aquí e fagan oposición tres ou catro horas, e xa lles vou contar eu a información que dan vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Torrado.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Si, señor Puy, ¿para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: Para que conste en acta que ningún membro do Grupo Parlamentario Popular chamou papanatas a ningún membro dos deputados da oposición. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Isto xa foi explicado, foi explicado. Podemos darlle as voltas que nos dea a gana pero isto xa foi explicado. Foi unha comparecencia do conselleiro de Economía que falou de «papanatismo político». (*Fortes murmurios.*)

Imos votar, que é o máis importante. Temos invitados, ademais, que aproveito para saudar. Temos invitados na tribuna e creo eu que debemos comportarnos.

Votamos, o acto máis importante dun deputado.

Imos votar.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Nas votacións, por favor, concéntrense para que non haxa erros.

Votamos a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao. Foi aceptada a emenda que presentou o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de servizos sociais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Sánchez. Estaba pendente unha proposta de transacción co Grupo Parlamentario Socialista. Se nola le...

Por favor, déanlle voz ao escano. E lea, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á elaboración dun inmediato estudo de viabilidade que contemple o posible custo económico, o impacto tarifario e as posibles alternativas para o seu financiamento.

Segundo, dadas as amplas marxes de beneficios, demandar do Goberno do Estado unha nova política tarifaria, de forma que se estableza unha redución xeral das tarifas da AP-9 e reducións para os usuarios que, entre outros, se poida considerar que...»

Non sigo lendo, que é o mesmo.

E no terceiro, unha emenda que era de substitución pasa a ser de engádega, cos dous puntos do punto terceiro do Partido Socialista; e o cuarto bis, incorporado ao final.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias nos hospitais ante o aumento de casos de gripe.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Terminaron estas votacións.

Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións laborais dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir tres novos puntos, que pasarían a ser o 4, o 5 e o 6, co seguinte texto:

<<4. Retomando a mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, marco no que se produciron avances significativos na negociación.

5. Evitando declaracións que intentan crear confusión a respecto das reivindicacións da representación sindical

6. Recoñecendo o apoio masivo do persoal da administración de Xustiza ás mobilizacións e ás xornadas de folga.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a atender as reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de Xustiza de Galicia, abrindo un período de diálogo permanente, nos seguintes termos:

1. Equiparando os salarios das persoas traballadoras ao promedio do resto de Comunidades Autónomas, no que atinxe ao complemento autonómico transitorio.

2. Consolidando as prazas que responden a necesidades estruturais, especialmente as de máis de tres anos.

3. E repoñendo as prazas que foron amortizadas naqueles supostos e ámbitos de especial afectación>>.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Boa tarde aos representantes dos sindicatos de Xustiza que están atendendo ás nosas intervencións. Lástima non poder saudar o vicepresidente, o señor Rueda, que non vén nin sequer a escoitar o que lle temos que contar.

O día 7 de decembro, María —é o nome ficticio— ía no seu coche camiño do xulgado. Despois de anos de instrución, agardaba con ansia ver de novo a persoa que acabara coa vida do seu home, e con rabia desexaba a súa condena. Chegou a ese edificio de Ourense, tan novo, tan

pulcro, tan limpo, tan inhóspito, e atopouse coa folga e coa suspensión do xuízo sen saber canto tempo máis tería que agardar para ver esa tan desexada reparación. Por desgraza, María nin foi nin será a única que vai estar nesa situación. Mañá é probable que ocorra exactamente o mesmo noutros sitios.

Señoras deputadas, señores deputados, a Xunta de Galicia está abocando a que a Xustiza na nosa comunidade autónoma estea a correr a súa última carreira. Xa é hora de pasar das bicis de ferro ás bicis de fibra de carbono. O pelotón mingua ano tras ano porque non se cobren as baixas cando se enferma, fanse descontos que non se fan a outro persoal, non se crean prazas novas, hai maior carga de traballo e cada vez o patrocinador paga menos.

O certo é que as persoas que forman o equipo de Xustiza de Galicia perderon de media, entre 2013 e 2016, o equivalente a tres pagas extra; que hai 106 prazas menos que no ano 2012; que Galicia ten case un 25 % menos de persoal que outras comunidades autónomas; que vostedes menten cando din que se van crear 36 novas prazas, porque realmente son 36 reforzos que non estarán dispoñibles, con sorte, ata finais deste ano; que o complemento específico que reciben os funcionarios en Galicia é o terceiro máis baixo das doce comunidades autónomas que teñen a xustiza transferida en España; e que os responsables, o director xeral, o señor Rueda e o señor Feijóo, non se atreven a negocialo co ministro Montoro.

No pelotón estanse empezando a cansar. O director xeral de Xustiza é un líder sen carisma pero segue a roda do coche escoba, onde vai o vicepresidente, semellando querer rematar a súa propia carreira, baixo a atenta mirada do patrocinador de todo isto, o presidente Feijóo, bendicindo o *tour* completo.

A etapa de saída de comezo de carreira, o 14 de novembro do ano pasado, foi algo desalentadora. Eran poucos, e partían de novenos do total —como dixeran antes— das 12 comunidades autónomas coa Xustiza transferida en España.

Logo o 1 de decembro comezaba a etapa reina, a primeira folga da historia da Xustiza en Galicia, cun seguimento de máis do 80 %. Esa xornada conquería que o propio Rueda baixara da superioridade do seu coche escoba e recoñecera, en primeira persoa, aquí mesmo, un seguimento importante, dende logo apreciable, e, dende logo, «para ter en conta», dixo literalmente. Dende entón faláron despois de cada etapa, aínda que é verdade que con documentos abstractos, sen cantidades nin prazos, e ata sen ofertas económicas concretas.

En realidade, o do coche escoba xa amañara co patrocinador, e os dous só querían que a etapa de montaña, que debían afrontar, fose outra vez co director xeral como líder de todo o pelotón. E así chegaron á etapa do 13 de decembro, cun vicepresidente que nunca entendeu o significado do diálogo, e que hai oito anos que non sae do coche escoba nin sequera para saudar os corredores.

Pero os ánimos do equipo non mermaban, querían suar xuntos, sobre todo porque nesta Cámara, neste mesmo sitio, vostedes tiveron a desfachatez de votar a favor da nosa moción, que se aprobou por unanimidade.

E logo veu a xornada de descanso no Consello Galego de Relacións Laborais, alí os gregarios vislumbraron unha solución grazas ao labor da súa presidenta. Houbo tres reunións, e é verdade que os avances foron significativos: progresos nos problemas laborais, avances en tres dos cinco puntos reivindicados, cumprimento da obriga de entrega de datos polo Goberno, que tiñan sido reclamados dende había anos por parte dos sindicatos, e ata incluso a presenza física dun catedrático de Dereito Administrativo que ofrecía o seu informe.

Pero a mediadora mediu mal as súas forzas, apertou para que o director xeral da Función Pública fose negociar, estando ela presente con luz e taquígrafos. E tanta transparencia non lle gustou nin ao patrocinador nin ao do coche escoba, que decidiron que había que seguir de novo a ese líder de palla e que as xornadas de descanso xa remataran.

Eles foron os que se levantaron da mesa e aniquilaron a mediación, ninguneando o Consello Galego de Relacións Laborais e, polo tanto —é tamén unha lástima que non ficara no seu escano—, e o conselleiro de Emprego.

Así chegaron á etapa de montaña o día 25 de xaneiro, cunha nova xornada de folga masiva, de case un 90 %, e cunha manifestación histórica polas rúas de Santiago de Compostela: unhas 2.000 persoas berrando polos seus dereitos, cando hai arredor de 2.700 funcionarios de Xustiza en Galicia.

Lamentablemente, dende o principio o presidente, Feijóo, e o vicepresidente, Rueda, amosaron o que son realmente: gobernantes con dobreces, que aquí votan unha cousa, pero que logo fan a contraria botándolles a culpa a eses señores que están aí arriba e que representan a máis dos 2.700 traballadores de Xustiza.

Son gobernantes incapaces de negociar. Semella que Feijóo é capaz de negociar cando vai a Madrid as súas cousas, e incluso é capaz de negociar en Israel, pero non é capaz de negociar nada con eses señores e esas señoras que están aí arriba. O único que saben facer é ameazar, xa sexa cunha instrución dese líder acabado, anunciando que non concederá días de asuntos propios nin de vacacións, e que vai revogar os xa aprobados, ou xa sexa cun decreto de servizos mínimos, inicial, absolutamente inasumible para o equipo dos 7 sindicatos, tan inasumible que suporía traballar máis xente da que agora hai en plantilla en xulgados como A Fonsagrada, Becerreá, Muros ou Arzúa.

Tan inasumible e tan absurdo que dende o principio da oferta dese decreto de servizos mínimos ata o que hoxe saíu publicado, e que acaba de ser aprobado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, variou de maneira radical, mellorou en todo o que pedían os sindicatos, excepto nos rexistros civís exclusivos, claramente por baixo do que se indicara para os días de folga de decembro e de xaneiro.

Esta variación amosa que o señor Rueda —o do coche escoba—, o patrocinador —o señor Feijóo— e ese líder monco —que é o director xeral— son tres xestores con certas inutilidades en canto á negociación de servizos mínimos. Como dicía, un decreto tan absurdo que no seu momento había máis persoal en servizos mínimos que en plantilla nalgúns xulgados.

A oferta de incremento retributivo que plantexa o Goberno é de 25 euros ao mes para os xestores, 21 euros para os tramitadores e 18 euros para os auxilios. Oferta peor que a anterior, pois terá efectos a partir do 1 de xaneiro, e vaise facer en tres exercicios: 2019, 2020 e 2021, incluso despois de que quizais o presidente agora da Xunta —o patrocinador— deixe de ser presidente da Xunta porque haxa unha nova lexislatura.

Tan mala é a oferta que Galicia vai seguir sendo a novena comunidade autónoma de España, por debaixo —tanto lles gusta a vostedes— de Andalucía e de Asturias, e nunca na parte alta da táboa, sempre da metade para baixo.

No que respecta ás baixas, o Goberno propón seguir falando nunha mesa de negociación, pero xa non coa presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais. Na equiparación do salario por substitucións, o Goberno só se compromete a recadar ese informe dun profesor universitario que xa estaba no Consello Galego de Relacións Laborais hai case dous meses.

Mañá é día 7 de febreiro, e mañá o equipo da Xustiza en Galicia corre unha nova etapa, pode ser a última carreira: as consecuencias poden ser imprevisibles, os danos económicos e sociais irreparables, e así o teñen dito, tamén, os comunicados oficiais dos consellos galegos de procuradores e da avogacía de Galicia, e este último pon o aceno en que a folga implicará, inevitablemente, un grave quebranto no funcionamento dun servizo público tan transcendente para a cidadanía como é a xustiza.

E, como en todas as carreiras, a responsabilidade máxima vai ser do líder —do director xeral—, do director do equipo que vai no coche escoba —o señor Rueda— e do patrocinador, que realmente é quen toma as decisións, que é o presidente Feijóo. Non do pelotón, que diariamente súa a camiseta para chegar á meta e gañar, porque xa chegou o tempo de pasar das bicis de ferro ás de fibra de carbono.

Nós hoxe pedimos, de novo, dereitos laborais e máis persoal, e que vostedes abran —de verdade e de maneira transparente— un período de diálogo permanente cos 7 sindicatos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ... —remato, presidente— para equiparar os salarios cos traballadores das outras comunidades autónomas —esas que están por riba da táboa, non por baixo, como Andalucía e Asturias—, que consoliden as prazas que responden a necesidades estruturais e que se repoñan todas as prazas amortizadas; é dicir, máis persoal e que recoñezan o labor económico dos traballadores e das traballadoras de Xustiza.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos agora á intervención dos grupos parlamentarios. Por parte do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, boa tarde.

Quero, en primeiro lugar, saudar a representación sindical que nos acompaña na tribuna e lamentar a ausencia do señor conselleiro de Xustiza, que debería de estar aquí presenciando este debate, e que non está, pero que está ausente como estivo ausente ao longo de todo este tempo, mesmo sen dignarse a recibir en todos estes anos que leva como conselleiro os representantes sindicais, junha auténtica vergoña!

¿E por que chegamos a esta situación? Pois chegamos a esta situación porque hai mañá convocada unha folga indefinida pola política do Partido Popular de deterioración e de desmantelamento sistemático dos servizos públicos en todo o Estado, pero, sobre todo, dunha maneira máis intensa en Galiza, porque aquí procuraron ser os campións estatais dos recortes, de aplicación de medidas lesivas para o persoal da Administración de xustiza e, en xeral, da Administración pública, que ao longo destes anos chegou a perder, aproximadamente, o 25 % da súa renda salarial.

E esta deterioración foi especialmente acusada na Administración de xustiza co empeoramento das condicións de traballo, co empeoramento dos espazos de traballo, coa escaseza de medios, coa redución de persoal e, tamén, cunha discriminación evidente a nivel de condicións laborais e salariais que sofren os traballadores dependentes da Xunta de Galicia en comparación non só con outras comunidades do Estado, e outros territorios do estado, senón dentro dos mesmos propios organismos de Xustiza.

E claro, o persoal, chegado a este punto, xa dixo basta, estamos fartos de cinco anos sucesivos de recortes, e plantexaron unha serie de reivindicacións ante a Xunta de Galicia. Intentaron negociar esas melloras salariais e laborais, por certo nunha plataforma sindical unitaria, na que están as 7 organizacións sindicais representativas do sector, o que é algo digno tamén de recoñecemento e de loubanza, porque non é fácil que se poñan de acordo as 7 organizacións sindicais nesas cinco demandas conxuntas.

E despois do verán plantexouse a negociación na mesa sectorial e atopáronse coa cerrazón por parte da Dirección Xeral de Xustiza, unha cerrazón da que ten responsabilidade principal o señor vicepresidente da Xunta e conselleiro da Presidencia, o señor Rueda.

A partir de aí empezaron unha serie de mobilizacións, en primeiro lugar en novembro, e despois as xornadas de folga de decembro, tamén unha nova xornada de folga en xaneiro e unha mobilización masiva na que participou, practicamente, a maior parte do persoal da Administración de xustiza, e isto é porque non lles quedou outro remedio que ir cara a esas mobilizacións, porque se encontraron con esa postura absolutamente inflexible, esas portas pechadas na consellería, esta falta de diálogo por parte da Dirección Xeral de Xustiza; unha actitude absolutamente prepotente, unhas declaracións provocadoras por parte do señor Rueda, que actuou aquí coma un bombeiro pirómano, e tamén a manipulación ou o intento de manipulación burda das demandas sindicais, que chegou onte mesmo a unha intervención —porque nisto, claro, contan coa colaboración inestimable da Televisión Galega, na súa acostumada obxectividade— cunhas declaracións do director xeral de Xustiza. Curiosamente, os representantes sindicais á Televisión Galega non poden ir, pero ao director xeral

de Xustiza si que lle prestan esta canle para que poida transmitir esas manifestacións que intentan distorsionar as reivindicacións sindicais.

Polo medio, tamén, esas manobras burdas para torpedear os acordos, eses acordos ou eses avances que se produciron na negociación, como dixo a portavoz socialista, no Consello Galego de Relacións Laborais, coa mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, que curiosamente, como se produciron avances, quedou fóra da negociación.

Polo tanto, chegados a este punto, chegados a esta convocatoria de folga indefinida que vai ter lugar a partir de mañá, o BNG manifesta —como xa o fixemos noutras ocasións nas que tivo lugar este debate— o apoio a estas demandas masivas do persoal da Administración de xustiza, o apoio a esta iniciativa do Grupo Socialista, á que lle engadimos tamén 3 propostas concretas, 3 emendas que se refiren, en primeiro lugar, a algo que debe de facer o Goberno, que é recoñecer o apoio masivo ás mobilizacións e ás xornadas de folga.

Nas mesmas asembleas que tiveron lugar a semana pasada houbo un apoio á convocatoria que empeza mañá, de máis do 73 %, un chamamento á negociación e ao diálogo. Tamén lle pedimos ao Goberno que evite declaracións que intentan crear confusión...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...declaracións malintencionadas que intentan crear confusión, e tamén pedimos que volva a mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, porque foi, precisamente, con esa mediación como se conseguiron avances na negociación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes.

Saudamos tamén os representantes sindicais presentes hoxe na tribuna, e quero comezar dicindo que o Goberno da Xunta de Galicia estivo sempre en disposición de dialogar e de negociar cos representantes dos traballadores, da Administración de xustiza, pero este grupo parlamentario tamén. E no Grupo Parlamentario do Partido Popular recibimos sempre a todo o mundo, e por iso nos sorprende que representantes do comité de folga do persoal de Xustiza decidiran non convidar o Grupo Parlamentario Popular a unha reunión que, ao parecer, se celebrou a semana pasada. Non entendemos o motivo, porque nós recibimos a todo o mundo. E é difícil atoparlle explicación ao feito de non querer sentarse co grupo parlamentario maioritario, especialmente cando neste Parlamento se adoptaron dous acordos no mes de decembro apoiando as súas reivindicacións por unanimidade. Acordos que non sería posible que fosen aprobados se non fora co apoio do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Polo tanto, pois para poder negociar hai que dialogar, se non hai diálogo é difícil poder negociar. Pero as portas do Grupo Parlamentario Popular están sempre abertas, e se alguén pasa de largo diante desas portas terá que explicar aos seus representados por que non quere dialogar co Grupo Partido Popular. En todo caso, nós confiamos en que haxa responsabilidade para chegar a un acordo, porque se non o que se vai conseguir vai ser prexudicar os usuarios da Administración de xustiza.

Estamos tratando hoxe aquí unha proposta da señora Vilán, que é unha proposta do mes de novembro de 2017, rexistrada. Despois diso chegamos a dous acordos aquí, e agora vostede trae un acordo aquí para modificar o que xa acordamos por unanimidade. Eu creo que vostede viu o que había alí e dixo: vou tratar de recuperar unha proposta xa desfasada e levala ao Parlamento desdicíndose dun acordo que vostedes apoiaron aquí por unanimidade. Porque os termos non son os mesmos que vostedes, en dúas ocasións, aprobaron aquí por unanimidade. Non sei que intencións terá vostede, señora Vilán, e o Partido Socialista, pero, desde logo, parece que se están desmarcando e descabalgando deste acordo adoptado por unanimidade.

Sobre a equiparación salarial, eu quero dicir que a maioría das reivindicacións que están enriba da mesa foron obxecto de consenso. ¿A reivindicación salarial? Pois a Administración fixo unha oferta económica de incremento salarial que permite acadar a media das cantidades percibidas por este concepto retributivo no resto de territorios. Polo tanto, pasaríase a incrementar para ese corpo de xestores 900 euros ao ano; para tramitadores, 744 euros ao ano; e para auxilios, 660 euros ao ano.

E con este incremento, se miramos como quedaría a táboa co resto de comunidades autónomas, estaríamos que no corpo de xestión, no posto 9 —de 19—; no corpo de tramitadores, no posto 8 —de 19; e no corpo de auxilio, no posto 7 —de 19—. (*Murmurios.*) Estarían, polo tanto, nun salario máis alto do que percibían do Ministerio de Xustiza, e tamén máis alto dos funcionarios da Xunta e mesmo de comunidades como A Ríoxa, Cataluña, Aragón e das xestionadas, actualmente, polo ministerio. Ademais, incrementaríase o IPC galego e un complemento por obxectivos para os funcionarios de xulgados de Violencia de Xénero.

E fronte a isto o que se solicita é o incremento de 3.240 euros ao ano, o que representa entre un 12 e un 16 % de incremento, que é, francamente, inasumible desde o punto de vista material e orzamentario, pero inasumible, tamén, desde o punto de vista legal, porque non se permiten estes incrementos pola normativa estatal.

En segundo lugar, na consolidación de prazas de necesidades estruturais hai un principio de acordo para converter en fixos os postos que leven máis de tres anos por contratos temporais. Na reposición de prazas amortizadas tamén 5 foron amortizadas no 2012 para crear outras tantas nese mesmo ano en distintos xulgados. E outras 5 foron amortizadas posteriormente, pero creáronse 84 novas, sen contar as 36 prazas de consolidación de reforzos que se crearán este ano e que xa están orzadas.

Polo tanto, hai que ter en conta, tamén, que estas amortizacións son por causas naturais, porque se van producindo xubilacións e tamén porque nos xulgados de paz hai menos com-

petencia, e, polo tanto, requírense menos efectivos, menos funcionarios para poder desenvolver o seu traballo e manter en correcto funcionamento o xulgado de paz.

E, polo tanto, nós apoiamos —como xa dixemos nos outros acordos que aprobamos aquí— as lexítimas reivindicacións dos distintos sectores que interveñen na Administración de xustiza. E neste caso dos funcionarios dos corpos xerais de xestión, tramitación e auxilio que traballan en Galicia.

E o que pedimos, señora Vilán, é que manteñamos ese acordo, que non o rompan. E, desde logo, nós non imos aceptar leccións sobre incrementos retributivos do único partido en España que lles reduciu, que lles baixou os salarios aos funcionarios públicos. (*Aplausos.*) Non o imos permitir, señora Vilán. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E nós queremos subir os salarios...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...pero teremos que subilos dentro do razoable. Creo que o que se está poñendo enriba da mesa é razoable.

E se facemos unha conclusión final, mire, no tema de consolidación de prazas e necesidades estruturais hai un principio de acordo; na reposición de prazas amortizadas hai un principio de acordo; na retribución durante os primeiros días de baixa hai un compromiso por parte da Xunta de Galicia de facer un grupo de traballo; e nas substitucións verticais hai un compromiso de facer unha proposta e encargarlle unha proposta para que se visualice a posibilidade de facelo de forma legal.

E vexo que o único punto inconveniente é o tema das retribucións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: Eu creo que este é un caso que se pode superar. Polo tanto, o que está claro é que a Xunta de Galicia, o Goberno de Galicia, está asumindo e está cumprindo o mandato que saíu deste Parlamento, os acordos que saíron deste Parlamento.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Polo tanto, iso é o que deixamos enriba da mesa e que volvamos ao acordo que se aprobou aquí no pasado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde, señores deputados e deputadas.

Señor presidente.

Quero tamén saudar, de parte do Grupo de En Marea, a representación sindical que aquí nos acompaña, coa que tivemos xuntanzas e que ten todo o noso apoio.

E lamentamos a ausencia do señor Rueda, aínda que despois non vai ter máis remedio que comparecer coa pregunta que vai saír proposta polo noso grupo para dar conta desta problemática, xa que está agochado como o avestruz para non dar a cara ante esta problemática.

Nós, dende logo, tamén lamentamos o peche en banda do Grupo Popular e a falta de auto-critica con respecto a estas cuestións. E gústanos moito oír o deputado que acaba de expresarse dicindo que había un consenso tan amplo sobre estas cuestións e a unanimidade que saíu de todos os grupos cando tamén protestaron, ao mesmo tempo, que estaban aburridos de que a oposición trouxeramos PNL e preguntas referidas a este conflito coa Xustiza. E pedindo dotación orzamentaria para a Xustiza, un reforzo para a Xustiza e, tamén, que se deran máis orzamentos, en xeral, para o persoal da Xustiza e para todo o relacionado coa xustiza en Galicia.

A verdade é que o Grupo Popular e o Partido Popular, tanto en Galicia como no Estado, teñen moi mala sorte. Teñen moi mala sorte de que teñan tanta xente protestando e exixíndolles que cumpran a súa propia lei, a lei de Montoro. E que na restitución dos dereitos roubados aos empregados públicos se lles exixa que cumpran coas súas responsabilidades no referente tamén a esta negociación lexítima por parte da representación do persoal de Xustiza, xa que vostedes gobernan con man de ferro coa súa maioría absoluta.

¡Que malos son os que non calan a boca coa súa maioría absoluta e exixen dereitos! Son malísimos, teñen vostedes razón. ¡Son malísimos!

¡Que malos son os que non cren que as maiorías absolutas son un cheque en branco e menos os que non aceptan as leccións morais da maioría absoluta dun partido imputado por corrupción! Que é como o coñece popularmente todo o mundo, e que ademais son famosos en todo o mundo por ser o primeiro partido imputado da democracia polo sistema xudicial.

¡Que malos os que non cren que a propaganda e a manipulación de, por exemplo, a TVG sexa unha escusa para non falar da realidade! E que malos son os que seguen sentindo noxo das novas de corrupción e cando ven novas como a Gürtel de Valencia —hoxe faláron moito de Valencia, de Pablo Crespo, ¿sóalles?—, ¿sóalles Pablo Crespo? Pablo Crespo era do Partido Popular de Galicia. Tamén — cousas da xustiza — condenado a máis de trece anos de cárcere polo caso Gürtel e que ademais era un dos cabecillas desta trama tan corrupta, que era ex secretario da organización do PP de Galicia, ¡nin máis nin menos! ¡Do PP de Galicia! E ademais, nova do 19-01-2018: «*Pablo Crespo ratifica la financiación ilegal del PP valenciano*», e sinalou tamén a Ricardo Costa e a todos os *amiguitos* empresarios do PP. Cousas que pasan e que o PP de Galicia é alleo a isto, que fala de Valencia como se lle quedara lonxe, ¡quédalle súper preto!

¡Que malo é o persoal sanitario que estivo o domingo inundando, xunto cun montón de cidadanía, as rúas de Santiago e que se opón aos ataques á sanidade pública!

¡Que malos eran os mariñeiros do sector galego que se viraron tamén contra a Lei da acuí-cultura da señora Quintana!

¡Que malos os traballadores de Ferroatlántica tamén protestando contra as medidas do señor Conde no referente á súa actuación coa segregación das centrais do Xallas!

E, polo tanto, ¡que malo é o persoal de Xustiza que leva protestando —co peche en banda do señor Rueda, do vicepresidente do partido imputado— porque entenden que o señor Rueda de diálogo e de consenso sabe pouco e de compromisos sabe pouco! Porque, dende logo, nunha folga, nunhas concentracións do 25 de xaneiro, o 95 % de apoio dos traballadores da Xustiza, e ao mellor é que a palabra consenso e diálogo que vostedes venden non debe de ser moi verdade, por moito que digan.

Protestas que están secundadas porque son absolutamente intolerable as diferenzas e a discriminación que existe entre traballadores entre as distintas comunidades autónomas e a precariedade dos traballadores de Xustiza. É absolutamente intolerable que existan unhas diferenzas tan grandes entre os traballadores de Xustiza en Galiza e outras comunidades.

Descontos por incapacidade laboral, ¿privilexios? ¡Privilexios os da clase política e de deputados de organizacións que queren manter os privilexios do réxime, como nesta bancada! Iso si que é inaceptable. ¿Privilexio é cubrir ou non cubrir as prazas amortizadas e vacantes? Porque cando aquí falan de amortizacións, de vacantes, de xubilacións, os que vimos da Administración pública sabemos como terxiversan esta información, porque hai un ataque masivo para poder desmantelar o público, porque vostedes non cren neste modelo. Vostedes non cren na xustiza pública, non cren no público, non cren en empregados públicos independentes do poder político. Esa é a clave do tema que aquí se está dirimindo.

Entón, para nós, a diferenza de para vostedes...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...defender o público, os empregados públicos e os seus dereitos —e neste caso os de Xustiza tamén—, é absolutamente unha cuestión de ética, é unha cuestión de xustiza —nunca mellor dito—, é unha cuestión moral.

Por iso nós con quen imos estar é cos traballadores, imos estar co público. Imos estar contra os privilexios dos políticos, que tanto dano fixeron neste país, e contra o modelo desmantelador e precarizador do Partido Popular, no privado e no público. E, polo tanto, imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E imos, tamén, preguntarlle ao señor Rueda sobre estas cuestións máis tarde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente, de novo.

E grazas ao Grupo Parlamentario do BNG e de En Marea.

Imos aceptar a emenda do BNG na súa totalidade, como engádega deses puntos a maiores. E non imos aceptar a emenda do Partido Popular.

E, señor Moreira, é que a nosa iniciativa de novembro eu non sei se sabe que hai novas iniciativas do día 24 de xaneiro — rexistradas o 24 de xaneiro —, porque a folga era o día 25. O que pasa é que tal e como funciona este Parlamento, e tendo en conta que a Xunta de Portavoces foi a semana pasada, esas iniciativas do 24 de novembro non estaban en condicións de ser hoxe debatidas no Pleno. Ao mellor hai que cambiar o Regulamento —vostedes que teñen maioría absoluta poden facer unha proposta— e poderíamos ter esas iniciativas absolutamente actualizadas. A maneira de traballar deste Parlamento, por desgraza, é como mínimo de con quince días de atraso, porque así funcionamos. E vostedes non teñen ningunha intención de cambialas.

Desde logo, estaría ben —é certo— que os sindicatos se reuniran co Grupo Parlamentario Popular para que lle explicaran a vostede cal é a realidade, porque non se entera absolutamente de nada do que está a pasar en Xustiza. Estaría moi ben que... De verdade, vostede necesita unha reunión cos representantes dos traballadores, porque vostede veu aquí contarme este documento, documento de peche que o conselleiro —non directamente, porque hai como oito ou nove anos que non lles ven a cara por Xustiza, salvo para inaugurar os poucos edificios xudiciais que se inauguran— e o director xeral foron con este documento de peche. E lástima non teña unha pizarra para contarlle a táboa que vén aquí —que é o que vostede nos acaba de contar—, pero que, ademais, está errada, porque sitúa a Galicia de novena de 19 comunidades autónomas. En España hai 17, porque Ceuta e Melilla non son comunidades autónomas e, polo tanto, non contan, e Murcia, Baleares e Castela-León tampouco contan, porque a xustiza non está transferida e, polo tanto, non é competencia das comunidades autónomas, senón que é competencia do Ministerio de Xustiza. Polo tanto, Galicia está de novena de 12, se non lle importa, e iso quere dicir que está por debaixo da media. O señor director xeral de Xustiza prometeulles aos sindicatos estar no número 6 ou no número 7, é dicir, no posto de Andalucía e Asturias, e non o fixo. ¡Que lástima!

Vostede veu aquí contar este documento, que ten cinco puntos —é certo—, que foi o que negociou o comité de folga. É impresentable que no complemento autonómico transitorio variaran vostedes de postura tres veces. A primeira vez, no Consello Galego de Relacións Laborais, dicindo que a suba ía ser no ano 2018; a segunda vez, o director xeral da Función Pública dixo que ía ser en 2019; e a terceira vez, o mesmo director xeral de Función Pública dixo que ía ser en tres anualidades. Estaría ben que vostedes se puxeran de acordo entre vostedes, ¡é impresentable! É impresentable tamén que para a consolidación de prazas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—vou rematando, presidente—nos vendan que son 36 que xa estaban negociadas na Mesa xeral da función pública. O que hai que negociar é onde, como e cando se van crear esas 36 prazas de reforzo.

Non se van amortizar 106 prazas, porque o ministro de Xustiza só lles autorizou a vostedes 10 desas 106 prazas, 10, nin sequera o 10 %, señor Moreira, e así o recoñeceron vostedes non Consello Galego de Relacións Laborais. Estaría ben que repase tamén as actas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: —Vou rematando, presidente—.

O que é impresentable, pola súa banda, é que vostedes inclúan nese documento algo que en ningún momento o comité de folga incluíu como unha reivindicación dos traballadores, algo que se debería negociar fóra, algo co que non se limosnea, algo que é tan serio como incrementar o persoal dos xulgados de violencia contra a muller. Non pode ser que ademais de levar case nove anos sen saber...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: ...que cara teñen, o vicepresidente da Xunta pretenda colgarse unha medalla á custa das vítimas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...de violencia de xénero e dos xulgados de Violencia de Xénero.

Voten a favor, e así tan facilmente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Voten vostedes a favor da nosa proposición de lei e probablemente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán, pola súa intervención...

A señora VILÁN LORENZO: ...poderemos seguir falando despois.

Grazas, presidente, pola súa amabilidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión da AP-9 perante o Goberno de España, a defensa dos intereses das persoas usuarias e o cumprimento dos acordos parlamentarios

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do señor Fernández Leiceaga.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Xoaquín Fernández Leiceaga, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á proposición non de lei (doc. núm. 22214).

Emenda de modificación.

O punto 4 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<4. Velar polo cumprimento dos acordos parlamentares en relación coa AP9, nomeadamente os que teñen que ver coa transferencia a Galiza, a supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, a transformación en vía urbana do acceso a Vigo desde o enlace de Bos Aires, a instalacións de pantallas anti-ruido nas zonas afectadas, e a realización dos investimentos necesarios para corrixir o impacto negativo da ampliación de Rande nas parroquias de Trasmañó e Chapela.>>

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa engadir o seguinte punto:

<<4 bis. O Parlamento de Galicia deplora a ampliación da concesión ate o ano 2048 e insta á Xunta de Galicia a negociar co Goberno de España as compensacións dos aforros e ingresos para os Orzamentos Xerais do Estado que esta medida supuxo.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Ao Partido Popular moléstanlle as iniciativas da oposición sobre a AP-9, acábao de dicir antes o señor Fernández Prado. Din que estamos aquí nunha competición, nunha loita partidista. A nós, de verdade, encantaríanos non traer aquí iniciativas sobre a AP-9, estaríamos encantados, e téñeno fácil: cumpran os acordos deste Parlamento e non traemos máis iniciativas sobre a AP-9; fagan a transferencia da AP-9 a Galiza e non traemos aquí o tema; *(Aplausos.)* pero, realmente, vostedes están incumprindo sistematicamente todos os acordos e, polo tanto, seguiremos dando esta batalla e seguiremos denunciando eses incumprimentos e exixindo todas as veces que faga falta, non teñan problema nin preocupación por iso.

Ben, esta iniciativa que traemos ten como obxectivo acabar con ese veto do Partido Popular á transferencia da AP-9, e déanlle vostedes as voltas que queiran, pero onte deixouno per-

fectamente claro o ministro de Fomento: a AP-9 non se transfire porque é do Estado. Así de claro. Polo tanto, non busquen aquí subterfuxios, excusas, explicacións, porque está claro que hai un veto político, non son razóns técnicas, é unha decisión política de non transferir a AP-9. E ademais chegaron a dicir aquilo de que era unha ameaza para a unidade de España a transferencia da AP-9, porque, claro, quedaría o Estado sen competencias. Non nos tomen por parvos, señores do Partido Popular, hai un veto político que, ademais, ten unha motivación de fondo inconfesable para vostedes, que é que o que están facendo é protexendo os intereses de empresas amigas, e máis agora cando se está negociando a venda da concesión, un negocio millonario que se está tamén cociñando aí nos despachos escuros.

E todas estas decisións, que son decisións políticas, contan coa complicidade, coa submisión e co servilismo do Partido Popular galego e da Xunta de Galiza, que son cómplices imprescindibles e colaboradores destas decisións. Vostedes permiten esa aldraxe a Galiza, ese desprezo aos acordos do Parlamento galego ao non admitir a trámite a lei aprobada por esta institución.

Polo tanto, a proposta que traemos aquí a aprobación hoxe o que pide é o cumprimento dos acordos do Parlamento galego, nomeadamente no que ten que ver coa transferencia da AP-9. E non vale dicir aquí unha cousa, votar aquí unha cousa e a contraria en Madrid, porque ademais vostedes —xa rizando o rizo— o que fixeron é o mesmo día votar aquí a favor e en Madrid vetar. Ese día da vergoña —que lles recordaremos sempre— do 13 de decembro de 2016 votaron a favor aquí da transferencia e en Madrid, na Mesa do Parlamento, vetaron a súa tramitación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É o que conta, ¿non? O de alá non conta, vale. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si... Xa, xa.

En segundo lugar, a iniciativa ten como obxectivo acabar co trato de favor dos gobernos do Estado e da Xunta de Galiza coa concesionaria, que non é nada novo, por outra parte, porque levan facendo isto ao longo, polo menos, de vinte anos, ou máis, desde todo o período da concesión: ampliando os períodos da concesión, privatizándoos, subindo as peaxes, concedéndolle beneficios fiscais e bonificacións, como ese privilexio franquista que desfrutaba do 95 % da bonificación do IBI, que impide que os concellos polos que pasa a autoestrada deixen de ingresar cada ano 9 millóns de euros, coas dificultades que vimos antes que tiñan os concellos en materia de financiamento, e vostedes permiten isto.

Claro, e Audasa e os corsarios que son propietarios teñen as bonificacións, pero as que non teñen bonificacións son as persoas usuarias. Esa é a política que seguen vostedes de favorecer os intereses da concesionaria.

Esta iniciativa tamén pretende acabar con ese negocio multimillonario da AP-9, desta concesión que tivo o ano pasado, no ano 2016, de 136 millóns de ingresos e 46 millóns de beneficios; que leva ingresado en todo o período da concesión máis de 2.600 millóns de euros e que no ano 2011 prevía ingresar ata o 2048 máis de 9.500 millóns de euros, dos cales un terzo, aproximadamente, serían beneficios. Un auténtico espolio, un roubo legalizado, un acto de piratería moderna que veñen aquí roubarnos o tesouro de Rande, o tesouro da AP-9 con ese capital corsario que é o propietario maioritario da concesionaria, do Grupo Itínere.

E nós, dado que se está dando esta situación, traémoslles aquí unha proposta, a vostedes que teñen boas relacións con estas empresas —por se queren trasladarlles unha proposta para cambiar a imaxe corporativa do Grupo Itínere—. Pensamos que esta imaxe podía funcionar moi ben como nova imaxe corporativa do capital corsario que está (*Aplausos.*) roubando o diñeiro dos galegos e das galegas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esta sería unha boa bandeira de conveniencia, pero ben, esta bandeira de conveniencia tamén lle valería ao Goberno do Estado, porque o Goberno do Estado é o segundo gran beneficiario do espolio da AP-9 polos 1.586 millóns da privatización e porque, ao final, os beneficios obtidos polo Estado superan os 2.000 millóns de euros contando esa privatización, contando, tamén, o imposto de sociedades, por certo, que llo rebaixaron, ¿como non?, que llo rebaixaron, e tamén o IVE.

¿A onde van estes cartos? Desde logo a Galiza non veñen, estes cartos deben ser para o rescate das ruinosas autoestradas madrileñas que lle van custar ao Estado —como xa lle comunicou a Unión Europea— máis de 4.000 millóns de euros. Sen contar as expropiacións, que a ver en canto saen.

E por riba de todo isto resulta que cada vez peor servizo, cada vez menos persoal, menos gasto en conservación e mantemento, continuas retencións. É a autoestrada que ten máis reclamacións, segundo o Ministerio de Fomento bateu o récord por quinto ano consecutivo, a que máis queixas xera por retencións, por incidencias no pagamento coas tarxetas e polas peaxes.

E, neste sentido, a proposta que traemos aquí para acordo é que se faga unha auditoría sobre o servizo que presta a concesionaria. Por certo, algo que xa anunciou o Ministerio de Fomento no ano 2015 e do que non volvemos saber nada máis. E o que queremos é, polo tanto, que actúen e que se deixen deses paripés de comisións de seguimento, que é unha cortina de fume, un sucedáneo que non serve para nada, e non nos veñan contar aquí esa milonga do aforro dos 7 millóns.

Ben, o señor Feijóo chegou a falar de 400 millóns. Que cara dura mentir con ese descaro, cando o propio Consello de Contas falaba de 186 millóns. Pero é que ademais non hai tal aforro, porque xa llo explicamos, en moitas ocasións variouse o cálculo da compensación e o Estado vai ter que pagar menos deses 7 millóns que pagaba. Polo tanto, non hai ningún aforro para a Xunta de Galiza, porque o vai asumir o Estado, porque vai pagar menos dos 7 millóns que viña pagando actualmente.

E o que nos preguntamos é por ese enriquecemento ilícito —por certo do que fala ese informe do Ministerio de Fomento— que se deu ao longo de todos estes anos que se lle estivo pagando esa compensación cando non era de xustiza facelo.

Ben, e por último, nós consideramos que hai numerosas zonas escuras, hai moi pouca luz na xestión da AP-9, hai que pararlle nese sentido os pés a Audasa, plantarlles cara aos corsarios e, polo tanto, hai que aprobar unha comisión de investigación, que non é unha comisión de investigación simplemente sobre os convenios —como nos queren facer entender ás veces— do 2011 e do 2013, é unha comisión de investigación sobre todo o período da concesión; unha comisión de investigación sobre as decisións dos gobernos que beneficiaron a concesionaria,

a ampliación da concesión, a privatización, os convenios, os incrementos das peaxes, sobre os beneficios xerados pola concesión, sobre, tamén, os ingresos obtidos polo Estado, en que se utilizaron eses ingresos. E tamén sobre as obras da ponte de Rande, porque aínda hai moitas cuestións que non están claras a este respecto e nós queremos que haxa transparencia, que haxa luz, que haxa a máxima claridade a respecto de todas estas cuestións.

Polo tanto, aínda que sabemos que non lles gusta, señores do Partido Popular, o BNG non vai parar de denunciar esta aldraxe, este espolio e, tamén, a complicidade da Xunta, a complicidade do Partido Popular e do Goberno central cos abusos da concesionaria.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boa tarde.

Outra vez falando da AP-9 desde a tribuna nesta tarde.

Señor Fernández Prado, vostede dicíanos que no Goberno e na oposición se facían cousas distintas. Recórdolle: Alberto Núñez Feijóo, Goberno Fraga, ampliación da concesión da AP-9 a vinte e cinco anos. Iso no goberno. (*Aplausos.*) Na oposición é certo que naquel momento aínda non era o responsable do Grupo Popular na Cámara, pero estivemos o meu grupo e o Grupo do BNG detrás da acción do Goberno naquel momento presidido por Emilio Pérez Touriño e con Anxo Quintana encargado desta cuestión, levamos a Madrid a Comisión Mixta de Transferencias —da que eu formaba parte xunto con algún compañeiro seu naquel momento, como o señor Pita, que fora previamente portavoz do Goberno Fraga—; levamos un conxunto de transferencias, de solicitude de transferencias, entre as que estaba incluída a AP-9. Polo tanto, nese momento co apoio do Goberno solicitabamos a transferencia da AP-9, señor Martín Prado, solicitabamos a transferencia da AP-9. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si. En contra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ¿Perdón? Non entendo o que me di. Despois terá a oportunidade de explicarmo. (*Murmurios.*)

Segunda cuestión importante. Díciame vostede: apoien o ministro de Fomento na xestión que vai facer das autopistas.

Non, mire, é que o ministro de Fomento o que está plantexando publicamente é que quere ampliar a concesión das autopistas que rematan nos próximos tres anos; xustamente quere ampliar a concesión, e aí nós non imos estar de acordo en ampliar a concesión destas auto-vías. ¿Para que? Para aforrarse un pequeno diñeiro en cuestións de mantemento quere que sigan pagando os cidadáns. Pois ese non vai ser o noso modelo.

E mire, e para explicarlle diferenzas de comportamento: autovía Lalín-Ourense, gratuíta, non pagan os cidadáns, época de Emilio Pérez Touriño como presidente. Autopista Santiago-Lalín, mesmo traxecto, pagan os cidadáns, era o señor Fraga presidente da Xunta. Esa é a diferenza, señor Martín Prado. Explíquenos iso, xustamente porque hai esas incongruencias sobre o territorio, froito de criterios diferentes. E eu non quero entrar a xulgar aquí se uns son mellores que outros, como existe entre A Coruña-Carballo, a diferenza de Redondela-Vigo ou Santiago-Sigüeiro ou moitos outros. Por iso nós plantexamos que hai que sentarse, sabendo que en parte dependen doutra administración e en parte da Xunta de Galicia, e establecer criterios homoxéneos no conxunto do territorio que permitan explicarlles aos cidadáns por que facemos unhas cousas e non outras; poñernos de acordo entre todos e dicir: pois isto é o que vai suceder. Cando se trata de *commuters*, imos aplicar ese criterio; cando se trata doutra situación diferente, apliquemos outro. E intentemos que no conxunto do territorio teñamos todos os mesmos dereitos e as mesmas obrigas.

Por iso falamos da Comisión de estudo, que inclúe tamén a análise da AP-9, porque, dado que hai unha comisión de seguimento na que está presente a Xunta de Galicia, cremos que pode ser sensible ao que decide este Parlamento, se finalmente esa comisión de estudo que nós propoñemos se leva á práctica.

Nós non queremos unha comisión de investigación como a que propón o BNG, e non porque teñamos ningún medo a que se investigue, senón por unha razón de forma e outra razón de fondo. A razón de fondo é que queremos ser congruentes co que vimos defendendo aquí. Non é unha competencia desta administración; polo tanto, non iamos ter os instrumentos, os medios e a capacidade de saber, finalmente, que é o que estaba pasando. E unha razón de forma é que en boa medida todo o que está solicitando o BNG é unha información transparente e dispoñible que está nas memorias da compañía, e, polo tanto, pode accederse a ela e pode reconstruírse o que pasou coa AP-9 ao longo do tempo. E ademais, este Pleno tampouco sería competente para facelo, porque non é o procedemento que está establecido no Regulamento do Parlamento.

Polo tanto, aí temos unha diferenza, e non imos apoiar esa parte da iniciativa sen o resto.

Consideramos que ao Ministerio de Fomento hai que incomodalo, hai que presionalo, hai que darlle a lata, cunha proposta coherente sobre a base dunha realidade que xa expuxeron aquí algúns dos intervenientes sobre este tema esta tarde; unha dobre realidade que lle sae dobremente a conta á situación actual, porque estamos pagando, a través das peaxes, investimentos necesarios e, porque, ademais, o imposto de sociedades que ingresa o Ministerio de Fomento máis que compensa as bonificacións que está entregando aos usuarios da AP-9.

Polo tanto, nós cremos que si hai que dar a lata para que esas peaxes se rebaixen, para racionalizar a situación no conxunto do territorio e para que a AP-9 poida prestar un bo servizo, porque hoxe é un problema, hoxe reduce a competitividade dos nosos produtos. Unha empresa de Ferrol que queira colocar produtos en Vigo está en peores condicións que unha empresa de León, porque ten que pagar peaxes, e no outro caso non se pagan. E porque afecta tamén o noso benestar como cidadáns, facendo que moita xente que ten que diariamente usar esa infraestrutura teña que facer un desenvolvo excesivamente elevado, e vai ter

que seguir facéndoo ata o ano 2048, cando noutras partes do territorio as peaxes van ser levantadas, se finalmente o Ministerio de Fomento non sae coa súa, a partir do ano que vén ou do seguinte ou, en todo caso, dos primeiros anos vinte.

Por iso, imos apoiar, se é posible, unha parte da iniciativa do BNG e, desde logo, non estamos de acordo nesa outra parte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

O noso grupo vai apoiar esta iniciativa, evidentemente, para que a Xunta de Galicia se plante con firmeza para defender os intereses dos galegos e das galegas fronte a Audasa e Fomento, pero temos que dicir que non temos ningunha esperanza de que se chegue a executar. Eu non digo que non se poida aprobar, porque sabemos que o Partido Popular ás veces aproba iniciativas pero despois non as executa. Dende logo que sabemos que esta non se vai executar, e sabémolo por unha sinxela razón: o Partido Popular xamais tomou unha decisión, xamais levou a cabo unha actuación que fose en contra dos intereses de Audasa. E esta iniciativa vai en contra dos intereses de Audasa. Por iso, estamos seguras de que non a van aprobar. E isto non é opinión, estes son feitos consumados, a historia de como Audasa saquea Galicia coa necesaria e estimada colaboración da Administración, fundamentalmente dos gobernos do Partido Popular.

A concesión de Audasa representa como ningunha este modelo de neoliberalismo de amiguetes, dos que defenden o neoliberal pero non son quen de facer negocios se non é parasitando as institucións. Os feitos e os resultados son os que son. A explotación da AP-9 é unha estafa á cidadanía, coa necesaria colaboración da Administración, como demostran os feitos e os resultados. Primeiro privatizan a prezo de amigo coa máxima socialización de perdas e privatizacións dos beneficios; gaña Audasa, perde a cidadanía. Despois blindan a concesión ao máximo legal, facendo que a AP-9 sexa a concesión da autoestrada que remata máis tarde a súa concesión; gaña Audasa perde a cidadanía. Aplican unha política tarifaria abusiva que se incrementa cos últimos acordos das obras de ampliación; gaña Audasa e perde a cidadanía. E permíteselle a Audasa que sexa a concesionaria que dea o peor servizo para que poida reducir gastos ao mínimo e así obter maiores beneficios. Esa é a realidade das súas decisións e actuacións con respecto á AP-9.

¿Cales son os resultados? ¿Que gañaron os galegos e as galegas coas decisións do Partido Popular con respecto á concesión da AP-9? Ter o peor servizo; cinco anos consecutivos sendo a concesión da autoestrada co peor servizo; ter o punto negro coa maior sinistralidade de todas as autoestradas do Estado, na provincia de Pontevedra; perda de postos de traballo.

Coa expulsión dos 150 traballadores que nos últimos anos levou a cabo Audasa temos un terzo dos traballadores e traballadoras da media do Estado de traballadores e traballadoras nas autoestradas.

¿Que máis gañaron os galegos e galegas coas decisións do Partido Popular con respecto á AP-9? Pagar prezos abusivos, para enviar directamente eses sobrecustos aos petos dos accionistas e das accionistas. ¿Que máis gañaron? Verse discriminados. Moitos galegos e galegas non poden utilizar a AP-9, sobre todo, xente que ten que facer eses traxectos diariamente, polos prezos abusivos, e ten que utilizar as carreteras convencionais que, ao longo da paralela á AP-9, teñen un índice moi alto medio de vehículos, teñen unha alta sinistralidade e dende logo que non teñen os tempos competitivos da autoestrada. Isto é todo o que gañaron os galegos coas súas decisións.

¿E que gañou Audasa? Moito, moito, moito diñeiro, e só hai que ir ao seu balance de beneficios: 1.900 millóns de beneficios brutos ata o 2016. O 50 % da facturación é beneficio, fronte ao 7 % da media das empresas do país. Un de cada tres euros é beneficio neto para os seus accionistas; unha media de beneficio neto nos últimos anos de 4,6 millóns de euros, en tendencia ascendente, á marxe do que habería que sumar de negocio financeiro, que forma unha parte importante, cos xuros máis altos de todas as concesionarias.

Esta é a realidade da xestión da concesión da AP-9. Son os datos da nefasta xestión para a xente e fantástica para os amigos, os que aparecen nos sumarios por financiar ilegalmente o Partido Popular, como o caso de Villar Mir.

Hoxe podemos ver a Ñiño de la Serna incidir no mantemento do veto. Meteron a Xunta de Galicia nun bo lío porque din que todas as decisións, dende que existe a Comisión, as toman coordinadas coa Xunta de Galicia. Polo tanto, agora a Xunta de Galicia tamén é responsable de que a liberación da peaxe de Rande vaia ás costas dos galegos e das galegas e de que non vaian os beneficios da empresa ao Estado.

¿É isto o que vostedes defenderon na Comisión da AP-9? ¿Que fixeron diante de que teñamos o peor servizo de todas as autoestradas? ¿Que están facendo na Comisión para que deixemos de ter a autoestrada co peor servizo? Absolutamente nada, e agora tamén son responsables dende o Goberno da Xunta de Galicia. Non sabemos se tamén se tomou a decisión nesa comisión de facer o simulacro de inauguración para poder subir as peaxes cando a obra está sen rematar. Nisto tamén participou a Xunta de Galicia.

Polo tanto, con Audasa temos máis anos pagando a autoestrada; coas decisións do Partido Popular temos os prezos abusivos que se transvasan dos galegos e galegas aos bolsillos dos accionistas; e con Audasa temos un freo para o desenvolvemento social e político do noso país.

Aquí o principal problema é que os intereses de Audasa, en cada momento, coinciden sempre coas decisións políticas que veñen tomando. Sempre estiveron favorecendo a concesionaria e prexudicando a cidadanía. Estes son os datos obxectivos.

Polo tanto, ou son vostedes uns bos intencionados e pésimos xestores ou, polo contraio, son uns mal intencionados e moi bos xestores para os seus. Sexa cal sexa o motivo, as súas decisións van en contra do interese xeral, porque os datos o din moi claro. E se teñen vostedes datos que digan o contrario, se vostedes nalgún momento tomaron decisións en contra dos intereses de Audasa para favorecer os galegos e galegas, póñanos enriba da mesa.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes de novo.

Señor Bará, ¡pena de que ese deseño de novo anagrama non llelo trasladara a súa voceira o outro día, no almorzo ao que a invitaron, aos de Itínere!, que estivo alí con eles e podían poñelo de fondo. Quero dicir, podían... Tanto... *(Aplausos.)* ¿Para que vai ao almorzo con eles, se son tan piratas? E non me poña as cousas tan fáciles, señor Bará. ¡É que me pon a carambola a huevo! Xa sabemos que vostede de piratas do Caribe sabe bastante, e xa estivo por alí. Eu non son dese tipo, non é o meu estilo, pero non me poña tan fáciles, que todos recordamos as viaxes polo Caribe. Seguro que trouxo de alí a bandeira. En calquera caso, pode trasladarlle no seguinte almorzo ao seu alcalde ou a calquera das persoas do seu grupo que vai con Itínere a estes almorzos.

Señor Leiceaga —foise, pero poden trasladarlle...; ¡ah, perdón!—, se xa sabemos que vostedes, cando non gobernan, piden a transferencia. Iso xa o sabemos, que foron pedir a transferencia cando non gobernan. O problema é que cando gobernan aquí, non en Madrid, votan que non co BNG. Ese é o problema, señor Leiceaga.

Pero, en calquera caso, que me fale vostede e que me nomee —é outra que me pon, como o señor Bará— a Emilio Pérez Touriño... ¿Quen foi o que abriu a espita das prórrogas da autopista AP-9 no 1994, asinando a primeira por dez anos? O secretario de Estado era Emilio Pérez Touriño. ¡Non me poña as cousas tampouco tan doadas! *(Aplausos.)* ¡É unha pena...! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, que aínda non falei de Caballero. Xa falo agora. Falo agora de Caballero, non se preocupe... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Falo agora de Caballero, señor Abel Losada, non se preocupe, que tamén temos.

Mire, por último, señor Leiceaga, por rematar. O pacto...

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Losada. ¡Silencio, señor Losada!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Espero que me deixe...

O señor PRESIDENTE: Non, non, si, terá o seu tempo.

Señor Losada, silencio. (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, silencio. Se non, teño que chamalo á orde, señor Losada.

Silencio.

Queda no *Diario de Sesións*, e non é unha cousa agradable, digo eu.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Señor Leiceaga, o modelo de pacto de Estado de autoestradas non vai por esa liña. Esa liña, coa única autoestrada que rematou, foi coas vascas. E só para o mantemento as autoestradas vascas puxeron unha nova peaxe máis cara que a galega; só para mantemento, sen pagar obras. Por iso, non vai por aí; a proposta do Ministerio non vai por aí, é un modelo global para toda España.

Señor Cal, di: as decisións do Partido Popular. Voulle contar as últimas contra os intereses de Audasa, a última das moitas que hai. O Bipartito, PSOE e BNG, negociou un gran convenio en Cambre, A Barcala e Rande, que se pagaba sen límite de coches. ¿Que fixo o PP cando chegou agora ao Goberno? Dixo: non, imos limitar os coches de pago para ese regalo de 7 millóns que non existe —e levamos pagados 60, señor Bará, ¡60 xa!, e son 400 ata o final, mal que lle pese—. Pois ese que non existía, ese do Bipartito, eses sete eran sen límites de coches, subir a... Púxose sen límite de coches. ¿E sabe o que fixo Audasa? Levou o Goberno de España aos tribunais; estamos nos tribunais.

Mire se tomamos decisións en contra dos intereses de Audasa, que ten que levar ao Goberno de Rajoy aos tribunais. Aos do PSOE non os leva, con apoio do BNG. (*Risos.*)

En calquera caso, xa sei que quere facernos responsables da peaxe de Rande, pero o 24 de novembro de 2011 gobernaba o Partido Socialista, e publica no BOE iso firmado polo señor Blanco. Ou sexa que creo que é evidente.

En calquera caso, sobre o tema da Comisión, comparto totalmente o que dixo o voceiro do BNG tanto no fondo como na forma. É unha competencia estatal...

O señor PRESIDENTE: ¿Do PSOE?

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Perdón, do PSOE.

É unha competencia estatal, e nin na forma nin no fondo sabe —e coñece perfectamente o Regulamento— o que necesita e como se fai para facer unha comisión de investigación; non é unha PNL o sistema para tramitar ese tema.

En calquera caso, xa lle digo que, evidentemente, nesa parte non estamos, o resto dos tres primeiros puntos e incluso a primeira parte do cuarto punto da súa proposición non de lei,

nós estaríamos dispostos a apoiala se permite unha votación por puntos. Xa lle digo que coas mesmas razóns que se dixeron aquí, non no tema da Comisión, e é unha competencia estatal. A nós non nos molesta que presenten temas en defensa dos galegos contra Audasa; non, señor, non diga cousas que eu non digo. O que nos molesta é que queiran enganar os galegos traendo cousas de competencia estatal a esta cámara, intentando mezclar e embarrar o asunto, para intentar desgastar o Goberno galego, que non ten ningunha competencia neste tema, e que sempre está o primeiro defendendo os intereses dos galegos diante de Madrid, governe ou non governe, ou governe quen governe. Porque esta é a gran diferenza. E a vergoña, permítame que lle diga, non é o ano 2016, a vergoña é o día que o BNG e o PSOE, gobernando en Galicia, votaron nesta cámara —e está no *Diario de Sesións*— en contra da transferencia a Galicia desa autoestrada. O Partido Popular mantivemos sempre unha postura coherente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Remato, se me deixa un minuto, pero permítame só recordar unha cousa, presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, trinta segundos.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Trinta segundos, presidente.

No 2011, que se fixo este grande acordo do señor Blanco, o BNG gobernaba na Deputación da Coruña, na cidade da Coruña, na cidade de Santiago, na cidade de Vilagarcía, o señor Bará compartía goberno cos socialistas en Pontevedra, compartían gobernos en todas as grandes cidades de Vigo, Cangas, Moaña, Redondela, e a propia cidade. As medidas de presión que fixeron naquel momento cando se firmaba, ¿onde están? ¿Onde está ese BNG pedindo en todas as cidades? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Só tivo que dicirlle ao Goberno do PSOE, do Goberno do PSOE xa non esperabamos nada, pero só tiña que dicirlle: oia, que gobernamos con vostedes en todas as cidades que unen, en todas. Pero non, non, hai que esperar a que governe... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo, señor Fernández Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Ao señor Fernández Prado tamén lle molesta que Ana Pontón vaia á *Tribuna Galicia* e que vaia alí ademais falar claro, denunciar ese espolio da AP-9, porque foi alí denunciar claro e dicir as verdades. (*Aplausos.*) A vostede parécelle mal, non quere que vaia alí tampouco... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non quere que vaia alí tampouco. Vostedes non foron, se foran alí pois tomen nota do presidente.

Mire, voulle ler o acordo do *Boletín Oficial do Estado* do 29 do xullo do 2017, para que deixen de dicir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) 17, 17, o do 2011 tamén, téño aquí, pero

voulle ler o do 2017 para que deixen de dicir mentiras dunha vez: «Os novos importes de compensación calculados» co novo sistema «son inferiores aos compromisos de gasto autorizados (...), o cal permite e motiva que a Administración xeral do Estado asuma por completo o financiamento», porque é o menor dos compromisos que xa tiña a Administración do Estado. Polo tanto, o mesmo Estado vai aforrar. Efectivamente, e o convenio era malo. Pois, si, estamos de acordo en que era malo. ¿E que se fixo ben en facer esta modificación? Estamos de acordo. Pero non digan que a Xunta vai aforrar ese diñeiro, porque vaino asumir o Estado. E non son, desde logo, 400 millóns; non digan mentiras, non digan mentiras porque o Consello de Contas dixo que eran 186 millóns.

Mire, que veña aquí vostede intentar convencernos de que despois de que o BNG leve dando esta batalla contra o espolio da AP-9 no Parlamento do Estado, no Parlamento galego, encontrándose co veto permanente do Partido Popular, e non só do Partido Popular, que impediu realmente a transferencia da AP-9, que intente vir aquí convencernos de que foi o BNG o que se opón, ¿pero que me está dicindo? ¿Vostede pensa que somos parvos, ou que? *(Aplausos.)* ¡Non somos parvos! Son vostedes os que levan vetando a transferencia da AP-9. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BARÁ TORRES: E, ademais, vostedes mesmo van alí cando se fan as inauguracións desa ampliación. Porque nós opuxémonos ao convenio, opuxémonos a esas obras, opuxémonos á ampliación, manifestámonos, fómonos manifestar alí contra esa inauguración, con ese incremento das peaxes en diferido. Por certo, as alcaldías do Morrazo non foron, o alcalde de Redondela, do Partido Popular, tampouco foi, ¡claro! Non foi facer ese espectáculo porque estaba tamén en contra desa inauguración e de que non se cumpriran os compromisos co Concello de Redondela, e non foi. Sábeo vostede ben, señor Pazos.

Con respecto á comisión de investigación. Ben, veñen aquí falarnos de cuestións de forma. Se houbera algún problema de forma supoño que a Mesa do Parlamento non deixaría que se tramitase e que se votase esta iniciativa tal como está redactada, porque aquí falamos de respectando e seguindo as canles regulamentarias. Polo tanto, ese acordo despois teno que tomar quen o ten que tomar, pero aquí estamos tomando unha decisión política de promover unha comisión de investigación. E non me vale ese argumento tampouco de que non é competencia da Xunta de Galiza, porque de todos os asuntos que afectan Galiza debe ser posible facer unha comisión de investigación, e neste caso máis que en ningún, porque nos afecta e ben que nos afecta. Polo tanto, non imos aceptar esas propostas, non imos aceptar as emendas e tampouco imos aceptar a votación por separado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia, foi unha pena.

Grazas, señor Bará.

O señor PRESIDENTE: A seguinte proposición non de lei é de En Marea, por iniciativa de don Francisco Casal Vidal.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas sondaxes mineiras que se están a realizar nos concellos de Touro e O Pino en tanto non se garanta a viabilidade dos recursos hídricos que abastecen a zona e se obteña a correspondente autorización de Augas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de supresión.

Débase suprimir o punto 3 desta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, os seguintes puntos:

«3.- Exixir a retirada segura por parte da empresa Mina Cobre San Rafael S.L. dos escombros, “teoricamente” inertes, que están sendo abandonados en sacos nos terreos e camiños públicos onde se fixeron catas e sondaxes.

4.- Decretar a suspensión inmediata destas labores mineiras en tanto que a empresa non dispoña de autorización, da maioría dos propietarios dos terreos e do Concello de Touro, para actuar nos camiños públicos.

5.- Exixir a Augas de Galicia e á Dirección Xeral de Minas que non concedan permisos para a realización de sondaxes mineiras sen a preceptiva autorización dos propietarios dos terreos e dos concellos no que respecta aos camiños públicos.

6.- Apoiar a Moción aprobada por unanimidade no Concello de Touro, no Pleno do día 29 de decembro de 2017, onde se solicita a paralización das sondaxes mentres non se faga un estudo hidrolóxico e xeotécnico que demostre que non afectan aos acuíferos, pozos, cauces, fontes e demais recursos hídricos que b stecen á poboación, á cabana gandeira e ás explotacións agrícolas.

7.- Dar a consideración expresa de parte interesada no expediente administrativo do proxecto de explotación “San Rafael” número 2.946, a todas e todos os veciños dos concellos de Touro e O Pino, dos concellos da conca do Ulla e dos ribeirás da Ría de Arousa. Así mesmo a todas as asociacións e colectivos legalmente constituídos en defensa da natureza e do medio ambiente, profesionais ou empresariais, das zonas afectadas pola mina.

8.- Decretar a exención, a particulares e sociedades e asociacións sen ánimo de lucro, de taxas correspondentes ás solicitudes de certificados sobre o estado de titularidade dos dereitos mineiros, estado de tramitación de permisos de investigación solicitados, ou outorgados, e estado das investigacións mineiras xa realizadas.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, volvemos traer este tema ao pleno despois de levalo á comisión, porque cada día que pasa xorden novas situacións, e por iso tivemos despois dun mes de rexistrar a proposición non de lei que autoemendamos, porque a situación cada día é máis complexa.

Dixo o conselleiro no pasado pleno que vostedes fan política da minería, opóñense á minería por motivos políticos. Si, dixo: «políticos e ideolóxicos». Segundo vostedes, parece ser que o Partido Popular non ten motivacións políticas, porque a súa política é Galicia e é o ben dos galegos. Efectivamente, é política. Políticas de defensa do territorio e do futuro do país e de todas e de todos os galegos; políticas para que se cumpran as leis e as actividades mineiras sexan compatibles coa conservación do medio ambiente e o desenvolvemento socioeconómico do territorio.

Na política mineira e extractiva hai que valorar con moita precisión e certeza as externalidades negativas que se van producir para ver se compensan as aportacións positivas ao territorio, ao emprego e á economía das zonas afectadas. Tendo claro que se as externalidades negativas e os riscos para o medio ambiente son inasumibles, independentemente das posibles repercusións positivas, hai que rexeitar de plano estas explotacións. E iso é facer política partidista segundo vostedes. Para nós é defender o país e a súa posibilidade de futuro.

E no caso da mina de Touro e O Pino, os riscos potenciais que de maneira indefinida penderán como unha espada de Damocles sobre os concellos afectados, a conca do Ulla e a ría de Arousa son inasumibles, polo que a explotación é inviable. Ante esta situación, efectivamente, hai que facer política, política para cambiar as consecuencias nefastas das políticas que está a facer o Partido Popular.

Ante todo isto, na pasada Comisión 6ª, o señor Tahoces, a verdade é que se puxo un pouco nervioso e acusounos de estar en contra da libre implantación. Díxoo textualmente e pódeno ver no vídeo. Saíulle verdadeiramente o que pensa. E si, estamos en contra da barra libre, de empresas foráneas que levan os beneficios e deixan poucos empregos. Miren, se non o cren, as estatísticas de multilocalización empresarial. O 82 % dos rendementos de industrias extractivas en Galicia van para fóra de Galicia, e en Galicia só queda o 50 % do emprego. Trinta puntos de diferenza.

E xa pasando ao punto concreto da proposta non de lei, vemos que en relación coas sondaxes e prospeccións mineiras que está a realizar a empresa Sociedade Cobre San Rafael nos concellos de Touro-O Pino se constata o seguinte:

Primeiro, a ausencia dun estudo ideolóxico e xeotécnico, que permita de maneira clara determinar as fontes, canles, cursos de auga, etc., que poderían ser afectados, e que poderían afectar a subministración de augas, comunidades..., e o abastecemento da gandería e a agricultura.

A ausencia de autorización de Augas de Galicia. O conselleiro dixo no anterior pleno que non era necesaria esta autorización, e a verdade é que quedamos bastante sorprendidos. A ver-

dade é que non parece moi crible que se perforen acuíferos cunhas prospeccións que, avaliando todos os sacos, deixan despois un buraco de 12 ou 13 centímetros de diámetro, (*O señor Casal Vidal amósalle á Cámara dúas fotos en cor tamaño folio.*) pois calculando o volume destes sacos, calculamos que as profundidades de perforación son de máis de 100 metros. ¿Como é posible que en 100 metros de perforación non se atravesen acuíferos? En Galicia iso é totalmente imposible.

Dixo tamén o señor conselleiro que non temos idea, que somos uns ignorantes, que falamos de oídas. Ben, pois estes días déronnos para facer unha análise moi a fondo da Lei de ordenación mineira de Galicia e a súa aplicación nestas sondaxes. A verdade é todo o fondo que permite esta lei, que verdadeiramente non pode dicirse, facendo un estudo comparado, que sexa unha lei moi exhaustiva. Xa sei que é unha lei do Bipartito, xa o sei. Pero a lei recollía a necesidade de desenvolvela nun prazo de entre un e dous anos. Levamos nove anos, e esperaron ata agora, para facer un desenvolvemento —que despois na segunda intervención comentarei— absolutamente temerario, como se fixo na Lei de depredación de Galicia.

E imos analizar a lei; se é que queren, revísena para que vexan se se está a cumprir ou non. O artigo 17 establece o procedemento de solicitude dos permisos. Imos supervisar se se cumpriron todas estas condicións. Pero xa vemos directamente que no apartado 1.d) del se determina que para este tipo de prospeccións é necesaria unha avaliación ambiental. ¿Presentouse esta avaliación? Nos concellos afectados ninguén ten información do mesmo, despois de consultar o Concello de Touro e o Concello do Pino.

No artigo 17.1.f) fala da necesidade dun plan de restauración do espazo afectado polas actividades de prospección. ¿Presentouse? Pois non o sabemos, pero o que é evidente é que non se cumpre. Os sacos todos rotos polas beiras dos camiños de Touro e do Pino.

Artigo 21, «Información pública»: unha vez completada toda a documentación dos procesos de prospección hai que facer unha exposición pública. Ben, na zona ninguén se decatou de que se fixera esta información pública, nos concellos non saben nada.

Despois tamén «Informe municipal preceptivo», no artigo 22: «O municipio que teña situado o dereito mineiro no seu termo municipal emitirá un informe sobre as cuestións de competencia municipal. O devandito informe deberá emitirse no prazo de dous meses».

Ben, como mencionamos anteriormente, o Concello non só non concedeu este permiso, senón que nin sequera sabía que se estaban a realizar estas sondaxes en terreos públicos do concello, en camiños públicos, e en terreos privados.

No mencionado Pleno de Touro do 29 de decembro —que acaba de saír a acta— aprobouse unha moción na que se rexeitaba a posibilidade de facer as prospeccións, e o alcalde manifestou textualmente «que non sabía nada de que se estivera facendo —alcalde do Partido Popular— esas prospeccións.».

Artigo 23, «Informes autonómicos preceptivos». Ten que haber informes de Patrimonio, de Medio Ambiente, de Ordenación Agraria..., ben, de sete ou oito institucións. Estes infor-

mes deberían ser públicos, e non aparecen por ningún lado. ¿Fixéronse estes informes? ¿Contouse para eses informes coa opinión dos propietarios de explotacións agrarias da zona? Non. Iso si que o podemos dicir con total claridade. Non falamos de oídas, falamos directamente durante estas dúas semanas con moitos propietarios da zona.

Artigo 24, «Compatibilidade de dereitos mineiros e con usos de interese público», e en particular o indicado no seu apartado 2.b): a súa incidencia no contorno natural e social, a paisaxe e o medio rural». ¿Realizouse este informe? Alí ninguén sabe nada deste informe.

Trámite de audiencia: unha vez emitidos todos os informes farase unha información pública dos mesmos. Nos concellos non saben nada, non está publicado en ningún lado. Ademais, imaxinamos que os propietarios dos terreos onde se prevían as sondaxes deberían ter a condición de interesados. Xa podemos afirmar que este trámite de audiencia non se realizou, non se lles comunicou, invadíronse terreos privados sen que a xente nin sequera tivera notificación.

Despois hai temas técnicos xa flagrantes. Di o artigo 28, apartado 1.b): «En caso de permisos de investigación e prospección, a autoridade mineira non outorgará extensións superiores a quince cuadrículas mineiras». Cada cuadrícula mineira ten 25 hectáreas e por 15 serían 375 hectáreas. No propio proxecto da compañía di que está facendo exploracións en 750 hectáreas, é dicir, o dobre do que permite a lei. E o apartado 2.c) do mesmo artigo: «A obriga da xestión dos residuos de actividades extractivas e o seu transporte». É evidente que nin se transportan nin se fai ningunha xestión cos mesmos.

Despois de todo isto, o título IV, capítulo III e capítulo V, deixa claro que se calquera de todas estas condicións non se cumpren, iso implica a suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade mentres non se certifique o cumprimento de toda a normativa legal exposta.

Por todo iso, presentamos esta proposta non de lei cunha autoemenda, con moitos temas engadidos, onde pedimos a suspensión cautelar das sondaxes mentres non se cumpran todas as condicións que xa comentei:

Exixir a adecuada sinalización dos labores mineiros. Estiven alí e estanse facendo en medio de camiños sen ningún tipo de sinalización.

Exixir a retirada segura dos áridos que se extraen, que non se sabe de que están compostos.

Exixir a Augas de Galicia que faga unha declaración de se é verdade que en 100 metros de profundidade da explotación non hai ningún acuífero. Cousa un pouco rara en Galicia.

Apoiar a moción aprobada por unanimidade, incluído o Partido Popular, no Concello de Touro, no pleno do día 29, para que se paralicen inmediatamente as prospeccións. E o alcalde dixo: «se é que se están facendo», que el non o sabía. Pois parece ser que xa van máis de cento vinte buracos na zona.

E despois, evidentemente, dar a consideración expresa de parte interesada aos veciños da zona, aos propietarios. Porque a Consellería de Industria e a Dirección Xeral de Minas, despois das alegacións que fixeron, estallles enviando comunicacións para que acrediten se son ou non interesados. Non se sabe como ten que ser ese tipo de acreditación. E, por último, dinlles que non só se teñen que acreditar como interesados, senón que van ter que pagar unhas taxas, que non concretan, para poder acceder á información.

Por iso pedimos tamén nesta proposta non de lei a exención a particulares, sociedades e asociacións sen ánimo de lucro das taxas que se lles están a exixir, que poderían impedirllas de calquera maneira ter acceso a toda a documentación do expediente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Señor Casal, quedoulle aquí a *tablet*, quedoulle aquí o dispositivo.

(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)

Claro, un problema. Igual hai máis información. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

O BNG vén mantendo desde sempre un posicionamento contrario ás actividades extractivas espoliadoras dos recursos que temos neste noso país. O porqué debe quedarlles moi claro, porque o dereito que lle confire ao pobo dos galegos habitar este territorio desde tempos anteriores ao tempo, por ser modeladores e modelados, posuidores e posuídos deste anaco de mundo, dános o dereito de posesión colectiva máis alá da propiedade formal que se rexistra nunha notaría, e que pode mercarse ou venderse. Dános pois o dereito a desfrutar colectivamente das riquezas que compartimos. E non nos resignamos a ser meros espectadores e non queremos que nos leven o valioso e nos deixen con cara de parvos coa contaminación en ameazas presentes e futuras, ¡non!

Este xeito de explotación de recursos xeneralizado no século XIX, e que hoxe en día está vi-xente nos países do Terceiro Mundo, non se pode consentir. De Katanga vén o director; si, señor, ¡de Katanga!, e é innegable, ¡de Katanga!

Xa falamos polo miúdo da contaminación que se produciría durante a extracción, da que nos quedaría *per saecula saeculorum*; da ameaza das tóxicas balsas mineiras; da inexistente garantía de restauración; da non-cobertura dun accidente medioambiental por parte de empresas con escaso capital formal; da posibilidade de que as flutuacións dos mercados fagan

que nun mes, nun ano ou en tres, nun día, a actividade non sexa apetitosa e se interrompa bruscamente, e —como se dicía cando eu era pequeno— «búscales a varilla».

Nós desconfiamos das boas palabras, dos catrocentos postos de traballo cando no proxecto só se contemplan cincuenta prazas de aparcamento. E irrítanos que se nos queira tomar por parvos, ¿saben? O aspecto que tratamos hoxe aquí ten que ver con esa prepotencia, con esa chulería que leva a facer as cousas perdoándolles a vida aos demais. Si, porque cando falamos de que se están a facer prospeccións ou calicatas sen pedir permiso e sen os preceptivos estudos hidrolóxicos, aludimos á impiedade con que se moven determinadas empresas polas propiedades privadas e ao caso omiso que se fai dos preceptos legais.

Semellante esta actitude á do Partido Popular a respecto desa prepotencia delituosa que usa con este deputado, ao negarlle reiteradamente o acceso á documentación á que polo artigo 9 ten dereito, (*Aplausos.*) e sen a que non pode desenvolver a súa actividade parlamentaria como representante que é do pobo galego. Señores e señoras deputadas, desde o 22 de novembro de 2016 ata o 11 de xaneiro de 2018 van case catorce meses; o prazo que marca o Estatuto do deputado é de trinta días. Eu acuso desde esta tribuna o Partido Popular, e en concreto a Consellería de Economía, Emprego e Industria, co seu conselleiro á fronte, de torpedear delituosamente o traballo deste deputado ao negárseme reiteradamente máis de media ducia de expedientes e informes relativos á minería. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡É certo! (*Aplausos.*)

Polo demais, dicirlles que as actitudes prepotentes das empresas teñen moito que ver coa certeza destas de que a xente non denuncia vía penal os abusos porque se sente en inferioridade no tocante a recursos e teme represalias. Represalias ás que estamos afeitos nestas situacións, que máis teñen que ver con realidades predemocráticas que con supostas madureces que só veñen nos xornais a título de propaganda e polas ausencias de realidade dos mesmos.

O outro día na Comisión 6ª o señor Moisés Paradelo tildábanos de tentar a ilegalidade indo en contra da lei feita polo Bipartito. Esa lei xa non é tal lei debido ás modificacións e alteracións que ano tras ano lle van facendo por medio das chamadas «leis de acompañamento» —son como labras que se van quitando coa navalla dun pau—. Deixárona irrecoñecible, non lles valía nin a vostedes nin aos que os sosteñen no poder, os amos a quen serven, e vana adecuando segundo lles van ditando. De verdade, é unha tristeza que só saiban defender os intereses de catro fronte aos intereses de tres millóns.

Imos apoiar pois esta iniciativa, que xa foi no seu día presentada polo BNG no Concello de Touro, e aprobada por unanimidade, Partido Popular incluído. E esperamos, por tanto, que o PP manteña aquí a mesma opinión que a expresada en Touro, ¿ou non? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Bueno, eu ía empezar falando desa lei do ano 2008; unha lei promulgada, aprobada neste parlamento e presentada por un Goberno presidido polo señor Touriño. Hai un momento dicíanme dende as bancadas do Partido Popular que o defendía con vehemencia. A verdade é que si; estou moi orgulloso de quen presidiu o Goberno entre o 2005 e o 2009.

E ía falar tamén cronoloxicamente de 1973 e de 1977, porque eran os anos en que había dúas leis estatais —unha de minería e unha de fomento da minería— vixentes. E tamén houbo un presidente da Xunta anterior ao señor Touriño que nese momento desenvolvía outros labores; eu creo que menos dignas de orgullo —dende logo, para min moi pouco, pero cada un enorgullécese do que considera—.

E, efectivamente, a lei do ano 2008 foi unha lei arriscada, porque foi a primeira Lei autonómica de minería fronte a unha lexislación que claramente quedara antiga —volvo repetir: ano 1973, en plena ditadura, e ano 1977, antes da Constitución—. E, indubidablemente, esta lei tiña dous obxectivos —e seino porque fun ponente da mesma, quero dicir que algo a coñecía—: un, era evitar a depredación, e a outra cuestión era que as actividades mineiras foran quen de corrixir os efectos medioambientais das explotacións. E ese era o obxectivo político da lei do ano 2008.

Os socialistas, dende logo, non estamos en contra da minería como sector económico produtivo, non o estamos. Cremos que ten que ter as maiores garantías medioambientais e que ten que ter, fundamentalmente, a garantía de que os dereitos dos cidadáns son o elemento central desas explotacións económicas. Lamentablemente, no caso da mina de Touro non foi así, no ano 1986 rematou a explotación de Peñarroya-Riotinto, que estivo traballando alí dende o ano 1972, é dicir, catorce anos. E despois pois temos, evidentemente, que quen vai por alí ve o impacto medioambiental desa mina que ninguén corrixiu, modificou, etc. Calquera pode ver as propias escavacións, calquera pode ver a color a auga dos regatos que cruzan polo núcleo onde se atopa o concello de Touro; en fin, eses pequenos «detalles» —entrecomiñas—.

Por certo, do ano 1989 ao ano 2005 —volvo repetir: a mina, efectivamente, rematou no ano 1986— gobernaba o Partido Popular. No ano 1989 volveu gobernar o Partido Popular, é certo que houbo un Goberno de dous anos presidido polo señor González Laxe. Pero eu creo que convén recordar cronoloxicamente quen tivo as responsabilidades maioritariamente nesta comunidade autónoma. Pois aquel que no ano 1973 e no ano 1977 estaba noutro sitio, non estaba correndo diante dos *grises*, estaba dicindo que «*La calle es mía*». Por iso reivindico o señor Touriño, ¿saben? ¡Por iso! (*Aplausos.*) Orgullosamente, ademais. (*Aplausos.*) Recoñecendo a lexitimidade democrática de todos os presidentes de Galicia, pero non todos son iguais, non todos teñen a mesma traxectoria política, non todos son iguais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, é verdade, non son iguais; dende logo, para min non son iguais. E, por certo, creo —e non sei se me poño solemne ou non— que para a maioría dos cidadáns tampouco. E non vou citar a Fidel Castro co de «*la historia me absolverá*», pero creo que tampouco para a historia son iguais.

Bueno, nós, efectivamente, presentamos unha emenda cando este tema veu a este pleno. Unha emenda na que dicíamos que ese proxecto non era un proxecto viable; é dicir, non estamos dicindo minería non en xeral en Galicia, estamos dicindo que ese proxecto non era un proxecto viable. E, dende logo, as catas xeolóxicas que se están facendo consideramos que atentan contra todos os dereitos medioambientais de propiedade. Vostedes, por certo, tan defensores da propiedade privada, ¡só ás veces!, polo que vexo.

E, polo tanto, nós imos apoiar esta iniciativa.

Eu traía tamén as fotos que xa ensinou o señor Casal. E, dende logo, vimos buracos no medio das pistas forestais. Non sei moi ben de quen depende, se da Consellería de Medio Rural ou do propio Concello de Touro; pero, dende logo, hai buracos de cata no medio de pistas rurais ao lado das vellas explotacións da mina de Touro. E, polo tanto, pedimos, indubidablemente, que se respecte escrupulosamente a lei.

E quero acabar —e aproveito ademais que está xa o conselleiro de Economía, Emprego e Industria— co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Ía citar tamén o do ano 2010-2014, pero dixéronme que era moi nostálxico por falar do ano 2010. A verdade é que me sorprende porque se eu son moi nostálxico por falar do ano 2010, e o Partido Popular leva falando do ano 2005 ao 2009 tres lexislaturas, ¡todos os días, a todas horas! (*Aplausos.*) Pero a nostalxia vese que é da esquerda. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: En todo caso, unha das principais liñas de actuación deste Plan estratéxico de Galicia seguido *a pie puntillas* polo Goberno galego é recuperar os espazos afectados por labores mineiros abandonados, actuacións de recuperación e posta en seguridade dos labores mineiros. Calquera que vaia ao concello de Touro ve que se está cumprindo ao cen por cento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Boas tardes, señorías.

Eu quero comezar por mostrar o noso respecto por todos os ex-presidentes, porque é unha gran honra, e sobre todo polo señor Touriño. Eu non sei diante de quen correu, pero o que si sei é que vostedes correron moito porque ás vinte e catro horas de deixar de ser presidente xa o sentaron no poleiro e mandárono a un despacho de soldado raso. (*Aplausos.*) Así que ese é o respecto que lle tiveron vostedes.

Señor Casal, entrando xa na iniciativa. Atopámonos ante unha nova estratexia. Agora parece que xa non piden que se denegue a licenza da explotación do proxecto. Polo tanto, é un avance positivo. ¿Ou equivócome, señor Casal? Senón que o queren agora é gañar tempo, enredar e pretenden que se paralice o proxecto ata que estean listos non sei cantos informes

e licenzas que vostedes din que son necesarios. E para iso queren que o Goberno incumpra a lei e que faga o que vostedes queren.

Eu preguntolle: ¿que broma é esta, señor Casal? Porque está vostede dicindo agora que hai que ter non sei cantos informes. E desde que empezou o proxecto a Xunta de Galicia, precisamente, dirixiuse a quince organismos e diferentes institucións, entre os que se atopan as asociacións de afectados, e vostedes non querían que se cumprira coa lei, que se fixera ese procedemento. Aclárese: ¿pídense os informes, si ou non?, ¿continuamos co procedemento, si ou non?, ¿ou só os informes que vostede cre que lle poden interesar? A Xunta de Galicia está cumprindo escrupulosamente coa Lei de ordenación de minería de Galicia aprobada no ano 2008 polo Goberno bipartito e está a recadar precisamente os informes necesarios.

Eu, señor Losada, o que me pregunto é que se agora o problema é que o Goberno do Partido Popular non interpreta correctamente a Lei de minería do ano 2008. Porque, se vostedes queren falar en serio da minería, nós dicímoslle: benvidos, ¡benvidos sexan! Porque levamos facéndoo desde hai anos, e somos practicamente case que os únicos. Porque vostedes lémbrense moi pouco do sector da minería, e cando o fan —iso si— é para desprestixialo, votando en contra de todos os proxectos, desprezando deste modo un sector moi importante para a economía e o emprego de Galicia, con máis de cinco mil postos de traballo directos e outros tantos indirectos, e que representan o 1,05 % do PIB galego. A vostedes non lles interesa a información, xa teñen as súas conclusións, dálles exactamente igual o que se lles diga, teñen condenado este proxecto e outros futuros sen nin sequera permitir un xuízo xusto.

Como lles dixo o conselleiro —que hoxe lle agradecemos que estea presente neste debate—, a empresa é adxudataria de permisos que lle outorgan o dereito a realizar labores de investigación xeolóxica a través das sondaxes, entre outras, técnicas. Por certo, se alguén entra nun terreo particular sen permiso, isto é moi sinxelo: o propietario ten que denunciar, e ata o de agora non consta ningunha denuncia a este respecto.

Falan vostedes da falta de seguridade. Ímolo aclarar un pouco. Nunha sondaxe non se precisan medidas especiais de protección nin tampouco medidas para mitigar desprendementos, porque falamos dun burato que unha máquina autopropulsada realiza no chan cunha profundidade de entre 50 e 100 metros. De feito, non se ten rexistrado ningún accidente.

Dígolle máis: as sondaxes lévanse realizando nos últimos trinta anos e non se ten constancia oficial de afección aos acuíferos. ¿Sabe por que? Porque non se utiliza auga, e se se utiliza é unha auga industrial que subministran as cisternas, sempre en circuíto pechado. Ademais, usan produtos autorizados para estes labores. Por iso precisamente non requiren da autorización de Augas de Galicia. De feito, o equipo de inspección de minas non ten rexistrado ningún dos perigos que afirma vostede. De ter sido así, que non o dubide ninguén, a Xunta tería actuado como a administración responsable que é.

Di vostede tamén, alarmando, que se provocou un desastre ambiental nas augas soterradas e que este proxecto seguramente o ía incrementar. Saiba vostede que as augas soterradas da zona da mina de Touro carecen de contaminación. Pero non o di a Xunta de Galicia, dio o

Laboratorio Tecnolóxico Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela, co profesor Felipe Macía, que é unha autoridade ambiental, que leva máis de trece anos facendo un estudo destas augas e ten realizado máis de cincocentos piezómetros.

Tamén vostede tería que saber que no ano 2002 se asinou un convenio de colaboración entre Medio Ambiente, Augas de Galicia e a Universidade de Santiago para a elaboración dun proxecto técnico de recuperación dos ríos Brandelas, Pucheiros e Lañas, no contorno da mina de Touro, e que se realizan seguimentos de calidade das augas cunha frecuencia de mostraxe trimestral. Proxecto que contou coa avaliación de impacto ambiental.

Polo tanto, esta iniciativa que trae vostede hoxe non busca información, nin mostra ningún tipo de preocupación para atopar solucións, non. O único que queren vostedes é *montar jaleo*, confrontación, división, e ver se así conseguen algún rédito político —olho: lexítimo, por suposto—, pero a base de ser irresponsables, xogando coas ilusións e esperanzas da xente, con mentiras e medias verdades que lles poden dar aparencia de veracidade.

Efectivamente, din o BNG e En Marea que están en contra desde o ano 2009, porque queren prohibir a minería. Pero —volvo insistir— eu preguntome: señor Rivas e señores da esquerda, ¿dixéronlles aos seus compañeiros de manifestacións, de pancartas, de protestas que o Goberno bipartito, é dicir, a esquerda de Galicia, concedeu máis de cen permisos de investigación e corenta e tres concesións de explotación? ¿Ou quérennos convencer, queren que creamos que todos os proxectos que se concederon na época do Bipartito eran respectuosos medioambientalmente, mentres que cando goberna o PP son proxectos depredadores e que perseguen o mal da humanidade?

Non se entende, desde logo, esa obsesiva persecución que teñen co sector da minería. Por iso, eu quero dicirlles aos cidadáns de Touro e O Pino, como xa lles dixemos e volvemos insistir, que teñen que estar tranquilos, porque Galicia conta cun Goberno serio, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) señor Rivas, e responsable. E saben que este proxecto só se autorizará no caso de que cumpra con todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas requiridas na actualidade, que son as propias dun Estado comprometido co medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

O Grupo Popular non está nin a favor nin en contra deste proxecto nin doutro calquera, confiamos —que vostedes non o fan— nos traballadores públicos, na súa independencia e profesionalidade á hora de emitir os seus informes.

Desde logo, nós imos rexeitar esta iniciativa porque —insisto— non é máis que un engano e unha argucia para enredar todo, que continúe a súa tramitación conforme a lei.

E, señor Casal, rematando xa, falou vostede da Lei de depredación de Valencia. Dígolle que non é obxecto de aplicación neste expediente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Casal.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio.

O señor CASAL VIDAL: Señor Blanco Paradelo, xa vexo que non lles gusta que pidamos a información. Só pedimos a información para montar lío, ¡é evidente! Por iso non nos chega a información. Chegáranos no mes de novembro, a ver se antes a temos, porque ¡como o único que queremos é montar lío!

Pero a realidade é que En Marea coincidimos co señor Losada, e non está en contra da minería por motivos ideolóxicos. Eu non coñezo ningunha ideoloxía que vaia da minería, ou sexa, non coñezo ideoloxías que vaian contra da minería. O que si estamos en contra é da minería que estraga e non deixa máis que externalidades negativas no presente e posibles desastres futuros.

Por exemplo, pareceríanos moi ben a explotación das minas de cuarzo que o señor Villar Mir ten en Galicia, catro minas, se nos pregos de concesión desas explotacións se lle obrigara a que o ciclo de produción, por exemplo, as obleas de silicio solar, que se producen a partir dese cuarzo despois dunha primeira transformación, se produciran en Galicia. Pero non se van producir en Galicia, vanse producir en Puertollano, porque o seu xenro ten alí unha factoría e quérelle sacar..., e vai desenvolver cincocentos postos de traballo que deberían de estar en Galicia. E vai pechar a fábrica de Sabón despois de que ás minas de Galicia, os bens públicos de Galicia lle estean aportando —segundo di el— moi pouco diñeiro. Pero cando valora a mina, valorouna en máis de novecentos millóns de euros. Esas son cousas tamén un pouco raras, como unha mina que din eles que factura 5 millóns de euros ao ano e gaña 500.000 —nada, non saca nada de Galicia—, despois valóraa en mil millóns. O outro día falabámolo. Ou sexa, a ver quen valora unha empresa por dúas mil veces o EBITDA, onde se ve iso na... Os que entendan de economía que mo expliquen. ¿Como se pode valorar unha empresa por dúas mil veces o EBITDA? Ou sexa, evidentemente, o señor Villar Mir non saca nada desas minas e por iso está totalmente xustificado que leve os postos de traballo a Puertollano.

Pero vostede di: se entran nas propiedades dos gandeiros, dos agricultores da zona, que vaian á Fiscalía. Claro, entón ¿para que estamos nós? Ou sexa, vostede o que lle pide ao gandeiro que está alí coidando das súas vacas e da súa casa é que contrate un avogado, que veña a Santiago, que poña unha denuncia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moi ben, iso si que é facer política, dicirlle á cidadanía que *se lo monte* pola súa conta, se non ten a ninguén que llo defenda aquí no Parlamento.

E por iso, precisamente por iso, na Lei de depredación de Galicia, ten vostede razón, na Lei de depredación... precisamente pensando niso de que hai que pedir autorización, porque as leis de propiedade así o indican, invéntanse uns termos como a «*implícita utilidade pública*», a «*posibilidade de declaración de utilidade pública*». Son termos xurídicos un pouco curiosos. Ben, pois se se dá a implícita posibilidade de utilidade pública ou a posibilidade só

de declaración de utilidade pública, vaise permitir a entrada en terreos sen necesidade de autorización. Iso si que é política. E setenta cousas máis que vostedes desenvolveron nesa lei, que o único que fai é quitar dereitos e quitar prevención do que poida pasar, redución... Por exemplo, outra cousa tamén moi forte é que lles reducen o prazo para poder argumentar en contra desas solicitudes de dous meses a un mes. Antes eran dous meses, pero se se presentaba fóra dos dous meses, sempre e cando non se iniciara a explotación, os informes eran válidos. Agora redúcese a un mes, e se se presentan despois dese mes xa non son tidos en conta en absoluto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Iso é o que di a nova lei, e revísena, porque vese que non a leron e non entenderon de por que dicimos que é unha verdadeira Lei de depredación de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CASAL VIDAL: ...de depredación, de quitar dereitos á cidadanía.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Ou sexa que voten a favor e fagan caso aos señores do Partido Popular de Touro, que xa o aprobaron o día 29 de decembro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Tal como xa foi comentado procedemos a alteracións na orde do día, imos substanciar agora tres preguntas.

O señor PRESIDENTE: Imos substanciar agora tres preguntas.

Comezamos coa pregunta do señor Pazos Couñago, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Israel que vai iniciar o presidente da Xunta de Galicia o día 30 de xaneiro de 2018

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pazos Couñago. Cando queira.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, benvido.

A semana pasada o Consello do Goberno da Xunta de Galicia aprobada a Estratexia galega de acción exterior, que previamente fora debatida, consensuada e aprobada no Parlamento de Galicia. A Egaex constitúe a follas de ruta da acción exterior de Galicia para os vindeiros anos, e por iso resultaba preciso fixar por consenso os obxectivos de Galicia nese ámbito, superando os plantexamentos de goberno para adentrarse no eido dos posicionamentos estratéxicos de país, dotando de coherencia a longo prazo a actividade internacional dos sucesivos gobernos galegos.

A Egaex establece as prioridades da nosa acción exterior tanto no que fai referencia aos ámbitos xeográficos nos que se debe desenvolver a actividade internacional da Xunta de Galicia como no que se refire aos obxectivos sectoriais que se pretenden alcanzar con esa actividade. En relación con este último apartado, un obxectivo central da nosa acción exterior está directamente relacionado cun dos principais eixes de desenvolvemento económico de Galicia: captación de investimentos, diversificación de mercados exteriores, impulso de sinerxías e así un longo etcétera que conforman o proceso de internacionalización da nosa economía.

No que se refire á cuestión xeográfica, ademais de mellorar as relacións cos nosos interlocutores principais e habituais: Portugal e a lusofonía, o conxunto da Unión Europea ou América Latina, tamén se sinalan outros obxectivos situados en latitudes menos exploradas. Concretamente, na análise das posibilidades potenciais de Galicia no Oriente Medio, a Egaex fai referencia especificamente ao achegamento a Israel, un pequeno país que ten amosado que se poden obter grandes resultados mediante a especialización, a excelencia e a eficiencia en materia de I+D+i.

E como o movemento se demostra andando, o Consello que aprobou a Egaex presidiuno o vicepresidente Rueda porque o presidente da Xunta se atopaba de visita en Israel encabezando unha delegación galega, da que vostede formaba parte e na que se integraba unha importante representación de empresarios galegos. Tanto durante o debate da Egaex como durante a comparecencia semestral do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para cumprir coa obriga en materia de transparencia de informar sobre as viaxes ao exterior dos membros do Goberno galego, os grupos parlamentarios da oposición reclamaban insistentemente a necesidade de que por parte do Goberno se facilitase máis información sobre as viaxes ao exterior do presidente Núñez Feijóo, por considerar que son, segundo afirman, de «suma importancia para Galicia».

Como esa queixa permanente non se concreta en iniciativas parlamentarias, unha vez máis, ten que ser o Grupo Popular o que require información sobre o contido da viaxe a Israel para que o Goberno poida informar a este parlamento e, de paso, ao conxunto dos galegos. E é por iso que rexistramos esta pregunta que agora lles formulamos:

¿Que avaliación realiza o Goberno galego da viaxe a Israel do presidente da Xunta de Galicia?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señor Pazos, en primeiro lugar, loxicamente, agradecer a oportunidade que lle brinda o Grupo Parlamentario Popular ao Goberno para explicar nesta cámara tanto cales foron os motivos como os resultados desta mesa comercial que acabamos de realizar a Israel.

Como sabe, dentro do que é o desenvolvemento da política industrial, da política de innovación, a Xunta traballa precisamente para centrar na internacionalización o acceso aos diferentes mercados do noso tecido produtivo, para gañar competitividade e, polo tanto, para crear emprego, e que a nosa economía poida manter as taxas de crecemento que ten actualmente.

Estamos batendo récord de exportacións. Este ano 2017 pecharemos cun récord os datos de exportacións. Polo tanto, entende o Goberno que ten que seguir apoiando o desenvolvemento da internacionalización.

A viaxe a Israel enmárcase neste contexto, nun contexto de consolidar en Galicia a tendencia ás alzas das exportacións, en proporcionar tamén o tecido empresarial, os recursos para ser máis competitivos. Estámolo a facer coa axenda Industria 4.0, tamén o faremos a través do plan que tivemos ocasión de presentar esta mañá nesta cámara, o plan Galicia Innova 2020, que vai permitir precisamente reforzar a aposta polo talento e a transferencia de coñecemento.

Tendo en conta este contexto, entendía o Goberno que Israel era e é unha oportunidade para aproximarnos a un dos polos mundiais do emprendemento tecnolóxico; polo tanto, un dos países punteiros en materia tecnolóxica. Estamos a falar dun país onde a industria tecnolóxica representa o 45 % do produto interior bruto, onde están asentadas unha de cada doce *start-ups* do mundo, e que é un país referente en investimento e en capital risco e no financiamento das diferentes iniciativas en materia de innovación.

Entre eses obxectivos estaba establecer posibles sinerxías e posibles vías de contacto en sectores de relevancia para Galicia e Israel, como é o caso da automoción, da aeronáutica, da biotecnoloxía, das TIC, tamén do sector agroalimentario. Unha aposta decidida pola I+D+i, a través do plan Galicia Innova. Polo tanto, poñer en valor o traballo que as nosas empresas, os nosos centros tecnolóxicos e as universidades están a facer no eido da innovación. E, finalmente, tamén unha política de captación de investimentos a través da Lei de implantación empresarial, unha lei que significa máis simplificación administrativa, máis facilidades fiscais, máis acceso ao solo empresarial.

En definitiva, —como lle dicía— baixamos a Israel acompañados dunha vintena de empresas, de clústers, de centros tecnolóxicos para identificar esas novas oportunidades para o noso tecido empresarial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Señor conselleiro, coincidimos plenamente na importancia das posibilidades que derivarían dunha posible colaboración con Israel, sobre todo no ámbito do emprendemento tecnolóxico e do intento de establecer sinerxías noutros ámbitos tan importantes para Galicia como a automoción, a aeronáutica, a biotecnoloxía, o sector das tecnoloxías da información e a comunicación, ou o sector agroalimentario, sen dúbida claves para Galicia.

Creo que a súa resposta dá conta da importancia dos obxectivos desta viaxe e da importancia tamén da axenda desenvolta neses días. Supoño que deste xeito teremos conseguido que o Goberno resolverse algunhas das dúbidas que se suscitaban entre os grupos da oposición en relación cos obxectivos da delegación galega no seu desprazamento a Israel.

Nembargantes, cóstanos que a curiosidade da oposición se estende a outros aspectos relacionados coa expedición. Segundo nos manifestaron nas ocasións ás que anteriormente aludía, os membros da oposición comparten co Grupo Parlamentario Popular o seu interese por coñecer se os obxectivos que nos describía vostede se cumpriron ou non. E en caso de resposta afirmativa, ¿cal foi o grao de satisfacción alcanzado polo Goberno tras a viaxe?

Talvez así, despois desta mostra de vocación de servizo público do Grupo Popular e do Goberno, consigamos que a oposición deixe de queixarse pola escasa información sobre estas viaxes e decida optar por algunha das dúas alternativas máis razoables: ou formular algunha pregunta relacionada co tema, no que afirman ter tanto interese, ou formular algunha proposta para modificar a dinámica das comparecencias relacionadas coas viaxes ao exterior, como levan afirmando algúns anos, aínda que sen facer nada ao respecto.

Namentres chega ese momento, este grupo estará encantado de darlle ao Goberno a oportunidade de dar conta dos resultados da súa acción exterior, agradecéndolle a vostede os datos facilitados e agradecendo aínda máis que o Goberno continúe perseverando na busca de máis oportunidades de expansión para a economía galega.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pazos, efectivamente, a Xunta de Galicia ten unha alianza coas empresas para facilitar a súa internacionalización. Parécenos que a administración ten unha corresponsabilidade para priorizar as necesidades do noso tecido produtivo e, polo tanto, abrir oportunidades nos mercados internacionais, e tamén, loxicamente, a capacidade que ten a administración nalgúns casos de acelerar esa estratexia de internacionalización a través dos contactos ins-

titucionais. Polo tanto, ese é o obxectivo de establecer esa alianza entre a administración e as empresas en materia de internacionalización, e entendemos que abre oportunidades e que tamén permite esa aceleración na súa estratexia.

E neste caso, Israel, un país eminentemente tecnolóxico, onde as exportacións e a participación das empresas galegas no comercio exterior se está incrementando. E entendía o Goberno que merecía unha misión comercial, unha misión cun contido claramente comercial, para precisamente abrir esas novas oportunidades.

Foron diferentes os encontros que mantivo o Goberno e a misión comercial en Israel. Houbo unha xuntanza con empresas tecnolóxicas de referencia mundial, como é o caso de Mobile Like, que estamos traballando en colaboración co Cetag para establecer ese ámbito de colaboración. Fixemos unha visita á universidade hebrea de Xerusalén, precisamente para aproveitar aproximarnos ao modo no cal Israel impulsa o talento a través da transferencia do coñecemento. Mantivemos un encontro empresarial Galicia-Israel precisamente para amosar as capacidades que ten Galicia, non só a través do seu plan Galicia Innova 2020, senón tamén a través das facilidades que a Lei de implantación empresarial permite aos investidores para desenvolver proxectos en Galicia. E tivemos a oportunidade tamén de estar presentes no evento de OurCrowd, que é o maior foro internacional de *crowdfunding* e de capital risco. Polo tanto, unha ocasión para as nosas empresas, para os nosos centros tecnolóxicos, para establecer novos contactos, para coñecer novas tecnoloxías, en definitiva, para establecer novas alianzas.

En definitiva, en materia de internacionalización, señorías, Galicia quere estar presente na nova economía. Iso significa facer unha aposta clara polas *start-ups*, por abrir pontes de colaboración a nivel internacional e, polo tanto, que despois desta viaxe poidamos seguir profundando en colaboración co tecido produtivo, coas universidades e cos centros tecnolóxicos; establecer e impulsar esas pontes de contacto, para poder converternos nunha economía aberta, nunha economía onde os nosos proxectos e os nosos investimentos estean abertos á colaboración, neste caso, cun país eminentemente tecnolóxico e onde prima a aposta polo talento, polas ideas e polas *start-ups*.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, señora Barahona.

¡Silencio!

Perdón, señora Barahona, non estaba vostede no uso da palabra.

¡Silencio!

(A señora Barahona Martín pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Silencio. Si, pero teremos oportunidade de falar diso noutra ocasión.

Silencio. ¡Silencio, señora Barahona!

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Luis Villares Naveira, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non aceptar as reivindicacións do persoal da Administración de xustiza asumidas de xeito unánime polo Parlamento de Galicia

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Señor vicepresidente, ¿que fixo vostede durante toda esta tarde ata chegar aquí para non falar cos traballadores e traballadoras de Xustiza, para evitar a folga indefinida que empezará mañá? Ou se quere formúlolle a pregunta doutra maneira: ¿que razóns ten o Goberno para non aceptar as reivindicacións das traballadoras e traballadores de Xustiza, asumidas de modo unánime por esta cámara?

Toda a sociedade ten unha débeda co colectivo de Xustiza, que tanto nos leva amparado durante estes anos a nivel da crise económica e social e fronte ao espolio das arcas públicas por parte da corrupción do Partido Popular. Talvez por iso, o Parlamento de Galicia adoptou a decisión no mes de decembro de aceptar os seguintes contidos de forma unánime:

En primeiro lugar, acadar unha equiparación dos salarios e complementos do persoal cos seus homólogos das comunidades autónomas; equiparación salarial que, como mínimo, acade esa media do Estado. ¿Tanto pedir é? Pois parece que debe ser moito porque nas propias negociacións vostedes elevan a rango de comunidade autónoma a Ceuta e a Melilla para falsear o ránking de quen é cadaquén nesa media española. E porque despois de semanas de intento de negociación, vostedes ofrecen para 2018 exactamente de incremento cero euros. Cero euros, a pesar de que xa en 2017, en decembro, nós advertimos con ocasión dos orzamentos que deberíamos de introducir emendas para aceptar esas reivindicacións xa para 2018.

¿Pensa vostede que as traballadoras e traballadores de Xustiza son parvos? Non o son. Como non o son, e ademais son de Xustiza, e algúns deles e algunhas delas da xurisdición Penal, xa saben como as gastan no Partido Popular facendo trampas.

O segundo punto foi acadar aquí un acordo para non discriminar salarialmente as persoas que están suxeitas á situación de incapacidade temporal. ¿A vostede cando enferma rebáixanlle a hipoteca na cota mensual?, ¿verdade que non? Cando vostede vai ao supermercado, cando está de baixa, ¿os alimentos sáenlle máis baratos?, ¿verdade que non? Entón daquela, ¿por que a Xunta, por que a administración fai que os funcionarios e funcionarias de Xustiza que están en situación de IT non poidan ter os mesmos dereitos salariais que o resto do funcionariado? ¿Existe algunha razón? ¿Os seus fillos, a xente que teñen a cargo, comen menos durante ese mes? Non, ¿verdade? Entón, ¿por que se lles discrimina? ¿É vostede que non

quere facelo, non quere, non sabe, fáltnlle as habilidades? Hai outras comunidades autónomas que xa o fixeron, de distinto signo e con distinto ámbito competencial: Euskadi en 2014, Andalucía en 2016, Aragón e Cataluña en 2017, Cantabria en 2018. Escolla o modelo que queira e avéñase a facer iso.

En terceiro lugar, repoñer as prazas amortizadas dende o ano 2012. Non pode haber un bo funcionamento da Administración de xustiza sen traballadoras e traballadores de Xustiza. ¿Acaso non quere vostede que funcione ben a xustiza?

E en cuarto lugar —cuarto acordo unánime desta cámara—, consolidar aquelas prazas de reforzo que levan máis de tres anos. ¿Acaso non demostran eses reforzos unha situación de necesidade estrutural e non meramente conxuntural?

Estas medidas, señor vicepresidente, non afectan os traballadores e traballadoras, non os benefician a eles, benefician o conxunto da sociedade, o conxunto do servizo público, un funcionamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...da Administración de xustiza en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo. Grazas.

Non, terminou o seu tempo, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Por que se negan a cumprir a vontade desta cámara, señor vicepresidente? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Villares, o primeiro que lle teño que dicir é que faltándome ao respecto a min ou faltándolle ao respecto ao Partido Popular non vai arranxar ningún problema nin da Administración de xustiza nin dos seus traballadores ou traballadoras nin de ninguén. Iso dígoallo porque, como é a súa estratexia nisto e en todo, non o leva a demasiados sitios.

Mire, vou coller a súa pregunta literalmente porque creo que é bastante indicativa. O primeiro que di vostede na pregunta é que as negociacións foron rotas polo comité de folga. Fale vostede con eles, porque eles din totalmente o contrario. Polo tanto, se vostede está de acordo coa Xunta de Galicia en que quen se levantou das negociacións foi o comité de folga, é dicir, «rompeu as negociacións» —nas súas verbas, e quedan por escrito—, transmítalles que a Xunta de Galicia segue aberta a seguir negociando, porque non foi quen rompeu as negociacións. Polo tanto, vostede reconece exactamente o contrario do que eles están di-

cindo, ponse do lado, nese sentido, da postura que está mantendo a Xunta de Galicia; cousa que lle agradezo.

Igual que lle agradezo tamén que diga que «os puntos de discrepancia» —sigo lendo a súa pregunta— «seguen a ser o apartado retributivo e as incapacidades temporais». Tampouco di iso o comité de folga, di que non hai acordo en ningún dos cinco puntos que se están reivindicando. Polo tanto, non é certo que a discrepancia estea en dous, nun fundamentalmente, pero é certo que é en dous nos que non hai acordo. Vostede di que a discrepancia está neses dous, nós dicímolos tamén. Celebro que aí tamén estea de acordo co que di a Xunta de Galicia.

¿Ve como sen faltar ao respecto se pode chegar a puntos de acordo, incluso con nós e incluso nese tema? Felicítoloo porque aí está de acordo con nós.

Pero vaíamos á pregunta. Imos ir punto por punto, efectivamente, porque hai un acordo do Parlamento de Galicia que a Xunta de Galicia votou a favor, igual que votou todo o Parlamento, e, polo tanto, o que estamos facendo é cumprilo. Imos punto por punto:

Primeiro —facendo un repaso—, consolidar as prazas que responden ás necesidades estruturais, especialmente ás de máis de tres anos. Vostede ten que saber, por moitas razóns, que hai un acordo asinado con tres sindicatos —con Comisións Obreiras, con UXT e con CSIF— a nivel xeral de toda a Xunta de Galicia, e, polo tanto, tamén dos traballadores da Administración de xustiza, onde hai 36 prazas incluídas neste plan, 36 prazas que se van consolidar ao abeiro deste plan. Polo tanto, primeiro acordo cumprido.

Segundo, repoñer as prazas amortizadas nos supostos ámbitos de especial aceptación. Señor Villares, vostede ten que saber tamén, porque ademais estaba exercendo como xuíz nese momento, que no ano 2012 había un plan para amortizar 106 prazas. Destas 106 prazas, por diferentes razóns, só se chegaron a amortizar 10, no contrario hai 84 de nova creación. Polo tanto, creo que tamén estamos cumprindo o acordo.

Terceiro acordo, o aboamento do cen por cento dos salarios nos casos de substitucións verticais. Para entendernos é demandar do Estado a reforma da lexislación estatal neste senso. Ben, sabe vostede que había aquí unha discusión tamén cando houbo a interpelación que fixo o Partido Socialista, e falamos das dificultades derivadas das sentenzas que existían, pero, ao final, vaise editar unha orde para articular unhas medidas que permitan a non-discriminación salarial aquí.

Negociar un acordo para eliminar a discriminación no ámbito xudicial no tratamento de situacións de IT. Mire, primeiro, non é todo o funcionariado, pois o funcionariado da Xunta de Galicia está no mesmo réxime no que están os traballadores da Administración de xustiza. Polo tanto, non fale vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente. Ten outro turno despois.

(Aplausos.)

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor vicepresidente, para poder chegar a acordos cos traballadores hai que estar sentado na mesa de negociación; sentado na mesa, non debaixo da mesa escondido. Dean vostedes a cara, enfróntense ás súas propias contradicións, enfróntense aos problemas que teñen para aceptar as reivindicacións dos traballadores e das traballadoras, sexan valentes e adopten realmente as medidas que din que queren adoptar. Non hai preacordo de ningún tipo. Non hai preacordo de ningún tipo porque non están vostedes sentados na mesa.

¿Pensan vostedes que os traballadores e as traballadoras de Xustiza queren ir á folga por gusto? ¿Pensan que é unha situación caprichosa? O feito de que o outro día houbera unha manifestación en Galicia, que foi a máis grande da democracia en todo o sector, con máis de dúas mil persoas de todo o país manifestándose aquí, ¿é un capricho das traballadoras e dos traballadores? Non, non o é. A xente non vai á folga por gusto; a xente vai á folga porque non se respectan os seus dereitos laborais e os seus dereitos sociais básicos. E iso é o que lle están reclamando aquí. E iso é o que lle reclamou a Cámara aquí a vostede como representante do Goberno xa no mes de decembro do 2017, e non o está cumprindo, e estamos en febreiro de 2018.

En vez de facer iso, en vez de solucionar os problemas que ten a cidadanía, de solucionar os problemas que ten a xustiza, dedícanse a amedrentar os traballadores da Administración de xustiza, para que non vaian á folga. Dedicáronse a amedrentalos o outro día cando sacaron unha instrución, onde prohibían que os traballadores e as traballadoras collesen os días de libranza que lles correspondían. Tan vergoñenta foi a situación que tiveron que retirar horas despois esa instrución da propia Intranet de Xustiza como fixeran inicialmente. Iso foi denunciando, e está tamén no xulgado, que ditaminará se existía ou non nese caso delito por coaccionar os traballadores por facer iso.

Tamén amedrentaron vostedes, ou intentárono polo menos mediante uns servizos mínimos abusivos, para que os traballadores e as traballadoras non puidesen ir á folga. Tan abusivos eran, e tanto se pasaron de freada, que como xa se explicou aquí esta tarde, en xulgados como A Fonsagrada ou Becerreá, os servizos mínimos implicarían a creación de novas prazas para poder cumprilos. Ese é o ridículo que fixo a Consellería. Tanto se pasaron de freada que entre a mesa do comité de folga anunciaron os servizos mínimos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Espere, espere, que acabo.

O señor PRESIDENTE: Non, perdoe, rematou o tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e a publicación no *DOG* tiveron que modificar o Decreto de servizos mínimos...

O señor PRESIDENTE: Non, non señor Villares, rematou o seu tempo. Coñezo a mecánica.

Grazas, grazas, señor Villares.

(Aplausos.)

Peche desta pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Mire, señor Villares, respecto absoluto polos traballadores e traballadoras da Administración de xustiza e por todos os funcionarios. Non vai por aí. Houbo ata dez reunións. E vostede mesmo —acabo de recórdarllor na súa pregunta— di que as negociacións foron rotas polo comité de folga, non pola Xunta de Galicia. Polo tanto, a mensaxe é que por parte da Xunta de Galicia seguen abertas.

Eu o que lle pido tamén é respecto por todos os funcionarios, polos da Administración de xustiza tamén, pero tamén por todos os demais. Vostede debería coñecer —e xa vexo que non o coñece— cando di que non haxa discriminación co resto dos funcionarios. E estaba dicindo cando se me acabou o tempo que os funcionarios da Xunta de Galicia, máis de noventa mil, teñen o mesmo réxime de baixas na IT que teñen os traballadores da Administración de xustiza. Polo tanto, —e xa non lle falo doutros traballadores que non son funcionarios—, dos propios traballadores da Xunta de Galicia non fale vostede de discriminación, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* supoño que non coñecía...

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Villares, silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...pois non tería dito o que acaba de dicir. Aí si que tería que informarse un pouco máis.

E respecto da quinta reivindicación, a reivindicación salarial, *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* o mandato deste parlamento era...

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, silencio, ¡por favor!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...equiparalos á media das retribucións dos funcionarios do resto do Estado. Mire, a oferta da Xunta de Galicia... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Villares! Chámoo á orde, señor Villares. ¡Por favor!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...Mire, a oferta da Xunta de Galicia, 509,5 euros; a media estatal, 498,9. Están por enriba nesta oferta, non só de todas as comunidades autónomas —vostede fala de Ceuta e Melilla, pero sabe que son máis, sabe que son bastantes máis—, non só

por enriba de todas as comunidades autónomas que non teñan a competencia transferida, que seguen sendo xestionadas polo Ministerio de Xustiza, senón tamén por outras comunidades autónomas que están transferidas: La Rioja, Cataluña, Aragón e Valencia en dous dos tres grupos dos que estamos falando. Iso sábeo vostede de sobra, e non o di aquí.

Pero, se tan interesado estaba, señor Villares, e imos falar en serio. Vostede fala de que non se fixo ningunha proposta, de que non se fixo ningunha oferta, de que non temos en conta para nada as necesidades retributivas dos traballadores da Administración de xustiza, que non fixemos nada no ano 2018. Mire, eu voulle ensinar isto (*O señor Rueda Valenzuela móstralle á Cámara un folio e procede a lelo.*): «*En Marea asume las reclamaciones del personal de Justicia y pide a la Xunta que el fin de la crisis llegue a todos*». Vostede reuniuse co representante dos traballadores no ano 2017, cando se estaban elaborando os orzamentos do ano 2018, e ademais de descualificar como sempre fai este conselleiro e o partido ao que pertenzo, dixo exactamente: «*En Marea ya presentó enmiendas a los presupuestos del año próximo para que se mejoren las condiciones retributivas de estos trabajadores*». É dicir, para que se asuman as súas reclamacións.

¿Saben e deberíano saber tamén os traballadores —seguro que iso non llelo contou— a canto ascendía a súa emenda? Que por certo parte ía diminuír... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Señor Villares, por favor! Vouno ter que volver chamar á orde.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...as dietas por locomoción dos letrados da Xunta de Galicia para que asistiran aos xuízos, é dicir, que teñen que ir polos seus propios medios. ¿Sabe a canto ascendía esta emenda? Uns 181.109 euros. ¿Sabe a canto dá rateando por cada traballador da Administración de xustiza? Sobre 48 euros ao ano. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Sabe canto é por mes? Catro euros ao mes. Isto teñen que saber os traballadores que son as propostas de En Marea, as propostas do señor Villares, para equiparar as retribucións. (*Aplausos.*) Isto é o que é.

Polo tanto, cando queira falar en serio cos traballadores, fale como falamos nós, non faga demagogia, nin os engane...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, rematou o seu tempo.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...Nós non os enganamos, vostedes si.

O señor PRESIDENTE: Señor vicepresidente, rematou o seu tempo.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E, señor Villares, acaba de quedar ao descuberto. Explíquelles isto aos administradores da Administración de xustiza, explíquelles de que vai todo isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente rematou o seu tempo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Grazas, grazas. ¡Silencio!, silencio.

(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Lago, por favor, vouno ter que chamar á orde.

É que non me gusta esta mecánica de andar permanentemente chamando á orde. Coñecen a mecánica de funcionamento, e hai que ser respectuosos. Despois din que se interrompe dun lado e doutro, estámonos interrompendo constantemente en ambos os lados. Prégolles que colaboren nisto. E, ademais, temos invitados hoxe. ¡Mala imaxe!

(Murmurios.)

¡Silencio! Non, non, silencio. Non é neste caso por agora. ¡Silencio, por favor! *(O señor presidente diríxese á bancada da súa dereita.)* Xa lles digo que estou falando doutras ocasións, non quero volver a este tema. Respéctense todos.

Seguinte pregunta.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a existencia dunha avaliación feita pola Xunta de Galicia do impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a frota pesqueira de altura nos estaleiros galegos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Imos intentar o respecto.

Nestes últimos minutos do pleno aprendín dúas cousas: a primeira, o sentido profundo do que significa a familia. E quería recordar que o señor Touriño estaba sentado onde hoxe está sentado o secretario de Organización do Partido Socialista de Galicia. E non estivo en ningún zulo, *(Aplausos.)* estivo nun despacho, que, por certo, agradezo a sensibilidade da presidenta do Parlamento, a señora Pilar Rojo. Entón, estaría ben que contrastaran a información. ¡Estaría ben!

E vou agora á pregunta, señor conselleiro. Tendo en conta que a industria naval é un dos sectores especialmente sensibles na I+D na comarca de Vigo, quero recordar os datos por se vostede os esqueceu: o esforzo en I+D de Galicia é do 0,87 % do PIB, e o esforzo, por exemplo, do Estado de Israel é do 4,1 % do PIB; é dicir, case cinco veces máis. Dígoo por isto de situar as respostas alí onde corresponde.

En xullo do 2016, este grupo presentou unha proposición non de lei, na que pediamos exactamente un plan concreto de actuación e de reforzo da renovación da frota pesqueira, basicamente de altura e basicamente de Vigo, aínda que tamén do porto de Marín. Era un plan que contiña medidas nas que pediamos, por unha parte, a cooperación necesaria entre a Gain e o Igape, xunto coa Universidade de Vigo, a Aclunaga, a Asime; un plan de financiamento tamén, sobre todo tendo en conta os niveis de execución do Igape; un plan de apoio á investigación e á innovación; un plan de formación de traballadores, outro tema absolutamente relevante, e logo veremos que lamentablemente segue a selo; e, por suposto, medidas que garantiran a calidade no emprego.

Ben, como é habitual nese labor de diálogo e colaboración sistemática do Partido Popular, e de receptividade ante as propostas da oposición, o Partido Popular votou en contra e isto rexeitouse. Imaxino que por indicación da súa consellería, e en todo caso rexeitouse este plan.

Vostede sabe que o desenvolvemento endóxico permite ou debería permitir aproveitar os recursos económicos propios dun territorio, neste caso de Vigo o Complexo Mar-Industria, para favorecer o desenvolvemento económico. Nun momento precisamente de crise do sector naval, no que moitos estaleiros non tiñan literalmente ningún pedido, tiña todo o sentido que fose o momento de reforzar esa modernización necesaria, sen ningunha dúbida, da frota pesqueira viguesa.

Tendo en conta ademais que os niveis de execución orzamentaria do Igape todos sabemos que eran, a pesar da súa plurianualidade sistemática, díganos que escasos, e non parecía que houbera ningún problema orzamentario; é dicir, o problema era ou ignorancia ou capricho, porque o presentaba a oposición.

A Cooperativa de Armadores de Vigo reafirmouse nesa necesidade do apoio público, e lamentablemente o Goberno non fixo nada, xusto ata o momento contracíclico, ata que xa hai pedidos nos estaleiros.

Polo tanto, ¿que valoración fai vostede desta situación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Losada, sabe perfectamente que este goberno entende que tanto o sector pesqueiro como o sector naval son dous sectores estratéxicos, dous sectores estratéxicos da nosa economía, e que teñen todo o respaldo deste goberno. Vostede fálame do plan Galicia Innova, fálame da aposta pola innovación, fálame da aposta polo sector naval... Sabe que o sector naval deixa o ano 2017 con vinte e nove contratos de barcos para os estaleiros galegos; sabe que Galicia logrou adxudicarse o 40 % dos contratos que compoñen a carteira de pedidos

para os estaleiros de toda España; sabe tamén que os niveis de contratación suman máis de 2.800 millóns de euros; e sabe que o sector naval e a industria do metal asociada xa recuperaron 4.400 afiliacións.

E cando fala de innovación no sector naval, creo que debería de recoñecer que este goberno está desenvolvendo unha aposta clara tamén de apoio ao sector naval, fomentando a I+D+i con ferramentas como as catro unidades mixtas que se desenvolveron con Navantia, con Vulcano e con Wartsila, por un importe de preto de 11 millóns de euros. Sabe que estamos potenciando a Formación 4.0 con case un centenar de cursos impartidos para 2.200 persoas entre o ano 2012 e o ano 2017, e sabe que tamén estamos impulsando a internacionalización.

En definitiva, hai unha aposta polo sector naval, que tamén ten unha concreción nese Plan de formación para o naval, que se está cumprindo. No ano 2017 iniciáronse xa 57 cursos de formación con 883 alumnos e alumnas, e estamos investindo na formación dos nosos centros de Vigo e de Ferrol, e pronto van arrancar eses cursos de formación para os traballadores ocupados no sector.

Polo tanto, creo que, claramente, cando fala de aposta pola innovación, de aposta polo sector naval, de aposta pola formación, o Goberno está dando respostas concretas. Igual que o Goberno, señor Losada, está dando respostas concretas aos armadores de barcos da frota pesqueira de Galicia.

Polo tanto, ante a súa pregunta, a resposta é un si rotundo. A Xunta de Galicia, antes e agora, está a traballar coa cooperativa de armadores Arvi, precisamente para impulsar a renovación da súa frota pesqueira en Galicia, para favorecer a súa competitividade, e sabe que o estamos a facer tanto a través do Igape, a través da Consellería do Mar, desenvolvendo e articulando os instrumentos que permitan facilitar o financiamento destas operacións. Pódolle dicir que, só nas últimas semanas, mantivemos xa catro reunións co Instituto de Comercio de Crédito Oficial —co ICO—, co Banco Europeo de Investimentos e tamén con Arvi, precisamente para identificar e para colaborar con Arvi para afrontar o financiamento desta renovación da súa ...

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que sabía algunha desas cousas, si. O que me sorprende entón é por que en xullo do ano 2016 votaron en contra desta iniciativa. Contésteme só a iso. Porque, claro, se eu sabía todo iso, supoño que o voceiro de Industria na Comisión 6ª tamén o sabía, gustaríame saber exactamente por que votaron en contra disto.

Mire, efectivamente, agora están empezando a colaborar con Arvi para a renovación e a modernización da frota pesqueira, xusto cando o mercado de construción de buques está reac-

tivándose. Polo tanto, non é cando en termos anticíclicos sería o papel que o ámbito público debería de xogar, señor conselleiro. A iso é ao que me refiro: coma sempre, *tarde y arrastras*.

Por certo, no tema da colaboración coa Consellería do Mar, ¡home!, vendo os niveis de execución do Fondo Europeo Marítimo da Pesca, espero que colaboren moito, ben e moi pluri-anualmente, porque a verdade é que aínda son peores que os seus. Entón, espero que aí a colaboración sexa de autorreforzamento mutuo, e espero que teñan moito máis éxito que cos bivalvos, os crustáceos e, en fin, todos estes pequenos detalles da eficiencia política do Goberno do que forma parte.

En relación coa situación laboral, señor conselleiro, mire: acaba de dicir Asime que necesitan traballadores formados para o metal do naval. ¿Que fixeron nestes 8 anos en que había unha situación de paro dramático e en que o normal sería estar formando traballadores para cando o ciclo mellorase? ¿Que fixeron? Eu non o sei. Vostede pregúntame retoricamente se sei unha serie de cousas. Isto non o sei, sei o nivel de execución da formación para desempregados, para empregados e para mediopensionistas: ¡baixísima!, ¡un auténtico escándalo!

E por certo, señor conselleiro —e supoño que tamén o sabe vostede—, os sindicatos de clase seguen dicindo que as condicións laborais para auxiliares do naval en Vigo son terceiromundistas —digo as denuncias dos sindicatos de clase—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, gustaríame...

—Que eu sei algunhas cousas...— ¿Que me pode ilustrar sobre o tema? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. Grazas.

Peche, señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Losada, o Goberno comparte, loxicamente, información, e comparte tamén obxectivos cos grupos parlamentarios. E se nos remitimos ao sector naval, deille os datos de como o Goberno está acompañando a recuperación do sector naval. Precisamente, un sector que atravesou por enormes dificultades —como ben sabe— por ese expediente do *tax lease* que se abriu na Unión Europea, e que, grazas ao traballo conxunto, tanto do Goberno e do propio sector, puidemos recuperar. Hoxe Galicia está recuperándose, está tendo ese liderado e estou facendo tamén grazas a esa aposta pola innovación, polo I+D+i e pola propia formación. Eu deille os datos: entre o ano 2012 e o ano 2017 foron 2.200 persoas as que recibiron cursos de formación vinculados ao sector naval por un importe de máis de 10 millóns de euros.

E tamén lle trasladei o dato actual do plan de formación que se está cumprindo: no ano 2017 iniciáronse 57 cursos de formación con 883 alumnos e alumnas e cun investimento de 4,3

millóns de euros. Estamos investindo tamén na modernización dos nosos centros de formación de Vigo e de Ferrol, cun investimento de máis de 1 millón de euros. E anunciáballe que pronto van arrancar os cursos de formación para os traballadores ocupados do sector. Se a iso lle une as convocatorias das unidades de formación tanto para ocupados como para desempregados que se teñen convocado nesta última semana e que van dirixidas especificamente para os sectores estratéxicos do sector naval, creo honestamente que o sector naval ten unha resposta firme por parte do Goberno para acompañar as súas necesidades en materia de formación.

E, trasladando a súa pregunta á colaboración que estamos a desenvolver coa Cooperativa de Armadores de Vigo, dicíalle que, efectivamente, estamos colaborando para identificar as necesidades de formación. Dicíanos vostede que chegamos tarde; mire, desde o ano 2009 este Goberno está colaborando coa frota pesqueira galega, e está colaborando desenvolvendo proxectos de innovación por un importe de 2,2 millóns de euros, que está permitindo que a frota pesqueira teña nestes momentos desenvolvementos tecnolóxicos para incorporar a eses buques.

Nós traballamos dunha forma realista porque sabe que, loxicamente, con ese financiamento haberá que darlles resposta ás necesidades de cada operación. O sector estase reactivando, coñece perfectamente os investimentos da construción naval galega a través de Pescanova con esa construción dos 7 barcos por un importe de 42 millóns de euros. E, polo tanto, estamos iniciando un camiño, e Arvi e a frota pesqueira galega saben que o Goberno estará ao seu lado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.


Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25